

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 4

SESION ORDINARIA DO 25 DE FEBREIRO DE 2008

ASISTENTES

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Pérez, Fco. Xabier
Calviño Rodríguez, Xulio
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Díaz Vázquez, Raquel
Domínguez Olveira, Santiago
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
González Sagarra, Javier Pablo
Guerra Fernández, Javier Jorge

Iglesias Bueno, Marta
Lago Rey, María Jesús
Larriba Leira, Elvira
López Atrio, Laura
López Carreira, Xesús
López Font, Carlos
Martiño Gómez, Antonio
Méndez Piñeiro, María
Molares Pérez, Lucía Emilia
Porro Martínez, María Corina
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Velooso Ríos, Iolanda

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e catorce minutos do día vinte e cinco de febreiro do ano dous mil oito, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Velooso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes as membros da Xunta de Goberno Local Sras. Maure Noia e Silva Rego e máis o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar los asuntos da orde do día.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Iniciamos a sesión ordinaria do Pleno convocado con data 21 de febreiro deste ano coa orde do día que obra en poder dos señores e señoras concelleiros.

Ademais da orde do día hai o pedimento de tratar dúas mocións de urxencia; unha do grupo do BNG sobre cuestións relacionadas con todo o acontecido sobre a seguridade administrativa do Concello e unha segunda do Grupo Socialista relacionada cos sistemas de acceso a expedientes no Concello de Vigo e que se repartirán entre as señoras e señores concelleiros. Serán sometidas a votación polo ámbito de urxencia logo do punto 20, última das mocións que aparecen na orde do día.

1.- (20).- ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS EXT. 03.12.07, ORDINARIA 20.12.07 E EXT. 29.12.07).

VOTACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIA DO 3 DE DECEMBRO E ORDINARIA DO 20 DE DECEMBRO DE 2007: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar as actas do Pleno da Corporación correspondentes á sesión extraordinaria que tivo lugar o día 3 de decembro, así como da sesión ordinaria que tivo lugar o día 20 do mesmo mes.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Nós non estamos de acordo coa redacción da acta do día 29 de decembro no referente a "presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria" porque cando chegamos ó Pleno a sala estaba chea de público. Nós advertimos nunha parte da nosa intervención esta situación, en concreto na páxina 740, onde facemos referencia a que "...nos gustaría facer unha cuestión de orde e que constase na acta. Estannos chegando queixas de persoas que levan bastantes horas, dende antes das 9 da mañá, facendo cola para entrar neste Pleno e resulta

que nos din que non pasou nin unha soa de esas persoas..."

Se non se corrixe esa parte da acta, porque é evidente e está comprobado, non só polos corporativos que estamos presentes, senón mesmo polos medios de comunicación que foron testemuñas daquela situación, que cando se abriu a sesión plenaria a sala do Pleno estaba chea de público. Polo tanto me gustaría que constase en acta esta situación.

A PRESIDENCIA: Como vostede mesmo di, na páxina 740 recóllese a súa observación de xeito literal.

Debo dicir que é norma habitual en todas as actas e aparece en todos os procedementos, calquera que sexa a razón, que "O presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día". Isto é unha frase protocolaria que aparece sempre absolutamente en todas as ordes do día en que figura.

Por exemplo, a sesión ordinaria do 20 de decembro ábrese con esa frase. Como vostede sabe tamén deixar constancia é unha norma que forman os funcionarios e os responsables da administración, non é unha decisión política e polo tanto forma parte do xeito de abrir as ordes do día.

En todo caso, se vostede o envía por escrito, quedará coma anexo esta observación que fai e engadirase á orde do día.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que está perfectamente comprobado que o salón de Plenos estaba cheo de público antes de comezar a sesión, por iso creo que é imprescindible que se faga referencia.

En calquera caso, como vemos que non se vai cambiar, imos votar en contra desta acta.

A PRESIDENCIA: Sometemos a votación a acta do Pleno extraordinario do 29 de decembro á que se lle poden engadir, se vostede o envía por escrito, as observacións que considere oportunas.

VOTACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2007: Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas

Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Aprobar a acta correspondente á sesión extraordinaria do Pleno da Corporación que tivo lugar o día 29 de decembro de 2007.

2.- (21).- DAR CONTA DE ESCRITO DE ACEPTACIÓN DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA DUN CONCELEIRO.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data 6 de febreiro de 2008 o concelleiro do Grupo municipal Socialista D. Carlos López Font comunica a súa aceptación para o desenvolvemento das súas funcións no réxime de dedicación exclusiva, de conformidade coa resolución da Alcaldía de data 1 de febreiro.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

3.- (22).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DE AXUDAS ÓS PROPIETARIOS QUE CAREZAN DE RECURSOS SUFICIENTES PARA A REALIZACIÓN DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS. EXPTE. 373/428).

ANTECEDENTES.- Con data 4 de febreiro de 2008, a técnica de administración xeral e máis a arquitecta técnica do Servizo de ITE da Xerencia Municipal de Urbanismo, coa conformidade da delegada da área de Urbanismo e Vivenda, emiten o seguinte informe-proposta:

"OBJECTO

Emítese este informe-proposta de resolución para a aprobación do borrador da "Ordenanza reguladora das subvencións para a realización da inspección técnica de

edificaci3ns" redactado polos servizos t3cnicos e xur3dicos da oficina municipal da ITE.

ANTECEDENTES

1º.- O artigo 200 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenaci3n urbanística e protecci3n do medio rural de Galicia (LOUGA), obriga aos Concellos mediante a correspondente ordenanza á inspecci3n peri3dica das edificaci3ns para determinar o seu estado de conservaci3n.

O Concello de Vigo en Pleno, na súa sesi3n ordinaria do 1 de abril de 2005, acordou aprobar definitivamente a ordenanza municipal reguladora da inspecci3n t3cnica de edificaci3ns (expte. 936/400). O texto definitivo publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 16 de maio de 2005.

A súa disposici3n adicional terceira preceptúa que: "(...) O Concello de Vigo poder3 establecer, de acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias, un réxime de subvenci3ns do que poder3n beneficiarse os propietarios que acrediten fidedignamente a carencia de recursos econ3micos suficientes para sufragar o custo da inspecci3n t3cnica da edificaci3n regulada nesta Ordenanza (...)".

2º.- En data 8 de xuño de 2006 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou: "(...) Desenvolver a normativa da ITE no seu apartado da disposici3n adicional terceira: Réxime de subvenci3ns, aos efectos de regulamentar o acceso ás subvenci3ns, as contías máximas e os requisitos".

No 11 de outubro de 2006 o ent3n vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo resolveu incoar o "expediente polo que se aprobe a convocatoria e as bases para a concesión de axudas para as persoas carentes de recursos para a elaboraci3n e presentaci3n do informe da inspecci3n t3cnica da edificaci3n". En data 3 de maio de 2007 o Director dos Servizos Centrais da Xerencia emitiu un Informe no que manifestou que non existe crédito adecuado e suficiente para asumir o custo das devanditas axudas, así como que: "No vindeiro orzamento que se aprobe (2007 ou 2008) propoñeremos a inclusi3n do devandito crédito cun importe mínimo de 12.000 euros".

Mediante oficio do 14/05/2007 a Xefa da oficina da ITE solicitou a emisi3n de informe xur3dico sobre o borrador da ordenanza previamente elaborado por dito departamento.

En data 12/11/2007 o Secretario da Xerencia emitiu Informe xur3dico ao respecto.

Mediante oficio do 17/12/2008 devolveuse o expediente ao Secretario para novo informe, xunto cun borrador do proxecto de ordenanza que incorporaba as modificaci3ns suxeridas no seu primeiro informe.

O 29/01/2008 o Secretario da Xerencia emitiu informe xur3dico sobre o segundo borrador da Ordenanza.

FUNDAMENTOS XUR3DICOS

I. Normativa aplicable

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- RD 887/2006, do 21 de xullo, aprobatorio do regulamento xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 11 de abril, reguladora da bases do réxime local (LRBRL).
- RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das das Entidades Locais (ROF).

II.- Contido da ordenanza. O contido da ordenanza foi informado xuridicamente polo Secretario da Xerencia tal e como consta nos antecedentes do presente informe-proposta. Os puntos fundamentais do proxecto de ordenanza foron analizados seguindo o esquema establecido no art. 17 da citada Lei estatal 38/2003 e art. 14 da Lei galega 9/2007 como a continuación se indica:

II.1. Habilitación presupostaria.- Os servizos centrais da Xerencia de Urbanismo informan que no presuposto da dita administración, na partida 4320.4890000, existe crédito por importe de 12.000€ para asumir o custo das subvencións reguladas nesta ordenanza.

Unha vez aprobada esta ordenanza, cada convocatoria deberá ser precedida da acreditación da existencia de crédito suficiente e da aprobación do gasto, tal e como esixe o art. 31 da Lei Galega 9/2007, do 13 de xullo, e art. 34 da Lei estatal 38/2003, do 17 de novembro, coa posibilidade de tramitación anticipada da convocatoria regulada no art. 56 do RD 887/2006.

II.2. Obxecto da subvención.- Defínese na “Base PRIMEIRA” da Ordenanza: “Axuda municipal (...) para afrontar os gastos derivados da elaboración do informe que é esixible conforme á ordenanza da inspección técnica da edificación aprobada polo Pleno do Concello de Vigo o 1 de abril de 2005”.

II.3. Requisitos dos beneficiarios.- Regúlanse no apartado. 2 da “Base 1ª” do proxecto da ordenanza. Só poderán ser beneficiarios desta subvención as persoas físicas que sexan propietarias dun único inmovible de uso principal residencial, que acrediten a súa condición e xustifiquen carecer de recursos económicos suficientes para a asunción do custo derivado da emisión do informe da ITE. Esta delimitación ten perfecto encaixe nos arts. 11, da lei estatal 38/2003 e art. 8.3 da Lei galega 9/2007.

II.4. Forma e prazo de acreditación do cumprimento dos requisitos.- Detállanse na “Base SEGUNDA” e anexos do proxecto da ordenanza, de xeito acorde co disposto na lexislación aplicable.

II.5. Procedemento de concesión da subvención.- Regúlase principalmente nos apartados. “2” e “3” da referida “Base SEGUNDA” e no apartado. “1” da “Base TERCEIRA”, en réxime de concorrencia competitiva, de xeito compatible co disposto na lexislación vixente.

II.6. Criterios obxectivos de outorgamento da subvención.- No apartado. “1.1” da “Base TERCEIRA” establécense dúas táboas obxectivas de puntuación atendendo a criterios sociais e económicos.

II.7. Contía individualizada da subvención, ou criterios para a súa determinación.- Regúlase no apartado. “3” da “Base PRIMEIRA”, segundo o cal: “A subvención consistirá nunha porcentaxe do custo de realización do informe de ITE en función da puntuación obtida polo beneficiario. Aqueles beneficiarios que obteñan ata 7 puntos no baremo establecido na Base terceira desta ordenanza, obterán unha subvención de ata o 75 por 100 do custo de realización do informe ITE, cun máximo en todo caso de 225 € no caso de vivendas unifamiliares e de 100 € no caso de vivendas en réxime de propiedade horizontal. No caso de beneficiarios que obteñan máis de 7 puntos no dito baremo, a subvención cubrirá ata o 100 por 100 do custo de realización do informe, cun máximo de 300 € no caso de vivendas unifamiliares e de 150 € no caso de vivendas en réxime de propiedade horizontal (estas cantidades actualizaranse co IPC de cada ano a partir do seguinte á aprobación desta Ordenanza)”.

II.8. Órganos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión da subvención e prazo de notificación.- Na “Base SEGUNDA” da ordenanza atribúeselle á Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo a competencia para a instrución do procedemento, coa colaboración dos departamentos municipais de Benestar Social, Padrón e Tributos.

En canto á resolución do procedemento, de conformidade co art. 127.1 LBRL, atribúeselle a competencia á Xunta de Goberno Local ou órgano en quen delegue, previo informe de fiscalización e toma de coñecemento polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, no prazo de quince días desde a data de elevación da proposta de resolución.

Establécese tamén un prazo máximo de tres meses para resolver o expediente, con silencio administrativo negativo, acorde co disposto nos arts. 25 da lei 38/2003 e 23 da Lei galega 9/2007, do 13 de xuño.

II.9. Prazo e forma de xustificación do cumprimento da finalidade da subvención.- Regúlase na “Base SÉTIMA”: a xustificación realizarase mediante a presentación da conta xustificativa no modelo que se inclúe no Anexo IV, na que se deben incluír a factura emitida polo técnico que realizou o informe de ITE e, no seu caso, os xustificantes de pagamento da parte proporcional que lle correspondeu ao beneficiario como membro da comunidade de propietarios que presentou o informe de ITE.

A súa presentación realizarase, como máximo, no prazo de tres meses desde a finalización do prazo para a presentación da ITE.

No caso de que non se realizase o pagamento anticipado, o pagamento da subvención realizarase logo de xustificación, polo beneficiario, da presentación do informe de ITE.

II.10. Constitución de Garantías.- Non se prevén na ordenanza, nin parecen necesarias dado o reducido importe das subvencións.

II.11. Pagos anticipados e aboamentos a conta.- Prevense na “Base SEXTA”: poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con

carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder facer fronte ao custo de realización do informe de ITE. Neste caso deberán presentar a documentación requirida no punto 1.7 da Base Segunda da ordenanza. A redacción da dita Base é acorde co establecido nos arts. 34.4 da Lei 38/2003 e 31.6 da Lei galega 9/2007, do 13 de xuño.

II.12. Circunstancias determinativas da modificación da Resolución.- Non se establecen.

II.13. Compatibilidade con outras subvencións.- Na “Base QUINTA” declárase a incompatibilidade desta subvención con calquera outra outorgada para o mesmo fin.

II.14. Criterios de graduación dos posibles incumprimentos.- Non se establecen, unicamente se precisan no apartado. “1” da “Base NOVENA” as causas de revogación total da subvención.

II.15. Publicación.- Na “Base OITAVA” se conteñen os requisitos preceptivos de publicidade das Bases recollidos na lexislación vixente.

III. Procedemento de aprobación da ordenanza.

A ordenanza tramitarase polo procedemento establecido no art. 49 LBRL:

- a) Aprobación inicial polo Pleno.
- b) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.
No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Con carácter previo á aprobación inicial, o proxecto de ordenanza deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local (art. 127.1 LBRL) e ditaminado pola Comisión informativa competente (art. 82.2 ROF), que neste caso é o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo.

O quórum mínimo necesario para a válida constitución do Pleno é un terzo do número legal de membros da Corporación, isto é, nove concelleiros, quórum que deberá manterse durante toda a sesión. A aprobación polo Pleno da ordenanza require maioría simple do número legal de membros da Corporación (art. 47.1 LBRL).

Unha vez aprobada definitivamente, a ordenanza deberá publicarse no Boletín Oficial de la provincia de Pontevedra, de forma que non entrará en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 LBRL (quinze días hábiles a partir da recepción da comunicación do acordo por parte dos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, neste caso a Subdelegación do Goberno de Pontevedra e a

Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia)."

Polo exposto, os informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 11 de febreiro de 2008, acordou aprobar o proxecto de ordenanza así como someter o texto ó Pleno da Corporación.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 14 de febreiro, ditaminou favorablemente.

INTERVENCIÓN DA SRA. SILVA REGO: Como saben o obxecto da aprobación inicial desta ordenanza é fixar unhas bases que teñen por obxecto a regulamentación das condicións básicas polas que se fai regular a axuda municipal ós propietarios que teñan que realizar a inspección técnica da súa edificación e demostren a carencia de medios económicos para afrontar os gastos derivados da elaboración do informe.

Como tamén saben é esixible conforme á ordenanza de inspección técnica da edificación aprobada polo Pleno do Concello o 1 de abril de 2005.

Para facer un pouco de memoria e clarexar algunhas informacións que nada teñen que ver con esta ordenanza, quero lembrar que a Lei 9/2002, do 30 de decembro, obriga ós concellos, mediante a correspondente ordenanza, á inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación. Foi o 1 de abril de 2005 cando se aprobou definitivamente a ordenanza municipal reguladora da inspección técnica de edificación. Nesa ordenanza aparecía na súa disposición adicional terceira que "...O Concello de Vigo poderá establecer de acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias, un réxime de subvencións do que se poderán beneficiar os propietarios que acrediten a carencia de recursos económicos".

Unha vez que este crédito non se tiña ata este presuposto, non foi posible desenvolver esta disposición adicional, o que se fai neste intre como dixer é esixible conforme a esa ordenanza.

O que propoñemos hoxe que se aprobe inicialmente é esta ordenanza municipal de subvencións para a realización da inspección técnica das edificacións do Concello de Vigo e abrir un trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles.

Non afondo máis porque xa se presentou no Consello da Xerencia do 14 de febreiro

e tamén na Xunta de Goberno local e repito que é unha ordenanza que é esixible consonte á Ordenanza de 1 de abril de 2005.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a “Ordenanza municipal das subvencións para a realización da inspección técnica das edificacións do Concello de Vigo, cuxo texto íntegro se transcribe ó final deste acordo. (Expte. 373/428).

Segundo.- Abrir un trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles, mediante publicación de anuncio no BOP de Pontevedra e nun diario dos de maior difusión na provincia.

BASES POLAS QUE SE REGULA O OUTORGAMENTO DE AXUDAS AOS PROPIETARIOS QUE CAREZAN DE RECURSOS SUFICIENTES PARA A REALIZACIÓN DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 200 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, obriga aos Concellos mediante a correspondente ordenanza a inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.

O Concello de Vigo en Pleno na súa sesión ordinaria do 1 de abril de 2005, acordou aprobar definitivamente a ordenanza municipal reguladora da inspección técnica de edificacións (expte. 936/400). O texto definitivo publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 16 de maio de 2005.

Na disposición adicional terceira ten o seguinte contido: "(...)O Concello de Vigo poderá establecer, de acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias, un réxime de subvencións do que poderán beneficiarse os propietarios que acrediten de xeito fidedigno a carencia de recursos económicos suficientes para sufragar o custo da inspección técnica da edificación regulada nesta Ordenanza (...)".

Tras a posta en funcionamento do servizo da inspección técnica da edificación, se están a detectar que diversos propietarios coa obriga de presentar a correspondente acta da inspección técnica da edificacións teñen dificultades económicas para asumir os gastos derivados dos honorarios dos técnicos. Así mesmo o Consello da Xerencia municipal de urbanismo na sesión de 8 de xuño de 2006, acordou o desenvolvemento da disposición adicional terceira da ordenanza municipal.

BASE PRIMEIRA.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.- **OBXECTO E FINALIDADE.**- As presentes bases teñen por obxecto a regulamentación das condicións básicas polas que se vai regular a axuda municipal aos propietarios que teñan que realizar a inspección técnica da súa edificación e demostren a carencia de recursos económicos para afrontar os gastos derivados da elaboración do informe, que é esixible conforme á ordenanza da inspección técnica da edificación aprobada polo Pleno do Concello de Vigo o 1 de abril de 2005.

A presente liña de subvención ou axuda terá o importe máximo que o acordo de convocatoria mencione e será imputado aos créditos orzamentarios identificados no mesmo.

2.- **BENEFICIARIOS.**- Só poderán ser beneficiarios desta subvención as persoas físicas que sexan propietarias dun único inmovible de uso principal residencial, que acrediten a súa condición e xustifiquen carecer de recursos económicos suficientes para a asunción do custo derivado da emisión do informe da inspección técnica da edificación. Entenderase que o solicitante carece de recursos cando se dean as seguintes circunstancias:

- **INGRESOS.** A renda ponderada da unidade de convivencia non sexa superior a 1,3 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples -IPREM- (BOE núm. 311, do 29 de decembro de 2006) $6.988,80 \text{ €} \times 1,30 = 9.085,44 \text{ €}$ para o ano 2007, sen incluír pensións de incapacidade ou outras subvencións por invalidez ou minusvalía.

-

- **PATRIMONIO:** Non poderá ser titular doutros bens inmobles e o inmovible obxecto da axuda será a súa vivenda habitual.

Non poderán ser beneficiarios desta subvención as persoas xurídicas, comunidades de bens, nin comunidades de propietarios en réxime de propiedade horizontal.

3.- **CONTÍA DAS AXUDAS A OUTORGAR.**- A convocatoria fixará necesariamente a contía máxima destinada ás axudas convocadas e dos créditos orzamentarios aos que se imputan. Non poderán concederse axudas por importe superior á contía máxima fixada na partida destinada a tales efectos.

A subvención consistirá nunha porcentaxe do custo de realización do informe de ITE en función da puntuación obtida polo beneficiario. Aqueles beneficiarios que obteñan ata 7 puntos no baremo establecido na Base terceira desta ordenanza, obterán unha subvención de ata o 75 por 100 do custo de realización do informe ITE, cun máximo en todo caso de 225 € no caso de vivendas unifamiliares e de 100 € no caso de vivendas en réxime de propiedade horizontal. No caso de beneficiarios que obteñan máis de 7 puntos no dito baremo, a subvención cubrirá ata o 100 por 100 do custo de realización do informe, cun máximo de 300 € no caso de vivendas unifamiliares e de 150 € no caso de vivendas en réxime de propiedade horizontal (estas cantidades actualizaranse co IPC de cada ano a partir do seguinte á aprobación desta ordenanza).

No caso de que haxa solicitantes con idéntica puntuación e a contía presupostada non alcance para conceder o importe completo da subvención a cada un deles, procederase ao prorrateo da axuda.

BASE SEGUNDA.- PRAZO, DOCUMENTACIÓN E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS.

1.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE AXUDAS.- As solicitudes, achegadas segundo o modelo previsto no anexo I, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou da Xerencia municipal de urbanismo ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.

O prazo de presentación será de tres meses desde a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e irá acompañada da presente documentación:

- 1.1. Fotocopia do documento nacional de identidade (DNI/NIF ou pasaporte) do solicitante e no seu caso, a representación que ostente.
- 1.2. Xustificación de ingresos de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 16 anos:
 - 1.2.1. Para traballadores en activo: fotocopia das tres últimas nóminas.
 - 1.2.1. Para desempregados: fotocopia da tarxeta de demanda de emprego, Certificado do INEM sobre prestacións e vida laboral.
 - 1.2.3. Para pensionistas: xustificante da pensión/s mensuais (viuvez, orfandade, non contributiva etc...) ou no seu caso, certificado negativo emitido polo Instituto Nacional da Seguridade Social.
 - 1.2.4. No caso de separación ou divorcio, deberá acompañar convenio regulador así como documento xustificativo das achegas económicas actualizadas, ou no seu defecto, denuncia por incumprimento. Nos supostos en que exista imposibilidade de documentar determinadas situacións de carencia económica, esta deberá acreditarse mediante declaración xurada dos interesados que só terá validez cando se achegue o certificado de vida laboral.
- 1.3. Xustificante de cualificación de discapacidade.
- 1.4. Presentar a declaración responsable incluída como anexo II da presente ordenanza, na que necesariamente se manifeste o seguinte:
 - 1.4.1. Declaración responsable do/a solicitante no que se comunique que se está ao corrente coas súas obrigas tributarias, coa seguridade social e co Concello de Vigo. No caso de que resulte proposto como beneficiario da axuda, deberá acreditar tal circunstancia mediante a presentación de certificación positiva das diferentes Administracións tributarias nos termos previstos no artigo 22.2 do real decreto 887/2006, de 21 de xullo, de subvencións. Naquel caso en que o posible beneficiario non estea obrigado a presentar as declaracións ou documentos esixidos por cada Administración tributaria, o seu cumprimento acreditarase mediante declaración responsable.
 - 1.4.2. Declaración responsable de se atopar ao corrente no pago de

- obrigas por reintegro de subvencións.
- 1.4.3. Declaración responsable do cumprimento doutras obrigas establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
 - 1.4.4. Declaración expresa de aceptación das actuacións de comprobación que acorde a Comisión de valoración destas axudas segundo modelo que se inclúe como anexo III.

As declaracións responsables previstas neste apartado poderán ser presentadas no modelo previsto como anexo II ás presentes bases.

- 1.5. Documentación acreditativa da propiedade do inmoble para o caso de que non figure como titular no momento da solicitude.
- 1.6 Factura acreditativa do pagamento do informe da ITE.

No caso de que o propietario solicite a subvención para o pagamento da parte proporcional que lle corresponde pagar do custo informe de ITE presentado por unha comunidade de propietarios, deberá presentar a factura acreditativa do pago do informe e documento acreditativo do pago da súa parte proporcional.

- 1.7. No caso de que se solicite o pagamento anticipado da subvención, presuposto elaborado por un técnico competente sobre o custo de realización do informe da ITE para a súa propiedade.

No caso de que o propietario solicite o pagamento anticipado da subvención para o pagamento da parte proporcional que lle corresponde pagar do custo do informe de ITE presentado por unha comunidade de propietarios, ademais do presuposto elaborado por un técnico competente sobre o custo do dito informe para a edificación na que é propietario, copia cotexada do título constitutivo da propiedade por pisos ou locais no que conste a cota de participación que lle corresponde como propietario do seu piso ou local.

2.- FASE INSTRUTORA DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DA AXUDA.- Unha vez recibida a solicitude de axuda, o servizo da inspección técnica da edificación realizará un cotexo da documentación e requirirá a súa rectificación ou mellora da mesma nos termos do artigo 71 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

A Xerencia de urbanismo remitirá ao departamento de Benestar Social as solicitudes recibidas. Acto seguido procederá a recabar a información do padrón e tributaria para a súa posterior baremación. Para todo isto, deberá achegarse debidamente asinada a autorización contida no anexo III.

Unha vez baremado o departamento de Benestar Social remitirá as solicitudes por orde de puntuación de maior a menor.

Evacuado o anterior, constituirase unha comisión de avaliación na que formarán parte técnicos do departamento de Benestar Social, da oficina da inspección técnica da edificación e o propio Xerente municipal urbanismo.

A comisión de valoración tomará coñecemento da baremación das solicitudes emitida polo departamento de benestar social e formulará proposta de resolución motivada dos solicitantes aos que se propón a concesión da axuda.

No caso que o departamento de Benestar Social ou a propia comisión de valoración aprecie a necesidade de rectificar, mellorar ou aclarar certas cuestións referentes á documentación presentada, deberase requirir aos solicitantes para que no prazo de dez días conforme ao número 1 do artigo 71 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen alterar substancialmente os termos da súa solicitude, subsanen as faltas ou se acheguen os documentos preceptivos esixidos por esta ordenanza, co apercibimento de lles ter por desistidos da súa petición e arquivo do expediente sen máis trámite, en caso de incumprimento.

3.- RESOLUCIÓN DOS EXPEDIENTES.- O acordo de estimación, desestimación ou imposibilidade material sobrevida do outorgamento da axuda será resolto pola Xunta de Goberno Local ou órgano en quen delegue, previo informe de fiscalización e toma de coñecemento polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, no prazo de quince días desde a data de elevación da proposta de resolución.

Dado o carácter estimado da contía prevista para o réxime de axudas que se regula, a concesión das subvencións queda expresamente condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

No suposto de que o crédito orzamentario aprobado fora superior, o órgano competente poderá decidir a súa aplicación ou non á convocatoria, previa tramitación do correspondente expediente de gasto antes da resolución, sen necesidade de nova convocatoria.

Desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, o prazo máximo de resolución do expediente será de tres meses. Transcorridos os mesmos sen resolución expresa, se entenderá desestimada a solicitude.

BASE TERCEIRA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DA ITE

O prazo para a presentación do informe de ITE será o establecido con carácter xeral na ordenanza municipal reguladora da ITE do Concello de Vigo (BOP núm. 93, do 16 de maio de 2005).

Non se estimarán as solicitudes de subvención para a realización de ITES fóra de prazo, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria desta Ordenanza.

BASE CUARTA.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES PRESENTADAS.

1.- RÉXIME DO PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES PRESENTADAS.- O procedemento de concesión da axuda se tramitará en réxime de concorrencia competitiva, é dicir, os criterios de avaliación tenderán ao análise e comparación das solicitudes presentadas co gallo de establecer unha prelación

entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración e adxudicar co límite fixado no punto 3º da base primeira a aqueles solicitantes que obtiveron maior puntuación.

Serán criterios para valorar as solicitudes presentadas os seguintes:

1.1. TÁBOA DE PUNTUACIÓN POR CRITERIOS SOCIAIS:

- Por cada membro da unidade familiar con discapacidade superior o 33% (1 punto).
- Por cada menor de 16 anos ou maior de 65 anos (1 punto).
- Familia monoparental (1 punto).
- Por cada membro da unidade familiar en situación de desemprego (1 punto).

1.2. TÁBOA DE PUNTUACIÓN POR INGRESOS:

INGRESOS	PUNTUACIÓN
< 4.000 €	10 puntos
4.001 € A 5.000 €	8 puntos
5.001 € A 6.000 €	6 puntos
6.001 € A 7.000 €	4 puntos
7.001 € A 8.000 €	2 puntos
8.001 € A 8.719,62 €	1 punto

O criterio de avaliación de carácter económico, consistirá en ponderar os ingresos da unidade de convivencia, conforme á seguinte fórmula:

$$IP = IF \times N \times A$$

IP = Ingresos ponderados

IF = Ingresos familiares determinados pola suma de todos os ingresos netos obtidos por todos os membros da totalidade da unidade de convivencia no momento da solicitude.

N = Coeficiente determinado segundo o número de membros da unidade familiar de acordo coa seguinte táboa:

- familia dun membro: N = 1
- familia de dous membros: N = 0,95
- familia de tres membros: N = 0,90
- familia de catro membros: N = 0,86
- familia de cinco ou máis membros: N = 0,83

A = Coeficiente ponderador en función dos membros que achegan os ingresos segundo a seguinte táboa.

- único perceptor: A = 1
- dous perceptores: A = 0,95
- tres ou máis perceptores. A = 0,90

BASE QUINTA.- EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES.

Dado que as presentes bases regulan as axudas para a realización do correspondente informe ou acta de inspección técnica da edificación por técnico cualificado e, tendo en conta que a axuda abranguerá a totalidade do custo da elaboración da mesma, non procede a compatibilidade con outra axuda de carácter pública por este mesmo concepto.

BASE SEXTA.- PAGAMENTOS ANTICIPADOS

Poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso deberán presentar a documentación requirida no punto 1.7 da Base Segunda desta Ordenanza.

En ningún caso poderán realizarse pagamentos anticipados a beneficiarios cando se solicitase a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, se atopen declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme a Lei concursal 22/2003, do 9 de xullo, sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, fosen declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, se iniciase expediente de quitación e espera ou de suspensión de pagamentos ou se presentase solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, mentres, se é o caso, non fosen rehabilitados.

BASE SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A xustificación realizarase mediante a presentación da conta xustificativa no modelo que se inclúe no Anexo IV. O rendemento da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, na que se deben incluír, baixo responsabilidade do declarante, a factura emitida polo técnico que realizou o informe de ITE e, no seu caso, os xustificantes de pagamento da parte proporcional que lle correspondeu ao beneficiario como membro da comunidade de propietarios que presentou o informe de ITE.

A súa presentación realizarase, como máximo, no prazo de tres meses desde a finalización do prazo para a presentación da ITE.

No caso de que non se realizase o pagamento anticipado, o pagamento da subvención realizarase logo de xustificación, polo beneficiario, da presentación do informe de ITE.

A falta de presentación da conta xustificativa constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

BASE OITAVA.- PUBLICIDADE.

1.- PUBLICIDADE DAS BASES.- As presentes bases, xunto cos seus anexos, serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Diario Oficial de

Galicia. Así mesmo as bases serán publicadas na páxina web do Concello www.vigo.org, no apartado referente á Inspección técnica da edificación da Xerencia de urbanismo.

As presentes Bases comunicaranse ao Rexistro de Subvencións creado ao abeiro dos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006.

2.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA DA SUBVENCIÓN.- A convocatoria será publicada no Boletín oficial da provincia e no diario de maior difusión da provincia.

3.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.- Dos acordos de concesión da axuda aos beneficiarios, darase publicidade no taboleiro de anuncios da Xerencia municipal de Urbanismo nos termos do artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro e no artigo 30 do real decreto 887/2006, de 21 de xullo e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Tamén serán publicadas na páxina web do Concello www.vigo.org, no apartado referente á Inspección técnica da edificación da Xerencia de urbanismo.

Así mesmo darase a comunicación de información prevista nos artigos 35 e seguintes do real decreto 887/2006, de 21 de xullo, á intervención municipal.

Ademais, consonte o establecido no art. 16.3 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, facilitaráselle á consellaría competente en materia de economía e facenda información sobre as subvencións xestionadas en execución desta Ordenanza.

BASE NOVENA.- REVOGACIÓN, RENUNCIA, REINTEGRO E RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1.- REVOGACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA.- Serán causas de revogación da axuda concedida o incumprimento por parte do beneficiario da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, así como á obtención concorrente doutras axudas incompatibles.

2.- RENUNCIA DA AXUDA CONCEDIDA.- O beneficiario poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de quince días que contará desde a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.

3.- REINTEGRO DA AXUDA OU SUBVENCIÓN.- Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexeranse pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e disposicións de desenvolvemento, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e supletoriamente polas disposicións xerais sobre procedemento administrativos contidas no Título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

BASE DÉCIMA.- NORMATIVA SUPLETORIA.

No non previsto nas bases desta convocatoria estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, de subvencións, e as propias bases de execución dos presupostos e restante normativa aplicable.

BASE DECIMO PRIMEIRA.- DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Excepcionalmente as solicitudes de subvención que se refiran a informes de ITE presentados en tempo e forma nos anos 2006 e 2007 tramitaranse consonte o disposto nesta ordenanza, coa particularidade de que o prazo de presentación da conta xustificativa descrita na Base Sétima será de tres meses dende a entrada en vigor desta Ordenanza.

BASE DÉCIMO SEGUNDA.- DISPOSICIÓN FINAL.

Estas bases entrarán en vigor o día seguinte da publicación do acordo de aprobación e do texto das bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra ou no Diario Oficial de Galicia.

As solicitudes serán presentadas a partir da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. O anuncio de convocatoria será tamén publicado no diario de maior difusión da provincia.

A Xerencia municipal de Urbanismo quedará exenta de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

ANEXO I

SOLICITUDE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DO INFORME DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓN

Don/Dona _____ maior de idade, con
DNI/NIF núm. _____, con domicilio en _____ Rúa _____
núm. _____ Código postal _____ actúa en calidade de:
Propietario/ En representación de _____ con domicilio en
_____ Rúa _____ núm. _____ Código
postal _____

EXPÓN

Que é propietario/a do inmovible, sito en Vigo, rúa _____
núm. _____, Parroquia _____ Referencia catastral: _____

- Que dito inmovible, segundo o seu ano de construción deberá pasar en período voluntario, a inspección técnica á que ven obrigada a teor do establecido na ordenanza municipal reguladora da Inspección Técnica de Edificacións (ITE),

aprobada definitivamente por acordo plenario do Excmo. Concello de Vigo na sesión realizada o 1 de abril de 2005.

- Que a sinalada normativa municipal prevé, na súa disposición adicional terceira, a concesión de subvencións, aos propietarios que acrediten de xeito fidedigno a carencia de recursos suficientes para realizar a ITE.
- Que considero que reúno os requisitos esixidos nas Bases polas que se regula o outorgamento de axudas aos propietarios que carezan de recursos suficientes para realizar el informe da ITE, aprobada por acordo plenario de data, que acredito coa correspondente documentación, que figura ao dorso e que adxunto a este escrito.

SOLICITA

Lle sexa concedida a subvención establecida para o suposto entre o que me considero incluído.

Vigo, ___ de _____ de 200 ___
Sinatura do solicitante

Sr. Xerente municipal de urbanismo do Concello de Vigo

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGARSE Á PRESENTE SOLICITUDE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DO INFORME DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS

- 1.- Fotocopia do documento nacional de identidade (DNI/NIF ou pasaporte) do solicitante e no seu caso, a representación que ostente.
- 2.- Xustificación de ingresos de todos os membros da unidade de convivencia:
 - Para traballadores en activo: fotocopia das tres últimas nóminas
 - Para desempregados: fotocopia da tarxeta de demanda de emprego, Certificado do INEM sobre prestacións e vida laboral.
 - Para pensionistas: xustificante da pensión/s mensuais (viuvez, orfandade, non contributiva etc...) ou no seu caso, certificado negativo emitido polo Instituto Nacional da Seguridade Social.
 - No caso de separación ou divorcio deberá acompañar convenio regulador así como documento xustificativo das achegas económicas actualizadas, ou no seu defecto, denuncia por incumprimento.
- 3.- Xustificante de cualificación de discapacidade.
- 4.- Declaracións responsables do/a solicitante no que se comunique que se está ao corrente coas súas obrigas tributarias, coa seguridade social e co Concello de Vigo; de se atopar ao corrente no pago de obrigas por reintegro de subvencións e doutras obrigas establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro (anexo II).

5.- Declaración expresa de aceptación das actuacións de comprobación que acorde a Comisión de valoración destas axudas e de todos os demais membros maiores de idade ademais do solicitante (anexo III).

6.- Factura acreditativa do pagamento do informe da ITE.

No caso de que o propietario solicite a subvención para o pagamento da parte proporcional que lle corresponde pagar do custo do informe de ITE presentado por unha comunidade de propietarios, deberá presentar a factura acreditativa do pago do informe e documento acreditativo do pago da súa parte proporcional.

7.- No caso de que se solicite o pagamento anticipado da subvención, presuposto elaborado por un técnico competente sobre o custo de realización do informe da ITE para a súa propiedade.

No caso de que o propietario solicite o pagamento anticipado da subvención para o pagamento da parte proporcional que lle corresponde pagar do custo informe de ITE presentado por unha comunidade de propietarios, ademais do presuposto elaborado por un técnico competente sobre o custo do informe de ITE para a edificación na que é propietario, copia cotexada do título constitutivo da propiedade por pisos ou locais no que conste a cota de participación que lle corresponde como propietario do seu piso ou local.

ANEXO II

DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO NA PROHIBICIÓN PARA OBTENIR A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO/A DE AXUDAS.

Don/Dona _____ DNI núm. _____ solicitante da subvención para realizar o informe da Inspección Técnica de Edificacións, _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a previstas no art. 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, segundo o estipulado nas bases da convocatoria para o ano 2006 da ordenanza específica pola que se regula o outorgamento de axudas aos propietarios que carezan de recursos suficientes para realizar el informe da Inspección Técnica de Edificacións.
- De estar ao corrente coas súas obrigas tributarias, coa seguridade social e co Concello de Vigo. No caso que resulte proposto como beneficiario da axuda, comprométome a presentar certificación positiva das diferentes Administracións tributarias nos termos previstos no artigo 22.2 do real decreto 887/2006, do 21 de xullo, de subvencións.
- De estar ao corrente no pago de obrigas por reintegro de subvencións.
- De aceptar as actuacións de comprobación que acorde a Comisión de valoración.

Vigo, _____ de _____ de 20__.
Sinatura do solicitante

Asdo:

ANEXO III

CUBRIR E ASINAR SÓ NO CASO DE QUE DESEXE QUE OS SEUS DATOS FISCAIS SEXAN REQUIRIDOS DIRECTAMENTE POLA ADMINISTRACIÓN

Que as persoas abaixo asinantes, autorizan ao Departamento de Benestar Social a solicitar da Xunta de Galicia e da Axencia Estatal da Administración Tributaria as acreditacións requiridas nas bases reguladoras da subvención solicitada e prevista nas Bases polas que se regula o outorgamento de axudas aos propietarios que carezan de recursos suficientes para realizar el informe da Inspección Técnica de Edificacións (ITE), aprobadas por acordo plenario de data _____.

A presente autorización outórgase exclusivamente para os efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación do artigo 95.1k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AAPP para o desenvolvemento das súas funcións.

A.- DATOS DO SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

B.- DATOS DOUTROS MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA.

PARENTESCO CO SOLIC.	NOME E APELIDOS	DNI/NIF	SINATURA

Vigo, _____ de _____ de 20__
Sinatura do solicitante

Asdo:

ANEXO IV

CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN

Don/Dona _____ maior de idade, con DNI/NIF núm. _____ con domicilio en _____ rúa _____ código postal, parroquia Actúa en calidade de: propietario/ en representación de _____ con domicilio en _____ na rúa _____ núm. _____, código postal _____,

DECLARO

Que como propietario procedín ao pagamento do informe de ITE da edificación sita en Vigo, rúa _____ núm._____, código postal _____, referencia catastral:_____

Que presentei o dito informe no Rexistro da Xerencia de Urbanismo o pasado día de _____ de _____.

Que aporthe copia cotexada da factura que acredita o pagamento do custo de realización do informe de ITE e, no seu caso, do pagamento da parte proporcional que me corresponde pagar como membro da comunidade de propietarios da dita edificación.

Vigo, ___ de _____.de 20__.

Sinatura do solicitante

Asdo:

4.- (23).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN DO MEDIO CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA. EXPTE. 4664/306.

ANTECEDENTES.- Con data 24 de outubro de 2007, o técnico supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da concelleira delegada, emite o seguinte informe-proposta:

"I. FEITOS-ANTECEDENTES.

I.1. En sesión extraordinaria do 05.03.2007, o Pleno do Excmo. Concello de Vigo acordou aprobar inicialmente a modificación parcial da Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de rúidos e vibracións, abrindo un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

I.2. Publicouse anuncio oficial no BOP nº 75, do 18.04.2007 e na prensa local do 20.04.2007. Durante o período de información pública, presentáronse un total de catro (4) alegacións no expediente nº 4664/306 e tres (3) no nº 4848/306 (declaración de ZAS), segundo resulta da certificación expedida polo Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local o 26.07.2007.

I.3. As alegacións presentadas ós expedientes nº 4664/306 e 4884/306 foron obxecto de estudo e valoración conxunta no informe-proposta emitido o 24.08.2007 pola

técnica de Admón. xeral de Medio Ambiente, Sra. Garcinuño Barreiro, que consta no expediente 4664/306.

II.4. Ademais, figura no mesmo expediente informe particularizado de data 01.10.2007 do xefe do Servizo de licenzas de actividades da Xerencia municipal de Urbanismo, emitido con relación ás alegacións formuladas pola Federación de Empresarios de Hostalería de Pontevedra (doc. nº 70059949), por D^a. Luísa Estévez Martínez (docs. nº 70062033/70062031) e pola Asociación Viguesa contra o ruído (doc. nº 70062476).

II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE: Constitución Española de 1978.
- LRXPAC: Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- LRBRL: Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- LMMGL: Lei 57/2003, do 16 de decembro, Medidas para a Modernización do Goberno Local.
- RSCL: Decreto 17.06.1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- ROF: Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- TRRL: Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- LALGA: Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- LOUGA: Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.
- LR: Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (estatal).
- LPCCA: Lei 7/1997, do 11 de agosto, de Protección contra a Contaminación Acústica de Galicia.
- RPCA: Decreto 150/1999, do 7 de maio, Regulamento de Protección contra a Acústica de Galicia.
- OMPCCA: Ordenanza Municipal do Excmo. Concello de Vigo sobre protección do medio contra a contaminación acústica e o seu manual anexo de procedementos para a medición de ruídos e vibracións (publicada no BOP nº 198, de 16.10.2000).
- CEPAR: Decreto 292/2004, do 18 de novembro polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia (modificado polo D.160/2005, do 2 de xuño).
- LOPTU: Lei 7/1997, do 21 de agosto, de Ordenación e promoción do turismo en Galicia.
- LHCG: Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.

III. COMPETENCIA MUNICIPAL

III.1. Os municipios están legalmente habilitados para exercer competencias en materias tales como o urbanismo ou a protección do medio ambiente (Art. 25.2.d] e f] LRBRL e Art. 80.2.d] e f] LALGA), configurado este como servizo público de prestación obrigatoria para os municipios de máis de 50.000 habitantes (Arts. 26.1.d] LRBRL e 81.d] LALGA) e ámbito de actuación susceptible da actuación complementaria dos municipios (Art. 28 LRBRL e 86.1.i] LALGA).

III.2. As ordenanzas municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (Arts. 84.1.a LRBRL e 5 do RSCL) e constitúen

a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4.1.a] da LRBRL e do ROF e 6.1.a] da LALGA.

III.3. Tal intervención na actividade dos particulares deberá axustarse, en todo caso, ós principios de legalidade, igualdade de trato, proporcionalidade e congruencia cos motivos e fins que xustifiquen a potestade e o respecto á liberdade individual (Arts. 286 LALGA e 2, 4 e 6 do RSCL).

III.4. As súas disposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola LALGA, non podendo conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico pero así tipificar infraccións e establecer sancións de conformidade co determinado pola lexislación sectorial (Arts. 4, 286 e 287 LALGA, 55 TRRL e 11 RSCL) ou, en defecto desta, de acordo cos criterios establecidos nos artigos 139-141 da LMMGL.

III.5. A teor do disposto na precitada LMMGL, corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (Art. 127.1.a]) e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (Art. 123.1.d]); atribución esta última tamén recollida nos artigos 64.2.d) da LALGA e 50.3 do ROF.

III.6. De acordo cos artigos 49 da LRBRL (na redacción dada pola L.11/99, do 21 de abril) e 56 do TRRL, a súa aprobación axustarase ó seguinte procedemento:

- a) Aprobación inicial polo Pleno.
- b) Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.

Polo anteriormente exposto, o técnico informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo contendo as seguintes modificacións da ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica así como do seu manual de procedemento:

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN DO MEDIO CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA PRODUCIDA POLA EMISIÓN DE RUÍDOS E VIBRACIÓN.

ARTIGO 15.- MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ESTABLECEMENTOS PÚBLICOS.

1.- Aos proxectos das actividades que implican funcionamento dentro do horario nocturno, que se especifican na táboa 4 do Manual de procedementos para a medición de ruídos e vibracións, anexo a esta ordenanza, esixiráselles un illamento acústico normalizado R mínimo entre a actividade e a vivenda lindeira, de acordo co indicado na mencionada táboa. O acceso do público realizarase a través dun departamento estanco con absorción acústica e dobre porta (non enfrontadas). O funcionamento do local con algunha das portas abertas tipificarase como infracción leve á Ordenanza. Exceptuaranse daquela esixencia ás actividades nocturnas dos Grupos I e VI da táboa 4 do Manual anexo á Ordenanza.

Todas as actividades que implican funcionamento dentro do horario nocturno que se especifican na anteriormente citada táboa 4, ademais do cumprimento das prescricións establecidas neste título, con carácter xeral adoptarán as seguintes:

- Instalación de chan flotante se o chan do establecemento se asenta sobre un forxado, dispoñendo libre o espazo inferior. Cando o chan do establecemento estea asentado sobre terreo firme, admitirase a desolarización do paramento horizontal dos verticais, especialmente dos piares.
- Instalación de dobres paredes laterais flotantes e desolarizadas en todo o contorno do local.
- Instalación dun teito acústico desconectado mecanicamente do forxado da planta inmediatamente superior.
- Non se permite a instalación de condutos de aire ou calquera outro tipo de instalacións entre o falso teito acústico e o forxado superior, así como calquera perforación deste para instalar equipos de iluminación, megafonía, etc., deberase dispor por debaixo del o falso teito necesario para as instalacións.
- Nos establecementos do grupo I (actividades nocturnas da táboa 4 do Manual) non se permitirá a instalación de equipos de reprodución ou amplificación de música ou de vídeo; nesta categoría de establecementos soamente poderá instalarse un aparello de radio, televisión ou fio musical, que deberán en todos os casos funcionar sen estar conectados a amplificadores ou altosfalantes.
- Excepcionalmente, para os establecementos do grupo I (actividades nocturnas da táboa 4 do Manual), situados en zonas especiais nas que sexa desexable que o manter o acabado de determinados paramentos en función das características do contorno, poderá eximirse da esixencia de contar con dobre parede lateral flotante a algún dos paramentos verticais, sempre e cando se trate dun muro de pedra de suficiente espesor que garanta amplamente o illamento acústico e se substitúa por outra medida complementaria de illamento non esixible.
- Pola súas especiais características de funcionamento, os ximnacios, locais de aeróbic, escolas de danza e similares pertencentes ao grupo 1 das actividades diúrnas da táboa 4, e as academias de música e locais de ensaio pertencentes ao grupo 2 das actividades diúrnas da táboa 4, aínda cando non impliquen funcionamento dentro do horario nocturno, deberán contar con chan flotante, dobres paredes flotantes e desolarizadas e teito acústico desconectado mecanicamente do forxado superior.

2.- Para garantir a adecuada e eficaz defensa dos veciños ante actividades de probado e manifesto carácter molesto, con independencia do indicado con carácter xeral anteriormente, e sen prexuízo doutras certificacións ou comprobacións que se lle poidan esixir á propiedade ou ser realizadas pola Administración Municipal, antes da concesión da licenza de posta en marcha de tódalas actividades nocturnas da táboa 4 e as diúrnas dos grupos 1 e 2 do Manual de Procedementos adxunto, o Concello esixiralle á propiedade un certificado de illamento acústico conseguido entre a actividade e as vivendas lindeiras co local. A dita certificación realizarase por empresas ou entidades homologadas pola Xunta de Galicia. As medicións efectuaranse de acordo coas especificacións establecidas no Manual de procedemento para a medición de rúidos e vibracións, que se achega con esta ordenanza, deberanse acadar os valores mínimos de illamento acústico que se

indican na táboa 4 dese manual.

A certificación incluíra as medicións do illamento correspondentes ás vivendas lindeiras co local proporcionando os valores do ($D_{nT,w+C}$) e ($D_{nT, 125}$), as do illamento das fachadas principal a vía pública e posterior ou a patios ($D_{1s,2m,nT,w+C}$), así como a do illamento con respecto ao portal do edificio ou zonas comúns interiores de acceso ás vivendas, de acordo co indicado no Manual de procedemento para a medición de ruídos e vibracións.

Para o control da execución e efectividade do chan flotante, a certificación de illamento incluíra tamén a medición, segundo procedemento descrito no Manual de procedemento para a medición de ruídos e vibracións (apdo. 10) correspondente aos ruídos de impacto ($L_{nAeq 10s}$), que non superarán na vivenda lindeira co local, os valores de 40 dB en horario diúrno e 35 dB en horario nocturno. Asemade para todos os establecementos correspondentes as actividades nocturnas da táboa 4, excepto as do grupo VI, e para todos os dos grupos 1 e 2 pertencentes as actividades diúrnas, incluírase a medición do tempo de reverberación ($T_{20, mid}$) segundo o indicado no Manual de procedemento para a medición de ruídos e vibracións (aptdo. 11) correspondente ao acondicionamento interior do local, cuxo valor non será maior de 0,9 s.

Nas certificacións describiranse os diferentes procedementos de medicións empregados e xustificarse a elección das vivendas e recintos seleccionados para facer as medicións, que serán os mais afectadas polos ruídos xerados por la actividade, identificándose claramente os lugares onde se han efectuado as medicións. Virán firmadas por técnico competente e visadas polo correspondente colexio oficial. No seu caso, a certificación incluíra tamén a medicións dos niveis en dBA (L_{Aeq}) xerados polos equipos de ventilación e climatización dos locais. O nivel de ruídos, transmitido tanto ao exterior do local como ao interior das vivendas, estará dentro dos valores máximos permitidos pola Ordenanza Municipal sobre ruídos e Vibracións.

3.- Nos locais nos que a separación coa planta superior estea constituída por un forxado de madeira e o uso previsto no edificio para a planta situada inmediatamente enriba do local sexa o residencial ou de vivenda, non se poderá instalar ningunha das actividades que implican funcionamento dentro do horario nocturno que se especifican na mencionada táboa 4 do Manual de Procedementos, exceptuando os bares, cafeterías, restaurantes e similares (pertencentes ao grupo I das actividades nocturnas da táboa 4) que non contén con equipo de reprodución sonora. Nos locais nos que a separación coa planta superior estea constituída por un forxado de formigón e o uso previsto para a planta situada inmediatamente enriba do local sexa o residencial ou de vivenda, non se poderán instalar discotecas, salas de festas, salas de baile, locais de exhibicións especiais e, en xeral, todo tipo de locais que impliquen actuacións en directo con música ou canto en vivo pertencentes ao grupo V das actividades nocturnas, e os pertencentes ao grupo 2 das actividades diúrnas.

4.- Establecemento de distancias mínimas entre locais de lecer con música: Co fin de evitar a concentración deste tipo de locais e impedir que se produzan zonas

saturadas de ruídos pola acumulación de locais de lecer con música, non se outorgará ningunha licenza deste tipo de locais en calquera emprazamento de uso característico ou predominante residencial, sempre que exista a unha distancia menor de cen metros (100 m) un local de lecer con música que conte con licenza concedida ou en trámite. Dita distancia medirase en liña recta sobre a vía pública entre os puntos medios das respectivas fachadas dos locais. Asemade, non poderá estar incluído ningún local deste tipo no interior dun círculo de 50 metros de radio co centro no punto medio da fachada do local que solicita licenza de actividade. As devanditas medidas serán extensivas a todas as actividades nocturnas pertencentes aos grupos II, III, IV e V e dentro das do grupo I aos salóns de xogos recreativos da Táboa 4 do Manual de Procedementos.

ARTIGO 17.- ZONAS ACUSTICAMENTE SATURADAS: PRESUPOSTO DE FEITO.

1.- Son Zonas Acusticamente Saturadas aquelas zonas do municipio nas que se producen uns elevados niveis sonoros debido á existencia de numerosas actividades de ocio ou establecementos públicos, á actividade das persoas que os utilizan, ao ruído do tráfico en ditas zonas así como a calquera outra actividade que incida na saturación do nivel sonoro da zona.

2.- Poderán ser declaradas Zonas Acusticamente Saturadas aquelas nas que, aínda cando cada actividade individualmente considerada cumpra cos niveis establecidos na presente Ordenanza Municipal, o promedio semanal nocturno (nivel equivalente semanal nocturno-Leq semanal) supere en máis de 15 dB(A) os niveis máximos permitidos na emisión ao medio ambiente exterior fixados na Táboa I do Manual de Procedementos para a medición de ruídos e vibracións, anexo a esta Ordenanza.

ARTIGO 17 BIS.- DECLARACIÓN.

1.- Corresponde ao Pleno da Corporación Municipal, de oficio ou a petición de persoa interesada, a aprobación inicial da proposta de declaración de Zona Acusticamente Saturada que poderá incluír a adopción de medidas cautelares.

2.- Trala aprobación inicial abrírase un trámite de información pública para a presentación de reclamacións e suxestións por un período de 20 días hábiles, mediante a publicación de senllos anuncios no taboleiro de Editos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e comunicación na prensa da localidade de maior difusión. De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello e xirando comunicación á prensa da localidade de maior difusión, entrando en vigor, salvo que nel se dispoña o contrario, ao día seguinte ao da súa publicación.

3.- A declaración de Zona Acusticamente Saturada corresponde ao Pleno a Corporación Municipal. Dita declaración expresará os lugares afectados, medidas adoptadas e prazo de vixencia da mesma.

ARTIGO 17 TER.- EFECTOS.

1.- As Zonas Acusticamente Saturadas quedarán suxeitas a un réxime especial de actuacións de carácter temporal, que terá por obxecto a progresiva redución dos niveis sonoros exteriores, ata acadar os límites establecidos na presente Ordenanza.

2.- A declaración de Zona Acusticamente Saturada habilitará ao Pleno da Corporación para a adopción de todas ou algunhas das seguintes medidas:

- Suspensión do outorgamento de novas licenzas de actividade, ampliación ou modificación, en tanto permanezan as condicións acústicas que orixinaron a declaración, para actividades nocturnas pertencentes aos grupos II, grupo III, grupo IV , grupo V e dentro do grupo I, aos salóns de xogos e recreativos. Tamén poderanse suspender as licenzas das tendas de conveniencia.
- Sinalar zonas ou vías nas que se prohiba circular a determinadas clases de vehículos a motor ou deban facelo con restricións horarias ou de velocidade.
- Prohibición ou limitación horaria de colocar mesas e cadeiras na vía pública, así como suspensión temporal das licenzas concedidas.
- Calquera outra medida que se considere axeitada polo Pleno da Corporación para reducir os niveis de contaminación acústica.

ARTIGO 17 QUARTER.- VIXENCIA.

As medidas adoptadas manteranse en vigor en tanto non quede acreditada a recuperación dos niveis superados, mediante medicións sonométricas realizadas, como mínimo, durante o período de tempo establecido no art. 17.2, e se acorde o cesamento da declaración da Zona Acusticamente Saturada polo Pleno da Corporación Municipal, previa tramitación do expediente administrativo onde figurarán os preceptivos informes técnicos e xurídicos, publicándose no Boletín Oficial da Provincia.

ARTIGO 25.- TRABALLOS NA VÍA PÚBLICA E NA EDIFICACIÓN.

1.- Nas obras e traballos de construción, modificación, reparación ou derruba de edificios ou infraestruturas, así como as que se realicen na vía pública, non se autorizará a utilización de maquinaria que non se axuste á lexislación vixente en cada momento ou non sexan utilizadas nas condicións correctas de funcionamento. Os sistemas ou equipos complementarios utilizados en todo tipo de obra serán os tecnicamente menos ruidosos e a súa manipulación será a máis correcta para evitar ou reducir a contaminación acústica.

Os niveis de ruído e vibracións fixados nas Táboas 1 (valores de recepción do ruído procedente das actividades ou instalacións suxeitas a licenza municipal no ambiente exterior), 2 (valores de recepción do ruído procedente das actividades ou instalacións suxeitas a licenza municipal no ambiente interior) e 3 (valores de recepción das vibracións procedentes das actividades ou instalacións suxeitas a licenza municipal no ambiente interior) do Anexo da presente Ordenanza Municipal non serán de aplicación a estas fontes sonoras.

2.- Os responsables ou titulares das obras adoptarán baixo a súa responsabilidade as medidas correctoras oportunas para evitar ou, no seu caso,

reducir os niveis sonoros por elas producidos. O Concello poderá eximir da precedente obriga ás obras cuxa demora na súa realización poida comportar perigo de afundimento, corremento, inundación, explosión ou risco de natureza análoga.

3.- Os traballos realizados en días laborables tanto na vía pública coma na edificación non poderán realizarse entre as 22:00 e as 8:00 horas do día seguinte. Asemade, os traballos que impliquen obras de escavación non poderán realizarse antes das 9:00 horas. Prohíbese traballar en domingo ou festivo.

Exceptúanse da prohibición anterior as obras urxentes, as que se realicen por necesidade ou perigo e aquelas que, polos seus inconvenientes, non se poidan realizar durante o día. Este traballo nocturno será autorizado ou ordenado polo Concello.

4.- O Concello promoverá, en xeral, o uso de maquinaria e equipos de baixa emisión acústica. En particular no marco da contratación pública de obras, subministracións e prestación de servizos. A tal efecto, incorporárase nos pregos de condicións técnicas-administrativas dos concursos para a adquisición de subministracións o para a adxudicación de obras ou servizos as cláusulas específicas ao respecto.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS:

Primeira.- Os establecementos públicos con licencia de actividade e instalación outorgada con anterioridade á entrada en vigor da mencionada ordenanza, adaptaranse ao disposto no artigo 15 nos casos seguintes:

- Cando se realicen modificacións, ampliacións ou reformas que excedan ás obras de mera hixiene, ornato ou conservación.
- Cando así se imponha como esixencia para reapertura dos establecementos clausurados por incumprimento dos niveis fixados na Ordenanza e conforme ao procedemento establecido no Título V.

Segunda.- Nas licenzas en trámite solicitadas con anterioridade á data da aprobación inicial da presente ordenanza que contén con proxecto de obras de adaptación visado tamén con anterioridade a esta data, non será de aplicación o disposto no artigo 15 da presente ordenanza en cuanto ao illamento esixible e cumprimento de distancias mínimas entre locais.

ANEXO: MANUAL DE PROCEDIMENTOS DO CONCELLO DE VIGO PARA A MEDICIÓN DE RUÍDOS E VIBRACIÓNS.

CORRECCIÓN DE ERROS:

- 1.- No apartado nº 1 do Manual (Procedemento para a medición de ruídos e vibracións) substituír o termo “medicións” por “definicións”.
- 2.- Nos apartados de definicións e medicións do Manual ao referirse á medición utilizando o percentil 90 (L₉₀), substituír o encabezado “ruído de fondo” por “ruído

ambiental de fondo”.

3.- No encabezado das táboas 1, 2 e 3 engadir a expresión “procedente das actividades ou instalacións suxeitas a licenza municipal”.

ENGADIR AO MANUAL UN APARTADO 9: “PROCEDEMENTO DE MEDICIÓN DOS NIVEIS DE RECEPCIÓN”.

9.1. As medicións dos niveis de recepción interior realizaranse coas portas e fiestras do recinto onde se efectúa a medición pechadas co obxecto de conseguir que non exista influencia do ruído exterior de fondo e eliminando toda posibilidade de ruído interior da propia vivenda. Restrinxirase ao mínimo imprescindible a presenza de persoas alleas ás que están efectuando a medición, debendo permanecer caladas e sen moverse do seu emprazamento durante todo o tempo que dure a realización da medición.

9.2. Para proceder á medición identificarase de forma inequívoca a fonte sonora que se pretende medir. Efectuaranse tres medicións de curta duración, en xeral de 15, 20 ou 30 seg., utilizando normalmente o parámetro de medición correspondente ao nivel continuo equivalente en dBA ($L_{Aeq, 15s}$, $L_{Aeq, 25s}$ ou $L_{Aeq, 30s}$) en función do tipo de ruído a medir, ou o percentil 10 (L_{10}) para o caso de ruídos transitorios aleatorios. Se durante as medicións observárase a existencia de calquera ruído alleo á fonte sonora que se pretende medir e se verificara que a súa intensidade sonora afecta ao resultado da medida, reiniciarase a medición tantas veces como sexa necesario poñendo a cero o sonómetro, ata obter medicións que non recollan ningún ruído alleo á fonte sonora que se pretende medir. O valor da medición é a media aritmética dos tres valores así obtidos.

9.3. Se durante as medicións, aínda seguindo o procedemento descrito no parágrafo anterior, non fose posible anular totalmente o ruído alleo á fonte sonora que se pretende medir e se verificara que a súa intensidade sonora afecta ao resultado da medida, pódese optar por realizar a medición noutro momento no que o ruído de fondo sexa de menos intensidade, ou realizar a medición nesas condicións, pero deberase efectuar a correspondente corrección polo ruído existente alleo á fonte sonora, é dicir, temos que restarlle mediante unha función logarítmica ao valor medido o nivel sonoro correspondente ao ruído de fondo.

9.4. Para realizar a medición coa existencia de ruído de fondo, mídese o nivel de ruídos do conxunto formado pola fonte sonora e o ruído de fondo (L_1).

9.4.1. Procédese a continuación a parar a fonte sonora e mídese nas mesmas condicións, é dicir utilizando o mesmo parámetro e as mesmas condicións de medición, o nivel producido polo ruído de fondo (L_2) e obtense a diferenza $m = L_1 - L_2$ entre ambos valores.

9.4.2. Se o valor de m é menor ou igual a 3 desistírase da medición, dado que ao ser o ruído de fondo existente moi próximo ao da fonte non se podería determinar cal deles é de maior intensidade.

9.4.3. Se o valor de m é superior a 10, o valor do nivel de ruídos da fonte sonora

non se ve afectado polo ruído de fondo e non é necesario establecer ningunha corrección.

9.4.4. Se o valor de m é maior que 3 e menor ou igual que 10, o nivel de ruídos da fonte sonora (L) obxecto da medición virá dado por resta dos niveis sonoros das dúas medicións realizadas mediante a seguinte función logarítmica $L = 10 \log(10^{L_1/10} - 10^{L_2/10})$. Neste caso a corrección estaría comprendida entre os 0,5 e os 2,6 dBA, é dicir que o valor da medición do nivel de ruídos da fonte sonora L , sería como moito 2,6 dBA menor que o nivel de ruídos do conxunto formado pola fonte sonora e o ruído de fondo L_1 .

9.5. Non se confundirá a corrección por ruído de fondo que se deberá realizar cando ao efectuar unha medición se observase a existencia de ruído de fondo alleo á fonte sonora que tratamos de medir, que non se pode anular e que pode afectar ao resultado da mesma, co que se denomina ruído ambiental de fondo existente nun determinado ambiente ou recinto, que se define como o nivel de presión acústica que se supera durante o 90% (L_{90}) dun tempo de observación suficientemente significativo en ausencia do ruído obxecto da inspección.

9.5.1. No caso de ter que efectuar a corrección por ruído de fondo, utilizarase o mesmo parámetro e tempo de medición que utilizamos para medir o ruído da fonte sonora, é dicir o $L_{Aeq, 15s}$, $L_{Aeq, 20s}$ ou $L_{Aeq, 30s}$.

9.5.2. Mentres que no caso de que o que queiramos obter sexa o ruído ambiental de fondo, ou sexa cando o que pretendemos é medir unicamente o ruído de fondo existente nun recinto en ausencia do ruído obxecto da inspección, utilizaremos como parámetro de medición o percentil L_{90} , realizado unha toma de datos de polo menos 5 minutos ou período de tempo representativo, tal como establece ao respecto o Manual de Procedementos da Ordenanza Municipal de ruídos do Concello de Vigo. Valor que non é perceptivo nas medicións pero que ás veces é conveniente reflectir para dar unha idea do nivel existente coa actividade sen funcionar.

9.6. Cando no proceso de medición dun ruído se perciba claramente a presenza de compoñentes de baixa frecuencia, que normalmente maniféstanse con percepción de vibracións, utilizarase o procedemento seguinte:

- Medirase o nivel de presión sonora continuo equivalente con ponderación A (L_{Aeq}) da cordo co sistema xeral establecido anteriormente. A continuación, se non se pode realizar a medición de forma simultánea, medirase segundo o mesmo procedemento o nivel continuo equivalente con ponderación C (L_{Ceq}).
- Calcularase a diferenza entre ámbolos dous valores.
$$L_f = L_{Ceq} - L_{Aeq}$$
- O factor de corrección a aplicar por compoñentes de baixa frecuencia (K_f) virá determinado polos valores da seguinte táboa.

L_f	K_f
$L_f \leq 10$	0
$10 > L_f \leq 15$	3
$L_f > 15$	6

- O valor da medición será a suma do nivel continuo equivalente con ponderación A (L_{Aeq}) e o factor de corrección por compoñentes de baixa frecuencia (K_f) así obtido.

$$L_{KfAeq} = L_{Aeq} + K_f$$

ENGADIR AO MANUAL UN APARTADO 10: “TÉCNICAS DE MEDIDA DO ILLAMENTO A RUÍDOS DE IMPACTO PARA CONTROLAR A EXECUCIÓN E EFECTIVIDADE DO CHAN FLOTANTE CON QUE DEBERÁN CONTAR OS ESTABLECEMENTOS PÚBLICOS DE LECER E AQUELES NOS QUE SE ORIXINEN RUÍDOS DE IMPACTOS”.

10.1.- Para a medición do illamento a ruídos de impactos seguirase o seguinte protocolo de medida:

10.1.1.- Utilizarase como fonte xeradora unha máquina de impactos normalizada conforme ao anexo A da norma UNE-EN-ISO 1407 (1999) ou calquera outra que a substitúa.

10.1.2.- A máquina de impactos situarase polo menos en dúas posicións diferentes.

10.1.3.- Por cada unha das posicións da máquina de impactos na sala emisora efectuaranse medicións do L_{Aeq} 10s en, polo menos, dúas posicións do micrófono na sala receptora.

10.1.4.- Procederase a medir na sala receptora colocando o micrófono nas seguintes posicións:

- 0,7 metros entre posicións de micrófono.
- 0,5 metros entre calquera posición de micrófono e os bordes da sala.
- 1 metro entre calquera posición de micrófono e o chan da sala receptora.
- As distancias reflectidas considéranse valores mínimos.

10.1.5.- Teranse en conta as posibles correccións por ruído de fondo conforme á norma UNE-EN-ISO- 1407 (1999) ou calquera outra que a substitúa.

10.1.6.- O resultado da medición será o nivel sonoro máximo alcanzado durante as medicións realizadas corrixidas polo ruído de fondo.

10.2. Na vivenda lindeira co local non se superará o valor do L_{pAeq} 10s medido segundo o procedemento anteriormente descrito, correspondente a 40 dB en horario diúrno e 35 dB en horario nocturno.

ENGADIR AO MANUAL UN APARTADO 11: “TÉCNICAS DE MEDIDA DO ACONDICIONAMENTO ACÚSTICO DOS LOCAIS, ABSORCIÓN DO LOCAL,

MEDICIÓN DO TEMPO DE REVERBERACIÓN DO LOCAL”

11.1.- As paredes e elementos de separación horizontais que delimitan o local, por se mesmas ou coa axuda de revestimentos adecuados, terán a absorción acústica necesaria para que non se exceda o tempo de reverberación adecuado.

11.2.- O cálculo predictivo do tempo de reverberación farase mediante fórmula de Sabine a partir do volume e da absorción sonora do local.

11.3.- Os valores do coeficiente de absorción sonora e do área de absorción sonora equivalente determinaranse de acordo coa norma UNE-EN-ISO-354-93 ou calquera outra que a substitúa.

11.4.- A medición do tempo de reverberación dos locais realizarase de acordo coa norma UNE-EN-ISO-3382:2001 Acústica ou calquera outra que a substitúa.

11.5.- O tempo de reverberación ($T_{s, mid}$) nos locais de lecer de pública concorrencia, independentemente do volume do recinto e medido co local baleiro, non será maior de 0,9 s. Devandito valor referirase ao ($T_{20, mid}$), obtido mediante o promediado en bandas de terzo de oitava entre 400 e 1250 Hz, segundo aptdo. 8.1. da norma UNE-EN-ISO-3382.

MODIFICAR “OS VALORES DE REFERENCIA PARA O NIVEL SONORO REVERBERADO E ILLAMENTO ACÚSTICO A CONSIDERAR PARA AS DIFERENTES ACTIVIDADES.”

1.- Valores de referencia para o nivel sonoro reverberado L e illamento acústico normalizado R a considerar para as diferentes actividades:

1.1. A efectos de poder establecer uns valores de referencia para estimar nos proxectos o nivel sonoro reverberado L en dB(A) que considerárase para as diferentes actividades e a falta doutros datos, tomaranse como criterios orientativos os proporcionados no anexo 2 da NBE-CA-88, non obstante, na táboa 4 establécense os seguintes valores mínimos a considerar para as actividades que se citan, así como para calquera outra que se poida considerar que produza niveis sonoros similares.

1.2. Asemade, para a determinación do illamento acústico normalizado R mínimo esixible entre a actividade e as vivendas lindeiras co local, tomaranse para as devanditas actividades os valores en dB(A) indicados na táboa 4.

2.- Para a medición do illamento acústico obtido entre a actividade e as vivendas lindeiras co local unha vez finalizadas as obras de insonorización utilizarase o nivel global en dB, da diferenza de niveis estandarizada ($D_{nT,w}$) afectado polo termo de adaptación espectral C correspondente a un ruído rosa normalizado con ponderación A ($D_{nT,w}+C$), de acordo coa norma UNE-EN ISO 717-1, alcanzará como mínimo o valor que se indica na seguinte táboa 4. As medicións realizaranse en bandas de terzo de oitava para o rango de frecuencias comprendidas entre 100 e 3.150 Hz e de acordo co indicado na norma UNE-EN ISO 140-4 de medición in situ do illamento ao ruído aéreo entre locais.

2.1. As medicións do illamento correspondente á zona de público ou lugar onde se desenvolve a actividade, realizáranse coas portas dos almacéns, aseos e resto de dependencias do local abertas, xa que se estes recintos presentan un illamento inferior que o da zona de público e se o local funciona con estas portas abertas, poderíanse transmitir ás vivendas lindeiras niveis de ruído por encima dos permitidos, debéndose evitar tamén nestes recintos as conexións con shunts ou condutos de ventilación comúns co resto do edificio.

2.2. Asemade, para as actividades que se indican na táboa 4 e co fin de asegurar unha boa insonorización do local nas baixas frecuencias, o illamento acústico obtido en dB entre a actividade e as vivendas lindeiras co local correspondente á banda de oitava de frecuencia central de 125 Hz ($D_{nT, 125}$), obtido a partir dos correspondentes valores de terzo de oitava, de acordo co disposto na norma ISO 140-4, (formula 10), alcanzará como mínimo o valor que se indica na mencionada táboa.

3. Para a medición do illamento acústico obtido para a fachada principal lindeira coa vía publica utilizarase o nivel global en dB, da diferenza de niveis estandarizada ($D_{1s,2m,nT, w}$) afectado polo término de adaptación espectral C correspondente a un ruído rosa normalizado con ponderación A ($D_{1s,2m,nT,w}+C$), de acordo coa norma UNE-EN-ISO 717-1. Alcanzará como mínimo o valor que se indica na táboa 4.

As medicións realizaranse en bandas de terzo de oitava para o rango de frecuencias comprendidas entre 100 e 3.150 Hz e de acordo co indicado na norma UNE-EN-ISO 140-5 de medición in situ do illamento ao ruído aéreo de fachadas. As fachadas posteriores ou a patios han de cumprir cun illamento 5 dB superior ao indicado para a fachada principal.

4.- O illamento con respecto ao portal do edificio ou zonas comúns interiores de acceso ás vivendas medirase utilizando o nivel global $D_{nT,w}+C$, alcanzando como mínimo o valor en dB que se fixa para as fachadas posteriores ou patios.

TÁBOA 4

Grupo	Actividades nocturnas (a numeración anexa a cada actividade corresponde á do Catálogo).	L dBA	R dBA	$D_{nT,w}+C$ dB	$D_{nT,125}$ dB	$D_{1s,2m,nT,w}+C$ dB
I	Restaurantes (2.7.1), bares e café-bares (2.7.2), cafetarías (2.7.3), cibercafés, salóns ciber e similares (2.6.6) e salóns de xogos e recreativos (2.5.3 e 4).	80	60	60	45	35
II	Cines tradicionais (1.1.1) e multicines (1.1.2), videotecas (2.1.5), salas dedicadas á celebración de cineclubs (2.1.10), casinos de xogo (2.5.1), salas de bingo (2.5.2) e similares.	90	70	70	55	50
III	Pubs (2.6.4), bares, café-bares, restaurantes e semellantes, con música amplificada, así como boleiras.	90	70	70	55	50
IV	Teatros (1.2.1) e auditorios (1.2.3).	95	75	75	58	55
V	Salas de festa (2.6.1), discotecas (2.6.2),	100	80	80	60	60

	salas de baile (2.6.3) e demais locais con música en directo ou canto en vivo.					
VI	Panaderías e confeitерías con obrador.	85	65	65	50	45

Grupo	Actividades diúrnas	L dBA	R dBA	D ^{+C} nT,w dB	D nT,125 dB	D ⁺ 1s,2m,nT,w C dB
1	Ximnasia, locais de aeróbic, escolas de danza e similares con actividade só diúrna.	85	60	60	45	35
2	Academias de música e locais de ensaio que impliquen aprendizaxe ou ensaio con instrumentos de música ou canto ao vivo e con actividade só diúrna.	100	75	75	55	50
3	Talleres de mecánica e electricidade do automóbil.	85	55	55		
4	Talleres de reparación de motos.	90	60	60		
5	Garaxes con lavado automático de vehículos.	90	60	60		
6	Talleres mecánicos, de confección, imprentas.	90	60	60		
7	Talleres de carpintería de aluminio.	95	65	65		
8	Talleres de carpintería, de madeira.	95	65	65		
9	Serrarías.	100	70	70		
10	Talleres de caldeirería, carpintería metálica e reparacións en chapa de vehículos.	100	70	70		

Con datas 7 e 11 de febreiro de 2007, o enxeñeiro técnico industrial xefe do Servizo de Licenzas de Actividades emite informes sobre as modificacións propostas que figuran no expediente.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 18 de febreiro, ditamina favorablemente a proposta formulada polo técnico de Medio Ambiente citada anteriormente.

DEBATE.- SRA. LAGO REY: A contaminación acústica é un problema grave que afecta á saúde e á calidade de vida dos cidadáns. Así, repasando por riba a nosa Constitución observamos que a contaminación acústica incide negativamente nos seguintes dereitos recoñecidos por aquela: artigo 10.1 “dignidade da persoa e os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e ós dereitos dos demais son fundamento da orde política e da paz social”. Art. 17.1: “á seguridade pública”. Art. 15: “teñen dereito á vida e á integridade física e moral”. Art. 18: “garántese o dereito ó honor, á

intimidade persoal e familiar e á propia imaxe”. Art. 45.1: “teñen dereito a gozar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber do conservar”.

O goberno ten como un dos seus obxectivos principais a procura do benestar de todos os cidadáns mediante o control da contaminación acústica. Con esta finalidade dende que goberna esta cidade está a realizar todas as actuacións posibles cara á defensa dun medio ambiente san e non deteriorado pola contaminación acústica.

Debemos salientar entre outras actuacións: a preparación dun mapa de ruídos, pendente da súa presentación, a elaboración dunha nova ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica e a próxima elaboración dun plan de acción en materia de contaminación acústica, segundo a disposición adicional primeira da Lei 37/2003, do ruído, etc.

Agora, con esta finalidade, preténdese aprobar definitivamente a modificación de determinados artigos da actual ordenanza de protección contra a contaminación acústica que permitirá declarar trinta e tres rúas da cidade como zonas acusticamente saturadas, ZAS, rúas onde debido á existencia de numerosas actividades de lecer ou establecementos públicos, a actividade das persoas que os utilizan, o ruído do tráfico nas devanditas zonas, así como calquera actividade que incida na saturación do nivel sonoro da zona, prodúcese un grande nivel de ruído no ambiente exterior con numerosas denuncias dos veciños.

É certo que este é un traballo complexo xa que precisa dun equilibrio entre o dereito ó descanso que reclaman moitos cidadáns, fronte o dereito ó lecer das persoas que gustan de ir ós diferentes locais, así como un equilibrio entre os dereitos individuais fronte ós dereitos empresariais dos titulares dos establecementos. Poñer un termo medio que permita o equilibrio entre os distintos dereitos é unha tarefa difícil que precisa da colaboración de todos.

Así mesmo, a complexidade da presente proposta vese reflectida no tempo investido para que a presente modificación da ordenanza e a declaración das zonas acusticamente saturadas saia adiante e esperemos que co apoio de todos. Nótese a estes efectos que a tramitación da presente proposta se iniciou no 2004 non acadándose a aprobación inicial do proxecto ata marzo de 2007. Pero se ben esta modificación da ordenanza e declaración das zonas acusticamente saturadas é

importante xa que seguramente axudará a mellorar o tema dos ruídos, non é a única medida que se pretende adoptar.

En efecto, a finalidade deste goberno en materia de contaminación acústica é aprobar unha nova ordenanza de protección do medio contra a contaminación acústica coa pretensión de axeitar a normativa do noso Concello á realidade existente e ás novas disposicións normativas que dende o ano 2000, cando se aprobou a actual a ordenanza, sufriron importantes cambios. Nótese que dende a aprobación da actual ordenanza entraron en vigor importantes normas como a Lei do ruído e o seu regulamento de desenvolvemento. A estes efectos contamos co Valedor do Cidadán, persoa experta e cualificada en temas de ruído, que leva bastante tempo xa traballando nunha nova ordenanza de protección do medio contra a contaminación acústica.

En concreto modifícanse os seguintes artigos da actual Ordenanza de protección contra a contaminación acústica: Art. 15 “específicas para establecementos públicos”. A finalidade é establecer condicións máis esixentes en canto ó grao de illamento que han acadar os establecementos públicos de lecer con ou sen música. Medición de illamentos e niveis xerados polos equipos de ventilación e climatización dos locais de lecer, establecemento de distancias mínimas entre locais de lecer con música, etc.

Art. 17: Esta modificación ten a súa xustificación na pretensión municipal de declarar certas zonas da cidade onde se están a superar en máis de 15 db (A) no ambiente exterior en horario nocturno o nivel máximo permitido, 45 db (A) na táboa 1 do Anexo da ordenanza municipal, como zonas acusticamente saturadas. En concreto o artigo 17 pasaría a quedar como un artigo 17, un artigo 17-bis, un artigo 17-ter e un artigo 17-quarter. O artigo 17 define o suposto de feito que debe concorrer para declarar unha zona como ZAS. Artigo 17-bis: establece o procedemento administrativo a seguir para aprobar tal declaración. Artigo 17-ter: establece os termos que se poden derivar da declaración das ZAS. Artigo 17 quarter regula a vixencia e cesamento das ZAS.

Deste xeito poderanse declarar zonas acusticamente saturadas aquelas nas que aínda cando cada actividade individualmente considerada cumpra cos niveis establecidos na ordenanza municipal, a media semanal nocturno, nivel equivalente a semanal nocturno-Leq-semanal, supere en máis de 15 db (A) os niveis máximos

permitidos na emisión ó medio ambiente exterior fixados na Táboa I do Manual de Procedementos anexo á Ordenanza.

Así mesmo, para acordar o cesamento da ZAS e alzar as medidas adoptar, se debe constatar a redución dos niveis sonoros exteriores ata acadar os límites establecidos na ordenanza mediante medicións sonométricas realizadas seguindo un criterio equitativo en virtude do principio de igualdade e proporcionalidade de xeito análogo ós da declaración.

Artigo 25: referido á realización dos traballos na vía pública e na edificación co obxecto de establecer unha regulación que posibilite reducir as molestias e os ruídos derivados da execución dos ditos traballos. Establécese que os traballos que leven de seu obras de escavación non se poderán realizar antes das 9:00 horas, xunto coa prohibición de traballar en domingos ou festivos. Así mesmo establécese a obriga do Concello de promover o uso de maquinaria e equipos de baixa emisión acústica. Por iso no marco da contratación pública de obras, subministracións e prestacións de servizos, a tal efecto achéganse nos pregos de condicións técnicas-administrativas dos concursos para a adquisición de subministracións ou adjudicacións de obras ou servizos as cláusulas especificadas ó respecto.

Disposicións transitorias: “Os establecementos públicos con licenza de actividade, instalación outorgada con anterioridade á entrada en vigor da devandita ordenanza, adaptaranse ó disposto no artigo 15 nos casos seguintes: Cando se realicen modificacións, ampliacións ou reformas que excedan as obras de mera hixiene, ornato ou conservación. Cando así se impoña como esixencia para a reapertura dos establecementos clausurados por incumprimento dos niveis fixados na ordenanza e consonte co procedemento establecido no Título V.

Disposición Transitoria Segunda: Nas licenzas en trámite solicitadas con anterioridade á data de aprobación inicial da presente ordenanza que contén con proxecto de obras de adaptación visado tamén con anterioridade a esta data: non será de aplicación o disposto no artigo 15 da presente ordenanza en canto ó illamento esixible e cumprimento de distancias mínimas entre locais.

Disposición adicional segunda: Adóptase a obriga de revisar pasado un ano da entrada vigor das presentas modificacións da ordenanza municipal, os valores de recepción de ruído no ambiente interior con respecto a residencial habitacións en horario nocturno da Táboa II do Manual.

Ademais inclúense novos artigos no Manual de Procedementos do Concello de Vigo para medicións de ruídos e privacións, que non vou ler porque están no historial e son técnicos.

Con referencia ás alegacións durante a tramitación: Por outra banda debemos facer referencia ás modificacións introducidas no texto da ordenanza que agora se pretende aprobar definitivamente dende a súa aprobación inicial en base ás alegacións presentadas durante o período de exposición ó público do proxecto.

As alegacións presentadas relativas ós expedientes 4664/306 “Alegación da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a contaminación acústica” e 4848/306 “Alegación ZAS e protocolo de actuacións” que se analizaron de xeito conxunto nos informes técnicos e xurídicos, presentáronse polas seguintes persoas: Federación Provincial-Empresarios de Hostalería de Pontevedra, estimada parcialmente. Luisa Estévez Martínez, estimada parcialmente. Tendas de Conveniencia, desestimada. David Quintanilla, Asociación Galega de Salas de Música, desestimada. M^a Carlota Nogueira de Abreu, desestimada. Asociación Viguesa contra o Ruído, desestimada.

En canto á alegación de M^a Carlota Nogueira de Abreu que se desestimou, dicir que propoñía a inclusión da rúa Joaquín Loriga entre as zonas acústicas saturadas e desestimouse porque solicitaba a inclusión da devandita rúa na modificación da ordenanza, non na declaración de ZAS.

O que se pretende nesta modificación da ordenanza, entre outras cousas, é regular o procedemento para inclusión ou clasificación das rúas que reúnan os requisitos establecidos como zonas acusticamente saturadas e non se limitar a reunir un elenco de rúas. Por conseguinte calquera outra rúa se poderá incluír mediante un acordo plenario, previa tramitación do correspondente expediente.

Quero resumir dicindo que tentaremos levar a Pleno a inclusión desta rúa porque está bastante xustificada.

Zonas acusticamente saturadas. En canto ás zonas propostas para a súa declaración definitiva como acusticamente saturadas cómpre sinalar que a delimitación xeográfica non se modificou dende a aprobación inicial publicada no Boletín Oficial da Provincia de 18 de abril de 2007, en consecuencia a mesma englobase en tres grandes zonas formadas por 33 rúas e prazas denominadas: Zona Praza de Compostela, Zona Areal-Rosalía de Castro e Zona Churruca, segundo

as medicións realizadas por Acustic Control e conformadas polo técnico supervisor de Medio Ambiente.

En concreto as rúas que se pretenden declarar definitivamente como Zonas Acusticamente Saturadas, xa que a media semanal en medio nocturno no ambiente exterior supera en máis de 15 db (A), o nivel máximo permitido na Táboa I do Manual Anexo á Ordenanza ZAS son: na súa totalidade as rúas Alfonso XIII, Travesía de Alfonso XIII, Areal, Canceleiro, Castelar, Cervantes, Churruca, Colón, Praza de Compostela, Concepción Areal, García Olloqui, Gravina, Heráclito Botana, Iglesias Esponda, Inés Pérez de Zeta, Irmandiños, Isabel II, Lepanto, Luis Taboada, Martín Códax, Montero Ríos, Oporto, Pablo Morillo, Pontevedra, República Arxentina, Rogelio Abalde, Rosalía de Castro, Roupeiro, Travesía Santiago de Vigo, Serafín Avendaño e Uruguai. Parcialmente as rúas: avenida de García Barbón do número impar 1 ata o 137 e do número par 2 ata o 102. Isaac Peral do número par 2 ata o 8 e Urzáiz do número 1 ata o 49.

En canto ós efectos principais da declaración das ZAS sinalar primeiro a suspensión do outorgamento de licenzas de apertura, ampliación ou modificación para actividades nocturnas pertencentes ós grupos sinalados na Táboa IV do Manual do Procedemento anexo á Ordenanza. Esta suspensión tamén se estende ás licenzas das tendas de conveniencia.

Segundo, queda prohibida a permanencia en terrazas para café autorizadas nas indicadas zonas por riba das 2:00 horas en horario de verán e das 12:00 horas no restante.

Terceiro, imponse ós establecementos comerciais tipo tendas de conveniencia sitios nas rúas sinaladas no apartado primeiro que teñan na rúa ofertas de bebidas alcólicas, a prohibición de expender este tipo de bebidas é dende as 22:00 horas ata as 9:00 horas do día seguinte, de acordo co previsto no artigo 10 da Lei 13/2006, do 27 de setembro, reguladora dos horarios comerciais de Galicia.

Cuestións importantes a ter en conta que sinalo para rematar.

En relación co botellón é importante ter en conta que, segundo se expuxo no acordo plenario do 5 de marzo de 2007, a normativa autonómica galega vixente non prohibe o consumo de alcol nas rúas, así que o que se fai coas ZAS é adoptar as medidas pertinentes para disuadir a produción do botellón como son a prohibición de expender bebidas alcólicas en horarios nocturnos polas tendas de

conveniencia e incrementar os efectivos policiais na vía pública.

As medidas referidas ó tráfico non se adoptan xa que as mesmas se contemplarán no vindeiro plan de acción en materia de contaminación acústica, segundo o contempla a disposición adicional primeira da Lei 37/2007, do ruído.

A diminución no ámbito das ZAS dos límites máximos establecidos con carácter xeral para as emisións acústicas no interior das vivendas sitas nas devanditas rúas, é unha decisión discrecional do goberno municipal que, por agora e atendendo ós informes dos técnicos municipais, se decidiu non adoptar. En todo caso é importante ter en conta que o propio Sr. Figueroa na defensa da aprobación inicial da modificación da ordenanza do ruído, defendeu esta mesma postura atendendo á imposibilidade dos técnicos de realizar estas medicións. En concreto sinalou que sería “brinde ó sol rebaixar os decibelios, quedaríamos ben cos veciños pero logo cando tivéssemos que poñer en práctica a ordenanza sería totalmente imposible”.

Redacción dunha nova ordenanza de protección do medio contra a contaminación acústica. Este goberno coida moi necesario elaborar unha nova ordenanza que substitúa á actual do 2000 e permita adaptármonos á lexislación vixente. Non obstante esta modificación que se propón aprobar definitivamente tamén é moi importante e debemos ter en conta que os cambios na ordenanza actual van ser importantes polo que supón un grande traballo dos técnicos municipais. Esta tamén foi a postura mantida polo Sr. Figueroa na súa intervención do Pleno do día 5 de marzo de 2007 ó tentaren defender a conveniencia de continuar coa tramitación desta modificación da ordenanza, con independencia de que o Valedor do Cidadán xa presentara un borrador dunha nova ordenanza solicitada pola Sra. Porro.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, Sra. concelleira, entendo que fixo a presentación conxunta dos puntos 4 e 5.

SR. FIGUEROA VILA: Por suposto que é certo o que di a concelleira, Sra. Lago, sobre que o Grupo Popular estaba de acordo con aquela proposta e séguelo estando porque non se variou absolutamente nada da aprobación inicial do 5.03.07 agás pola presentación dunha serie de alegacións que algunha delas se estimou parcialmente. O que nos sorprende é que para contestar sete ou oito alegacións tiveran que pasar oito meses e isto é o verdadeiramente importante desta

ordenanza porque, como vostede comprenderá, o 5 de marzo aprobouse só cos votos do Partido Popular.

Tamén sorprende agora que o BNG e o Partido Socialista se sumen agora a unha ordenanza que non votaron a favor e non só iso, senón que mesmo o Partido Socialista criticouna porque dicía que esta normativa tiña que estar incluída dentro do Plan Xeral, era un dos argumentos que daban e tamén que había que reducir o límite de decibelios nas vivendas, de 30 a 25 e que este era un motivo fundamental e importante polo que non a votaban a favor.

A pregunta que nos gustaría facer é: que cambiou en oito meses se vostedes non cambiaron absolutamente nada da ordenanza. Supoño que o único que cambiou é que daquela estaban na oposición e agora están no goberno. Esas son as contradicións da política, que unhas persoas critiquen unhas propostas dun goberno e logo de oito meses teñan que rectificar e cambiar a súa posición.

A ordenanza estaba rematada. Terminou o período de exposición ó público o día 23 de maio, é dicir, uns días antes das eleccións do día 27; o que nos sorprende é que o informe técnico está asinado o día 24 de outubro e estamos a 25 de febreiro, tardaron en contestar oito sinxelas alegacións cinco meses e logo outros tres ou catro meses en traer este expediente a Pleno.

É certo que xa o goberno anterior non só deixou preparada esta ordenanza contra os ruídos e tamén declaración de zonas ZAS onde xa non se cambia absolutamente nada que é o máis curioso do tema, senón que tamén deixou encargada a redacción dunha nova ordenanza ó Valedor do Cidadán que tamén leva aproximadamente encargada un ano e a día de hoxe non sabemos nada. Tamén deixamos encargado en primeira fase de redacción o mapa de ruídos que tampouco a día de hoxe e logo de oito meses sabemos absolutamente nada.

Isto é o verdadeiramente importante pero hai outro tema que tamén nos chama moito a atención. A nós xa non nos sorprende, aínda que ós cidadáns si, que un goberno de progreso que fala de participación, de que os cidadáns poidan opinar, de que as comisións de asesoramento se reúnan, que algúns destes grupos como o BNG foran os pioneiros creando os consellos sectoriais nesta cidade e a pregunta que nos gustaría lle facer é: para que serven os consellos sectoriais se hai unha comisión de ruídos constituída oficialmente e vostedes non tiveron nin a delicadeza durante estes oito meses da convocar, pero mesmo nin lle dar conta a esa

comisión de ruídos da decisión que hoxe imos adoptar.

Gustaríanos que esa comisión de ruídos tivese polo menos a oportunidade de opinar, a favor ou en contra, como se fixo moitas veces. Logo evidentemente os corporativos somos quen temos que tomar a decisión, pero sería importante que un tema tan fundamental como é un cambio dunha ordenanza de ruídos e sobre todo a declaración de zonas acusticamente saturadas en máis de trinta rúas desta cidade, fosen a esa comisión de ruídos; vostedes esquécena e non lle fan caso. Eu pregunto, se non convocan a comisión de ruídos para este tema, para que a van convocar? A pregunta é para cando, para que ou con que obxectivos van convocar esa comisión de ruídos se a súa finalidade máis importante era a de tomar unha decisión con respecto a estes temas.

Señores do BNG, supoño que dirán algo, vostedes foron os que crearon eses consellos sectoriais de todo e explicarán por que non se reuniu esta comisión de ruídos que formaban cidadáns, hostaleiros, empresarios, veciños, Federación veciñal, sindicatos, grupos políticos, etc.

Dende logo, se para facer isto, para contestar oito alegacións que xa estaban contestadas dende o 24 de outubro, tardan vostedes oito meses, verdadeiramente non sei cal é o grao de eficacia e eficiencia nesta cidade.

Por suposto que nós imos votar a favor porque é a nosa ordenanza, este é un traballo que fixemos nós, aquí vostedes non cambiaron absolutamente nada.

Houbo moitas cuestións que o Partido Socialista cando estaba na oposición criticou e agora ten que rectificar; pero isto non pasa só con isto, pasa cos aparcadoiros, coas dúas piscinas que se adxudicaron, a Ora, etc. Criticaron moitas destas propostas que nós faciamos e agora o único que fan é poñelas en marcha e copiar porque aquí non hai absolutamente nada novo, está todo tal e como o deixamos o 5 de abril de 2007 coa única diferenza de que houbo unha exposición ó pública e nela houbo unha serie de matizacións sobre todo técnicas que fixeron algúns colectivos e ás que evidentemente tiñan vostedes que contestar.

Pero o que tamén nos sorprende é que as reivindicacións que fixo o Partido Socialista polas que non votou a favor esta ordenanza, resulta que agora vostedes nin as recollen, nin as mencionan. Iso parécenos grave en canto ós posicionamentos políticos.

O Partido Popular cando estaba no goberno fixo correctamente esta proposta e

agora é asumida polos vinteseite membros da Corporación. Como non pode ser doutro xeito, evidentemente ó non ter nin un só cambio senón todo o contrario, sendo a mesma ordenanza e a mesma proposta de proxecto e de declaración de zonas ZAS, o Grupo popular vai votar a favor.

SRA. LAGO REY: Sr. concelleiro, non sei se vostede quere facer algo para paliar o tema de ruído ou quere aparentar que quere facer porque lle lembro que para modificar nada máis que tres artigos custoulle catro anos e deixou o traballo sen rematar e a modificación de tres artigos é imprescindible para a declaración das ZAS. Maxinen se con esta ordenanza, que está obsoleta e que temos que cambiar, leváramos o mesmo ritmo que levou vostede para modificar tres artigos. Nin os seus netos, nin os netos dos seus netos ían poder ver a modificación da ordenanza. Vostede representa o pasado. Eu penso que para entender o presente está ben que expoña o pasado aínda que non sexa absolutamente imparcial. Está ben, así vemos por que estamos no presente. Este goberno representa o presente e o futuro. Síganme de preto, Sr. Concelleiro, xa verá onde chegamos.

En canto á comisión do ruído teño que dicir que eu si que me reunín con todas e cada unha das asociacións implicadas na comisión do ruído, comisión que non está constituída legalmente, xa llo dixen, porque non tiña nin secretario, nin ten unha ordenanza, aínda a hai que facer. Non sei a qué estivo xogando vostede estes catro anos pero esta é unha comisión que non está constituída legalmente, pero o estará. Dende logo si que tiveren en conta a todas as asociacións que forman parte desta comisión e para iso me reunín con cada unha delas e coñecen perfectamente esta modificación da ordenanza que está consensuada.

En canto ó Valedor do Cidadá, D. Luís Espada, sabe da modificación, está totalmente pactada, é dicir, traballouse e se non se fixo antes foi porque en outubro de 2007 entrou en vigor o documento básico do código técnico da edificación de protección fronte ó ruído que introduciu novos cambios que se efectuaron por técnicos, que están recollidos na documentación do expediente e por iso a demora. Se o quere revisar está aí.

Non diga que non estivemos traballando, Sr. Figueroa, que a vostede lle levou catro anos modificar tres artigos.

SR. FIGUEROA VILA: O descoñecemento é tal que evidentemente non nos sorprende que vostede faga esta manifestación. Sabe que para declarar zonas acusticamente saturadas houbo que facer un estudo sonométrico de todas as rúas declaradas acusticamente saturadas, é dicir, da maioría desas trinta e tres zonas onde houbo que facer os correspondentes estudos. Ademais isto foi un tema totalmente pactado na comisión de ruídos e fómolo elaborando ós poucos.

Nós non fomos os que constituímos a comisión de ruídos, foi o Bloque Nacionalista Galego cando gobernaba nesta cidade e polo tanto coido que vostedes primeiro deberían poñerse de acordo sobre os seus posicionamentos. Había unha comisión de ruídos constituída formalmente e evidentemente foi coa que se traballou; nela estaban sindicatos, empresarios, movemento veciñal e por suposto todos os grupos políticos.

Aínda así voulle dar o beneficio da dúbida, nós polo menos tivemos tres anos para cambiar a ordenanza e declarar trinta e tres rúas acusticamente saturadas; vostedes levan oito meses para contestar catro alegacións. Ademais levan catro meses, dende o 24 de outubro, para traer este expediente a Pleno porque a contestación por parte dos técnicos municipais está asinada o día 24 de outubro do ano 2007.

Polo tanto coido que non nos teñen que dar leccións absolutamente de nada, senón recoñecer o boicot que vostedes, Partido Socialista, fixeron a este expediente cando estaban na oposición. Agora o triste é que teñan que rectificar, emendar e apoiar unha proposta que vostedes mesmos criticaron.

Nós temos a conciencia moi tranquila porque coido que fixemos un magnífico traballo e non só iso, senón que vostedes agora o ratifican. Supoño que os vinteseite membros da Corporación imos ratificar ese traballo e iso é o verdadeiramente importante, quere dicir que o que estabamos a facer nós era o correcto aínda que vostedes cando estaban na oposición criticárono, non o votaron e mesmo dixeron que se vostedes gobernarán os decibelios pasarían dun límite de 30 a 25 con respecto ás vivendas. Agora está o límite en 30 e os cambios non se producen como vostedes formulaban cando estaban na oposición e mesmo coidaban que non había que declarar zonas acusticamente saturadas, senón que o mellor era incluílo na normativa do Plan Xeral e suprimir toda a posibilidade de que en Vigo tivéssemos locais con música. Esa era a proposta que vostedes facían e non

a de agora; vostedes non o recolleron no Plan Xeral e agora teñen que rectificar aquela postura.

Iso sábeno tamén os representantes desa comisión de ruídos e sobre todo os medios de comunicación porque seguiron este tema que estivo o último ano do mandato anterior de actualidade durante oito ou nove meses. Saben perfectamente a postura, o posicionamento de seu e o boicot que lle fixeron permanentemente a esta ordenanza e á proposta de declaración de zonas acusticamente saturadas.

Ó final non cambiaron absolutamente nada. A nós gustaríanos saber se xa non están de acordo con iso dos 30 ou 25 db, se xa non están de acordo con que o tema das zonas acusticamente saturadas non o había que incluír nun expediente, senón que o había que incluír no Plan Xeral que, por certo, xa non o incluíron, etc. Polo tanto, se vostede é o presente a situación é que nós xa nos adiantáramos ó presente hai dous anos.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Sen ánimo de entrar en polémica, Sr. Figueroa, coido que vostedes tampouco lle teñen que dar leccións de democracia ó BNG porque, como sempre, nós si mantivemos unha posición coherente e vostede mesmo acaba de mencionar a historia. Precisamente cando se tentou traballar a prol de que esta cidade tivese un medio ambiente máis saudable ó respecto do tema dos ruídos, foi o goberno presidido por D. Lois Pérez Castrillo, como vostede ben dixo, quen comezou a facer medicións e empezou a pechar locais, naquel momento aplicando a normativa ou polo menos facéndoa cumprir. Polo tanto aí comeza a historia, como vostede di.

No que respecta á lexislatura pasada na que vostede era concelleiro de Medio Ambiente, probablemente sabe mellor que ninguén as achegas que se fixeron por parte do BNG como grupo político pola banda do noso compañeiro, D. Henrique Viéitez, a esta ordenanza. Hai unhas alegacións que por outra banda gustaríame salientar que se presentaron a esta ordenanza, que son moi importantes e precisamente falan da importancia da participación da sociedade no que é a ordenanza. Unha das achegas que precisamente fixo o BNG foi o tema de traer a Pleno as zonas acusticamente saturadas. Esta foi unha das achegas e gustaríame poñer en valor que foi o BNG quen precisamente trouxo a cláusula de salvagarda a

esta comisión.

Repito novamente que non nos teñen que dar leccións de democracia. E como vostede ben dicía a ordenanza xa quedara aprobada practicamente na lexislatura anterior e por iso non temos nada que dicir ó respecto. Repito que non nos ten que dar leccións de transparencia. Quero poñer en valor a achega que fixo o BNG sendo vostede concelleiro de Medio Ambiente, o moito que lle aportou o noso compañeiro D. Henrique Viéitez dentro desa comisión de ruídos e que, como se dicía daquela e como seguimos mantendo hoxe, o importante é que isto se poña en marcha.

SRA. LAGO REY: Collendo as últimas verbas da Sra. Méndez, penso que o importante é que se aprrobe a ordenanza, ir cara adiante e solucionar os problemas que teñen os veciños.

Sr. Figueroa, tampouco me contesta por que tivo nove meses gardadas as medicións de ruídos nun caixón ata que alguén tirou pola fiestra unha bombona de butano. Nese momento débusele acender a luz e pensou que era certo que había que traballar nisto.

Penso que é mellor, como di vostede, deixar o pasado e mirar cara ó futuro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas no trámite de información pública do expediente nº 4664/306 pola «Federación Provincial de Empresarios de Hostalería de Pontevedra» e por D^a. Luísa Estévez Martínez:

a) No sentido indicado no informe do xefe do Servizo de licenzas de actividades da Xerencia municipal de Urbanismo do 01.10.2007, a propósito da adaptación das denominacións das actividades utilizadas pola Ordenanza municipal ás recollidas no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (Decreto 292/2004).

b) No sentido indicado no informe da técnica de Admón. xeral do Servizo de Medio Ambiente de data 24.08.2007, en relación -exclusivamente- coa imposibilidade de modificación polo Concello dos horarios de peche de espectáculos e establecementos públicos.

Segundo.- Desestimar, con base no mesmo informe da técnica de Admón. xeral do Servizo de Medio Ambiente do 24.08.2007, as presentadas por «Tendas de Conveniencia, S.A.», por D. David Quintanilla Álvarez («Asociación Gallega de Salas de Música») e por D^a. M^a Carlota Nogueira de Abreu e outros. Desestímase tamén a alegación formulada pola «Asociación Viguessa contra o Ruído», aínda que, tal como se indica no precitado informe da xefatura do Servizo de licenzas de actividades da Xerencia de Urbanismo, introdúcese de

oficio no Manual de Procedementos un novo apartado 9.6 a fin de establecer un procedemento de medición para o control dos ruídos con compoñentes importantes en baixas frecuencias, especialmente molestos.

Terceiro.- Aprobar definitivamente a modificación da «Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións» e do seu manual-anexo de procedementos para a medición de ruídos e vibracións (exp. nº 4664/306), do que resulta o texto que se transcribe ó final deste acordo, no que se incorporan as correccións derivadas da estimación parcial das alegacións indicadas e as propostas de oficio polos servizos técnicos municipais, de carácter non substancial.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ós alegantes e, ó abeiro do disposto nos artigos 70.2 Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 196.2 do ROF (RD 2568/1986), publicar este acordo e o texto íntegro da modificación da Ordenanza no BOP; modificación que entrará en vigor ós quince días hábiles desta publicación.

Quinto.- Segundo o previsto nos artigos 1, 10.1.b), 25.1 e 46.1 da L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA), 107.3, 109 e concordantes da L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC), 52 da LRBRL e 209 e ss. do ROF, o acordo de aprobación definitiva da Ordenanza pon fin á vía administrativa e contra esta disposición xeral non caberá recurso nesta vía, podéndose interpoñer directamente, por quen se considere lexitimado/a, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do mesmo nome do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da publicación íntegra da disposición recorrida; sen prexuízo da súa impugnación indirecta, conforme cos artigos 26 e 27 da LRX-PAC, e da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito».

ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN DO MEDIO CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA PRODUCIDA POLA EMISIÓN DE RUÍDOS E VIBRACIONES.

TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1.- Obxecto.

A presente ordenanza ten por obxecto regulamenta-la actuación municipal cara á protección das persoas e dos bens, en contra das agresións producidas pola enerxía acústica de ruídos e vibracións.

Para os efectos desta ordenanza, os ruídos e vibracións, entenderanse comprendidos dentro dos elementos contaminantes da atmosfera por formas de enerxía aludidos no artigo 1 da Lei de protección do ambiente atmosférico.

Artigo 2.- Ámbito.

1.- Quedan sometidas ás prescricións establecidas nesta ordenanza, de obrigatorio cumprimento en todo o termo municipal, tódalas actividades, instalacións e comportamentos que xeren ruídos ou vibracións susceptibles de

producir molestias, lesións ou danos materiais ás persoas ou bens situados baixo o seu campo de influencia.

2.- Igualmente quedan sometidos ás prescricións establecidas na ordenanza tódolos elementos construtivos constituíntes da edificación, en tanto en canto facilitan ou dificultan a transmisión dos ruídos e vibracións producidos no seu contorno.

Artigo 3.- Competencia administrativa.

1. Correspóndelle ó Concello exercer-lo control do cumprimento da presente ordenanza, esixir a adopción das medidas correctoras necesarias, sinala-las limitacións de acordo coas directrices da lei, realizar cantas inspeccións sexan necesarias e aplica-las sancións correspondentes no caso de incumprirse o ordenado.

2. A Comunidade Autónoma e o Concello poderán mutuamente solicitarse e obter información concreta sobre a actividade da outra Administración en materia de contaminación acústica.

3. No caso de que o Concello non conte cos medios técnicos e humanos necesarios para cumprir a función de control que esta ordenanza lle atribúe, poderá reclamar o auxilio da Administración autonómica, que se prestará, de ser o caso, mediante convenio suscrito entrambos, por instancia do Concello. Do mesmo xeito, poderá reclama-lo auxilio de empresas ou entidades especializadas, as que deberán ser previamente homologadas, segundo os criterios que se fixan no capítulo II do Regulamento de protección contra a contaminación acústica, aprobado polo Decreto 150/1999, do 7 de maio.

TÍTULO II DEFINICIÓNS E CLASIFICACIÓNS. MEDICIÓNS. NIVEIS DE RUÍDOS E VIBRACIÓNS ADMISIBLES.

Artigo 4.- Definicións e clasificación. Medicións. Niveis de ruídos e vibracións admisibles.

Estarase ó previsto no anexo 1 da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, e no punto 1 do anexo desta Ordenanza, Manual de procedementos do Concello de Vigo para a medición de ruídos e vibracións.

TÍTULO III.- CONDICIÓNES ESPECÍFICAS DE PREVENCIÓN.

Capítulo 1.- Condicións esixibles ás edificacións.

Artigo 5.- Concepto de edificación.

Para os efectos de aplicación desta ordenanza, considéranse edificacións as construcións destinadas a calquera dos seguintes usos:

- Residencial privado, tanto vivendas colectivas como pegadas.

- Residencial público. Inclúe hoteis, asilos, residencias e demais establecementos hoteleiros.
- Administrativos e de oficinas.
- Sanitario. Inclúe hospitais, clínicas e demais centros sanitarios.
- Docente. Inclúe escolas, universidades e demais centros adicados á ensinanza.

Artigo 6.- Condicións acústicas.

1. As condicións acústicas esixibles ós diversos elementos construtivos que compoñen a edificación serán as determinadas no capítulo III da Norma básica de edificación sobre condicións acústicas.

2. De coexistiren nun mesmo edificio varios usos dos definidos no devandito artigo 5, aplicaranse as Condicións Acústicas da NBE a cada local por separado, e nos elementos construtivos de común unión entre varios locais aplicaranse as normas que supoñan a maior protección.

3. Exceptúanse os forxados do primeiro andar da edificación cando o mencionado andar sexa de uso residencial e na planta baixa podan localizarse, conforme o planeamento, usos susceptibles de producir molestias por ruídos ou vibracións. Nestes casos, o illamento acústico a ruído aéreo esixible será de 55 dB (A).

4. Os aparellos elevadores, as instalacións de ventilación e acondicionamento de aire e as súas torres de refrixeración, a distribución e evacuación de augas, a transformación de enerxía eléctrica e demais servizos dos edificios serán instalados coas precaucións de colocación e illamento que garantan un nivel de transmisión sonora ós locais e ambientes próximos que cumpra co disposto no *Manual de Procedementos para a Medición de Ruídos e Vibracións*, anexo a esta ordenanza.

Artigo 7.- Normas para evita-la transmisión de ruídos.

Co fin de evitar no posible a transmisión de ruído a través da estrutura da edificación, deberanse cumprir as seguintes normas:

1. Todo elemento con órganos móbiles manterase en perfecto estado de conservación, principalmente no que se refire á suavidade dos seus rodamentos.

2. Non se permitirá a ancoraxe directa de máquinas ou soportes nas paredes medianeiras, teiros ou forxados de separación de recintos, senón que se realizará interpondo os axeitados dispositivos antivibratorios.

3. As máquinas de arranque violento, as que traballen por golpes ou choques bruscos e as dotadas con órganos en movemento alternativo estarán ancoradas en bancadas independentes, sobre o chan e illadas da estrutura da edificación por medio dos adecuados antivibratorios.

4. Os condutos polos que circulen fluídos líquidos ou gasosos en forma forzada conectados directamente con máquinas que teñan órganos en movemento disporán de dispositivos de separación que impidan a transmisión das vibracións xeradas polas ditas máquinas. As bridas e soportes dos condutos terán elementos

antivibratorios. As aberturas dos muros par o paso das conducións estarán dotadas de materiais antivibratorios.

5. Nos circuítos de auga evitarase a produción dos “golpes de ariete”, e as seccións e disposicións das válvulas e billas haberán de ser tales que o fluído circule por elas en réxime laminar para os gastos nominais.

Artigo 8.- Control do cumprimento.

Coa correspondente certificación de fin de obra achegarse certificado expedido por empresa ou entidade homologada para estes fins, acreditativo do cumprimento das prescricións establecidas neste título. Sen o informe favorable sobre o cumprimento dos requisitos acústicos esixidos non se concederá a licencia de primeira ocupación ó edificio. A citada certificación pedirase para os edificios con licencia de obra solicitada con posterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza.

O procedemento para a homologación das empresas ou entidades habilitadas para emitir as citadas certificacións será o establecido no capítulo II do Regulamento de protección contra a contaminación acústica.

Capítulo 2.- Condicións esixibles ás actividades relacionadas cos usos produtivo, terciario e equipamento.

Artigo 9.- Ámbito.

Todas as actividades industriais, comerciais e de servizos susceptibles de producir ruídos e vibracións quedan sometidas ó disposto neste capítulo.

A produción e a transmisión dos ruídos e vibracións orixinados nas actividades anteriores deben axustarse ós límites establecidos no punto 1 do *Manual de procedementos do Concello de Vigo para a medición de ruídos e vibracións*, anexo a esta ordenanza.

Artigo 10.- Obrigas dos titulares das actividades.

As actividades que produzan unha perturbación por ruído ou vibracións someteranse ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

Artigo 11.- Contido dos proxectos.

1.- Na tramitación dos expedientes correspondentes a novas actividades e a ampliacións ou modificacións de importancia das existentes, esixiráselle ó proxecto un estudo xustificativo do cumprimento da presente ordenanza, sempre que a actividade sexa susceptible de xerar ruídos e/ou vibracións.

2.- O citado proxecto conterá as seguintes determinacións:

a. Descrición detallada do tipo de actividade e a natureza dos traballos a realizar, así como a maquinaria, instalacións e equipos cos que se vai contar para o seu desenvolvemento.

b. Horario previsto para a actividade.

b. Niveis sonoros de emisión da maquinaria e instalacións medidos a 1 metro e nivel composto resultante; na determinación deste tomaranse en consideración os niveis xerados no propio desenvolvemento da actividade. No seu defecto utilizarase o nivel sonoro reverberado estimado para a actividade, de acordo cos criterios da táboa 4 do *Manual de procedemento para a medición de ruídos e vibracións*, anexo a esta ordenanza.

c. Nivel sonoro de inmisión permitido segundo as normas vixentes e horario de uso.

e. Descrición do illamento acústico normalizado R en dB(A) que proporcionan a totalidade dos cerramentos do local, especificando composición do cerramento, clases de materiais utilizados, espesor destes en cm., masa unitaria en Kg/m² e separación entre follas. A determinación do illamento acústico R farase de acordo cos criterios establecidos na Norma básica da edificación de condicións acústicas nos edificios NBE-CA.

f. Xustificación de que en función dos niveis de emisión considerados e as atenuacións conseguidas, se cumpre cos límites de inmisión tolerados no exterior do local, así como nas vivendas o locais lindantes ou máis próximos.

g. Especificaranse medidas correctoras para o illamento de ruídos de impacto cando o illamento xeral se prevea insuficiente para este tipo de ruídos.

h. Explicaranse detalladamente a montaxe dos materiais de illamento, especialmente o sistema de suxeición e a súa ancoraxe para evita-la formación de pontes acústicos.

i. Illamento acústico normalizado R mínimo a conseguir entre a actividade e as vivendas lindantes co local, de acordo cos criterios da táboa 4, anteriormente citada.

3.- Nos proxectos consideraranse as posibles molestias por ruídos que por efectos indirectos poidan ocasionarse nas inmediacións da súa implantación, co obxecto de propoñer as medidas correctoras adecuadas para evitalas ou diminuílas. Neste sentido, deberase prestar especial atención ós seguintes casos:

a. Actividades para desenvolver en edificios onde exista tamén o uso de vivenda, no propio edificio ou nos lindeiros ou máis próximos.

b. Actividades que xeran tráfico elevado de vehículos, como almacéns, locais públicos e especialmente discotecas previstas en zonas de elevada densidade de poboación ou con rúas estreitas, de difícil manobra e/ou escasos espazos de aparcadoiro.

c. Actividades que requiren operacións de carga e/ou descarga durante horario nocturno.

d. Actividades que requiren un funcionamento nocturno de instalacións auxiliares, tales como cámaras frigoríficas, centros de transformación, instalacións de climatización, etc.

4.- Nos edificios de uso mixto, nos que coexistan vivendas e outras actividades e en locais lindantes con edificios de vivenda, acentuaranse as medidas preventivas na concepción, deseño e montaxe de amortecedores de vibracións, sistemas de redución de ruídos de impacto, instalacións de entubados, condutos de aire e transporte interior, especialmente se o chan do local emisor está constituído por un forxado; e dicir, se existen outras dependencias baixo este, como sotos, garaxes, etc.

4.1.- Todas as máquinas e instalacións e, en especial, as de actividades situadas en edificios de vivendas o lindantes a estes, instalaranse sen ancoraxes nin apoios directos ó chan, interpoñendo os amortecedores e outro tipo de elementos adecuados como bancadas con peso de 1,5 a 2,5 veces o da máquina, se fose preciso.

4.2.- En ningún caso poderanse ancorar nin apoiar máquinas en paredes nin piares. En teitos tan só se autoriza a suspensión mediante amortecedores de baixa frecuencia de pequenas unidades de aire acondicionado ou ventiladores de baixa frecuencia, que, en calquera caso, instalaranse por debaixo do illamento do teito. As máquinas distarán como mínimo 0,70 metros de paredes medianeiras.

4.3.- As conexións dos equipos de ventilación forzada e climatización, así como os doutras máquinas a condutos e entubados, realizaranse sempre mediante xuntas ou dispositivos elásticos. Os primeiros tramos de entubados e condutos e, se fora preciso, a totalidade da rede soportarase mediante elementos elásticos para evita-la transmisión de ruídos e vibracións a través da estrutura do edificio. Ó atravesar paredes os entubados e condutos farano sen incrustamentos e con montaxes elásticas de probada eficacia.

4.4.- Prohíbese a instalación de condutos entre o illamento do teito e a planta superior, ou entre os elementos dunha dobre parede, así como a utilización destas cámaras acústicas como plenums de impulsión o retorno de aire acondicionado.

4.5.- Tódolos equipos das instalacións de ventilación e climatización instalaranse no interior do local, non se permite a súa instalación en fachadas nin en patios. Así mesmo, os ventiladores da instalación de renovación de aire situaranse no interior do local e o suficientemente arredados da saída de aire, para garantir la atenuación dos niveis xerados polos equipos ata os límites permitidos no exterior. En caso necesario, proxectaranse nos condutos sistemas de insonorización eficaces antes da saída do aire ó exterior.

4.6.- Os titulares das citadas actividades están obrigados e adopta-las medidas de insonorización das súas fontes sonoras e de illamento acústico dos locais para cumprir en cada caso as prescricións establecidas, dispoñendo, se ser necesario, de sistemas de ventilación forzada de forma que poidan pecharse os ocos ou ventás existentes ou proxectadas.

4.7.- Non se permitirá a instalación en edificios con uso residencial de actividades industriais especialmente molestas polos ruídos que se xeran, tales como talleres de carpintería de aluminio ou de madeira, talleres de caldeirería, carpintería metálica e reparación de chapa de vehículos.

Artigo 12.- Control municipal do cumprimento.

1. A autoridade municipal non outorgará licenzia de apertura das instalacións das actividades ou dos establecementos sometidos a esta ordenanza se os proxectos presentados polos interesados non se axustan ó disposto nela. Non se poderá iniciar a actividade ou pór en funcionamento as instalacións mentres non se acredite o cumprimento da normativa sobre contaminación acústica mediante comprobación practicada polos órganos inspectores do Concello ou mediante certificación expedida por empresa ou entidade homologada para estes fins e sen prexuízo do exercicio das facultades inspectoras que correspondan ó Concello.

2. Nas licenzias e nas declaracións de incidencia ambiental sinalaranse as medidas correctoras e os controis que deberán cumprir as actividades e instalacións, indicándose expresamente que o incumprimento destas pode dar lugar á revogación daquelas licenzias ou autorizacións.

3. Unha vez iniciada a actividade ou postas en funcionamento as instalacións, tamén poderán realizarse inspeccións para comprobar que as actividades ou instalacións cumpren a normativa. Como consecuencia destas inspeccións, poderán incoarse os correspondentes expedientes sancionadores ou ben acordar medidas correctoras ou de control. As comprobacións ás que se refire este parágrafo estarán rexidos polo disposto na lexislación ambiental de Galicia.

Artigo 13.- Estudio do impacto acústico.

Tódalas obras, instalacións ou actividades que, de conformidade co disposto na normativa estatal básica sobre a materia e na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, estean sometidas a un procedemento de avaliación de impacto ambiental ou de avaliación de efectos ambientais conterán un estudio acreditativo do seu impacto acústico, de acordo coas esixencias contidas no Capítulo III do Regulamento de protección contra a contaminación acústica, aprobado polo Decreto 150/1999, do 7 de maio. Na declaración que se dite, que terá carácter vinculante, imporanse as medidas correctoras precisas.

Artigo 14.- Medidas específicas para a industria.

As actividades dedicadas a uso industrial, ademais do cumprimento das prescricións establecidas neste título con carácter xeral, adoptarán as medidas que se establecen a continuación. Senón é posible a eliminación ou redución do nivel de ruído producido durante o proceso produtivo, adoptaranse as medidas de protección persoal necesarias cando existan traballadores expostos a doses de ruído superiores ás establecidas na regulamentación vixente en materia de saúde laboral.

Artigo 15.- Medidas específicas para establecementos públicos.

1.- Aos proxectos das actividades que implican funcionamento dentro do horario nocturno, que se especifican na táboa 4 do Manual de procedementos para a medición de ruídos e vibracións, anexo a esta ordenanza, esixiráselles un illamento acústico normalizado R mínimo entre a actividade e a vivenda lindeira, de acordo co indicado na mencionada táboa. O acceso do público realizarase a través dun departamento estanco con absorción acústica e dobre porta (non enfrontadas). O funcionamento do local con algunha das portas abertas tipificarase como infracción leve á Ordenanza. Exceptuaranse daquela esixencia ás actividades nocturnas dos Grupos I e VI da táboa 4 do Manual anexo á Ordenanza.

Todas as actividades que implican funcionamento dentro do horario nocturno que se especifican na anteriormente citada táboa 4, ademais do cumprimento das prescricións establecidas neste título, con carácter xeral adoptarán as seguintes:

- Instalación de chan flotante se o chan do establecemento se asenta sobre un forxado, dispoñendo libre o espazo inferior. Cando o chan do establecemento estea asentado sobre terreo firme, admitirase a desolarización do paramento horizontal dos verticais, especialmente dos piares.
- Instalación de dobres paredes laterais flotantes e desolarizadas en todo o contorno do local.
- Instalación dun teito acústico desconectado mecanicamente do forxado da planta inmediatamente superior.
- Non se permite a instalación de condutos de aire ou calquera outro tipo de instalacións entre o falso teito acústico e o forxado superior, así como calquera perforación deste para instalar equipos de iluminación, megafonía, etc., deberase dispor por debaixo del o falso teito necesario para as instalacións.
- Nos establecementos do grupo I (actividades nocturnas da táboa 4 do Manual) non se permitirá a instalación de equipos de reprodución ou amplificación de música ou de vídeo; nesta categoría de establecementos soamente poderá instalarse un aparello de radio, televisión ou fio musical, que deberán en todos os casos funcionar sen estar conectados a amplificadores ou altosfalantes.
- Excepcionalmente, para os establecementos do grupo I (actividades nocturnas da táboa 4 do Manual), situados en zonas especiais nas que sexa desexable que o manter o acabado de determinados paramentos en función das características do contorno, poderá eximirse da esixencia de contar con dobre parede lateral flotante a algún dos paramentos verticais, sempre e cando se trate dun muro de pedra de suficiente espesor que garanta amplamente o illamento acústico e se substitúa por outra medida complementaria de illamento non esixible.
- Pola súas especiais características de funcionamento, os ximnasiaos, locais de aeróbic, escolas de danza e similares pertencentes ao grupo 1 das actividades diúrnas da táboa 4, e as academias de música e locais de ensaio pertencentes ao grupo 2 das actividades diúrnas da táboa 4, aínda cando non impliquen funcionamento dentro do horario nocturno, deberán contar con chan flotante, dobres paredes flotantes e desolarizadas e teito acústico desconectado mecanicamente do forxado superior.

2.- Para garantir a adecuada e eficaz defensa dos veciños ante actividades de

probado e manifesto carácter molesto, con independencia do indicado con carácter xeral anteriormente, e sen prexuízo doutras certificacións ou comprobacións que se lle poidan esixir á propiedade ou ser realizadas pola Administración Municipal, antes da concesión da licenza de posta en marcha de tódalas actividades nocturnas da táboa 4 e as diúrnas dos grupos 1 e 2 do Manual de Procedementos adxunto, o Concello esixiralle á propiedade un certificado de illamento acústico conseguido entre a actividade e as vivendas lindeiras co local. A dita certificación realizarase por empresas ou entidades homologadas pola Xunta de Galicia. As medicións efectuaranse de acordo coas especificacións establecidas no Manual de procedemento para a medición de ruídos e vibracións, que se achega con esta ordenanza, deberanse acadar os valores mínimos de illamento acústico que se indican na táboa 4 dese manual.

A certificación incluírá as medicións do illamento correspondentes ás vivendas lindeiras co local proporcionando os valores do $(D_{nT,w+C})$ e $(D_{nT, 125})$, as do illamento das fachadas principal a vía pública e posterior ou a patios $(D_{1s,2m,nT,w+C})$, así como a do illamento con respecto ao portal do edificio ou zonas comúns interiores de acceso ás vivendas, de acordo co indicado no Manual de procedemento para a medición de ruídos e vibracións.

Para o control da execución e efectividade do chan flotante, a certificación de illamento incluírá tamén a medición, segundo procedemento descrito no Manual de procedemento para a medición de ruídos e vibracións (apdo. 10) correspondente aos ruídos de impacto $(L_{nAeq 10s})$, que non superarán na vivenda lindeira co local, os valores de 40 dB en horario diúrno e 35 dB en horario nocturno. Asemade para todos os establecementos correspondentes as actividades nocturnas da táboa 4, excepto as do grupo VI, e para todos os dos grupos 1 e 2 pertencentes as actividades diúrnas, incluírase a medición do tempo de reverberación $(T_{20, mid})$ segundo o indicado no Manual de procedemento para a medición de ruídos e vibracións (apdo. 11) correspondente ao acondicionamento interior do local, cuxo valor non será maior de 0,9 s.

Nas certificacións describiranse os diferentes procedementos de medicións empregados e xustificarse a elección das vivendas e recintos seleccionados para facer as medicións, que serán os mais afectadas polos ruídos xerados por la actividade, identificándose claramente os lugares onde se han efectuado as medicións. Virán firmadas por técnico competente e visadas polo correspondente colexio oficial. No seu caso, a certificación incluírá tamén a medicións dos niveis en dBA (L_{Aeq}) xerados polos equipos de ventilación e climatización dos locais. O nivel de ruídos, transmitido tanto ao exterior do local como ao interior das vivendas, estará dentro dos valores máximos permitidos pola Ordenanza Municipal sobre ruídos e Vibracións.

3.- Nos locais nos que a separación coa planta superior estea constituída por un forxado de madeira e o uso previsto no edificio para a planta situada inmediatamente enriba do local sexa o residencial ou de vivenda, non se poderá instalar ningunha das actividades que implican funcionamento dentro do horario nocturno que se especifican na mencionada táboa 4 do Manual de Procedementos, exceptuando os bares, cafeterías, restaurantes e similares (pertencentes ao grupo I

das actividades nocturnas da táboa 4) que non contén con equipo de reprodución sonora. Nos locais nos que a separación coa planta superior estea constituída por un forxado de formigón e o uso previsto para a planta situada inmediatamente enriba do local sexa o residencial ou de vivenda, non se poderán instalar discotecas, salas de festas, salas de baile, locais de exhibicións especiais e, en xeral, todo tipo de locais que impliquen actuacións en directo con música ou canto en vivo pertencentes ao grupo V das actividades nocturnas, e os pertencentes ao grupo 2 das actividades diúrnas.

4.- Establecemento de distancias mínimas entre locais de lecer con música: Co fin de evitar a concentración deste tipo de locais e impedir que se produzan zonas saturadas de ruídos pola acumulación de locais de lecer con música, non se outorgará ningunha licenza deste tipo de locais en calquera emprazamento de uso característico ou predominante residencial, sempre que exista a unha distancia menor de cen metros (100 m) un local de lecer con música que conte con licenza concedida ou en trámite. Dita distancia medirase en liña recta sobre a vía pública entre os puntos medios das respectivas fachadas dos locais. Asemade, non poderá estar incluído ningún local deste tipo no interior dun círculo de 50 metros de radio co centro no punto medio da fachada do local que solicita licenza de actividade. As devanditas medidas serán extensivas a todas as actividades nocturnas pertencentes aos grupos II, III, IV e V e dentro das do grupo I aos salóns de xogos recreativos da Táboa 4 do Manual de Procedementos.

Artigo 16.- Obrigas dos seus titulares.

1. Ademais de cumprir as condicións establecidas na licenza de actividade, os locais de distracción pública ou recreativa como bares, restaurantes, discotecas, salas de baile, cines, teatros e similares deberán respecta-lo horario de peche establecido legalmente.

2. Os titulares de establecementos serán responsables de velar, cos medios que sexan necesarios, para que os usuarios, ó entraren e saíren do local, non produzan molestias ó veciñanza. No caso de que as súas recomendacións non sexan atendidas, deberán poñelo inmediatamente en coñecemento da Policía Municipal.

3. Tódolos establecementos públicos que dispoñan de equipo musical de elevada potencia, independentemente doutras limitacións establecidas nesta ordenanza, non poderán superar niveis sonoros máximos de 90 dB (A) nin picos de 130 db (A) en ningún punto ó que teñan acceso os clientes ou usuarios, salvo que no acceso do referido espazo se coloque o aviso seguinte:

“A exposición prolongada ós niveis sonoros do interior poden producir lesións permanentes no oído”. O aviso será perfectamente visible tanto pola súa dimensión como pola súa iluminación. Tales establecementos deberán cumprir rigorosamente o establecido no artigo 15 deste capítulo.

4. Os titulares de establecementos que permiten a consumición das bebidas que expenden fóra do establecemento e dos lugares autorizados, serán considerados responsables, por cooperación necesaria, das molestias que se puidesen producir, e como tal seralles de aplicación o réxime sancionador desta ordenanza.

5. Cando o público de actividades de ocio con licencia de espazos abertos produza uns niveis de ruído superiores ós permitidos, ou sobrepase o aforo máximo establecido na dita licencia, que deberá figurar nun cartel que estará colocado en lugar visible para o público, o titular do establecemento será responsable das molestias, e seralle de aplicación o réxime sancionador desta ordenanza.

6. Todos os proxectos dunha nova construción de autoestradas, estradas e vías de acceso a núcleos urbanos ou remodelación dos xa existentes na actualidade, incluírán un estudio de impacto ambiental de ruído, que ha de conter, no seu caso, as medidas correctoras para realizar.

7. Así mesmo, tódolos documentos de planeamento para os núcleos urbanos e urbanizables situados xunto a autoestradas, estradas ou vías de acceso a núcleos, a redacción dos cales se inicie con posterioridade á entrada en vigor desta norma, deben prever a inclusión de medidas para corrixir o impacto ambiental.

Artigo 17.- Zonas acusticamente saturadas: presuposto de feito.

1. Son Zonas Acusticamente Saturadas aquelas zonas do municipio nas que se producen uns elevados niveis sonoros debido á existencia de numerosas actividades de ocio ou establecementos públicos, á actividade das persoas que os utilizan, ao ruído do tráfico en ditas zonas así como a calquera outra actividade que incida na saturación do nivel sonoro da zona.

2. Poderán ser declaradas Zonas Acusticamente Saturadas aquelas nas que, aínda cando cada actividade individualmente considerada cumpra cos niveis establecidos na presente Ordenanza Municipal, o promedio semanal nocturno (nivel equivalente semanal nocturno-Leq semanal) supere en máis de 15 dB(A) os niveis máximos permitidos na emisión ao medio ambiente exterior fixados na Táboa I do Manual de Procedementos para a medición de ruídos e vibracións, anexo a esta Ordenanza.

Artigo 17 bis.- Declaración.

1. Corresponde ao Pleno da Corporación Municipal, de oficio ou a petición de persoa interesada, a aprobación inicial da proposta de declaración de Zona Acusticamente Saturada que poderá incluír a adopción de medidas cautelares.

2. Trala aprobación inicial abrírase un trámite de información pública para a presentación de reclamacións e suxestións por un período de 20 días hábiles, mediante a publicación de senllos anuncios no taboleiro de Editos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e comunicación na prensa da localidade de maior difusión. De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello e xirando comunicación á prensa da localidade de maior difusión, entrando en vigor, salvo que nel se dispoña o contrario, ao día seguinte ao da súa publicación.

3.- A declaración de Zona Acusticamente Saturada corresponde ao Pleno a

Corporación Municipal. Dita declaración expresará os lugares afectados, medidas adoptadas e prazo de vixencia da mesma.

Artigo 17 ter.- Efectos.

1.- As Zonas Acusticamente Saturadas quedarán suxeitas a un réxime especial de actuacións de carácter temporal, que terá por obxecto a progresiva redución dos niveis sonoros exteriores, ata acadar os límites establecidos na presente Ordenanza.

2.- A declaración de Zona Acusticamente Saturada habilitará ao Pleno da Corporación para a adopción de todas ou algunhas das seguintes medidas:

- Suspensión do outorgamento de novas licenzas de actividade, ampliación ou modificación, en tanto permanezan as condicións acústicas que orixinaron a declaración, para actividades nocturnas pertencentes aos grupos II, grupo III, grupo IV , grupo V e dentro do grupo I, aos salóns de xogos e recreativos. Tamén poderanse suspender as licenzas das tendas de conveniencia.
- Sinalar zonas ou vías nas que se prohiba circular a determinadas clases de vehículos a motor ou deban facelo con restricións horarias ou de velocidade.
- Prohibición ou limitación horaria de colocar mesas e cadeiras na vía pública, así como suspensión temporal das licenzas concedidas.
- Calquera outra medida que se considere axeitada polo Pleno da Corporación para reducir os niveis de contaminación acústica.

Artigo 17 quarter.- Vixencia.

As medidas adoptadas manteranse en vigor en tanto non quede acreditada a recuperación dos niveis superados, mediante medicións sonométricas realizadas, como mínimo, durante o período de tempo establecido no art 17.2, e se acorde o cesamento da declaración da Zona Acusticamente Saturada polo Pleno da Corporación Municipal, previa tramitación do expediente administrativo onde figurarán os preceptivos informes técnicos e xurídicos, publicándose no Boletín Of

Capítulo 3.- Regulamentación do ruído de tráfico.

Artigo 18.- Condicións de circulación dos vehículos.

Todo vehículo de tracción mecánica deberá manter en boas condicións de funcionamento o motor, a transmisión, a carrocería e as demais pezas deste capaces de producir ruídos, co fin de que o nivel sonoro emitido polo vehículo ó circular con motor en marcha non exceda os límites que establece a presente ordenanza.

Artigo 19.- Prohibicións.

Queda prohibido:

Primeiro.- A circulación de vehículos a motor co chamado “escape libre” ou con

silenciadores ineficaces, incompletos, inadecuados ou deteriorados.

Segundo.- Forza-las marchas dos vehículos de motor producindo ruídos molestos como aceleracións innecesarias, forza-lo motor en pendentes ou ir máis dunha persoa nun ciclomotor, cando non estea autorizado para iso.

Terceiro.- O uso de bucinas ou calquera outro sinal acústico dentro do núcleo urbano, excepto en caso de inminente perigo de atropelo ou colisión; ou por seren servizos de urxencia (policía, bombeiros e ambulancias) ou de servizos privados para o auxilio urxente de persoas.

Cuarto.- Sobrepasar os límites máximos admisibles para ruídos emitidos polos distintos vehículos a motor en circulación, que serán os establecidos polos regulamentos 41 e 51 anexos ó Acordo de Xenebra, do 20 de marzo de 1958, e decretos que os desenvolven (BOE do 18 de maio de 1982 e do 22 de xuño de 1983).

Artigo 20.- Restricións especiais.

Nos casos nos que se afecte notoriamente a tranquilidade da poboación, o Concello poderá sinalar zonas ou vías de circulación restrinxidas para algunhas clases de vehículos a motor, coa prohibición de circular ou coa obriga de facelo baixo determinadas condicións en canto a horarios e velocidade. Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, estas restricións aplicaranse sempre nas zonas que soporten un nivel de ruído, debido ó tráfico rodado, que acade valores de nivel continuo equivalente superiores a 55 dB (A) durante o período nocturno e 65 dB (A) durante o período diúrno.

Artigo 21.- Inspección e control.

Para a inspección e control dos vehículos a motor, os servizos municipais competentes axustaranse ó establecido nos regulamentos 41 e 51 citados no artigo 18 desta ordenanza. A policía local, que con axuda de aparatos medidores comprobe que os vehículos sobrepasan os límites sinalados nos regulamentos mencionados, ou que, sen necesidade de medida crean, ó seu xuízo, que os sobrepasan notoriamente, denunciará o condutor, ou subsidiariamente o propietario, e indicarlle a súa obriga de presenta-lo vehículo na ITV da Delegación Provincial de Industria correspondente para o seu recoñecemento e inspección, retendo o permiso de circulación de acordo co previsto no bando en vigor, regulador da materia.

Capítulo 4.- Actividades varias.

Artigo 22.- Regulación do ruído nos demais casos.

A produción de ruídos e vibracións na vía pública e nas zonas de pública convivencia (prazas, parques, ribeiras, etc.) ou no interior dos edificios manterase dentro dos límites que establece o *Manual de procedementos para a medición de ruídos e vibracións*, anexo a esta ordenanza. Calquera outra actividade ou comportamento persoal ou colectivo non comprendido nos artigos precedentes,

que produza unha perturbación da veciñanza por ruídos ou vibracións, evitable cunha conduta cívica normal, entenderase incurso no réxime sancionador desta ordenanza.

Artigo 23.- Casos especiais.

A limitación prevista no artigo anterior esixirase especialmente no caso de ruídos producidos en horas de descanso nocturno (22:00 a 8:00 horas). Por iso, establécense as seguintes prohibicións, sempre que superen os límites sinalados en cada caso:

1. O ton excesivamente alto da voz humana e a actividade directa das persoas (cantar, gritar, vociferar ou realizar traballos de reparación doméstica, bricolaxe, etc.)
2. Os sons producidos polos diversos animais domésticos.
3. O uso de aparellos ou instrumentos musicais (radio, televisión, etc.)
4. O uso de electrodomésticos.

Artigo 24.- Grandes aglomeracións.

As manifestacións populares na vía pública ou espazos abertos de carácter común ou veciñal, derivados da tradición; as concentracións de clubs ou asociacións; os actos culturais ou recreativos excepcionais, manifestacións ou mitins políticos ou sindicais e tódolos que signifiquen grandes aglomeracións, deberán dispoñer da autorización expresa do Concello. Este poderá impor condicións en atención á posible incidencia por ruídos na vía pública, con independencia das cuestións de orde pública. A solicitude formularase coa mesma antelación cá lexislación sinala para solicitar autorización gubernativa.

Artigo 25.- Traballos na vía pública e de edificación.

1.- Nas obras e traballos de construción, modificación, reparación ou derruba de edificios ou infraestruturas, así como as que se realicen na vía pública, non se autorizará a utilización de maquinaria que non se axuste á lexislación vixente en cada momento ou non sexan utilizadas nas condicións correctas de funcionamento. Os sistemas ou equipos complementarios utilizados en todo tipo de obra serán os tecnicamente menos ruidosos e a súa manipulación será a máis correcta para evitar ou reducir a contaminación acústica.

Os niveis de ruído e vibracións fixados nas Táboas 1 (valores de recepción do ruído procedente das actividades ou instalacións suxeitas a licenza municipal no ambiente exterior), 2 (valores de recepción do ruído procedente das actividades ou instalacións suxeitas a licenza municipal no ambiente interior) e 3 (valores de recepción das vibracións procedentes das actividades ou instalacións suxeitas a licenza municipal no ambiente interior) do Anexo da presente Ordenanza Municipal non serán de aplicación a estas fontes sonoras.

2.- Os responsables ou titulares das obras adoptarán baixo a súa responsabilidade as medidas correctoras oportunas para evitar ou, no seu caso, reducir os niveis sonoros por elas producidos. O Concello poderá eximir da

precedente obriga ás obras cuxa demora na súa realización poida comportar perigo de afundimento, corremento, inundación, explosión ou risco de natureza análoga.

3.- Os traballos realizados en días laborables tanto na vía pública coma na edificación non poderán realizarse entre as 22:00 e as 8:00 horas do día seguinte. Asemade, os traballos que conleven obras de escavación non poderán realizarse antes das 9:00 horas. Prohíbese traballar en domingo ou festivo.

Exceptúanse da prohibición anterior as obras urxentes, as que se realicen por necesidade ou perigo e aquelas que, polos seus inconvenientes, non se poidan realizar durante o día. Este traballo nocturno será autorizado ou ordenado polo Concello.

4.- O Concello promoverá, en xeral, o uso de maquinaria e equipos de baixa emisión acústica. En particular no marco da contratación pública de obras, subministracións e prestación de servizos. A tal efecto, incorporárase nos pregos de condicións técnicas-administrativas dos concursos para a adquisición de subministracións o para a adxudicación de obras ou servizos as cláusulas específicas ao respecto.

Artigo 26.- Carga e descarga.

As actividades de carga e descarga de mercadorías, manipulacións de caixas, contedores, materiais de construción e obxectos similares na vía pública, entre as 22:00 e as 8:00 horas do día seguinte poderán realizarse sempre que non superen os límites sonoros establecidos no mencionado Manual de Procedementos. É preceptiva autorización municipal expresa para aquelas actividades que xustifiquen tecnicamente a imposibilidade de respectar os límites establecidos. No horario restante da xornada laboral, realizaranse co máximo coidado a fin de minimizar as molestias e reducilas ás estritamente necesarias.

Artigo 27.- Limpeza das vías e recollida do lixo.

O servizo público nocturno de limpeza e recollida de lixo adoptará as medidas e as precaucións necesarias para reducir ó mínimo o nivel de perturbación da tranquilidade cidadá. Nos pregos de condicións da contrata deste servizo especificaranse os valores límite de emisión sonora aplicables ós vehículos.

Artigo 28.- Prohibición de dispositivos sonoros.

Con carácter xeral, prohíbese o emprego de todo dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso ou distracción. Exceptúanse desta prohibición os casos de alarma, urxencia ou especial significación cidadá, que poderán ser autorizados pola autoridade competente, previa petición fundada.

Artigo 29.- Alarmas.

1. De conformidade co artigo 23.º da Lei orgánica 1/92, de protección da seguridade cidadá, considerase infracción grave “a apertura dun establecemento, o inicio das súas actividades ou o desenvolvemento do seu funcionamento sen

autorización ou sen adoptar total ou parcialmente as medidas de seguridade obrigatorias ou cando aquelas non funcionen ou o fagan defectuosamente, ou antes de que a autoridade competente expresase a súa conformidade". Serán responsables os titulares dos establecementos obrigados a ter estas medidas de seguridade do seu correcto funcionamento.

2.- Cando se trate de particulares ós que a normativa vixente non lles obriga a ter instaladas medidas de seguridade, e non obstante fan uso delas, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 23/92, de seguridade privada, considerarase infracción leve: "A utilización de aparellos ou dispositivos de seguridade sen axustarse ás normas que os regulen, ou o seu funcionamento con danos e molestias para terceiros".

3.- A instalación destas medidas de seguridade, e concretamente das alarmas, unicamente poderá efectuarse por empresas homologadas pola Dirección Xeral da Policía. Estas instalacións realizaranse co preceptivo contrato que debe ser presentado no Ministerio do Interior para o seu correspondente visado. A Lei de seguridade privada considera, no seu artigo 22.2 d, infracción grave a realización de servizos de seguridade sen formalizar ou sen comunicar ó Ministerio do Interior a realización dos correspondentes contratos.

4.- Cando o anormal funcionamento dun sistema de alarma produza molestias á veciñanza e non sexa posible localizar ó responsable, comunicáraselle ó Corpo Nacional de Policía, para os efectos oportunos.

5.- O control, vixilancia e sanción destas infraccións é competencia do Corpo Nacional de Policía, ó que se lle comunicará calquera denuncia ou incumprimento nesta materia.

TÍTULO IV.- AUDITORÍAS.

Artigo 30.- Concepto.

A auditoría sobre ruídos e vibracións é un proceso de avaliación sistemática, obxectiva, independente e periódica en materia de ruídos e vibracións nas actividades susceptibles de control.

Artigo 31.- Obxectivos.

Os obxectivos básicos das auditorías son o establecemento e a aplicación, por parte das empresas e institucións, de sistemas de xestión internos para a protección contra o ruído e as vibracións; a avaliación sistemática dos resultados obtidos que permita establecer e adopta-las medidas complementarias para reducir a incidencia ambiental e a información xeral sobre o comportamento daquelas en materia de ruídos e vibracións.

Artigo 32.- Acción municipal.

A acción municipal concretarase nun programa xeral de actuación baseado nos seguintes principios e criterios:

- Prevención, corrección e mellora.
- Información.
- Concienciación.

Como punto de partida haberá que coñece-lo grao de concienciación das e dos cidadáns ante o problema para, posteriormente, introducir hábitos de conduta compatibles cun maior benestar.

O Concello establecerá un programa de auditoría interna bianual como método de seguimento do programa de actuación, cuns resultados que evidenciarán a necesidade de revisión dos obxectivos marcados polo mesmo.

O Concello poderá crear órganos de mediación para a solución dos conflitos que deriven da contaminación acústica, no que tamén participarán as e os veciños.

TÍTULO V.- RÉXIME XURÍDICO.

Capítulo 1.- Lexislación aplicable.

Artigo 33.- Remisión normativa.

A materia tratada nesta ordenanza seralle aplicable o disposto:

- Na Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, desenvolvida a través do Regulamento de protección contra contaminación acústica, aprobado polo Decreto 150/1999, do 7 de maio.
- Na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.
- No Decreto 156/1995, do 3 de xuño, de inspección ambiental.
- No capítulo II, título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- No RD. 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Capítulo 2.- Inspección.

Artigo 34.- Competencia.

1. O Concello, a través do seu persoal ou das empresas que contrate para o efecto, debidamente identificados, poderán levar a cabo visitas de inspección das actividades que se están desenvolvendo e ás instalacións en funcionamento, para os efectos de comprobar o cumprimento das determinacións da presente ordenanza. Nos demais supostos, o persoal debidamente identificado, estará facultado para acceder ás instalacións ou establecementos, se é o caso, sen previo aviso. Os propietarios dos establecementos e actividades produtoras de ruídos e vibracións deberán permitir as inspeccións.

2. Cando o Concello se considere imposibilitado para o exercicio da competencia de inspección, poderá solicitar o auxilio á Administración autonómica ou ás empresas habilitadas para o respecto pola Xunta de Galicia, de acordo co estipulado no artigo

25 da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica.

Artigo 35.- Procedemento.

1. As inspeccións poderán levarse a cabo por propia iniciativa municipal ou trala solicitude de calquera interesado. As solicitudes conterán, ademais dos datos xerais esixibles ás instancias na lexislación que regula o procedemento administrativo, os datos precisos para a realización da inspección.

2. Nos casos de recoñecida urxencia, cando os ruídos resulten altamente perturbadores ou cando sobreveñan ocasionalmente por uso abusivo, deterioro ou deficiente funcionamento das instalacións, aparellos ou equipos, a solicitude de inspección poderá formularse directamente ante os servizos de inspección tanto de palabra como por escrito.

3. As inspeccións realizaranse tendo en conta as características do ruído e das vibracións existentes. Para tal fin, as medicións relativas ó ruído subxectivo practícaranse sen coñecemento do titular da fonte sonora. Así mesmo, as medicións relativas ó ruído obxectivo con carácter xeral practícaranse tamén sen coñecemento do titular ou responsable da fonte sonora, sen prexuízo de que, neste último caso, se lle poida ofrecer ó responsable do foco ruído unha nova medición na súa presenza para o seu coñecemento. Unha vez concluídas as medicións, entregaráselles ós interesados unha copia do resultado das mesmas.

Artigo 36.- Actas de inspección.

As actas emitidas polos órganos de inspección gozan de presunción de veracidade en canto ós feitos contidos nelas e constitúen proba suficiente para os efectos de iniciar-lo correspondente procedemento sancionador. Tal presunción, esténdese ás medicións realizadas con instrumentos que reúnan os requisitos regulamentarios establecidos no capítulo 6 do anexo do regulamento contra a contaminación acústica.

Artigo 37.- Denuncia do ruído de tráfico.

1. Os axentes da Policía Local denunciarán calquera infracción do disposto na presente ordenanza, especialmente cando con axuda de aparellos medidores comprobén que o nivel de ruídos producido por un vehículo en circulación supera os límites sinalados no artigo 21 desta ordenanza. Poderán denunciar tamén os axentes de vixilancia do tráfico, sen necesidade de aparellos medidores, cando se trate de vehículos que circulen co chamado “escape libre” ou produzan, por calquera outra causa, un nivel de ruídos que notoriamente superen os límites máximos establecidos no citado artigo.

2. O titular do vehículo denunciado poderá unir o prego de descargo, certificación expedida por unha delegación territorial de Industria, na que se faga constar o nivel de ruído comprobado por ela, sempre que presente o vehículo ante aquel organismo no prazo de dous días hábiles seguintes á entrega ou recepción do boletín de denuncia.

Capítulo 3.- Infraccións e sancións.

Artigo 38.- Infraccións.

Considéranse infraccións administrativas as accións ou omisións que contraveñan as disposicións desta ordenanza. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves, de conformidade co tipificado nos artigos seguintes, de acordo co establecido no capítulo III, título III, da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica.

Artigo 39.- Faltas leves.

Constitúe falta leve:

- a. A superación dos límites admitidos ata 5 dB (A).
- b. A transmisión de niveis de vibración correspondentes á curva base inmediatamente superior á máxima admitida para cada situación.
- c. Calquera outra infracción ás normas desta ordenanza non cualificada expresamente como falta grave ou moi grave.
- d. A realización das actividades non permitidas polo capítulo IV, título III da presente ordenanza.
- e. A circulación de vehículos de motor co escape libre e con silenciadores ineficaces, incompletos, inadecuados ou deteriorados.
- f. A non presentación dos vehículos ás inspeccións

Artigo 40.- Faltas graves.

De conformidade coa Lei 7/1997, do 11 de agosto, constitúe falta grave:

- a. A superación en máis de 5 dB (A) dos valores límite establecidos.
- b. A transmisión de niveis de vibración correspondentes a dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admitida para cada situación.
- c. A vulneración expresa dos requirimentos municipais para a corrección das deficiencias observadas.
- d. A negativa ou obstrución o labor inspectora. Considérase, en todo caso, como resistencia á actuación inspectora impedirlles ós funcionarios competentes a entrada en recintos e locais onde deban realizarse as inspeccións, sempre e cando a Administración actuante observase os requisitos formais establecidos nesta ordenanza.
- e. A reincidencia en faltas leves no prazo de doce meses.
- f. O inicio de actividades ou a apertura de establecementos e instalacións susceptibles de producir ruídos ou vibracións sen obter a previa autorización ou licencia.
- g. A transgresión ou incumprimento das condicións impostas na autorización ou licencia, así como a non adopción, dentro do prazo concedido, das medidas correctoras sinalados polo órgano competente. Neste último suposto, os suxeitos responsables poderán evita-la imposición de sanción se proceden

voluntariamente á paralización ou non iniciación da actividade.

Artigo 41.- Faltas moi graves.

De conformidade coa Lei 7/1997, do 11 de agosto, constitúe falta moi grave:

- a. A superación en máis de 15 dB (A) dos valores límite establecidos.
- b. A transmisión de niveis de vibración correspondentes a máis de dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admitida para cada situación.
- c. A reincidencia en faltas graves no prazo de doce meses.
- d. O incumprimento das ordes de clausura dos establecementos ou de paralización da actividade acordadas pola autoridade competente.

Artigo 42.- Sancións.

As infraccións ós preceptos desta ordenanza sancionaranse da seguinte maneira, de acordo ó establecido na Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica.

- a. Infraccións leves, con multa de 100.000 ata 250.000 ptas.
- b. Infraccións graves, con multa de 250.001 ata 1.500.000 ptas., clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por un espazo de tempo non superior a seis meses.
- c. Infraccións moi graves, con multa de 1.500.001 ata 10.000.000 ptas., clausura do establecemento ou paralización da actividade por espazo superior a seis meses ou con carácter definitivo.

Artigo 43.- Atenuantes.

Queda derogada expresamente a Ordenanza municipal de ruídos e vibracións das ordenanzas xerais de protección do medio, aprobadas definitivamente polo Concello de Vigo en sesión plenaria do 26.05.1994 (BOP nº 200, do 18.10.94). Tamén todas cantas disposicións do Sempre que a comisión da infracción se producise por primeira vez e a corrección da emisión de ruído que orixinou a sanción se fixese nun prazo de 48 horas, reducíndoa ó nivel autorizado, a sanción imporase no seu grao mínimo (dentro do apartado correspondente: leve, grave ou moi grave). En todo caso, o prazo computarase a partir da comprobación da comisión da infracción.

Artigo 44.- Agravantes que xustifican o peche.

A sanción de clausura temporal ou definitiva poderá imporse naquelas infraccións nas que se aprecie reiterada resistencia ó cumprimento do ordenado pola Alcaldía ou manifesta actitude do titular da instalación no sentido de dificultar, falsear ou desvirtuar o resultado da inspección.

Artigo 45.- Medidas complementarias.

Na resolución que poña fin ó procedemento sancionador poderá acordarse, aparte da imposición da sanción correspondente, a adopción de medidas correctoras, así

como a indemnización dos danos e perdas ocasionadas como consecuencia da actividade infractora. Para a execución dos ditos actos, se o infractor non os cumprise voluntariamente no prazo que se lle sinale, poderán impoñérselle multas coercitivas sucesivas de ata 500.000 ptas. cada unha. Igualmente, poderá ordenarse a execución subsidiaria nos termos previstos no artigo 98 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común.

Artigo 46.- Prescricións.

As infraccións ás que se refire esta ordenanza prescribirán nos seguintes prazos, desde a comisión do feito:

- a. Seis meses, no caso de infraccións leves.
- b. Dous anos, no caso de infraccións graves.
- c. Catro anos, no caso de infraccións moi graves.

Artigo 47.- Medidas cautelares.

Con independencia das demais medidas que se adopten para garantir a eficacia da resolución que no seu momento se dite, con carácter preventivo o Concello poderá acordar a inmediata adopción de medidas correctoras imprescindibles para evitar os danos ou as molestias graves que se estean ocasionando como consecuencia das actividades presuntamente infractoras. Igualmente, e co mesmo carácter preventivo, poderá acordarse a paralización da actividade ou a clausura das instalacións ou dos establecementos cando a produción de ruídos ou vibracións supere os niveis establecidos para a súa tipificación como falta moi grave; ou ben cando, acordada a adopción de medidas correctoras, o requirimento municipal resulte incumplido no prazo que para o efecto se sinale. Tamén poderá acordarse o precinto de equipos, así como calquera outra medida que se considere imprescindible para evitar a persistencia na actuación infractora. As ditas medidas adoptaranse despois de audiencia á persoa interesada, por un prazo de cinco días, excepto naqueles casos que esixan unha actuación inmediata.

TÍTULO VI.- SOLUCIÓN DE CONFLICTOS.

Artigo 48.- Creación da Comisión de Mediación.

O artigo 18 da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, "Solución de conflitos", di: "Os Concellos poderán crear órganos de mediación para a solución dos conflitos que deriven da contaminación acústica, nos que tamén participarán as e os veciños". Créase a Comisión de Mediación, como órgano para a solución de conflitos xurdidos entre a cidadanía de Vigo por mor da aplicación da presente ordenanza. A Comisión de Mediación constitúese como órgano de diálogo, concertación e participación, entre os cidadán e o Concello, no deseño e promoción das competencias do municipio en materia de política de protección das persoas e dos bens en contra das agresións producidas pola enerxía acústica de ruídos e vibracións.

Serán funcións da Comisión de Mediación, as seguintes:

- a Elaborar e emitir, ben por iniciativa propia, ben por proposta do concelleiro de Medio ambiente, estudos e informes, con inclusión de propostas.
- b Actuar como órgano de consulta da autoridade municipal no eido da política sobre ruídos e vibracións.
- c Promover e facilita-la conciliación e mediación nos conflitos xurdidos entre cidadáns de Vigo, por mor da aplicación da presente ordenanza de ruídos e vibracións.
- d Participar e promove-la participación en congresos, xornadas, seminarios e conferencias relacionadas con materias ambientais, así como promover iniciativas relacionadas co estudio, o debate e da difusión das devanditas cuestións.
- e Solicitar e recibir dos órganos competentes do Concello tanta información precise para o desempeño das súas funcións.

A Comisión de Mediación formará parte do Consello Municipal de Medio ambiente, e estará integrada polos membros que este, en sesión plenaria, determine, e que obrigatoriamente contará con presidente/a, secretario/a e vocais.

A Comisión de Mediación someterá as súas actuacións ós seguintes principios:

- a. Liberdade: a actuación da Comisión de Mediación non limitará nin interferirá o libre exercicio dos dereitos dos cidadáns.
- b. Rogación: a comisión poderá actuar a solicitude das partes en conflito.
- c. Neutralidade: a actuación da comisión terá sempre un carácter profesional, técnico e imparcial.
- d. Gratuidade: os servizos prestados pola comisión serán gratuítos, salvo os expresamente exceptuados. O Concello de Vigo aprobará o procedemento de actuación da Comisión de Mediación, que se axustará, en todo caso, ós principios de rogación, oralidade, concentración, celeridade e gratuidade.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Única.- O réxime que establece a presente ordenanza enténdese sen prexuízo das intervencións que correspondan a outros organismos da administración na esfera das súas respectivas competencias.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira.- Os establecementos públicos con licencia de actividade e instalación outorgada con anterioridade á entrada en vigor da mencionada ordenanza, adaptaranse ao disposto no artigo 15 nos casos seguintes:

- Cando se realicen modificacións, ampliacións ou reformas que excedan ás obras de mera hixiene, ornato ou conservación.
- Cando así se imponha como esixencia para reapertura dos establecementos clausurados por incumprimento dos niveis fixados na Ordenanza e conforme ao procedemento establecido no Título V.

Segunda.- Nas licenzas en trámite solicitadas con anterioridade á data da

aprobación inicial da presente ordenanza que contén con proxecto de obras de adaptación visado tamén con anterioridade a esta data, non será de aplicación o disposto no artigo 15 da presente ordenanza en cuanto ao illamento esixible e cumprimento de distancias mínimas entre locais.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA mesmo ou inferior rango regulen materias contidas nesta ordenanza, en canto se opoñan ou contradigan o seu contido.

DISPOSICIÓN FINAL.

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esta ordenanza entrará en vigor ós 15 días hábiles da súa publicación completa no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

MANUAL DE PROCEDIMENTOS DO CONCELLO DE VIGO PARA A MEDICIÓN DE RUÍDOS E VIBRACIÓNS

(Anexo á ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións).

PROCEDIMENTO PARA A MEDICIÓN DE RUÍDOS E VIBRACIÓNS.

DEFINICIÓNS:

Co fin de ponderar, diferenciar e medir os diversos ruídos, coa maior precisión e racionalidade posible, efectúase de seguido unha primeira clasificación do ruído en función das características ambientais nas que se desenvolve.

Obtense, deste xeito, dous niveis que representan unha diversidade de ruídos, con características comúns, e que se definen a continuación:

a. *Nivel de emisión:*

É o nivel de presión acústica orixinado por unha fonte sonora.

O nivel de presión acústica (LpA) en decibelios, dB (A), submúltiplo do belio, queda definido pola relación:

$$LpA = 10 \log (P_A / P_0)^2.$$

Sendo:

P_A = Valor eficaz da presión acústica producida pola fonte sonora, ponderado conforme á curva de referencia normalizada (A).

P_0 = Presión acústica de referencia, de valor 2×10^{-5} Nw/m². Umbral de audición para un oído saudable para unha frecuencia de 1.000 Hz.

O nivel continuo equivalente ($L_{Aeq,T}$) é o nivel de presión acústica eficaz ponderado e promedio durante un tempo de medición.

$$L_{Aeq,T} = 10 \log[1/T \int_0^T (P_a^2(t)/P_0^2) dt]$$

Ou alternativamente mediante a ecuación:

$$L_{Aeq,T} = 10 \log[\sum(t_i/100) 10^{0.1LpAi}]$$

Onde:

$t_i/100$ é o valor numérico da porcentaxe de tempo da duración total do ensaio.

T, corresponde ó nivel de presión acústica $LpAicosLpi$ dispostos en intervalos de clase inferiores ou iguais a 1 dB.

$LpAi$ son os niveis de presión acústica poderados, A, obtidos cunha instrumentación que cumpra os requisitos esixidos ós aparellos de clase 1 nas normas UNE-EN 60651:96 e UNE-EN 60651/A1:97, utilizando a característica temporal lenta.

- *Nivel de emisión interno (NEI)*. É o nivel de presión acústica existente nun determinado local, onde funcionen unha ou máis fontes sonoras.
- *Nivel de emisión externo (NEE)*. É o nivel de presión acústica orixinado por unha ou máis fontes sonoras que funcionen no espazo libre exterior.

b. Nivel de recepción:

É o nivel de presión acústica existente nun determinado lugar, orixinado por unha fonte sonora que funciona nun lugar distinto.

- *Nivel de recepción interno (NRI)*. É o nivel de recepción medido no interior dun local. Distínguense dúas actuacións:
- *Nivel de recepción interno con orixe interna (NRII)*. É aquel nivel de recepción interno orixinado por unha fonte sonora ou vibrante que funciona noutro recinto, situado no propio edificio ou nun edificio confinante.
- *Nivel de recepción interno con orixe externa (NRIE)*. É aquel nivel de recepción interno orixinado por unha abundancia sonora que procede do espazo libre exterior.
- *Nivel de recepción externo (NRE)*. É o nivel de recepción medido nun determinado punto, situado no espazo libre exterior.

Co fin de diferenciar e medir con simplicidade e eficacia os diversos ruídos, efectúase unha caracterización do ruído tendo en conta a variación do mesmo en función do tempo. Deste xeito, considéranse os ruídos que se definen a continuación:

a. Ruído continuo. É aquel que se manifesta ininterrompidamente durante máis de cinco minutos. Á súa vez, dentro deste tipo de ruídos, diferéncianse tres categorías:

- *Ruído continuo uniforme.* É aquel ruído continuo cun nivel de presión acústica

(LpA) que, empregando a posición de resposta “lenta” do equipo de medición, se mantén constante, ou ben os límites en que varía difiren en menos de 6 dB (A), en períodos de medición de dous minutos.

- *Ruído continuo variable.* É aquel ruído cun nivel de presión acústica (LpA) que, empregando a posición de resposta “lenta” do equipo de medición, varía entre valores maiores ou iguais que 6 e menores ou iguais que 12 dB (A), en períodos de medición de dous minutos.
- *Ruído continuo fluctuante.* É aquel ruído con nivel de presión acústica (LpA) que, empregando a posición de resposta “lenta” do equipo de medición, varía entre valores maiores de 12 dB (A), en períodos de medición de dous minutos.

b. *Ruído transitorio.* É aquel que se manifesta ininterrompidamente durante un período de tempo igual ou menor de cinco minutos. Á súa vez, dentro deste tipo de ruído, diferéncianse tres categorías:

- *Ruído transitorio periódico.* É aquel ruído que se repite, con maior ou menor exactitude, cunha periodicidade de frecuencia que é posible determinar.
- *Ruído transitorio aleatorio.* É aquel ruído que se produce de xeito totalmente imprevisible, polo que para a súa correcta valoración é necesario unha análise estatística da variación temporal do nivel sonoro durante un tempo suficientemente significativo.
- *Ruído ambiental de fondo.* É aquel ruído existente nun determinado ambiente ou recinto, cun nivel de presión acústica que supera o 90% dun tempo de observación suficientemente significativo, en ausencia do ruído obxecto da inspección.

Co fin de poder diferenciar e ponderar os diversos ruídos con maior precisión e racionalidade, efectúase unha terceira clasificación do ruído, tendo en conta a relación establecida entre a fonte sonora ou vibrante, causante da molestia, e o propietario ou manipulador da dita fonte. Deste xeito, considéranse dous tipos de ruídos que presentan características comúns:

a. *Ruído obxectivo.* É aquel ruído producido por unha fonte sonora ou vibrante que funciona de maneira automática, autónoma ou aleatoria, sen que interveña ningunha persoa que poida variar as condicións de funcionamento da fonte.

b. *Ruído subxectivo.* É aquel ruído producido por unha fonte sonora ou vibrante cunhas condicións de funcionamento que quedan supeditadas á vontade do manipulador ou titular da dita fonte.

Para os efectos da medición de ruídos e vibracións, considérase dividido o día en dous períodos horarios, que se denominan:

- *Diúrno:* que comprende desde as 8:00 horas ata as 22:00 horas.
- *Nocturno:* que comprende desde as 22:00 horas e as 8:00 horas.

ZONAS DE SENSIBILIDADE ACÚSTICA:

Enténdese por zona de sensibilidade acústica aquela parte do territorio que presenta un mesmo rango de percepción acústica.

O Concello é o encargado da definición das zonas de sensibilidade acústica, que se especifican e clasifican segundo os criterios que se citan a continuación, de acordo coa Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica:

a. Zona de alta sensibilidade acústica: sectores do territorio que admitan unha protección alta contra o ruído, como áreas sanitarias, docentes, culturais, ou espazos protexidos.

b. Zona de moderada sensibilidade acústica: sectores do territorio que admitan unha percepción do nivel sonoro medio, como vivendas, hoteles, ou zonas de especial protección, como os centros históricos.

c. Zona de baixa sensibilidade acústica: sectores do territorio que admitan unha percepción de nivel sonoro elevado, como restaurantes, bares, locais, ou centros comerciais.

d. Zona de servidume: sectores do territorio afectados por servidumes sonoras a favor de sistemas xerais de infraestruturas viarias, ferroviarias, ou outros equipos públicos que as reclamen. A zona de servidume abarcará o territorio do contorno do foco emisor, e delimitaranse nos puntos do territorio, ou curva isófona, onde se midan os valores guía de recepción no ambiente exterior que correspondan, de acordo coas zonas de sensibilidade acústica.

e. Zonas específicas: xustificadas polos usos do solo ou a concorrencia doutras causas.

A cada zona das citadas anteriormente, adscríbenselle cinco tipos de recintos, os que se clasifican, segundo os usos, en:

- Tipo I: dormitorios en edificios sanitarios, clínicas ou centros de repouso, auditorios, teatros de ópera.
- Tipo II: dormitorios en vivendas, consultorios médicos, dormitorios de hoteles, teatros.
- Tipo III: salas de estar, aulas de ensino, centros de culto, bibliotecas, oficinas de dirección, cines, salas de exposicións, museos.
- Tipo IV: usos comúns de vivendas, corredores, cociñas, recibidores, salas de espera, laboratorios.
- Tipo V: comercios, restaurantes, polideportivos, piscinas cubertas, estacións de viaxeiros.

MEDICIÓNS:

Estarase ó previsto no anexo 1 da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección

contra a contaminación acústica.

As medicións realizaranse de acordo co establecido no Regulamento de protección contra a contaminación acústica, aprobado polo Decreto 150/1999, do 7 de maio, como se especifica a continuación:

1.- Persoal municipal competente (neste manual especificarase quen é) será o encargado de facer as comprobacións dos niveis sonoros incidentes nun recinto, cando a ocorrencia do ruído sexa representativa dunha situación de carácter continuada.

Estas comprobacións realizaranse sen determinación horaria, preferentemente ás horas nas que a incidencia no receptor sexa maior.

2.- Os equipos de medida serán os que se determinan a continuación, segundo as seguintes fontes de enerxía acústica:

a. Ruídos:

Os ruídos mediranse mediante sonómetros, aparellos deseñados e construídos para responder ó son de xeito similar a como reacciona o oído humano; poden obterse medidas obxectivas reproducibles do nivel de presión sonora.

O grao de precisión dos sonómetros utilizados para a medición do nivel acústico, illamento acústico e nivel de vibración, será do tipo I. Os ditos sonómetros deben ser integradores e analizadores, con posibilidade de obtención de datos estatísticos e de rexistro. No caso de que o ruído ambiental conteña impulsos, farase necesario utilizar instrumentación que cumpra a norma UNE-EN 60804:96.

Para os efectos da clasificación da precisión dos sonómetros, será de aplicación o establecido na norma UNE-EN 60651/A1:97.

O micrófono utilizado será de campo libre, e estará orientado naquela dirección en que a resposta en frecuencia sexa máis uniforme.

Para asegurar a fiabilidade da medición, todas as que se realicen no exterior requirirán o uso de pantallas protectoras antivento.

Ó comezo e ó remate de cada medición acústica, efectuarase unha comprobación do sonómetro, utilizando para isto un calibrador sonoro apropiado. Esta circunstancia recollerase no informe de medición, así como a contrastación, cando menos anualmente, cun laboratorio oficial ou privado debidamente autorizado.

A determinación do nivel de ruído realizarase e expresarase en decibelios, corrixidos conforme á rede de ponderación normalizada mediante a curva de referencia tipo (A), definida na norma UNE-EN 60.651:96.

b. Vibracións:

As vibracións son unha causa de contaminación acústica producida polo inadecuado funcionamento de máquinas ou instalacións.

As vibracións mediranse con acelerómetros, ós que se acoplará un sonómetro que realizará as funcións de análise e valoración.

A determinación do nivel de vibración realizarase de acordo co establecido na norma ISO-2631, apartado 4.2.3.

A magnitude determinante da vibración será a súa aceleración, expresada como valor eficaz (rms) en m/s, e corrixida mediante a aplicación de ponderacións, de acordo co establecido na norma ISO-2631-1, apartado 3.5.

Para cuantificar a intensidade da vibración utilizarase calquera dos procedementos que se indican a continuación:

- Determinación por lectura directa da curva que corresponde á vibración considerada.
- Medición do espectro da vibración considerada en bandas de tercio de oitava (entre 1 e 80 Hz) e determinación posterior da curva base mínima que contén o dito espectro.
- Para o caso de variacións dos resultados obtidos por uno ou outro destes sistemas, considerarase o valor máis elevado.

3.- Técnicas de medida do ruído ambiental interior:

Para a valoración do ruído ambiente interior, utilizarase o nivel sonoro continuo equivalente, expresado en decibelios ponderados coa rede ponderación A, L_{eqA} (A) (L_{eqA}), conforme a norma UNE-EN ISO 140-4:99. No caso de medicións inferiores a 60 minutos, considerarase a constante temporal Slow (resposta lenta), segundo a norma UNE-EN 60651/A1:97. En medicións cunha duración superior a 60 minutos, realizarase a valoración dos niveis de ruído mediante o parámetro $L_{NP} = L_{eqA} + 2,56\sigma$, sendo σ a desviación típica.

As medidas dos niveis de recepción do ruído no interior do local afectado realizaranse no lugar onde os niveis sexan máis altos, e, se fose preciso, no momento e situación no que as molestias sexan máis acusadas.

A realización das medicións no interior dun recinto receptor realizaranse seguindo as seguintes indicacións:

- O micrófono sitúase ó menos a 1 m de separación de calquera superficie.
- A medida realizarase con portas e ventás pechadas, co obxecto de que o ruído de fondo sexa o mínimo posible, eliminando toda posibilidade de ruído interior da propia vivenda.
- O observador situarase no plano normal ó eixo do micrófono e o máis separado deste e que sexa compatible coa lectura correcta do indicador de medida, intentando evitar o efecto pantalla.
- Para evitar a distorsión direccional, situarase o sonómetro no punto de medida e xirarásele no interior do ángulo sólido determinado por un octante, fixándoo na posición na que a lectura sexa equidistante dos valores extremos así obtidos.

- A duración da medida variará en función do tipo de ruído que se intenta medir. Esta debe referirse a un período de tempo adecuado e escollerase en función do carácter das variacións do ruído.

Efectuaranse tres rexistros ou toma de datos en cada posición de medida; o valor que considerar para a medición será a media aritmética dos tres rexistros realizados.

De acordo con isto, as valoracións de medición serán as seguintes:

a. Ruído continuo uniforme. O nivel acústico, LpA, realizarase con sonómetros en ponderación (A) e posición lenta (Slow), con tempo de medida de cada rexistro de 15 s. O parámetro de medición a utilizar será o L_{eqA} .

b. Ruído continuo variable. O nivel acústico, LpA, realizarase con sonómetros en ponderación (A) e posición lenta (Slow), con tempo de medida de cada rexistro de 20 s. O parámetro de medición a utilizar será o L_{eqA} .

c. Ruído continuo fluctuante. O nivel acústico, LpA, realizarase con sonómetros en ponderación (A) e posición lenta (Slow), con tempo de medida de cada rexistro de 30 s. O parámetro de medición a utilizar será o L_{eqA} .

d. ruído transitorio periódico. O nivel acústico, LpA, realizarase con sonómetros en ponderación (A) e posición lenta (Slow). Durante o período de tempo no que se produce o ruído, realizarase o número de rexistros que sexa posible obter, a ser posible, tres, cuns tempos de medida que serán, se é posible, de 20 seg. O parámetro de medición a utilizar será o L_{eqA} .

e. Ruído transitorio aleatorio. O nivel acústico LpA, realizarase con sonómetro en ponderación (A) e posición lenta (Slow). Durante o período de tempo no que se produce o ruído, realizaranse cando menos dous rexistros que teñan en conta dúas situacións aleatorias de ruído diferentes e cuns tempos de medida que serán, a ser posible, de 30 s. O parámetro de medición será o percentil L_{10} .

f. Ruído ambiental de fondo. O nivel acústico LpA, realizarase con sonómetro en ponderación (A) e posición lenta (Slow). Para a determinación deste ruído, realizarase unha toma de datos de, a ser posible, 5 minutos o período de tempo representativo e tomarase como valor de medición o percentil L_{90} .

Presentarase un informe cos resultados obtidos, no que se recollerá:

- Situación e descrición do recinto emisor e receptor.
- Localización e natureza das fontes sonoras.
- Posicionamento do equipo de medida.
- Resultados obtidos.
- Instrumentación empregada.
- Límites en vigor.
- Conclusións obtidas.

4.- Técnicas de medida do ruído ambiental exterior:

A valoración dos niveis de ruído realizarase mediante o parámetro L_{eq} , expresado en dB (A), e valorado coa constante de tempo Slow (resposta lenta), segundo a norma UNE-EN 60651/A1:97.

A realización das medicións do ruído ambiental exterior realizarase seguindo as seguintes indicacións:

- O micrófono de medida estará situado a 1,5 m da fachada e a unha altura superior a 1,2 m. No caso de que non se poida colocar o micrófono a 1,5 m da fachada, colocarse o máis aproximado a dita distancia, e farase notar no informe.
- O observador situarase no plano normal ó eixo do micrófono e o máis separado deste e que sexa compatible coa lectura correcta do indicador de medida, intentando evitar o efecto pantalla.
- Para evitar a distorsión direccional, situarase o sonómetro no punto de medida e xirarase no interior dun ángulo sólido determinado por un octante, fixarase a posición no que a lectura sexa equidistante dos valores extremos así obtidos.
- Para asegurar a fiabilidade das medidas, todas as medicións que se realicen no exterior requirirán o uso de pantallas protectoras antivento.
- Para evitar o efecto do vento, se se estima que a súa velocidade é superior a 3 m/s, desistirase da medición.
- Para evitar os efectos da humidade, deberán realizarse as medicións dentro dun grao de humidade compatible coas especificacións do equipo de medida.
- A instrumentación utilizada cumprirá as esixencias UNE-EN 60651:96, Tipo 1, ou outro equipo, ou cun resultado final igual ó dun sonómetro integrador.

Presentarase un informe cos resultados obtidos, no que se recollerá:

- Situación e descrición da zona de medida.
- Localización e natureza das fontes sonoras (fixas ou móbiles).
- Posicionamento do equipo de medida.
- Resultados obtidos
- Instrumentación empregada.
- Límites en vigor.
- Conclusións obtidas.

5.- Técnicas de medida do illamento a ruído aéreo:

a. *Illamento a ruído aéreo de paredes interiores, teitos e portas entre locais:*

O illamento a ruído aéreo en dB (A) é a expresión en dB (A) do illamento acústico aparente, medido segundo as condicións sinaladas na norma UNE-EN ISO 140-4:99. Entre dúas salas, calcúlase a partir da diferenza de niveis de presión sonora entre o recinto fonte e o receptor e máis un factor que teña en conta a absorción da sala receptora.

- $R' = L_1 - L_2 + 10 \log S/A$ dB. Índice de redución sonora aparente.
- $D_{NT} = L_1 - L_2 + 10 \log T/T_0$ dB. Diferencia de niveis estandarizada D_{NT} .

As medicións de illamento acústico realizaranse en condicións de campo difuso, polo que a fonte de ruído debe estar colocada de xeito que produza un campo o máis difuso posible e a unha distancia tal da mostra que a radiación directa sobre esta non sexa a predominante.

- *Excitación do recinto fonte.* O son producido na sala de emisión debe ser estable e ter un aspecto continuo no intervalo de frecuencias considerado. Deben utilizarse filtros cunha anchura de banda de cando menos 1/3 de oitava. Deste xeito, a fonte do ruído será un sistema portátil que xere o ruído en bandas anchas e estreitas e que produza un nivel sonoro o suficientemente elevado para a realización de medidas precisas.
- *Medida do nivel medio de presión acústica.* Os niveis medios de presión sonora terán que medirse sucesivamente no recinto emisor e no recinto receptor. O nivel medio de presión acústica terá que medirse utilizando un certo número de posicións fixas de micrófono, e o nivel medio na sala receptora terá que superar o ruído de fondo en ó menos 10 dB.
- *Medida da área de absorción equivalente da sala receptora.* Medirase a partir do tempo de reverberación, medido segundo a norma UNE-EN 20354:94 e valorarse utilizando a fórmula $A = 0,16 V/T$.

b. *Illamento a ruído aéreo de fachadas:*

A. *Utilizando o ruído de tráfico:*

Neste caso, o campo sonoro externo nunca é difuso e o ruído pode chegar desde varios ángulos de coincidencia e, a miúdo, varía moito en amplitude, polo que o illamento sonoro dunha fachada se expresa pola diferenza entre os niveis continuos equivalentes diante da fachada e na sala receptora, medidos ambos ó mesmo tempo.

$$R'_{tr} = L_{eq,1} - L_{eq,2} + 10 \log S/A \text{ dB.}$$

Sendo:

$$D_{NT,tr} = L_{eq,1} - L_{eq,2} + 10 \log T/T_0$$

$L_{eq,1}$ = nivel de presión sonora continuo equivalente, a 2 m da mostra.

$L_{eq,2}$ = nivel de presión sonora equivalente, promediado na sala receptora.

A = é a área de absorción equivalente, en m^2 , da sala receptora.

S = é a área da mostra en metros cadrados.

T = é o tempo de reverberación medido na sala receptora.

Medida do nivel sonoro equivalente de presión acústica. Ó utilizar como ruído de excitación o do tráfico existente e incidente sobre a mostra, sendo este de intensidade variable, deben empregarse algúns dos seguintes procedementos:

- Análise de distribución de ruído, conforme á norma UNE 74.022.
- Analizadores de dúas canles en tempo real.
- Utilización de 2 analizadores dunha soa canle no mesmo tempo.
- Rexistrando os sinais de ruído cun gravador de dúas pistas e avaliando os sinais dentro dos mesmos intervalos de tempo.

Medida da área de absorción equivalente da sala receptora. Medirase a partir do tempo de reverberación, medido segundo a norma UNE-EN 20354:94 e valorarase utilizando a fórmula $A = 0,16 V/T$.

B. Utilizando o ruído de altosfalantes:

En ausencia de ruído de tráfico, ou cando a liña de tráfico non é suficientemente longa, pode utilizarse o altosfalante como fonte de ruído, xa que, neste caso, o campo sonoro externo chega desde un único ángulo de incidencia. O illamento sonoro dunha fachada, por este método, exprésase pola diferenza entre o nivel medio de presión acústica enfronte da mostra (sen o efecto de reflexión da fachada) e o nivel medio de presión acústica na sala receptora. Por tanto, exprésase o illamento para cada ángulo de incidencia. O ángulo de incidencia utilizado normalmente será de 45º, empregándose tamén os de 0º, 15º, 30º, 60º e 75º.

$$R_{\varnothing} = L_1 - L_2 + 10 \log 4S \cos \varnothing / A \text{ dB.}$$

Sendo:

L'_1 = Nivel de presión sonora inmediatamente enfronte da mostra.

L_2 = Nivel medio de presión sonora na sala receptora.

\varnothing = Ángulo de incidencia (formado pola recta que une o altosfalante e o centro da mostra e perpendicular á superficie da mesma).

A = Área de absorción equivalente, en metros cadrados, da sala receptora.

S = Área da mostra en metros cadrados.

Producción do campo acústico. A colocación do altosfalante, e a súa distancia á mostra, deben elixirse de tal xeito que a mostra se excite uniformemente, non superando diferenzas de 5 dB sobre puntos da mostra. O altosfalante colocarase tan próximo ó chan como sexa posible, e preferentemente sobre o chan.

Medida dos niveis medios de presión acústica. Obtense o nivel medio de presión acústica, L_1 , a partir da radiación do altosfalante en campo libre. O micrófono situarase á mesma distancia do altosfalante, que estará na superficie da mostra. Tomarase a medida dos niveis de presión acústica sobre unha superficie que corresponda á área da mostra.

Medida do nivel de presión acústica na sala receptora. O nivel de presión acústica da sala receptora será unha medida espacio-temporal, con utilización dun certo número de posicións fixas do micrófono, ou ben un micrófono móbil con sistemas de integración p2.

Medida da área de absorción equivalente da sala receptora. Medirase a partir do tempo de reverberación, medido segundo a norma UNE-EN 20354:94 e valorarase utilizando a fórmula $A = 0,163 V/T$.

6.- Técnicas de medición das vibracións:

a. Para a determinación dos niveis de vibracións utilizarase, como unidade de medida (m/s^2), o valor eficaz de aceleración co parámetro "aceleración en metros cadrados por segundo ó cadrado".

b. Para a determinación do nivel continuo de vibración, determinarase o valor a , que é o nivel continuo equivalente de a , que é o nivel continuo equivalente do valor eficaz da aceleración da vibración durante o período de medida. Deberase especificar o tempo de medida, que será como mínimo 5 minutos no caso de vibracións continuas, e cando o ciclo de funcionamento do foco emisor non varía nin flutúa co tempo.

En caso contrario, realizarase unha medida de longa duración ou tomaranse mostras significativas de cada unha das fases de funcionamento do produtor de vibracións para, posteriormente, calcular o valor medio de todos estes valores de acordo coa fórmula:

$$A_m = 10 \log (1/n) \sum_1^n 10^{(a_i/10)}$$

A_m = valor medio
 A_i = valor de A_{eq} de cada medida.

c. Non se poderán transmitir vibracións cun valor equivalente ou promedio, medido o espectro da vibración en 1/3 oitavas, entre 1 Hz e 80 Hz que supere os límites sinalados pola correspondente curva base (da figura 5.a da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica; o dito gráfico de curvas correspóndese co marcado na norma ISO-2631-2, ó menos nun punto).

Para a avaliación das vibracións teranse en conta as seguintes recomendacións á hora de fixar o acelerómetro:

- Situarase no parámetro e no punto de máxima perturbación. Se fose difícil a determinación do citado punto, realizaranse varias medicións ata a súa avaliación.
- A superficie onde se fixe deberá ser o máis uniforme e lisa que sexa posible, de xeito que se consiga unha transmisión óptima das vibracións.
- O transdutor deberá fixarse da forma máis adecuada para cada caso, de xeito que se garanta unha correcta transmisión das vibracións.

7.- Valoración do ruído ambiental interior:

1.- Se durante a medición de calquera dos niveis de ruído se observase a existencia de ruído alleo á fonte sonora obxecto da medición e se estimase que dito ruído puidese afectar ó resultado da mesma, procederase a efectuar unha corrección por ruído de fondo, tal e como se indica de seguido.

2.- A corrección do nivel de ruído pola influencia do ruído de fondo (ruído medido coa actividade ou instalación ruidosa parada), realizaranse conforme ás seguintes indicacións:

- Para establecer a corrección pola influencia do ruído de fondo, este se medirá utilizando o mesmo parámetro de medición e procedemento que se utilizou para a determinación do ruído producido pola fonte sonora.
- Se a diferenza entre o nivel de ruídos da fonte e o ruído de fondo é igual ou

inferior a 3 dB (A), darase por nula a medición, o ser a nivel de fondo demasiado elevado para permitir efectuar unha medición correcta.

- Se a diferenza entre o nivel de ruídos da fonte e o ruído de fondo é maior que 3 e menor ou igual que 10 dB (A), para obter o nivel de ruídos da fonte corrixido polo ruído de fondo existente no momento da medición, aplicarase a fórmula:

$$L_{pA\text{corrixido}} = 10 \log (10^{(L_{pA}/10)} - 10^{L_{pA\text{ fondo}}/10})$$

- Se a diferenza entre o nivel de ruídos da fonte e o ruído de fondo é maior que 10 dB (A), o nivel de ruídos da fonte non precisa corrección pola influencia do ruído de fondo
- En todos os casos, se o valor do nivel do ruído de fondo superase o límite máximo aplicable autorizado, non se considerará válida a medición, e deberase intentar noutro momento no que o ruído de fondo sexa menos elevado.

3. Para a realización da valoración do ruído, e polo tanto a súa comparación cos niveis marcados na lei, partírase dos niveis medidos polo procedemento fixado no artigo 11 do Regulamento contra contaminación acústica (DOG do 27/05/1999) ós cales haberá que sumar, no seu caso, a seguinte corrección debida ás súas características impulsivas ou tonais:

- Ruído impulsivo (martelleo): + 3 dB (A).
 - Tons puros (asubío): + 3 dB (A).

Coa aplicación dos procedementos establecidos, non se poderán superar os límites establecidos nas táboas 1 e 2, valores de recepción.

8.- Valoración do ruído ambiental exterior:

Cando o nivel sonoro ambiental ou nivel sonoro existente no punto de medición, que será perceptivo determinar previamente suprimindo a emisión das fontes sonoras obxecto de comparación, supere o nivel sonoro establecido ou o nivel de fondo, considéranse circunstancialmente como límites autorizados.

9.- Procedemento de medición dos niveis de recepción.

9.1. As medicións dos niveis de recepción interior realizaranse coas portas e fiestras do recinto onde se efectúa a medición pechadas co obxecto de conseguir que non exista influencia do ruído exterior de fondo e eliminando toda posibilidade de ruído interior da propia vivenda. Restrinxírase ao mínimo imprescindible a presenza de persoas alleas ás que están efectuando a medición, debendo permanecer caladas e sen moverse do seu emprazamento durante todo o tempo que dure a realización da medición.

9.2. Para proceder á medición identificarase de forma inequívoca a fonte sonora que se pretende medir. Efectuaranse tres medicións de curta duración, en xeral de 15, 20 ou 30 seg., utilizando normalmente o parámetro de medición correspondente ao nivel continuo equivalente en dBA ($L_{Aeq, 15s}$, $L_{Aeq, 25s}$ ou $L_{Aeq, 30s}$) en función do tipo de ruído a medir, ou o percentil 10 (L_{10})

para o caso de ruídos transitorios aleatorios. Se durante as medicións observárase a existencia de calquera ruído alleo á fonte sonora que se pretende medir e se verificara que a súa intensidade sonora afecta ao resultado da medida, reiniciarase a medición tantas veces como sexa necesario poñendo a cero o sonómetro, ata obter medicións que non recollan ningún ruído alleo á fonte sonora que se pretende medir. O valor da medición é a media aritmética dos tres valores así obtidos.

9.3. Se durante as medicións, aínda seguindo o procedemento descrito no parágrafo anterior, non fose posible anular totalmente o ruído alleo á fonte sonora que se pretende medir e se verificara que a súa intensidade sonora afecta ao resultado da medida, pódese optar por realizar a medición noutro momento no que o ruído de fondo sexa de menos intensidade, ou realizar a medición nesas condicións, pero deberase efectuar a correspondente corrección polo ruído existente alleo á fonte sonora, é dicir, temos que restarlle mediante unha función logarítmica ao valor medido o nivel sonoro correspondente ao ruído de fondo.

9.4. Para realizar a medición coa existencia de ruído de fondo, mídese o nivel de ruídos do conxunto formado pola fonte sonora e o ruído de fondo (L_1).

9.4.1. Procédese a continuación a parar a fonte sonora e mídese nas mesmas condicións, é dicir utilizando o mesmo parámetro e as mesmas condicións de medición, o nivel producido polo ruído de fondo (L_2) e obtense a diferenza $m = L_1 - L_2$ entre ambos valores.

9.4.2. Se o valor de m é menor ou igual a 3 desistírase da medición, dado que ao ser o ruído de fondo existente moi próximo ao da fonte non se podería determinar cal deles é de maior intensidade.

9.4.3. Se o valor de m é superior a 10, o valor do nivel de ruídos da fonte sonora non se ve afectado polo ruído de fondo e non é necesario establecer ningunha corrección.

9.4.4. Se o valor de m é maior que 3 e menor ou igual que 10, o nivel de ruídos da fonte sonora (L) obxecto da medición virá dado por resta dos niveis sonoros das dúas medicións realizadas mediante a seguinte función logarítmica $L = 10 \log(10^{L_1/10} - 10^{L_2/10})$. Neste caso a corrección estaría comprendida entre os 0,5 e os 2,6 dBA, é dicir que o valor da medición do nivel de ruídos da fonte sonora L , sería como moito 2,6 dBA menor que o nivel de ruídos do conxunto formado pola fonte sonora e o ruído de fondo L_1 .

9.5. Non se confundirá a corrección por ruído de fondo que se deberá realizar cando ao efectuar unha medición se observase a existencia de ruído de fondo alleo á fonte sonora que tratamos de medir, que non se pode anular e que pode afectar ao resultado da mesma, co que se denomina ruído ambiental de fondo existente nun determinado ambiente ou recinto, que se define como o nivel de presión acústica que se supera durante o 90% (L_{90}) dun tempo de observación suficientemente significativo en ausencia do ruído obxecto da inspección.

9.5.1. No caso de ter que efectuar a corrección por ruído de fondo, utilizarase o mesmo parámetro e tempo de medición que utilizamos para medir o ruído da fonte

sonora, é dicir o $L_{Aeq, 15s}$, $L_{Aeq, 20s}$ ou $L_{Aeq, 30s}$.

9.5.2. Mentres que no caso de que o que queiramos obter sexa o ruído ambiental de fondo, ou sexa cando o que pretendemos é medir unicamente o ruído de fondo existente nun recinto en ausencia do ruído obxecto da inspección, utilizaremos como parámetro de medición o percentil L_{90} , realizado unha toma de datos de polo menos 5 minutos ou período de tempo representativo, tal como establece ao respecto o Manual de Procedementos da Ordenanza Municipal de ruídos do Concello de Vigo. Valor que non é perceptivo nas medicións pero que ás veces é conveniente reflectir para dar unha idea do nivel existente coa actividade sen funcionar.

9.6. Cando no proceso de medición dun ruído se perciba claramente a presenza de compoñentes de baixa frecuencia, que normalmente maniféstanse con percepción de vibracións, utilizarase o procedemento seguinte:

- Medirase o nivel de presión sonora continuo equivalente con ponderación A (L_{Aeq}) da cordo co sistema xeral establecido anteriormente. A continuación, se non se pode realizar a medición de forma simultánea, medirase segundo o mesmo procedemento o nivel continuo equivalente con ponderación C (L_{Ceq}).

- Calcularase a diferenza entre ámbolos dous valores.

$$L_f = L_{Ceq} - L_{Aeq}$$

- O factor de corrección a aplicar por compoñentes de baixa frecuencia (K_f) virá determinado polos valores da seguinte táboa.

L_f	K_f
$L_f \leq 10$	0
$10 > L_f \leq 15$	3
$L_f > 15$	6

- O valor da medición será a suma do nivel continuo equivalente con ponderación A (L_{Aeq}) e o factor de corrección por compoñentes de baixa frecuencia (K_f) así obtido.

$$L_{KfAeq} = L_{Aeq} + K_f$$

10. Técnicas de medida do illamento a ruídos de impacto para controlar a execución e efectividade do chan flotante con que deberán contar os establecementos públicos de lecer e aqueles nos que se orixinen ruídos de impactos.

10.1.- Para a medición do illamento a ruídos de impactos seguirase o seguinte protocolo de medida:

10.1.1.- Utilizarase como fonte xeradora unha máquina de impactos normalizada conforme ao anexo A da norma UNE-EN-ISO 1407 (1999) ou calquera outra que a substitúa.

10.1.2.- A máquina de impactos situarase polo menos en dúas posicións diferentes.

10.1.3.- Por cada unha das posicións da máquina de impactos na sala emisora efectuaranse medicións do $L_{Aeq\ 10s}$ en, polo menos, dúas posicións do micrófono na sala receptora.

10.1.4.- Procederase a medir na sala receptora colocando o micrófono nas seguintes posicións:

- 0,7 metros entre posicións de micrófono.
- 0,5 metros entre calquera posición de micrófono e os bordes da sala.
- 1 metro entre calquera posición de micrófono e o chan da sala receptora.
- As distancias reflectidas considéranse valores mínimos.

10.1.5.- Teranse en conta as posibles correccións por ruído de fondo conforme á norma UNE-EN-ISO- 1407 (1999) ou calquera outra que a substitúa.

10.1.6.- O resultado da medición será o nivel sonoro máximo alcanzado durante as medicións realizadas corrixidas polo ruído de fondo.

10.2. Na vivenda lindeira co local non se superará o valor do $L_{pAeq\ 10s}$ medido segundo o procedemento anteriormente descrito, correspondente a 40 dB en horario diúrno e 35 dB en horario nocturno.

11.- Técnicas de medida do acondicionamento acústico dos locais, absorción do local, medición do tempo de reverberación do local

11.1.- As paredes e elementos de separación horizontais que delimitan o local, por se mesmas ou coa axuda de revestimentos adecuados, terán a absorción acústica necesaria para que non se exceda o tempo de reverberación adecuado.

11.2.- O cálculo predictivo do tempo de reverberación farase mediante fórmula de Sabine a partir do volume e da absorción sonora do local.

11.3.- Os valores do coeficiente de absorción sonora e do área de absorción sonora equivalente determinaranse de acordo coa norma UNE-EN-ISO-354-93 ou calquera outra que a substitúa.

11.4.- A medición do tempo de reverberación dos locais realizarase de acordo coa norma UNE-EN-ISO-3382:2001 Acústica ou calquera outra que a substitúa.

11.5.- O tempo de reverberación ($T_{s, mid}$) nos locais de lecer de pública concurrencia, independentemente do volume do recinto e medido co local baleiro, non será maior de 0,9 s. Devandito valor referirase ao ($T_{20, mid}$), obtido mediante o promediado en bandas de terzo de oitava entre 400 e 1250 Hz, segundo aptdo. 8.1. da norma UNE-EN-ISO-3382.

NIVEIS DE RUÍDOS E VIBRACIÓNS ADMISIBLES:

Regra xeral:

Ningunha fonte sonora poderá emitir nin transmitir niveis de ruído ou vibracións tales que produzan niveis de recepción superiores ós fixados nas táboas 1 e 2 seguintes, de acordo coa Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica.

Por razón da organización de actos con especial proxección oficial, cultural, recreativa ou doutra natureza, ou ben por tradicional consenso da poboación, o Concello poderá adoptar as medidas necesarias para modificar, con carácter temporal, en determinadas zonas do núcleo urbano, os niveis ós que se fan alusión nas citadas táboas, ó mesmo tempo que se darán as ordes precisas para reducir ó máximo as molestias á cidadanía.

Valores de recepción:

Os valores de recepción son os niveis de avaliación máximos recomendados no ambiente exterior ou interior, e fíxanse en función do período horario e da zona de sensibilidade acústica. Estes valores mediranse na forma e nas condicións sinaladas no regulamento de protección contra a contaminación acústica, tal e como se indica neste Manual de Procedementos, sendo como máximo os seguintes:

Táboa 1

Valores de recepción de ruído no ambiente exterior procedente das actividades ou instalacións suxeitas a licenza municipal

Zona de situación	Niveis máximos permitidos na emisión ó medio ambiente exterior en dB (A)	
	8:00 - 22:00 h	22:00 - 8:00 h
Zonas de equipamento sanitario.	45	35
Zonas residenciais, de servizos terciarios non comerciais ou equipamentos non sanitarios.	55	45
Zonas comerciais.	65	55
Zonas con actividades industriais ou servizos urbanos, excepto os servizos de admón.	70	55

Táboa 2

Valores de recepción de ruído no ambiente interior procedente das actividades ou instalacións suxeitas a licenza municipal

Clase de actividade	Niveis máximos permitidos de transmisión de ruídos ó interior dos locais ou recintos en dB (A)	
	8:00 - 22:00 h	22:00 - 8:00 h

Equipamento sanitario.	30	25
Cultural e relixioso.	30	30
Educativo.	40	30
Para ocio.	40	40
Servizos de hospedaxe.	40	30
Oficinas.	45	45
Comercio e industria.	55	55
Residencial habitacións.	35	30
Salas de estar, cociñas, corredores e aseos.	40	35
Zonas de acceso común, patios interiores e fachadas posteriores.	50	40

Táboa 3

Valores de recepción das vibracións no ambiente interior procedente das actividades ou instalacións suxeitas a licenza municipal

Lugar	Horario	Vibracións continuas ou intermitentes	Vibracións transitorias con varios sucesos ó longo do día
Áreas críticas de traballo (salas de operacións de hospitais, laboratorios de precisión, etc.)	Día Noite	1	1
Residencial.	Día	2	30 a 90
	Noite	1,4	1,4 a 20
Oficinas e comercio.	Día	4	60 a 128
	Noite		
Industria e almacéns.	Día	8	90 a 128
	Noite		

As curvas base son as da figura 5ª de vibracións en edificios, da norma ISO-2631-2, transcrita na Lei 7/1997, do 11 de agosto.

Valores de referencia para o nivel sonoro reverberado e illamento acústico a considerar para as diferentes actividades.

1.- Valores de referencia para o nivel sonoro reverberado L e illamento acústico normalizado R a considerar para as diferentes actividades:

1.1. A efectos de poder establecer uns valores de referencia para estimar nos proxectos o nivel sonoro reverberado L en dB(A) que considerárase para as diferentes actividades e a falta doutros datos, tomaranse como criterios orientativos os proporcionados no anexo 2 da NBE-CA-88, non obstante, na táboa 4 establécense os seguintes valores mínimos a considerar para as actividades que se citan, así como para calquera outra que se poida considerar que produza niveis

sonoros similares.

1.2. Asemade, para a determinación do illamento acústico normalizado R mínimo esixible entre a actividade e as vivendas lindeiras co local, tomaranse para as devanditas actividades os valores en dB(A) indicados na táboa 4.

2.- Para a medición do illamento acústico obtido entre a actividade e as vivendas lindeiras co local unha vez finalizadas as obras de insonorización utilizarase o nivel global en dB, da diferenza de niveis estandarizada ($D_{nT, w}$) afectado polo termo de adaptación espectral C correspondente a un ruído rosa normalizado con ponderación A ($D_{nT, w} + C$), de acordo coa norma UNE-EN ISO 717-1, alcanzará como mínimo o valor que se indica na seguinte táboa 4.

As medicións realizaranse en bandas de terzo de oitava para o rango de frecuencias comprendidas entre 100 e 3.150 Hz e de acordo co indicado na norma UNE-EN ISO 140-4 de medición in situ do illamento ao ruído aéreo entre locais.

2.1. As medicións do illamento correspondente á zona de público ou lugar onde se desenvolve a actividade, realizáranse coas portas dos almacéns, aseos e resto de dependencias do local abertas, xa que se estes recintos presentan un illamento inferior que o da zona de público e se o local funciona con estas portas abertas, poderíanse transmitir ás vivendas lindeiras niveis de ruído por encima dos permitidos, debéndose evitar tamén nestes recintos as conexións con shunts ou condutos de ventilación comúns co resto do edificio.

2.2. Asemade, para as actividades que se indican na táboa 4 e co fin de asegurar unha boa insonorización do local nas baixas frecuencias, o illamento acústico obtido en dB entre a actividade e as vivendas lindeiras co local correspondente á banda de oitava de frecuencia central de 125 Hz ($D_{nT, 125}$), obtido a partir dos correspondentes valores de terzo de oitava, de acordo co disposto na norma ISO 140-4, (formula 10), alcanzará como mínimo o valor que se indica na mencionada táboa.

3. Para a medición do illamento acústico obtido para a fachada principal lindeira coa vía pública utilizarase o nivel global en dB, da diferenza de niveis estandarizada ($D_{1s, 2m, nT, w}$) afectado polo término de adaptación espectral C correspondente a un ruído rosa normalizado con ponderación A ($D_{1s, 2m, nT, w} + C$), de acordo coa norma UNE-EN-ISO 717-1. Alcanzará como mínimo o valor que se indica na táboa 4.

As medicións realizaranse en bandas de terzo de oitava para o rango de frecuencias comprendidas entre 100 e 3.150 Hz e de acordo co indicado na norma UNE-EN ISO 140-5 de medición in situ do illamento ao ruído aéreo de fachadas. As fachadas posteriores ou a patios han de cumprir cun illamento 5 dB superior ao indicado para a fachada principal.

4.- O illamento con respecto ao portal do edificio ou zonas comúns interiores de

acceso ás vivendas medirase utilizando o nivel global $D_{nT,w}+C$, alcanzando como mínimo o valor en dB que se fixa para as fachadas posteriores ou patios.

TÁBOA 4

Grupo	Actividades nocturnas (a numeración anexa a cada actividade corresponde á do Catálogo).	L dBA	R dBA	$D_{nT,w}+C$ dB	$D_{nT,125}$ dB	$D_{1s,2m,nT,w}+C$ dB
I	Restaurantes (2.7.1), bares e café-bares (2.7.2), cafetarías (2.7.3), cibercafés, salóns ciber e similares (2.6.6) e salóns de xogos e recreativos (2.5.3 e 4).	80	60	60	45	35
II	Cines tradicionais (1.1.1) e multicines (1.1.2), videotecas (2.1.5), salas dedicadas á celebración de cineclubs (2.1.10), casinos de xogo (2.5.1), salas de bingo (2.5.2) e similares.	90	70	70	55	50
III	Pubs (2.6.4), bares, café-bares, restaurantes e semellantes, con música amplificada, así como boleiras.	90	70	70	55	50
IV	Teatros (1.2.1) e auditorios (1.2.3).	95	75	75	58	55
V	Salas de festa (2.6.1), discotecas (2.6.2), salas de baile (2.6.3) e demais locais con música en directo ou canto en vivo.	100	80	80	60	60
VI	Panaderías e confeitерías con obrador.	85	65	65	50	45

Grupo	Actividades diúrnas	L dBA	R dBA	$D_{nT,w}+C$ dB	$D_{nT,125}$ dB	$D_{1s,2m,nT,w}+C$ dB
1	Ximnasios, locais de aeróbic, escolas de danza e similares con actividade só diúrna.	85	60	60	45	35
2	Academias de música e locais de ensaio que impliquen aprendizaxe ou ensaio con instrumentos de música ou canto ao vivo e con actividade só diúrna.	100	75	75	55	50
3	Talleres de mecánica e electricidade do automóbil.	85	55	55		
4	Talleres de reparación de motos.	90	60	60		
5	Garaxes con lavado automático de vehículos.	90	60	60		
6	Talleres mecánicos, de confección, imprentas.	90	60	60		
7	Talleres de carpintería de aluminio.	95	65	65		
8	Talleres de carpintería, de madeira.	95	65	65		
9	Serrarías.	100	70	70		
10	Talleres de caldeirería, carpintería metálica e reparacións en chapa de vehículos.	100	70	70		

Nivel sonoro emitido por vehículos a motor:

a. *Valores límite do nivel sonoro emitido por vehículos de motor.*

1.- Para tractores agrícolas, ciclomotores e vehículos de motor de cilindrada non superior a 50 cc, de fabricación de serie, os límites máximos admitidos de emisión de nivel sonoro serán, segundo a lexislación vixente (Decreto 1439/72, do 25 de maio):

- Vehículos de dúas rodas: 81 dB(A).
- Vehículos de tres rodas: 83 dB(A).
- Tractores agrícolas:
 - Con potencia ata 200 CV DIN: 90 dB(A).
 - Con potencia de máis de 200 CV DIN: 93 dB(A).

2.- Para motocicletas, o nivel sonoro non debe sobrepasar os límites seguintes, fixados polo Acordo de Xenebra, do 20 de marzo de 1958, e decreto que o desenvolve, publicado no BOE nº 119, o 2 de maio de 1982.

Motocicletas de cilindrada:

- ≤ 80 cc. 80 dB(A).
- ≤ 129 cc. 80 dB(A).
- ≤ 350 cc. 83 dB(A).
- ≤ 500 cc. 85 dB(A).
- > 500 cc. 86 dB(A).

3.- Para o resto de vehículos automóviles, o valor sonoro non debe sobrepasar os seguintes límites (Acordo de Xenebra, do 20 de marzo de 1958 e decretos que o desenvolven publicados no BOE o 23 de novembro de 1974 e 22 de xuño de 1983.

Vehículos da categoría M ₁	80 dB(A)
Vehículos da categoría M ₂ con PMA = 3,5 toneladas	81 dB(A)
Vehículos da categoría M ₂ con PMA = 3,5 toneladas e vehículos da categoría M ₃	82 dB(A)
Vehículos das categorías M ₂ e M ₃ con motor de potencia 145 Kw (ECE) ou máis.	85 dB(A)
Vehículos de categoría N ₁	81 dB(A)
Vehículos de categorías N ₂ e N ₃	86 dB(A)
Vehículos de categoría N ₃ con motor de potencia 147 Kw (ECE) ou máis	88 dB(A)

b. *Clasificación de vehículos.*

Os vehículos clasifícanse nas seguintes categorías:

- Ciclomotores e motocicletas: vehículos de motor que teñan dúas rodas e dotados de cambio de velocidade automático ou manual.

- Categoría M: vehículos de motor destinados ó transporte de persoas e que teñan catro rodas polo menos, ou tres rodas e un peso máximo que exceda dunha tonelada.
- Categoría M₁: vehículos destinados ó transporte de persoas con capacidade para oito prazas sentadas, como máximo, ademais do asento do condutor.
- Categoría M₂: vehículos destinados ó transporte de persoas con capacidade de máis de oito prazas sentadas, ademais do asento do condutor., e que teñan un peso máximo que non excedan de cinco toneladas.
- Categoría M₃: vehículos destinados ó transporte de persoas con capacidade de máis de oito prazas sentadas, ademais do asento do condutor, e que teñan un peso máximo que exceda das cinco toneladas.
- Categoría N: vehículos de motor destinados ó transporte de mercadorías e que teñan catro rodas, polo menos, ou tres rodas e un peso máximo que exceda dunha tonelada.
- Categoría N₁: vehículos destinados ó transporte de mercadorías que teñan un peso máximo que non exceda de 3,5 toneladas.
- Categoría N₂: vehículos destinados ó transporte de mercadorías que teñan un peso máximo que exceda de 3,5 toneladas pero no exceda de 12.
- Categoría N₃: vehículos destinados ó transporte de mercadorías que teñan un peso máximo que exceda de 12 toneladas.

2. PERSOAL COMPETENTE PARA A REALIZACIÓN DAS MEDICIÓNS.

O persoal competente para realizar as medicións dos niveis de ruídos e vibracións ás que fai referencia a “Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións” do Concello de Vigo, anexa a este Manual de procedementos e que pode, de resultar fóra dos niveis admitidos, desembocar na iniciación dun expediente sancionador, será persoal municipal, ben da Policía Local, ben do servizo de Medio ambiente, ou ben da Xerencia de Urbanismo, cualificados para poder realizar as medicións que se describen no punto 1 deste Manual.

Así mesmo, o Concello poderá, ó seu xuízo, reclamar a axuda de empresas ou entidades especializadas, as cales deberán ser previamente homologadas en contaminación acústica, segundo os criterios que se fixan no Regulamento de protección contra a contaminación acústica, aprobado polo Decreto 150/1999, do 7 de maio.

Tamén o Concello, en aplicación do artigo 25 da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, poderá reclamar o auxilio da Administración autonómica a través do oportuno convenio, no que incluíranse as denuncias naquelas materias ou casos nos que o Concello non conte cos medios técnicos ou humanos necesarios, e que se remitirán á Delegación de Medio ambiente da Xunta de Galicia para a súa tramitación.

3. PROCEDEMENTO PARA A EMISIÓN DO PERCEPTIVO INFORME VINCULANTE DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE, NAS SOLICITUDES DE LICENCIA DE ESTABLECEMENTOS INCLUÍDOS NO REGULAMENTO DE ACTIVIDADES MOLESTAS, INSALUBRES, NOCIVAS E PERIGOSAS.

Cando se trate dunha solicitude de apertura dun establecemento para unha actividade que estea incluída no RAMINP, de conformidade coa acta firmada o día 24 de xaneiro de 2000 entre a Xerencia de Urbanismo e o servizo de Medio ambiente, copia da cal se achega neste *manual de procedementos*, no expediente administrativo de urbanismo para a tramitación da licenzia correspondente é obrigatorio e vinculante a existencia do informe do servizo de Medio ambiente deste Concello, previo á concesión da licenzia definitiva ou de posta en marcha.

O servizo de Medio ambiente poderá recabar, se o estima oportuno, un estudio realizado por empresas ou entidades especializadas, e previamente homologadas, ás que fai referencia o punto 2 deste *manual de procedementos*.

O procedemento de medición correspondente figura no punto 1 deste *Manual de Procedementos para a Medición de Ruídos e Vibracións*".

4. PROCEDEMENTO PARA A TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTAMINACIÓN ACÚSTICA.

A tramitación dos expedientes de contaminación acústica pode iniciarse por dúas vías:

a. *Por denuncia.*

As persoas físicas ou xurídicas presuntamente prexudicadas por contaminación acústica poden formular a denuncia por calquera dos medios previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As denuncias poderán formularse contra persoas físicas ou xurídicas; contra veciños ou establecementos e contra organismos ou particulares, polos seguintes medios:

- Policía Local. Normalmente refírense a denuncias telefónicas formuladas por contaminación acústica durante a noite. Neste caso, o persoal desta dependencia, debidamente cualificado e con axuda dun sonómetro homologado e certificado por organismo competente, realiza a medición sonométrica seguido as pautas que se especifican neste *manual de procedementos*.
- O resultado da medición, rexistrado no impreso correspondente segundo figura no punto 4 deste *manual*, enviarase ó servizo de Medio ambiente que, se procede, inzará o expediente sancionador por contaminación acústica correspondente, sen prexuízo de ordenar as medidas correctoras que procedan.
- Servizo de Medio ambiente Normalmente tratarase de denuncias formuladas por escrito no Rexistro do Concello. Neste caso, a comprobación efectuarase polo servizo de Medio ambiente, sen prexuízo de recabar o auxilio da Policía Local ou empresa homologada, se fose preciso.

No caso de que a tramitación do correspondente expediente sancionador leve ó

coñecemento de que o establecemento denunciado non dispón da correspondente licencia, ou a licencia que ten non corresponde coa actividade que desenvolve, o expediente rematará coa súa dilixencia á Xerencia de Urbanismo para que proceda á perceptiva clausura da actividade.

b. De oficio.

O Concello de Vigo pode iniciar a tramitación dun expediente sancionador por contaminación acústica de oficio, por iniciativa propia, sabedor da problemática existente en determina zona, local ou establecemento da cidade.

Neste caso, o servizo de Medio ambiente poderá realizar a medición da presunta contaminación acústica mediante persoal propio, da Policía Local, ou de empresas ou entidades especializadas e previamente homologadas ás que se fai referencia no punto 2 deste *manual de procedementos*.

A tramitación do correspondente expediente sancionador realizarao o servizo de Medio ambiente

5. IMPRESOS.

I. Para a medición de ruídos: que utilizarán tanto os axentes da Policía Local como o persoal do servizo de Medio ambiente do Concello de Vigo.

PARTE DE MEDICIÓN DE RUÍDOS

EXPEDIENTE: _____

DENUNCIANTE: _____

DNI: _____

DOMICILIO: _____

DENUNCIADO/A: _____

DNI: _____

DOMICILIO: _____

ACTIVIDADE OU LOCAL DENUNCIADO: _____

ENDEREZO: _____

MEDICIÓN:

Lugar de medición	Observacións	Tempo medición	Nivel de ruído transmitido	
			Ruído transm. (N ₁)	Ruído de fondo (N ₂)

Nivel de recepción			
Nivel rec. corr. ruído fondo (N)			

INFORME:

A. Caracterización do ruído:

- a. Ruído continuo (duración >5 m). MaxL _____. MinL _____ dB(A).
(tiempo de medición 2m). Diferencia _____ dB(A).
- b. Ruído transitorio (duración (≤5 m)).

B. Tipo de ruído para medir e características de medición para introducir no sonómetro:

	<u>Tipo de ruído</u>	<u>Diferencia</u>	<u>Resposta</u>	<u>Valoración</u>	<u>T.med.</u>	<u>Nºmed.</u>
I.	Ruído cont.uniforme	<6 dB(A)	Slow	LeqA	15 s.	3
II.	Ruído cont.variable	6 e 12 dB(A)	Slow	LeqA	20 s.	3
III.	Ruído cont.fluctuante	>12 dB(A)	Slow	LeqA	30 s.	3
IV.	Ruído trans.periódico	--	Slow	LeqA	20 s.	3
V.	Ruído trans.aleatorio	--	Slow	L10	30 s.	3

C. Corrección por ruído de fondo:

$$m = N_1 - N_2 = \quad N = 10 \log (10^{N_1/10} - 10^{N_2/10})$$

- m	0 a 3	3,5	4	4,5	5	5,5	6	6,5	7	7,5	8	9	10	>10
- C vare	No vale	2,6	2,2	1,9	1,7	1,4	1,3	1,1	1	0,9	0,7	0,6	0,5	0

$$C = N_1 - \log (10^{N_1/10} - 10^{N_2/10}) = \quad \text{dB (A)}$$

$$N = N_1 - C = \quad \text{dB (A)}$$

d. Datos consignables da medición:

- Medición realizada en:
- Actividade ou uso do lugar da medición:
- Data da medición: _____ entre as _____ h. e as _____ h.
- Natureza da fonte de ruídos:
- Localización do foco emisor de ruídos:
- Natureza do ruído ambiente:
- Posicionamento do equipo de medida:

- Nivel de ruídos transmitidos N: dB (A)
- Nivel máximo permitido de transmisión de ruídos: dB (A)
- Si/Non supera en dB (A) o nivel máximo de ruído permitido na vixente *Ordenanza municipal de ruídos e vibracións do Concello de Vigo*.
- Sonómetro utilizado:
- Data de contrastación do sonómetro:

E. Observacións:

Efectúase a calibración do sonómetro ó inicio e ó final das medicións. (Valor de calibración $94,0 \pm 0,2$ dB).

Ruído ambiental de fondo L_{90} dB(A), cando proceda.

5.- (24).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA DECLARACIÓN DE ZONAS ACUSTICAMENTE SATURADAS (ZAS) E PROTOCOLO DE ACTUACIÓN. EXPTE. 4848/306.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, en sesión do día 5 de marzo de 2007, aprobou inicialmente a modificación parcial da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.

Durante o prazo sinalado no anuncio da Alcaldía publicado no BOP núm. 75, do 18 de abril, e na prensa local do 20 do mesmo mes, presentáronse no Rexistro Xeral catro alegacións ó expediente de modificación da ordenanza e tres ó expediente de declaración de "Zonas acusticamente saturadas".

A técnica de administración xeral da oficina de Medio Ambiente, con data 24 de agosto de 2007, informa as devanditas alegacións do xeito que segue:

ALEGACIÓN Nº 1.

ALEGANTE: "Tendas de Conveniencia, S.A"

DATA DE REXISTRO: 12.04.2007.

Nº DOC: 70045494.

CONTIDO E VALORACIÓN:

- *Suprimir do parágrafo 1º do apartado 2º do artigo 17 TER da Ordenanza Municipal de Contaminación Acústica a expresión "tipo locais de conveniencia".*

Durante a realización das sesións da Comisión Municipal de ruídos quedou clara a pretensión do Goberno Municipal, ratificada pola Xunta de Voceiros, de que a

medida de suspensión do outorgamento, ampliación ou modificación das licenzas de actividade afectaría con relación aos establecementos comerciais con liberdade horaria aos que se refire o artigo 8 da Lei de Horarios Comerciais de Galicia 13/2006, unicamente, ás chamadas tendas de conveniencia. Dita pretensión municipal xustificouse nos problemas de contaminación acústica e orden público que poderían causar os clientes das devanditas tendas que demandan bebidas alcohólicas para o seu consumo no fenómeno de botellón.

Polo exposto, considérase unha redacción mais acertada do parágrafo 1º do apartado 2º do artigo 17 TER da Ordenanza a seguinte: “...*Tamén poderanse suspender as licenzas das tendas de conveniencia*”, redacción que substitúe a “...*tamén poderanse suspender as licenzas dos locais comerciais con horario nocturno, tipo tendas de conveniencia*”. En consonancia, no acordo plenario de aprobación inicial da declaración de zonas acusticamente saturadas (ZAS) do 05.03.2007 (expt. adm nº 4848/306), no seu apartado segundo, establecerase a seguinte redacción: “...*Esténdese dita suspensión ás licenzas das tendas de conveniencia ás que se refire o artigo 8 da Lei 13/2006 de Horarios Comerciais de Galicia*”, redacción que substitúe á anterior que dicía “...*estendéndose tamén dita suspensión de licenzas aos establecementos comerciais con horario nocturno tipo tendas de conveniencia*”.

PROPOSTA: Desestimar a alegación presentada o 12.04.2007 por “Tendas de Conveniencia, S.A”, con nº de doc. 70045494, non obstante, polas razóns expostas adóptanse de oficio as modificacións (non substanciais) sinaladas anteriormente.

ALEGACIÓN Nº 2.

ALEGANTE: Don David Quintanilla Álvarez, Presidente da Asociación Galega de Salas de Música.

DATA DE REXISTRO: 16.05.2007.

Nº DOC: 70058978.

CONTIDO E VALORACIÓN:

- *Considerando o disposto no artigo 15.2 da Ordenanza (enténdese 15.3) que establece que “nos locais nos que a separación coa planta superior estea constituída por un forxado de madeira e o uso previsto no edificio para a planta situada inmediatamente enriba do local sexa o residencial ou de vivenda, non se poderá instalar ningunha das actividades que implican funcionamento dentro do horario nocturno que se especifican na mencionada táboa 4 do Manual de Procedementos, exceptuando os bares, cafeterías, restaurantes e similares que non contén con equipo de reprodución sonora...”, solicitan, substituír a expresión “uso previsto” por “uso efectivo” ou, no seu defecto, se autorice o desenvolvemento das devanditas actividades clasificadas con “licenzas de tempada” segundo o disposto no artigo 3.2 b) do Decreto 292/2004, de 18 de novembro, que aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Galega.*

Discrúpase desta alegación posto que a expresión “uso previsto” xa se recollía na anterior redacción da ordenanza que agora se modifica parcialmente, expresión acorde cos principios de seguridade xurídica, obrigatoriedade dos plans urbanísticos e coas determinacións que establece o PXOU. Asemade, lembrar que

as licenzas de actividade teñen carácter regrado e outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e o planeamento urbanístico segundo establece o artigo 195.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Con respecto á pretensión do alegante de autorizar o desenvolvemento das devanditas actividades con "licenzas de tempada", ao abeiro do disposto no artigo 3.2 b) do Decreto 292/2004, cabe informar desfavorablemente posto que atopámonos ante espectáculos públicos de carácter permanente que deben cumprir coas determinacións que establece o PXOU e maila ordenanza.

PROPOSTA: Desestimar a alegación presentada o 16.05.2007 por don David Quintanilla Álvarez, Presidente da Asociación Galega de Salas de Música, con nº de doc. 70058978.

ALEGACIÓN Nº 3.

ALEGANTE: Federación Provincial de Empresarios de Hostalería de Pontevedra.

DATA DE REXISTRO: 18.05.2007.

Nº DOC: 70059949.

CONTIDO E VALORACIÓN:

- *Considerando que a declaración de zona acusticamente saturada (ZAS) afecta directamente aos usos previstos no PXOU, dita declaración só se pode efectuar cunha modificación puntual do devandito planeamento urbanístico. Vía Ordenanza de Contaminación Acústica nin cabe establecer o procedemento administrativo para a declaración de ZAS, nin cabe fixar distancias mínimas entre locais de lecer con música tal e como establecen os artigos 15.4 e 17 da nova redacción da ordenanza.*

A declaración de zona saturada é unha expresión da competencia municipal en materia de protección do medio ambiente (arts. 25.2.f. LRBRL e 80.2.f. LALGA). Deste xeito, non cabe falar da incompetencia do Concello para ditar acordos, como o da zona saturada, que veñan a impedir usos permitidos polo PXOU xa que suporía negar a posibilidade de regulación de usos inherentes a potestades pacíficas recoñecidas e amparadas pola mesma CE como as urbanísticas ou medioambientais. Neste sentido vense pronunciando de xeito reiterado a doutrina xurisprudencial, por todas STSX de Andalucía de 24.09.1999 (RJCA 1999\3998).

Vía Ordenanza de Contaminación Acústica cabe establecer o procedemento administrativo para a declaración de ZAS, así como fixar distancias mínimas entre locais de lecer con música. Así pois, a ordenanza, disposición de carácter xeral, froito da potestade regulamentaria da Administración Municipal (art. 4.1.a. LRBRL), é un instrumento normativo válido para intervir a actividade dos cidadáns (84.1.a. LRBRL) coas regulacións que establece. Asemade, ambos instrumentos normativos, PXOU e Ordenanza Municipal de Acústica teñen o mesmo rango normativo.

PROPOSTA: Desestimar a presente alegación neste punto.

- *Os acordos plenarios de 05.03.2007 (exptes nº 4664 e 4848/306) non establecen medidas para loitar contra o ruído producido polo tráfico nin polo botellón.*

O parágrafo 5 do apartado 2 do artigo 17 TER da ordenanza habilita ao Pleno da Corporación para establecer no ámbito territorial dunha zona declarada saturada (ZAS), calquera medida que se considere axeitada para reducir os niveis de contaminación acústica. Deste xeito, no acordo concreto de declaración dunha ZAS poderán recollese as medidas que o Pleno estime pertinentes, podendo ser relativas ao tráfico ou ao botellón. Nesta liña, con relación ao botellón, no acordo plenario do 05.03.2007 (exp. 4848/306), considerando que a nosa normativa autonómica non prohibe o consumo de alcohol na rúa, o Pleno adoptou as medidas que considerou pertinentes, tales como incrementar os efectivos policiais na vía pública co obxecto de disuadir a produción de dito fenómeno, así como a prohibición de expender bebidas alcohólicas durante o horario nocturno polas tendas de conveniencia. Asemade, se ben non se adoptaron medidas referidas ao tráfico, a razón é que estas contempláranse no vindeiro plan de acción que en materia de contaminación acústica deberá elaborar o Concello de Vigo antes do 18.07.2008, segundo establece a disposición adicional primeira da Lei do ruído.

PROPOSTA: Desestimar a presente alegación neste punto.

- *Discordancia (descatalogación) das denominacións das actividades da Ordenanza de Contaminación Acústica coas denominacións recollidas no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 292/2004, do 18 de novembro) e incumprimento polo Concello de Vigo da obriga contida na disposición transitoria primeira do devandito Decreto, obriga previa á modificación da ordenanza.*

Con relación ás denominacións das actividades nocturnas, ás que se refire a Táboa 4 do Manual de Procedementos da Ordenanza (valores de referencia para o nivel sonoro reverberado e illamento acústico a considerar para as diferentes actividades), considerando o disposto no art. 2.1 do Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, devanditas denominacións deberán axustarse ás denominacións recollidas no catálogo oficial (modificado polo Decreto 160/2005, do 2 de xuño).

O art. 2.1 establece a obriga de que “todas as licenzas e autorizacións que sexan outorgadas polas Administracións locais e autonómicas para a celebración de espectáculos públicos, desenvolvemento de actividades recreativas ou de apertura de establecementos públicos dedicados a esta materia, deberán axustarse, en canto á súa **denominación e definición**, ás recollidas neste catálogo...”. Deste xeito, ante a claridade do precepto, a ordenanza de ruídos deberá denominar as actividades segundo as denominacións previstas no Catálogo Oficial. En coherencia, non cabe seguir falando de actividades tales como, por exemplo, “café-bar con música”, cando no catálogo oficial non se contempla a devandita denominación, por canto considéranse “pubs-2.6.4” aos establecementos públicos fixos e independentes dedicados exclusivamente ao servizo de bebidas podendo dispoñer de ambientación musical por medios técnicos, pero sen pista de baile.

Nesta liña o chamado “café-bar con música” deberá denominarse “pub”.

Así as cousas, a modificación da ordenanza é independente da obriga dos Concellos da nosa Comunidade Autónoma de cumprir co disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 292/2004, adaptando de oficio, no prazo de dous anos, as denominacións das actividades contidas nas licenzas concedidas con anterioridade ao Decreto 292/2004. Polo exposto, co fin de adaptar as denominacións das actividades nocturnas ás que se refire a ordenanza ás do Anexo do Decreto Autonómico 160/2005,

PROPONSE: Estimar parcialmente a alegación presentada pola Federación Provincial de Empresarios de Hostalería de Pontevedra o 18.05.2007, con nº doc. 70059949, fixando como nova redacción da Táboa 4 do Manual (no tocante ás actividades nocturnas), facendo alusión aos números identificativos da actividade recollidos no Decreto 160/2005, a seguinte:

TÁBOA 4

Grupo	Actividades nocturnas	L dBA	R dBA	D nT,w C dB	+D nT, 125 dB	D 1s,2m,nT,w +C dB
I	Restaurantes (2.7.1), bares e café-bares (2.7.2), cafetarías (2.7.3), cibercafés, salóns ciber e similares (2.6.6) e salóns de xogos e recreativos (2.5.3 e 4).	80	60	60	45	35
II	Cines tradicionais (1.1.1) e multicines (1.1.2), videotecas (2.1.5), salas dedicadas á celebración de cineclubs (2.1.10), casinos de xogo (2.5.1), salas de bingo (2.5.2) e similares.	90	70	70	55	50
III	Pubs (2.6.4).	90	70	70	55	50
IV	Teatros (1.2.1) e auditorios (1.2.3).	95	75	75	58	55
V	Salas de festa (2.6.1), discotecas (2.6.2), salas de baile (2.6.3) e demais locais con música en directo ou canto en vivo.	100	80	80	60	60
VI	Panaderías e confeitерías con obrador.	85	65	65	50	45

En concordancia co exposto, **PROPONSE** modificar a redacción de:

I.- O apartado 1º do artigo 15 da ordenanza, quedando redactado do seguinte xeito:

“...O acceso do público realizarase a través dun departamento estanco con absorción acústica e dobre porta. Exceptuaranse desta esixencia ás actividades nocturnas dos Grupos I e VI da Táboa 4 do Manual Anexo á Ordenanza.”

II.- O parágrafo 1º do apartado 2º do artigo 17 TER da ordenanza quedará redactado do seguinte xeito:

“A declaración de Zona Acusticamente Saturada habilitará ao Pleno da Corporación para a adopción de todas ou algunhas das seguintes medidas:

- *Suspensión do outorgamento de novas licenzas de actividade, ampliación ou modificación, en tanto permanezan as condicións acústicas que orixinaron a declaración, para actividades nocturnas pertencentes aos grupos II (Cines tradicionais -1.1.1- e multicines -1.1.2-, videotecas -2.1.5-, salas dedicadas á celebración de cineclubs -2.1.10-, casinos de xogo -2.5.1-, salas de bingo -2.5.2- e similares), grupo III (Pubs -2.6.4-), grupo IV (Teatros -1.2.1- e auditorios -1.2.3-), grupo V (Salas de festa -2.6.1-, discotecas -2.6.2-, salas de baile -2.6.3- e demais locais con música en directo ou canto en vivo) e dentro do grupo I, aos salóns de xogos e recreativos (2.5.3 e 4); Tamén poderanse suspender as licenzas das tendas de conveniencia”.*

III. O apartado segundo do acordo plenario de 05.03.2007 (exp. adm. nº 4848/306) quedará redactado do seguinte xeito:

“Suspender nas rúas declaradas zonas acusticamente saturadas o outorgamento de novas licenzas de apertura, ampliación ou modificación para actividades nocturnas pertencentes aos grupos II (Cines tradicionais -1.1.1- e multicines -1.1.2-, videotecas -2.1.5-, salas dedicadas á celebración de cineclubs -2.1.10-, casinos de xogo -2.5.1-, salas de bingo -2.5.2- e similares), grupo III (Pubs -2.6.4-), grupo IV (Teatros -1.2.1- e auditorios -1.2.3-), grupo V (Salas de festa -2.6.1-, discotecas -2.6.2-, salas de baile -2.6.3- e demais locais con música en directo ou canto en vivo) e dentro do grupo I as dos salóns de xogos e recreativos (2.5.3 e 4), da Táboa 4 do Manual de Procedementos anexo á Ordenanza; Esténdese dita suspensión ás licenzas das tendas de conveniencia ás que se refire o artigo 8 da Lei 13/2006 de horarios comerciais de Galicia.”

- *O procedemento de medición non respecta a normativa comunitaria.*

Non se comparte o argumento da parte alegante, posto que o procedemento de medición utilizado para levar a cabo as medicións sonométricas obrantes no expediente administrativo nº 4848/306, medicións realizadas pola entidade “Acusti Control, S.L”, homologada pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para efectuar medicións en contaminación acústica e vibracións, foi validado polos Técnicos Municipais mediante informes de datas 10.10.2005 e 23.02.2007. Asemade, constan no expediente administrativo os certificados de calibración do sonómetro e calibrador utilizados para a realización das mesmas.

PROPOSTA: Desestimar a presente alegación neste punto.

- *Entre os efectos que implica a declaración de ZAS, atópase a medida de suspensión do outorgamento, ampliación ou modificación das licenzas de determinadas actividades clasificadas (vid. art. 17 TER.2 da Ordenanza -exp. nº 4664/306- e o apartado segundo do acordo plenario de 5.03.2007 -exp. nº 4848/306-). Dita medida impide a modificación da licenza de actividade dos establecementos existentes co fin de adaptalos ao catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia en*

cumprimento da disposición transitoria primeira do Decreto 292/2004.

O obxectivo da medida é procurar que dentro do ámbito territorial dunha zona declarada saturada de ruídos non aumente o número de actividades molestas que sexan susceptibles de empeorar a situación existente. Con respecto á alegación da imposibilidade de adaptación ao Catálogo, a disposición transitoria primeira do Decreto 292/2004 deixa claro que a actualización das licenzas outorgadas con anterioridade ao Decreto Autonómico ten o só obxecto de adaptar a denominación de cada espectáculo, actividade ou tipo de establecemento, ás denominacións e definicións contidas no catálogo.

PROPOSTA: Desestimar a presente alegación neste punto.

- *A devandita medida de suspensión do outorgamento, ampliación ou modificación das licenzas de determinadas actividades non debería ser aplicada ás licenzas en trámite.*

A proposta técnica do 26.02.2007, obrante no expediente administrativo nº 4848/306, recollendo a recomendación da Xerencia Municipal de Urbanismo, a efectos de determinar un réxime transitorio na suspensión das licenzas de apertura, incluía un apartado terceiro onde establecía que “a devandita medida de suspensión non sería de aplicación ás licenzas en trámite solicitadas seis meses antes da data da aprobación definitiva da declaración de ZAS”. Esta proposta respondía a criterios de mera oportunidade.

Posteriormente, de conformidade cos criterios debatidos na Xunta de Voceiros, durante a celebración da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Medio Ambiente do 01.03.2007, o Concelleiro Delegado de Medio Ambiente presentou tres emendas á devandita proposta técnica, entre elas, suprimir o apartado terceiro da mesma e modificar a redacción do apartado segundo, quedando redactado do seguinte xeito: “...Dita medida de suspensión terá efectos a partires da data de aprobación definitiva da ZAS e da entrada en vigor da modificación do artigo 17 da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica (expte. adm. nº 4664/306), e será de aplicación tamén a tódalas licenzas en trámite solicitadas con anterioridade a esa data”. Deste xeito, considerando o ditame favorable da Comisión Informativa, por acordo plenario de 05.03.2007 (exp. 4848/306), aprobouse devandita redacción do apartado segundo.

Considerando o disposto no art. 16.4 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia “as licenzas outorgaranse ao abeiro da normativa vixente no momento da súa concesión por acto expreso ou por silencio administrativo”. A teor desta regulación deberá aplicarse a normativa vixente no momento da concesión da licenza polo que a redacción inicialmente aprobada polo Pleno da Corporación do devandito parágrafo 2º do apartado 2º do acordo plenario do 05.03.2007 (exp. nº 4848/306) resulta axustada a dereito.

PROPONSE: desestimar a alegación presentada neste punto.

ALEGACIÓNS Nº 4-5.

ALEGANTE: Dona Mª Carlota Nogueira De Abreu e outros.

DATA DE REXISTRO: 23.05.2007.

Nº DOCS: 70061896-70061903.

CONTIDO E VALORACIÓN:

- *Incluír na Ordenanza Municipal de ruídos a rúa Xoaquín Lóriga ao non estar contemplada como zona saturada.*

A nova redacción do art. 17 da ordenanza define o concepto de zona acusticamente saturada e establece que poderán ser declaradas ZAS aquelas nas que, aínda cando cada actividade individualmente considerada cumpra cos niveis establecidos na presente Ordenanza Municipal, o promedio semanal nocturno supere en máis de 15 dB(A) os niveis máximos permitidos na emisión ao medio ambiente exterior fixados na táboa I do Manual de procedementos. Así pois, a Ordenanza non pode declarar directamente saturada ningunha rúa da cidade, simplemente, límitase a outorgar ao Pleno da Corporación a facultade e posibilidade de declarar como saturada unha zona cando esta reúna os requisitos que fixa a norma. En todo caso, dita declaración realizarase mediante acordo plenario, previa tramitación do procedemento administrativo que se establece no art. 17 BIS.

PROPOSTA: Desestimar a alegación presentada por dona M^a Carlota Nogueira De Abreu e outros, con rexistro de entrada 23.05.2007 e nº docs. 70061896-70061903.

ALEGACIÓN Nº 6.

ALEGANTE: Dona Luísa Estévez Martínez

DATA DE REXISTRO: 23.05.2007.

Nº DOC: 70062031.

CONTIDO E VALORACIÓN: Alegación ao exp. nº 4848/306.

- *A declaración de ZAS (exp. nº 4848/306) baséase nunha norma inexistente posto que a modificación do art. 17 da Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica non entrou en vigor. Asemade, vía Ordenanza non se pode crear "ex novo" a figura da ZAS, inexistente no noso ordenamento xurídico.*

A regulación que establecía o artigo 17 da OMPCCA, BOP nº 198 de 16.10.2000, xa posibilitaba que naquelas zonas da cidade onde existían numerosos establecementos públicos e os niveis xerais de recepción externa producidos pola adición das múltiples actividades existentes e pola actividade das persoas que os utilizaban superasen en máis de 15 dB(A) os niveis fixados no Manual de Procedementos para a Medición de ruídos e Vibracións, anexo á ordenanza, a Alcaldía podía establecer "limitacións máis restritivas" no uso das fontes sonoras polos citados establecementos. Considérase que dentro deste precepto, cando se aludía á facultade da Alcaldía para establecer limitacións máis restritivas, posibilitábase a facultade de declarar unha zona como ZAS.

Considerando que nin a Lei Galega 7/1997, nin o seu Regulamento de desenvolvemento, nin a Ordenanza Municipal establecían o procedemento para a declaración da ZAS, así como tampouco fixaban os efectos que dita declaración

podería conlevar, deficiente regulación que contrasta coa minuciosidade con que se regula noutras CCAA, tales como Andalucía, Madrid ou Comunidade Valenciana, por seguridade xurídica, previa ou simultaneamente á declaración polo Pleno desta Corporación, no seu caso, dunha zona da cidade como Acusticamente Saturada debíase modificar o teor do artigo 17 da Ordenanza co obxecto de establecer o procedemento administrativo a seguir para adoptar devandita declaración, as condicións en que é posible aprobala, así como os efectos que podería conlevar unha declaración desa índole. En todo caso, condicionouse a validez da declaración á entrada en vigor da modificación do art. 17 da ordenanza.

PROPOSTA: Desestimar a alegación presentada neste punto.

- *Ausencia de xustificación do criterio adoptado para a delimitación xeográfica da ZAS e procedencia da realización de novas medicións sonométricas ao considerar que as obrantes no expediente administrativo nº 4848/306, datando dos anos 2005 e 2006, non poden ter validez permanente xa que non se pode pretender que os seus niveis se manteñan inalterables durante anos.*

A delimitación xeográfica da ZAS atópase debidamente xustificada no informe nº 08/2007/ZS, en relación cos informes números 51/2005/ZS, 42/2006/ZS e 7/2007/ZS. Estes informes foron elaborados pola entidade "Acusti Control, S.L", entidade homologada pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para efectuar medicións en contaminación acústica e vibracións, e conformados polos Técnicos Municipais mediante informes de 10.10.2005 e 23.02.2007.

As medicións sonométricas, obrantes no exp. nº 4848/306, constataron que o promedio semanal en período nocturno no ambiente exterior, superaba en mais de 15 dB(A) o nivel máximo permitido na Táboa 1 do Manual Anexo á Ordenanza. Considerando o informe da Xefatura de Licenzas de Actividades e Instalacións de 29.01.2007, con relación ao número de actividades que se desenvolven nas rúas que se pretenden declarar ZAS, conclúese que dende o pasado mes de maio de 2005 non constan comunicacións de renuncia a licenzas de actividades existentes nos devanditos ámbitos, sen prexuízo dos cambios de titularidade ou novas licenzas de actividade que foran outorgadas. Asemade, considerando os informes da Xefatura de Área de Seguridade e Circulación de 14.02.07 e do Técnico Supervisor de Medio Ambiente de 21.02.07, á vista das actuacións municipais realizadas nesas zonas con relación ao tráfico, conclúese que da execución das mesmas non se deriva unha diminución dos niveis de ruído ao ambiente exterior constatados nas devanditas medicións.

Asemade, entre o 05.03.2007 e o 02.04.2007, o Concello repetiu a realización de novas medicións nas rúas Rosalía de Castro, Areal e Lepanto, concluindo que os resultados das medicións de 2005 non variaron significativamente, en todo caso, obsérvase un aumento de decibelios na maioría das novas medicións (vid. informe nº 34/2007/ZS, de 23 de xullo de 2007).

Polo exposto, considerando que o número de actividades existentes nesas zonas non ten variado, se cabe aumentado, que non se realizou ningunha actuación municipal que implicase a redución dos niveis de ruído ocasionado polo tráfico, que

o número de queixas e denuncias por contaminación acústica non descendeu, se cabe aumentaron, e á vista do informe nº 34/2007/ZS, do 23 de xullo de 2007, conclúese que a situación acústica constatada polas medicións santométricas obrantes no expediente nº 4848/306 (informes nº 51/2005/ZS e 42/2006/ZS) non variou.

PROPOSTA: Desestimar a alegación presentada neste punto.

- *Discordancia das denominacións das actividades da ordenanza coas denominacións recollidas no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia (Decretos 292/2004- 160/2005) e incumprimento polo Concello de Vigo da obrigaón contida na disposición transitoria primeira do Decreto 292/2004, obrigaón previa á modificación da ordenanza.*

Con relación ás denominacións das actividades nocturnas ás que se refire a táboa 4 do Manual de Procedementos anexo á Ordenanza, considerando o disposto no art. 2.1 do Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, devanditas denominacións deberán axustarse ás denominacións recollidas no Catálogo (modificado polo Decreto 160/2005, de 2 de xuño).

Polo exposto, dáse por reproducida a contestación da alegación nº 3, realizada pola Federación Provincial de Empresarios de Hostalería de Pontevedra (nº doc 70059949).

PROPOSTA: Estimar parcialmente, no senso indicado, a alegación presentada por dona Luísa Estévez Martínez con rexistro de entrada 23.05.2007 e doc. nº70062031.

- *A medida de suspensión do outorgamento, ampliación ou modificación das licenzas de determinadas actividades vulnera o disposto no art. 38 CE.*

A declaración de Zona Saturada e as medidas adoptadas non vulneran o principio de liberdade de empresa. Devandita declaración é unha expresión da competencia municipal en materia de protección do medio ambiente (arts. 25.2.f LRBRL e 80.2.f. LALGA). Non cabe falar da incompetencia do Concello para ditar acordos, como o da Zona Saturada, que veñan a impedir usos permitidos polo PXOU, nin cabe falar de vulneración do principio de igualdade e liberdade de empresa recoñecido no art. 38 da CE. Falar de incompetencia municipal suporía negar a posibilidade de regulación de usos inherentes a potestades pacíficas recoñecidas e amparadas pola mesma Constitución como as urbanísticas ou medioambientais. Neste sentido vense pronunciando de xeito reiterado a doutrina xurisprudencial, por todas STSX de Andalucía de 24.09.1999 (RJCA 1999\3998).

PROPOSTA: Desestimar a alegación presentada neste punto.

- *Improcedencia da posibilidade de adoptar a medida de restrición de horarios de funcionamento das actividades ao se tratar dunha competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia.*

De acordo co informe da Directora Xeral de Interior de 06.03.2007, en resposta á consulta formulada desde o Concello de Vigo, a competencia para determinar os horarios de peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia corresponde á Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, segundo o Decreto 336/1996, que a desenvolve mediante as correspondentes ordes, polo que o Concello de Vigo carece de competencia para anticipar os horarios de peche.

Manter a redacción inicialmente aprobada polo Pleno lesionaría os acordos plenarios dunha nulidade de pleno dereito ao abeiro do disposto no art. 62.1.b) LRXPAC 30/1992.

PROPOSTA: Estimar esta alegación neste aspecto, debendo modificarse a redacción do parágrafo 2º do apartado 2º do artigo 17 TER da ordenanza Municipal, eliminando dito parágrafo que di: *“Establecer horarios restrinxidos, por razón do tipo de actividade, para o desenvolvemento das actividades responsables, directa ou indirectamente, dos elevados niveis de contaminación acústica”*. De xeito concordante, propónse eliminar o apartado quinto do acordo plenario de 05.03.2007(exp. nº 4848/306). Así as cousas, modifícase a numeración dos apartados 6º, 7º, 8º e 9º de dito acordo, que pasan a ser os apartados 5º, 6º, 7º, 8º e 9º.

- Ao non se establecer un período máximo de vixencia da declaración de ZAS vulnérase o principio de seguridade xurídica.

Non cabe establecer “a priori” un período máximo de vixencia da declaración de ZAS, xa que o obxecto da mesma e das medidas que se adopten é reducir a contaminación acústica ata os niveis permitidos na Táboa 1 do Manual anexo á Ordenanza, e soamente ao acadarse ditos niveis, constatándose mediante as respectivas medicións sonométricas, poderá acordarse o cesamento da declaración. En calquera caso, no apartado oitavo do acordo plenario de 05.03.2007 (exp. 4848/306) establécese que a declaración revisarase de oficio cada tres anos.

Deste xeito o art. 17 QUARTER establece que “as medidas adoptadas coa declaración de ZAS manteranse en vigor en tanto non quede acreditada a recuperación dos niveis superados, mediante a realización de tres medicións sonométricas realizadas ao longo de tres meses, unha por mes, acompañadas de informe técnico, e se acorde o cesamento da declaración da Zona Acusticamente Saturada polo Pleno da Corporación, previa información pública, publicándose no Boletín Oficial da Provincia.” Con respecto a esta redacción do art. 17 QUARTER, no informe-proposta de 15.02.2007, obrante no expediente administrativo nº 4664/306, manifestábase que para acordar o cesamento da ZAS e alzar as medidas adoptadas, deberíase constatar a redución dos niveis sonoros exteriores ata acadar os límites establecidos na Ordenanza mediante medicións sonométricas realizadas, seguindo un criterio equitativo en virtude do principio de igualdade e proporcionalidade, de xeito análogo ás da declaración. Non resultaría axustado a dereito que para constatar a redución de niveis sonoros se estableza, para a realización das medicións, un período de tempo substancialmente diferente e

superior ao que se establece para acordar a declaración de ZAS.

Por este motivo, **PROPONSE** de oficio modificar (modificación non substancial) a redacción do art. 17 QUARTER do seguinte xeito:

“As medidas adoptadas manteranse en vigor en tanto non quede acreditada a recuperación dos niveis superados, mediante medicións sonométricas realizadas, como mínimo, durante o período de tempo establecido no art. 17.2, e se acorde o cesamento da declaración da Zona Acusticamente Saturada polo Pleno da Corporación Municipal, previa tramitación do expediente administrativo onde figurarán os preceptivos informes técnicos e xurídicos, publicándose no Boletín Oficial da Provincia.”

Asemade, **PROPONSE** desestimar neste punto a alegación presentada por dona Luísa Estévez Martínez con rexistro de entrada 23.05.2007 e doc. Nº70062031.

ALEGACIÓN Nº 7.

ALEGANTE: Dona Luísa Estévez Martínez

DATA DE REXISTRO: 23.05.2007.

Nº DOC: 70062033.

CONTIDO E VALORACIÓN: Alegación ao exp. 4664/306.

- *Coa regulación que establece o art. 17 da ordenanza, respecto ás ZAS (exp. 4664/306), créase “ex novo” unha figura inexistente no noso ordenamento xurídico, vulnerando o principio de xerarquía normativa e reserva de lei.*
- *Improcedencia da modificación do art17 da ordenanza por incumprimento previo do anterior art. 17 e falta de competencia municipal.*
- *Discordancia/Descatalogación das denominacións das actividades da Ordenanza (art. 17 TER 2) coas denominacións recollidas no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 292/2004) e incumprimento polo Concello de Vigo da obrigaón contida na disposicións transitoria primeira do devandito Decreto, obrigaón previa á modificación da ordenanza.*
- *Improcedencia da medida de restrición de horarios de funcionamento das actividades ao tratarse dunha competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia (Vid art. 17 TER 2 da ordenanza).*
- *A medida de suspensión do outorgamento, ampliación ou modificación das licenzas de determinadas actividades vulnera o disposto no art. 38 CE.*
- *Ao non se establecer un período máximo de vixencia da declaración de ZAS vulnérase o principio de seguridade xurídica.*

En resposta a estas alegacións dánse por reproducidas as contestacións realizadas na alegación nº 6, presentada pola mesma parte alegante o pasado 23.05.2007, con número de documento 70062031.

- *Improcedencia da modificación do art. 25 da ordenanza ao se eliminar as medidas correctoras de limitación de ruído para as obras e traballos na vía pública.*

Non cabe estimar esta alegación xa que a nova redacción do art. 25 da Ordenanza establece unha ambiciosa regulación dirixida a eliminar ou reducir o ruído

producido polas obras. Apóstase polo control da maquinaria que se utiliza, co obxecto de que sexa tecnicamente a menos ruidosa e a súa manipulación a máis correcta para evitar ou reducir a contaminación acústica. Asemade, introdúcense novidades tales como a obrigación dos responsables ou titulares das obras de adoptar as medidas correctoras oportunas para evitar ou, no seu caso, reducir os niveis sonoros, así como tamén establécense horarios mais restritivos de traballo co fin de garantir o dereito ao descanso dos cidadáns.

PROPOSTA: Desestimar esta alegación neste punto.

ALEGACIÓN Nº 8.

ALEGANTE: ASOCIACIÓN VIGUESA CONTRA O ruído(AVCOR).

DATA DE REXISTRO: 24.05.2007.

Nº DOC: 70062476.

CONTIDO E VALORACIÓN:

- *A modificación da ordenanza de ruídos ao non contemplar a incompatibilidade do uso residencial de vivenda co uso recreativo das actividades molestas de ocio vulnera o disposto na lexislación urbanística (art. 48 da LOUGA 9/2002).*

É o planificador urbanístico quen en virtude da cualificación asigna a cada terreo un destino público ou privado (usos lucrativos), determinando respecto destes últimos o seu uso (comercial, industrial, residencial...). A clasificación e a cualificación dos terreos réxense por criterios distintos e así se a primeira é unha operación que aparece suxeita a unha técnica de *numerus clausus*, a segunda inspírase, pola contra, nun sistema de *numerus apertus* sen tipificación legal de categorías, sendo a imaxinación do planificador a que inventa os tipos tanto na súa denominación como no seu contido, sempre dentro dos límites da racionalidade que impón o principio de interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos.

O planeamento urbanístico municipal, cumprindo coas normas de calidade urbana, procura unha razoable e equilibrada articulación de usos. A Ordenanza Municipal de ruídos, naqueles casos nos que considerou que o desenvolvemento dunha actividade molesta podería afectar aos dereitos dos veciños residentes estableceu a prohibición de exercer devandita actividade nese inmovible. Neste sentido vid. art. 15.3 da Ordenanza que establece: “ Nos locais nos que a separación coa planta superior estea constituída por un forxado de madeira e o uso previsto no edificio para a planta situada inmediatamente enriba do local sexa o residencial ou de vivenda, non se poderá instalar ningunha das actividades que implican funcionamento dentro do horario nocturno que se especifican na mencionada táboa 4 do Manual de Procedementos, exceptuando os bares, cafeterías, restaurantes e similares (pertencentes ao grupo I das actividades nocturnas da táboa 4) que non contén con equipo de reprodución sonora. Nos locais nos que a separación coa planta superior estea constituída por un forxado de formigón e o uso previsto para a planta situada inmediatamente enriba do local sexa o residencial ou de vivenda, non se poderán instalar discotecas, salas de festas, salas de baile, locais de exhibicións especiais e, en xeral, todo tipo de locais que impliquen actuacións en directo con música ou canto en vivo pertencentes ao grupo V das actividades nocturnas, e os pertencentes ao grupo 2 das actividades

diúrnas”. No mesmo sentido pronúnciase o art. 11.4.7 da ordenanza.

PROPOSTA: Desestimar a alegación neste punto.

- *O apartado 2º do art. 17 TER da Ordenanza debería contemplar máis medidas que se poderían adoptar coa declaración dunha ZAS, co fin de garantir o dereito ao descanso dos veciños. Estas medidas serían:*

A) Establecer a medida cautelar da suspensión do outorgamento de licenzas de actividade durante o procedemento de tramitación da declaración da ZAS.

Esta medida xa se establece no art.17 BIS da ordenanza por canto no acordo de aprobación inicial da proposta de declaración dunha zona como acusticamente saturada, o Pleno da Corporación Municipal poderá incluír a adopción de medidas cautelares, e a teor do exposto, unha medida cautelar podería ser a suspensión do outorgamento de licenzas de actividade durante o procedemento de tramitación da declaración.

PROPOSTA: Desestimar a alegación neste punto.

B) Anular a licenza de actividade en caso de traspaso, cesión ou subarrendamento ou sempre que a actividade non sexa desenvolvida pola persoa titular.

Con relación á medida da suspensión do outorgamento de novas licenzas de actividade, ampliación ou modificación das existentes, sinalar que dentro do concepto “modificación”, non cabe entender a novación subxectiva do titular da licenza de actividade, segundo ven pronunciándose a doutrina xurisprudencial, por todas STSX da Comunidade Valenciana de 17 de xaneiro de 2001 (RJCA 2001\1257). O espírito esencial ao que se dirixe tal decisión municipal é o de evitar a proliferación de locais de espectáculos ou establecementos musicais, para evitar o efecto acumulativo dos mesmos. Coa modificación subxectiva dunha licenza de actividade existente non se produce unha nova instalación e así, esta substitución de titularidade non afecta en absoluto á produción de ruídos ou molestias, que é a finalidade da actuación municipal.

PROPOSTA: Desestimar a alegación neste punto.

C) Modificar a redacción do parágrafo segundo do apartado 2º do art. 17 TER do seguinte xeito: “Establecer horarios restrinxidos en relación aos xerais para os locais de ocio con música e facer un seguimento continuo do seu cumprimento”.

Dáse por reproducida neste aspecto, a contestación realizada á alegación nº 6, presentada por Dona Luísa Estévez Martínez con rexistro 23.05.2007 e nº doc 70062031.

PROPOSTA: Desestimar a alegación neste punto.

D) Diminuír no ámbito territorial das ZAS, ata 5 dB(A), os límites máximos establecidos con carácter xeral para as inmisións acústicas no interior das

vivendas sitas nesas rúas.

A diminución ou non dos valores de recepción do ruído no ambiente interior, establecidos na táboa 2 do Manual anexo á ordenanza, é unha decisión discrecional do Goberno Municipal. Previa consulta aos técnicos municipais, considerouse que neste intre non se modificarían, se ben, introdúcese unha disposición adicional II na Ordenanza co seguinte teor literal: “Adóptase a obriga de revisar, pasado un ano da entrada en vigor das presentes modificacións da Ordenanza Municipal, os valores de recepción de ruído no ambiente interior, con respecto a residencial habitacións en horario nocturno da Táboa 2 do Manual”.

PROPOSTA: Desestimar a alegación neste punto.

E) Establecer nas rúas próximas ás declaradas como ZAS unha zoa de servidume, denegando o outorgamento de novas licenzas de actividade molestas sempre que non exista unha distancia mínima de 200 metros a outra actividade existente.

Nesta liña a Corporación Municipal adoptou as medidas que considerou pertinentes e deste xeito, engádese un apartado 4º ao artigo 15 da Ordenanza que ten o seguinte teor literal: “...Co fin de evitar a concentración deste tipo de locais e impedir que se produzan zonas saturadas de ruídos pola acumulación de locais de lecer con música, non se outorgará ningunha licenza deste tipo de locais en calquera emprazamento de uso característico ou predominante residencial, sempre que exista a unha distancia menor de cen metros (100 m) un local de lecer con música que conte con licenza concedida ou en trámite. Dita distancia medirase en liña recta sobre a vía pública entre os puntos medios das respectivas fachadas dos locais. Asemade, non poderá estar incluído ningún local deste tipo no interior dun círculo de 50 metros de radio co centro no punto medio da fachada do local que solicita licenza de actividade. As devanditas medidas serán extensivas a todas as actividades nocturnas pertencentes aos grupos II, III, IV e V e dentro das do grupo I aos salóns de xogos recreativos da Táboa 4 do Manual de Procedementos”.

PROPOSTA: Desestimar a alegación neste punto.

F) Incrementar a inspección dos locais de ocio existentes nas ZAS co obxecto de verificar o cumprimento da normativa vixente.

A inspección municipal realízase ao abeiro do disposto no art. 34 do RAMINP (D 2414/1961), posto que obtida a licenza de actividade clasificada non poderá comezar exercerse sen que antes o funcionario técnico competente xire visita de inspección non só da actividade de que se trate, senón tamén pola natureza do dano que poida causarse. En todo caso, unha vez posta en marcha a actividade clasificada, de recibirse denuncia, xirase visita de inspección á mesma co obxecto de comprobar as condicións de funcionamento. Polo exposto, considerando os limitados medios persoais dos que dispón calquera Administración, as visitas de inspección deben realizarse do modo exposto.

PROPOSTA: Desestimar a alegación neste punto.

G) *Determinar a presenza obrigatoria das forzas e corpos de seguridade nas ZAS.*

No Protocolo da Actuacións (Exp. 4848/306) inclúense medidas neste senso, así: Incrementábase o control policial nas ZAS, co obxectivo fundamental de controlar o cumprimento dos horarios de peche dos establecementos con remisión inmediata das denuncias polos incumprimentos á Consellería de Xustiza e, asemade, controlar que os usuarios dos locais non produzan molestias ao veciñanza. Tamén controlábase pola Policía Local a prohibición de expender bebidas alcohólicas polos establecementos comerciais dende as 22:00 horas ata as 09:00 horas do día seguinte, con remisión inmediata das denuncias á Dirección Xeral competente en materia de comercio de acordo co previsto no artigo 10 da Lei 13/2006, de 27 de decembro reguladora dos horarios comerciais de Galicia.

PROPOSTA: Desestimar en base aos fundamentos expostos a alegación presentada pola Asociación Viguesa contra o ruído (AVCOR), que tivo rexistro de entrada 24.05.2007 e nº doc 70062476."

Con data 1 de outubro, o técnico de administración xeral e máis o enxeñeiro técnico industrial xefe do servizo de licenzas e actividades informan o que segue:

"Examinadas as alegacións presentadas pola Federación de Empresarios de Hostalería de Pontevedra (núm. doc. 70059949), por dona Luísa Estévez Martínez (núms. de docs. 70062033/70062031) e pola Asociación Viguesa contra o ruído (núm. doc. 70062476), polo que atinxe ao Servizo de Actividades e Instalacións informase sobre os seguintes aspectos contidos nas alegacións:

- 1.- Vulneración do previsto no artigo 2.1. do Decreto 292/2004, do 18 de novembro, modificación por D. 160/2005, do 2 de xuño, ao non adaptar as denominacións das actividades utilizadas pola ordenanza de contaminación acústica ás denominacións recollidas no catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia.

INFÓRMASE:

Por Decreto 292/2004, do 18 de novembro, modificado por Decreto 160/2005, do 2 de xuño, aprobouse o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Iso implica, por un lado, que tódalas actividades que recolle o mencionado decreto están suxeitas ao Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas e, o outorgamento das licenzas municipais seguirá o procedemento nel previsto, e na dita licenza figuran a denominación da actividade e número de identificación do referido catálogo.

Por outro, unha menor sistemática coas denominacións e números identificativos das actividades establecidas no catálogo, á hora de establecer a regulación dos

horarios destas actividades no ámbito da comunidade autónoma de Galicia e que establece a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a través da correspondente Orde.

O artigo 2º.1. do citado catálogo de espectáculos públicos establece que: *Todas as licenzas e autorizacións que sexan outorgadas polas administracións locais e autonómica para a celebración de espectáculos públicos; desenvolvemento de actividades recreativas ou de apertura de establecementos públicos adicados a esta materia, deberán axustar, en canto a súa denominación e definición, ás recollidas neste catálogo. Os números identificativos da actividade ou espectáculos recollidos nesta norma deberán de figurar nas licenzas outorgadas polos Concellos.*

Efectivamente, conforme ao citado artigo, todas as licenzas que outorgue, neste caso o Concello de Vigo, e así o ven facendo, comprendidas dentro do ámbito do dito catálogo deberán de axustarse ó dito catálogo tanto na súa denominación como facendo constar o seu número de identificación.

Pero unha cousa, é a licenza que o Concello outorgue outro moi distinta a modificación dunha ordenanza sobre contaminación acústica á que non lle resulta de aplicación o citado artigo 2.1, pois non se trata dunha licenza ou autorización, e cuxa estrutura responde a outros obxectivos distintos.

Así o obxectivo da táboa 4 incluída no manual de procedemento dentro do apartado "Valores e referencia para o nivel sonoro reverberado e o illamento acústico a considerar", é establecer tal como se indica no seu parágrafo 1.1, os valores mínimos correspondentes ó nivel sonoro xerado polas diferentes actividades e en consecuencia o illamento acústico mínimo esixido en cada caso que se ha de considerar nos estudos xustificativos sobre a insonorización dos locais, que se han de incluír nos proxectos para a súa aprobación municipal. A estes efectos establécese unha clasificación en grupos de actividades que presentan uns niveis sonoros similares, para as que son esixibles unhas mesmas condicións mínimas de illamento. É evidente que a dita clasificación ten pouco que ver cos obxectivos de regulación establecidos no Decreto 160/2005, do 2 de xuño.

Non obstante, cando a citada ordenanza queira referirse a actividades concretas do catálogo debe recoller a denominación das actividades que establece o catálogo, pois, será a que o Concello teña que empregar para outorgar a licenza. Pero isto non implica que non se poidan utilizar outros parámetros máis amplos como "*actividades con música ou canto en vivo*" ou "*actividades con música amplificada*" e que poden afectar a diversas actividades, ou a unha mesma actividade do catálogo segundo teña ou non determinadas instalacións, que non son determinantes para a súa catalogación, pero si o son para unha Ordenanza sobre contaminación acústica que responde a un obxecto moi concreto: a protección do medio ambiente (artigo 25.2. f. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local).

A ordenanza representa a capacidade normativa do concello para o que goza de autonomía (artigo 140 da Constitución Española de 27 de decembro de 1978 e artigo 1 da citada Lei 7/1985 de 2 de abril) e debe regular con claridade e determinación "*os presupostos de feito*" sobre o cal recae a norma xurídica ao

obxecto de proporcionar seguridade xurídica tanto aos administrados como á administración a hora de aplicar a norma (artigo 9.3. da CE) e que se cumpre no presente caso, pois, o administrado e a administración saben en cada caso concreto o presuposto de feito o que lle é de aplicación a ordenanza.

Por todo exposto, CONCLÚESE

a) O artigo 2.1. do decreto 292/2004, do 18 de novembro, modificación por D. 160/2005, non é de aplicación no presente caso, pois se refire a licenzas, autorizacións e non a normas ou ordenanzas concretas.

b) Con todo, cando a ordenanza se retira a actividades concretas debe empregar a terminoloxía do catálogo, pois será a que o Concello terá que empregar para outorgar licenzas.

c) Cremos axustado a dereito a utilización de verbas que contén a ordenanza e que fan referencia a "instalacións concretas xeradoras de ruídos" ao quedar perfectamente delimitados os "presupostos de feito" sobre o que recae a norma.

Debe estimarse a alegación en canto ó sinalada no parágrafo b) anterior e desestimarse nos demais aspectos. Polo tanto:

En aras a unha mellor concordancia co tipo de locais contemplados no catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia do Decreto 1602005, propónse a seguinte nova redacción dos locais pertencentes aos grupos I, III e 2 da táboa 4, en relación coa xa proposta no noso escrito de alegacións á aprobación inicial das modificacións da Ordenanza de Ruídos e o seu Manual de Procedementos de data 13 de xullo de 2007, e recibido na Oficina Municipal de Medio Ambiente en data 23 de xullo de 2007.

PROPONSE A SEGUINTE NOVA A REDACCIÓN DA TÁBOA 4 DO MANUAL DE PROCEDEMENTOS:

Táboa 4.
Actividades nocturnas.

Grupo I	Bares, cafés-bares, cafeterías, restaurantes e similares, cibers e salóns de xogos recreativos.
Grupo III	Bares, cafés-bares, pubs e restaurantes, con música amplificada e similares, así como boleiras.

Actividades diúrnas.

Grupo 2	Academias de música e locais de ensaio que impliquen aprendizaxe ou ensaio con instrumentos de música ou canto en vivo e con actividade só diúrna.
---------	--

2.- Incumprimento polo Concello de Vigo da obriga contida na disposición transitoria primeira do devandito Decreto.

INFÓRMASE:

O previsto na Disposición transitoria Primeira do Decreto 292/2004, do 18 de novembro, non é obxecto do acordo que se somete a información pública e, en consecuencia, o alegado non garda relación co sometido a información pública.

Con todo cómpre indicar que o Concello de Vigo veu procedendo á actualización das licenzas outorgadas con anterioridade á entrada en vigor do citado Decreto, fundamentalmente con motivo das comunicacións de transmisión de licenzas e mesmo respecto de titulares que expresamente solicitaron a actualización á que se refire a dita Disposición transitoria.

Aínda así, que o Concello deba adaptar de oficio as licenzas outorgadas no prazo de dous anos (rematou o 20 de febreiro de 2007), non implica que o Concello non poida seguir coa referida actualización de oficio, máis o contrario, cremos que é a súa obriga, mesmo cando se produza unha situación individualizada concreta que requira a súa actualización ou expresamente o pida calquera interesado.

Ademais, as modificacións introducidas na ordenanza afectan fundamentalmente a novas licenzas de actividade que o Concello outorgue ás que se lle aplicará o previsto no citado decreto en canto fose procedente.

Por todo exposto, CONCLÚESE:

A alegación debe ser desestimada toda vez que non é obxecto do acordo que se someteu a información pública e máximo cando, como xa se informou respecto da alegación anterior, a modificación da ordenanza deixa perfectamente clareados os "presupostos de feito sobre os que recae".

3.- No que respecta ás alegacións presentadas pola Asociación Viguesa contra ou ruído (nº doc. 70062476), e no referente ao indicado no punto 3 letra d, sobre a conveniencia de que nas vivendas situadas nas ZAS, se reduza en 5 dB(A) os límites máximos establecidos para as inmisións acústicas, con relación aos 30 dB(A) máximos establecidos con carácter xeral.

INFÓRMASE

Non somos partidarios de tal redución, xa que o límite de 30 dB(A) que se establece como nivel máximo permitido para a transmisión de ruídos aos dormitorios das vivendas en horario nocturno, é o recollido na lexislación básica que regula as inmisións de ruídos ás vivendas. Así dito límite de 30 dB(A) é o recomendado na vixente N BE-CA, e tamén é o que se fixa no borrador do CTE-DB-HR actualmente pendente de aprobación e que no seu día a substituirá. Así mesmo o borrador do Regulamento que desenvolve a Lei 372003 Básica do Ruído, establece en 30 dB(A) o límite máximo para a transmisión de ruídos aos dormitorios das vivendas en horario nocturno.

Os límites máximos establecidos polas normativas citadas fíxanse en función dos niveis que se consideran que non perturban o desenvolvemento da actividade do recinto considerado, xa que no seu normal desenvolvemento xéranse e perciben

niveis en torno aos valores limite recomendados, procedentes da propia actividade e da súa contorna, que non alteran o normal desenvolvemento da actividade do recinto onde se efectúa a medición. O propoñer limites por baixo dos devanditos valores, ao noso xuízo supón unha grave irresponsabilidade ante a imposibilidade de medir con obxectividade niveis de inmisións por baixo dos que normalmente considéranse existentes e aceptables para o normal desenvolvemento da propia actividade do recinto onde se efectúa a medición.

Con independencia de todo o anteriormente indicado, no noso escrito de alegacións á aprobación inicial das modificacións da Ordenanza de Ruídos e o seu Manual de Procedementos de data 13 de xullo de 2007 anteriormente citado, preséntase a necesidade de introdución no Manual de Procedementos un novo apartado 9.6, ao obxecto de establecer un procedemento de medición para o control dos ruídos con compoñentes importantes en baixas frecuencias. Este procedemento, que por outra banda é o que se contempla no borrador de futuro Regulamento da Lei Básica do Ruído anteriormente citado, supoñería rebaixar na práctica os límites máximos establecidos para as inmisións acústicas con relación aos máximos establecidos con carácter xeral, só nos casos que mediante o citado procedemento de medición detéctese a existencia de compoñentes importantes en baixas frecuencia.

Por todo exposto, CONCLÚESE:

Que a alegación debe ser desestimada, non obstante debe ser mantida a modificación proposta no noso escrito de alegacións á aprobación inicial das modificacións da Ordenanza de Ruídos e o seu Manual de Procedementos de data 13 de xullo de 2007, no senso de introducir no Manual de Procedementos un novo apartado 9.6, ao obxecto de establecer un procedemento de medición para o control dos ruídos con compoñentes importantes en baixas frecuencias."

O técnico supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da concelleira delegada, con data 24 de outubro de 2007 emite o seguinte informe proposta:

"1. Os municipios están legalmente habilitados para exercer competencias en materias tales como o urbanismo ou a protección do medio ambiente (Art. 25.2.d] e f] LRBRL e Art. 80.2.d] e f] LALGA), configurado este como servizo público de prestación obrigatoria para os municipios de máis de 50.000 habitantes (Arts. 26.1.d] LRBRL e 81.d] LALGA) e ámbito de actuación susceptible da actuación complementaria dos municipios (Art. 28 LRBRL e 86.1.i] LALGA).

2. Sobre a base da simultánea modificación da súa «*Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións*» (exp. nº 4664/306) e tendo en conta o previsto -en especial- na L.7/1997, do 11 de agosto, de Protección contra a contaminación acústica de Galicia (Arts. 7.4 e 17), o Concello de Vigo pretende levar a cabo unha serie de actuacións contra a contaminación acústica, para evitar e/ou reducir os danos que puidesen derivarse para a saúde humana, os bens e o medio

ambiente. Entre elas inclúese a proposta técnica de declarar Zonas Acusticamente Saturadas (ZAS) diversas rúas de Vigo, onde debido á existencia de numerosas actividades de lecer ou establecementos públicos, á actividade das persoas que os utilizan, ó ruído do tráfico inducido nesas zonas e a outras actividades que tamén inciden na saturación do seu nivel sonoro, prodúcese un elevado nivel de ruídos no ambiente exterior; isto é, zonas

3. De feito, xa o artigo 17 da Ordenanza de ruídos aprobada no ano 2000 posibilitaba que nesas zonas, nas que se superasen en máis de 15 dB(A) os niveis fixados no Manual de Procedementos para a Medición de Ruídos e Vibracións, anexo á Ordenanza, a Alcaldía establecese "*limitacións máis restritivas*" no uso das fontes sonoras, malia non fixar un procedemento formal de aprobación de tales limitacións.

4. Segundo se establece na nova redacción do artigo 17 da Ordenanza de ruídos, poderán ser declaradas ZAS aquelas zonas nas que, aínda cando cada actividade individualmente considerada cumpra cos niveis establecidos nela, o promedio semanal nocturno (nivel equivalente semanal nocturno-Leq semanal) supere en máis de 15 dB(A) os niveis máximos permitidos na emisión ó medio ambiente exterior -45 dBA- fixados na Táboa 1 do Manual de Procedementos, anexo á Ordenanza. Así as cousas, a nova redacción proposta para o artigo 17 da Ordenanza toma para definir o presuposto de feito da ZAS, os mesmos 15 dB(A) que se establecían na redacción do artigo 17 da publicada no BOP de 16.10.2000.

5. De acordo coa Táboa 1 do citado Manual, os valores límite de contaminación acústica permitidos no ambiente exterior en zonas residenciais (tipo B) son de Leq 45 dB(A) en horario nocturno e, de 55 dB(A) en horario diúrno. Polo tanto, o criterio municipal para declarar unha zona saturada por acumulación de ruídos, de acordo co disposto no artigo 17 da Ordenanza, é o seguinte: se o promedio semanal do nivel Leq nocturno > 60 dB(A) = Zona saturada de ruídos en período nocturno (se nivel Leq diúrno > 70 dB(A) = Zona saturada de ruído en período diúrno).

6. A nova regulación do artigo 17 Ter da Ordenanza de ruídos establece que será o Pleno da Corporación quen aprobe as medidas que se adoptarán no ámbito das ZAS, quedando estas zonas suxeitas a un réxime especial de actuacións de carácter temporal, que terá por obxecto a progresiva redución dos niveis sonoros exteriores, ata acadar os límites establecidos na Ordenanza.

7. Segundo o disposto na nova redacción do artigo 17 Bis da Ordenanza, corresponde ó Pleno da Corporación a aprobación das ZAS, de acordo co seguinte procedemento: aprobación inicial da proposta polo Pleno, información pública e audiencia dos/as interesados/as por un prazo mínimo de 20 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva da proposta polo Pleno.

8. A declaración de ZAS, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno, publicarase integramente no BOP, no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e na prensa local. En todo caso, condiciónase a súa validez á entrada en vigor da modificación simultánea da Ordenanza de ruídos (exp. nº 4664/306)."

Polo anteriormente exposto, o técnico informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión do 18 de febreiro, dictamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas no trámite de información pública pola «Federación Provincial de Empresarios de Hostalería de Pontevedra» e por D^a. Luísa Estévez Martínez:

- a) No sentido indicado no informe do xefe do Servizo de licenzas de actividades da Xerencia municipal de Urbanismo do 01.10.2007, a propósito da adaptación das denominacións das actividades utilizadas pola Ordenanza municipal ás recollidas no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (Decreto 292/2004).
- b) No sentido indicado no informe da técnica da admón. xeral do Servizo de Medio Ambiente de data 24.08.2007, en relación –exclusivamente– coa imposibilidade de modificación polo Concello dos horarios de peche de espectáculos e establecementos públicos.

Segundo.- Desestimar, con base no mesmo informe da técnica da admón. xeral do Servizo de Medio Ambiente do 24.08.2007, as presentadas por «Tendas de Conveniencia, S.A.», por D. David Quintanilla Álvarez («Asociación Galega de Salas de Música») e por D^a. M^a Carlota Nogueira de Abreu e outros.

Desestímase tamén a alegación formulada pola «Asociación Viguesa contra o ruído», aínda que, tal como se indica no precitado informe da xefatura do Servizo de licenzas de actividades da Xerencia de Urbanismo, introdúcese de oficio no Manual de Procedementos da Ordenanza de ruídos un novo apartado 9.6 a fin de establecer un procedemento de medición para o control dos ruídos con compoñentes importantes en baixas frecuencias, especialmente molestos.

Terceiro.- Declarar definitivamente como Zonas Acusticamente Saturadas (ZAS):

- Na súa totalidade: as rúas Alfonso XIII e Travesía Alfonso XIII, Areal, Canceleiro, Castelar, Cervantes, Churruca, Colón, Praza de Compostela, Concepción Arenal, García Olloqui, Gravina, E. Heraclio Botana, Igrexas Esponda, Inés Pérez de Ceta, Irmandiños, Isabel II, Lepanto, Luís Taboada, Matín Códax, Montero Ríos, Oporto, Pablo Morillo, Pontevedra, República Arxentina, Rogelio Abalde, Rosalía de Castro, Roupeiro, Travesía

Santiago de Vigo, Serafín Avendaño e Uruguai.

- Parcialmente: as rúas Avda. de García Barbón, do número impar 1 ata o 137 e do número par 2 ata o 102, Isaac Peral dos números pares 2 ata o 8 e Urzáiz do número 1 ata o 49.

Cuarto.- Suspender nas rúas declaradas ZAS o outorgamento de novas licenzas de apertura, ampliación ou modificación para actividades nocturnas pertencentes ós grupos II, grupo III, grupo IV, grupo V e dentro do grupo I as dos salóns de xogos e recreativos, da Táboa 4 do Manual de Procedementos anexo á Ordenanza. Esténdese dita suspensión ás licenzas das tendas de conveniencia ás que se refire o artigo 8 da Lei 13/2006, de horarios comerciais de Galicia.

Dita medida de suspensión terá efectos a partir da data de aprobación definitiva da ZAS e da entrada en vigor da modificación do artigo 17 da «*Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de rúidos e vibracións*» (exp. nº 4664/306), e será de aplicación tamén a todas as licenzas en trámite solicitadas con anterioridade a esa data.

Quinto.- Declarar igualmente que, a partir da data de aprobación definitiva da ZAS e da entrada en vigor da modificación do artigo 17 da referida ordenanza municipal, serán plenamente efectivas as seguintes medidas:

- a) Queda prohibida a permanencia das terrazas para café autorizadas nas indicadas zonas, por riba das 02:00 h. en horario de verán e das 24:00 h. no restante.
- b) Por motivos de orde público, impónse ós establecementos comerciais, tipo tendas de conveniencia, situados nas rúas antes sinaladas, que teñan na súa oferta bebidas alcohólicas, a prohibición de expender este tipo de bebidas desde as 22:00 h. ata as 09:00 h. do día seguinte de acordo co previsto no artigo 10 da Lei 13/2006, de horarios comerciais de Galicia.

Sexto.- Revisar a presente declaración de ZAS cada tres anos.

Sétimo.- Aprobar o protocolo de actuacións anexo, transcrito ó final deste acordo.

Oitavo.- Notificar o presente acordo ós alegantes e, ó abeiro do disposto nos artigos 70.2 Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 196.2 do ROF (RD 2568/1986), publicalo no BOP xunto co seu Protocolo de Actuacións anexo.

Noveno.- Segundo o previsto nos artigos 1, 8.1, 25.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, 107.3, 109 e concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do

procedemento administrativo común, 52 da LRBRL e 209 e ss. do ROF, o acordo de aprobación definitiva da ZAS pon fin á vía administrativa e contra o mesmo caberá interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao da publicación íntegra do acordo plenario ao abeiro do disposto nos artigos 116 e 117 da LRX-PAC; ademais poderá interpoñerse directamente, por quen se considere lexitimado/a, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación íntegra do acordo; sen prexuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

ANEXO

PROTOCOLO DE ACTUACIÓNS

Nas rúas declaradas Zonas Acusticamente Saturadas (ZAS) seguirase o seguinte protocolo de actuacións:

FASE I:

- Elaboración do Catálogo de locais de ocio nocturno sitos nas ZAS: comprenderá a relación de bares e café-bares sen música, restaurantes, bodegas, mesóns, taparías, bocaterías, salas de xogos, bares e café-bares con música, pubs, discotecas, café-concertos e similares, existentes nesas zonas. Realizarase unha análise das deficiencias observadas no que se refire á presunta contaminación acústica.
- Verificarase se os devanditos locais posúen licenza de actividade e, de ser o caso, se desenvolven dita actividade axustándose á licenza de que dispoñen. De observaren anomalías, remitiranse as actuacións ao Servizo de Disciplina Urbanística da Xerencia de Urbanismo para restaurar a legalidade urbanística.
- Deseño dunha campaña dirixida a mozos e mozas e aos empresarios do sector da hostalería, que terá por obxecto a concienciación e sensibilización da poboación sobre a problemática derivada do ruído da movida nocturna.
- Incrementar o control policial nas ZAS. Especialmente, controlarase o cumprimento dos horarios de peche polos establecementos con remisión inmediata das denuncias polos incumprimentos á Consellería de Xustiza e, asemade, controlarase que os usuarios dos locais non produzan molestias á veciñanza.
- Controlarase pola Policía Local a prohibición de expender bebidas alcohólicas polos establecementos comerciais dende as 22:00 h. ata as 09:00 h. do día

seguinte, con remisión inmediata das denuncias á Dirección Xeral competente en materia de comercio, de acordo co previsto no artigo 10 da Lei 13/2006, do 27 de decembro, reguladora dos horarios comerciais de Galicia.

- Adscribir de modo permanente dous axentes da policía local para a realización de medicións santométricas en todo o termo municipal de Vigo.

FASE II:

- Tramitación preferente dos procedementos sancionadores por contaminación acústica referidos aos locais sitos nas ZAS. Á hora de graduar a sanción a aplicar neste tipo de procedementos, considerarase o feito de que a infracción tivese sido cometida no ámbito territorial dunha ZAS.
- Tramitación preferente dos procedementos de restauración da legalidade urbanística referidos aos locais sitos nas ZAS.
- Con relación aos establecementos que dispoñan de licenza de actividade e desenvolvan a mesma axustándose a ela, no caso de se detectar incumprimentos da normativa sobre contaminación acústica (ex. ausencia de dobre porta, instalación de equipos de ventilación e climatización en fachadas ou patios...), adoptar medidas correctoras ou de control.

6.- (25).- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO ORGÁNICO DO REXISTRO DE INTERESES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1245/110.

ANTECEDENTES.- Con data 7 de xaneiro de 2007, o secretario xeral do Pleno emite o seguinte informe:

"LEXISLACIÓN APLICABLE.

- CE.- Constitución Española 1976.
- RBRL.- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- EBEP.- Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

ANTECEDENTES.-

A Disposición Adicional Novena 3. da Lei 8/2007, do 28 de maio modifica o artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local referido ó Rexistro de Intereses, o apartado 5 da Disposición e introduce unha nova Disposición Adicional Decimo quinta na devandita Lei 7/1985 que advirte, no seu apartado 2, que o réxime previsto no novo artigo 75.7 é de aplicación ó persoal directivo local e a determinados funcionarios de habilitación de carácter estatal.

A modificación xerada na Lei 7/1985 obriga a regular, dende a normativa

municipal, determinados aspectos do mencionado Rexistro principalmente no que se refire á publicidade das declaracións que o integran, prazos para a súa presentación, xestión rexistral e concreción das persoas obrigadas a formalizalas.

O parágrafo cuarto do artigo 75.7 da Lei 7/1985 sinala: “As declaracións anuais de bens e actividades serán publicadas con carácter anual, e en todo caso no momento de finalización do mandato, nos termos que fixe o Estatuto Municipal”, o parágrafo quinto seguinte indica que o Rexistro de Intereses ten carácter público.

A mención ó “Estatuto Municipal” implica sen dúbida unha norma de carácter regulamentario que, ó afectar ó réxime xurídico aplicable os membros da Corporación, tan só pode ter natureza orgánica.

O art. 123.2 da LBRL advirte que a aprobación e modificación dos regulamentos de natureza orgánica necesitan do voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, por outra banda o art. 122.5.e).2º da mesma lei sinala que o asesoramento legal ó Pleno por parte desta Secretaría Xeral será preceptivo cando este órgano deba adoptar acordos que necesiten ser aprobados por maioría especial, é dicir, por maioría absoluta. Cumprimentando tal mandato legal emítese o seguinte,

INFORME.

A publicidade e o carácter público que respecto do Rexistro de Intereses predica a Lei hai que necesariamente conciliála co dereito fundamental á intimidade persoal e familiar previsto no artigo 18 da Constitución que debe operar como límite infranqueable. Os bens e dereitos patrimoniais de calquera persoa intégranse na súa dignidade e pertencen ó ámbito máis reservado da vida privada. Aínda así o desempeño de determinados cargos públicos da lugar a que tal dereito se atope sometido a límites derivados precisamente do carácter público do cargo, límites entre os que se atopa o Rexistro de Intereses que obriga á declaración veraz dos bens que se posúen para, a través del, comprobar que o exercicio da función se realiza, non cun interese persoal e de lucro, senón, cunha exclusiva idea de servizo. Que isto sexa así non quere dicir que esa comprobación ou consulta poda ser de xeral coñecemento cidadán pois tal xeneralidade daría lugar á desaparición da intimidade protexida, en definitiva, do dereito fundamental o que non quere dicir que non poida ser levada a cabo por quen, a través do seu cargo e libremente elixidos, representan democraticamente á cidadanía nos asuntos públicos (art. 23.1 CE), é dicir, polos propios concelleiros que non deberán alegar condición de interesado -publicidade indirecta-, pois se nin sequera isto fora posible de nada serviría o Rexistro, o seu carácter público e as prevencións e controis que a través del se establecen e que o proxecto do Regulamento contempla.

As demais cuestións que se reflicten no regulamento tamén son acordes co ordenamento xurídico aplicable debéndose non obstante clarexar que a mención que a lei efectúa ó “persoal directivo local” debe ser entendida como mención ás persoas que desempeñan postos adscritos a órganos directivos, arts. 130.1 b) e 130.2. da LBRL, que nada teñen que ver co “persoal directivo” do art. 13 da EBEP ó responder estes a outros fins e obxectivos radicalmente distintos.

Previamente a súa aprobación polo Pleno co voto favorable da maioría absoluta, o proxecto de regulamento deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local."

O concelleiro delegado de Réxime Interior, en data 8 de xaneiro, propón a aprobación do proxecto de regulamento.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 21 de xaneiro, acordou aprobar o proxecto de Regulamento facendo constar no seu apartado primeiro o seguinte: "...se ben se especificará no proxecto a forma na que deberán facerse constar as modificacións das circunstancias de feito que alteren os datos que consten no rexistro".

Incluído novamente na relación de asuntos da Xunta de Goberno do día 14 de xaneiro, retirouse da orde do día.

Por escrito de data 6 de febreiro de 2008 o concelleiro delegado da Área de Réxime Interior informa que as especificacións a introducir sinaladas pola Xunta de Goberno relativas á modificación de dos datos do Rexistro, xa aparecen recollidas nos arts. 3.1., 3.2 e 3.3, polo que non procede realizar a mellora indicada. Polo exposto, o concelleiro asinante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de febreiro, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o "Regulamento Orgánico do Rexistro de Intereses do Concello de Vigo" segundo o texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Proceder, mediante anuncio no BOP á exposición pública do Regulamento ó obxecto de que os interesados presenten as reclamacións e suxestións no prazo de trinta (30) días.

Terceiro.- Considerar aprobado definitivamente o Regulamento no suposto de que non se presentaran reclamacións ou suxestións no prazo indicado debéndose nese caso publicar integramente o texto regulamentario no BOP a efectos da súa entrada en vigor.

ANEXO

REGULAMENTO DO REXISTRO DE INTERESES DO CONCELLO DE VIGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Disposición Adicional Novena 3, da Lei 8/2007, do 28 de maio modifica o artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local referido ó Rexistro de Intereses, o apartado 5 da Disposición e introduce unha nova Disposición Adicional Decimo quinta na devandita Lei 7/1985 que advirte, no seu apartado 2, que o réxime previsto no novo artigo 75.7 é de aplicación ó persoal directivo local e a determinados funcionarios de habilitación de carácter estatal.

A modificación xerada na Lei 7/1985 obriga a regular, dende a normativa municipal, determinados aspectos do mencionado Rexistro principalmente no que se refire á publicidade das declaracións que o integran, prazos para a súa presentación, xestión rexistral e concreción das persoas obrigadas a formalizalas.

O parágrafo cuarto do artigo 75.7 da Lei 7/1985 sinala: “As declaracións anuais de bens e actividades serán publicadas con carácter anual, e en todo caso no momento de finalización do mandato, nos termos que fixe o Estatuto Municipal”, o parágrafo quinto seguinte indica que o Rexistro de Intereses ten carácter público.

Sen prexuízo de entender que as denominadas “declaracións anuais” tan só pódense referir ás liquidacións tributarias mencionadas “in fine” no parágrafo segundo, a publicidade e o carácter público que respecto do Rexistro de Intereses predica a Lei hai que necesariamente conciliála co dereito fundamental á intimidade persoal e familiar previsto no artigo 18 da Constitución que debe operar como límite infranqueable. Os bens e dereitos patrimoniais de calquera persoa intégranse na súa dignidade e pertencen ó ámbito máis reservado da vida privada. Aínda así o desempeño de determinados cargos públicos da lugar a que tal dereito se atope sometido a límites derivados precisamente do carácter público do cargo, límites entre os que se atopa o Rexistro de Intereses que obriga á declaración veraz dos bens que se posúen para, a través del, comprobar que o exercizo da función se realiza, non cun interese persoal e de lucro, senón, cunha exclusiva idea de servizo. Que elo sexa así non quere dicir que esa comprobación ou consulta poda ser de xeral coñecemento cidadán pois tal xeneralidade daría lugar á desaparición da intimidade protexida, en definitiva, do dereito fundamental o que non quere dicir que non poida ser levada a cabo por quen, a través do seu cargo e libremente elixidos, representan democraticamente á cidadanía nos asuntos públicos (art. 23.1 CE), é dicir, polos propios concelleiros que non deberán alegar condición de interesado -publicidade indirecta-, pois se nin sequera isto fora posible de nada serviría o Rexistro, o seu carácter público e as prevencións e controis que a través del se establecen e que este Regulamento contempla.

Artigo 1.- Obxecto.

O presente regulamento ten por obxecto desenvolver o sinalado no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, creando a tal efecto o Rexistro de Intereses do Concello de Vigo e establecendo a publicidade das declaracións que o integran, prazos de presentación, xestión rexistral e concreción das persoas obrigadas a formalizalas.

Artigo 2.- Obriga de formular declaracións.

Ó obxecto de que se integren no Rexistro de Intereses os Concelleiros do Concello de Vigo, os membros da Xunta de Goberno Local que non teñan a condición de concelleiro, o persoal directivo local e os funcionarios con habilitación de carácter estatal que desenvolvan postos provistos mediante libre designación formularán as seguintes declaracións:

- 1.- Sobre as causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou lles poida proporcionar ingresos económicos.
- 2.- Sobre os seus bens patrimoniais.

Artigo 3.- Momento de efectuar as declaracións.

1.- Os concelleiros e membros da Xunta de Goberno Local efectuarán as súas declaracións antes da toma de posesión do cargo, cando se produzan variacións ó longo do mandato e no momento de rematar este. A presentación da declaración será requisito indispensable para a toma de posesión e adquirir a plena condición de membro da Corporación ou da Xunta de Goberno Local.

2.- O persoal directivo e os funcionarios con habilitación de carácter estatal efectuarán as súas declaracións antes da toma de posesión do posto, cando se produzan variacións e no momento de cesar no posto.

3.- O prazo para declarar as variacións que afecten ós datos reflectidos en calquera das declaracións será dun mes dende que se produza. A declaración de remate de mandato, renuncia ou cesamento correspondente a bens patrimoniais presentarse no prazo de dous meses á dita circunstancia.

4.- As declaracións asinaranse ante o Secretario Xeral do Pleno, os datos nelas contidos non necesitarán acreditación mediante escrituras, certificacións ou calquera outra clase de documento. No momento da súa presentación facilitarase ó interesado unha copia selada e cotexada.

5.- De se dar as circunstancias que sinala o artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, as persoas sinaladas no apartado 1 poderán acreditar ante o Secretario Xeral a presentación de declaracións a través do certificado que se indica en dito precepto. O Secretario fará constar esta circunstancia no Rexistro.

6.- Anualmente, nos dous meses seguintes ó remate do prazo legalmente establecido para a súa presentación ante a Administración Tributaria, as persoas sinaladas no artigo 1 presentarán copia compulsada das declaracións tributarias correspondentes ó imposto sobre a renda das persoas físicas e, no seu caso, patrimonio e sociedades, estes documentos achegaranse á declaración de intereses económicos, bens e dereitos patrimoniais.

Artigo 4.- Exame de incompatibilidades e declaración.

- 1.- Corresponderá ó Secretario Xeral do Pleno emitir ditame sobre a existencia

de causas de incompatibilidade dos concelleiros electos e dos membros da Corporación. No suposto de que o ditame advirta causa de incompatibilidade, darase traslado do mesmo ó interesado ó obxecto de que alegue o que considere conveniente. A declaración de incompatibilidade, escoitada a Xunta de Voceiros, corresponderá á Alcaldía en funcións no caso de concelleiros electos e ó Pleno no caso de membros da Corporación. Cando se declare a situación de incompatibilidade o afectado, trala súa notificación, optará, no prazo de dez días, entre renunciar á condición de concelleiro ou ó abandono da situación que da lugar á incompatibilidade.

2.- Transcorrido o prazo sinalado no número anterior sen terse exercitado a opción, entenderase que o afectado renuncia o seu posto de concelleiro debendo declararse polo Pleno a vacante correspondente poñendo o feito en coñecemento da Administración Estatal.

Artigo 5.- Modelos de declaración.

1.- As declaracións realizaranse conforme os modelos indicados no anexo a este Regulamento e se inscribirán no Rexistro de Intereses que constará de dous libros:

- a) Libro de actividades e causas de incompatibilidade
- b) Libro de intereses económicos, bens, dereitos patrimoniais e declaracións tributarias.

2.- Diferenciaranse os libros que integren as declaracións dos Concelleiros e dos membros da Xunta de Goberno Local e os que integren as declaracións do persoal directivo local e as dos funcionarios con habilitación de carácter estatal.

3.- O Rexistro de Intereses se levará na Secretaría Xeral do Pleno baixo a responsabilidade, dirección e custodia do titular deste posto, a quen lle corresponderán as funcións de fe pública respecto de todos os aspectos relacionados co Rexistro.

4.- A cada persoa con obriga de declarar se lle asignará un número de declarante que permanecerá invariable durante o exercicio do seu cargo ou posto.

5.- Os libros serán de follas móbiles seladas e con numeración correlativa respecto de cada declarante asinando todas elas o/a declarante e o Secretario Xeral do Pleno. As distintas follas que integren as declaracións tributarias sinaladas no artigo 2.6 tamén serán obxecto de numeración. No caso das declaracións dos concelleiros e membros da Xunta de Goberno Local procederase á encadernación dos libros unha vez sexan presentadas as declaracións correspondentes ó final do mandato.

6.- A xestión do Rexistro garantirá a inalterabilidade e permanencia dos seus datos, así como a seguridade no acceso e uso dos mesmos. O persoal da Secretaría Xeral que, por razóns das súas funcións, teña acceso ós contidos do Rexistro ten o deber de gardar segredo profesional respecto ós datos e informacións.

Artigo 6.- Acceso ó Rexistro.

1.- O Libro referido a actividades e ás causas de incompatibilidade terá carácter público, o seu acceso rexeráse polas seguintes regras:

a) Calquera cidadán a título individual ou en representación de persoa xurídica que desexa coñecer as declaracións presentará no Rexistro Xeral, polos medios do artigo 38 da Lei 30/1992, unha solicitude que reúna os requisitos que establece o artigo 70 da devandita lei con indicación dos datos da persoa cuxa declaración de actividades interese. As solicitudes xenéricas non serán admitidas.

b) Non será requisito que o petionario ostente interese directo ou lexítimo.

c) Autorizado o acceso por decreto da Alcaldía e posto tal feito en coñecemento do declarante, a publicidade farase efectiva mediante comparecencia do solicitante ante o Secretario Xeral do Pleno que lle exhibirá a declaración correspondente.

d) No suposto de que se solicite certificado este será expedido polo Secretario.

2.- O Libro referido a intereses económicos e bens e dereitos patrimoniais ten unha publicidade indirecta. Poderán ter acceso ó mesmo, ademais do propio interesado, as seguintes persoas e órganos:

a) As comisións de investigación que se poidan constituír polo Pleno, os membros da Corporación e os membros da Xunta de Goberno Local cando isto sexa necesario para o exercicio das súas funcións e do seu cargo.

b) Os órganos xudiciais para a instrución ou resolución de procesos que requiran o coñecemento de datos que obren no Rexistro de conformidade co disposto nas leis procesais.

c) O Ministerio Fiscal cando realice actuacións de investigación no exercicio das súas funcións que requiran o coñecemento dos datos obrantes no Rexistro.

3.- No suposto de que o acceso ó Libro de intereses económicos sexa solicitado por un membro da Corporación ou da Xunta de Goberno Local a petición formalizárase por escrito no que se acreditarán as razóns, a identificación da persoa á que se refire a información e os datos concretos dos que se quere ter constancia. A solicitude, que será posta en coñecemento do declarante, resolverase pola Alcaldía previo informe do Secretario Xeral do Pleno agás nos casos que se limiten a solicitar copias da súa declaración en cuxo caso o Secretario Xeral entregarallas directamente. O acceso farase efectivo mediante a exhibición o interesado da fotocopia autenticada ou expedición de certificación relativa ás informacións concretas solicitadas. O uso desta información deberá estar en todo caso relacionado co exercicio do cargo, estando a mesma sometida ó deber de reserva ó que están obrigados os membros da Corporación.

Artigo 7.- Publicidade.

1.- Transcorridos dous meses á data na que remate a obriga de presentar ante a Administración Tributaria a declaración correspondente ó Imposto sobre a renda

das persoas físicas, o Secretario Xeral do Pleno comprobará se os obrigados do artigo 1 cumpriron dita obriga.

2.- Ós efectos da publicidade sinalada no parágrafo cuarto do artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, o Secretario, nos quince días seguintes do prazo sinalado no apartado anterior, publicará anuncio na páxina web do Concello e no Boletín Oficial da Provincia no que se fará constar o cumprimento, ou non, de tal obriga especificando, no seu caso, a identificación daqueles que non a realizaran.

3.- Ós mesmos efectos anteriores, nos quince días seguintes ós dous meses da conclusión do mandato dos corporativos e dos membros da Xunta de Goberno Local o Secretario publicará anuncio no que se fará constar o cumprimento, ou non, da obriga de presentar a declaración correspondente á finalización do mandato.

Disposición Adicional Primeira: Modificación dos modelos de declaración.

As modificacións puntuais dos modelos de declaración que figuran no anexo non implicarán modificación regulamentaria ningunha e acordaranse pola Alcaldía mediante resolución previo coñecemento da Xunta de Voceiros. Da resolución darase conta ó Pleno.

Disposición Transitoria Primeira: Identificación do Persoal Directivo Local.

Ademais do Titular da Asesoría Xurídica, do Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, do Secretario Xeral do Pleno e do Interventor Xeral Municipal, ós efectos deste Regulamento teñen a condición de persoal directivo os outros titulares dos órganos mencionados nos artigos 130.1.B e 130.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril e que como tales definan as normas municipais que determinen os niveis esenciais da organización municipal e as que adapten os Estatutos dos organismos autónomos ás previsións do Título X da Lei de Bases de Réxime Local.

Disposición Transitoria Segunda: Adaptación das declaracións presentadas ó previsto no Regulamento.

Dentro do mes seguinte á entrada en vigor deste Regulamento os concelleiros, os membros da Xunta de Goberno Local que non teñan a condición de concelleiros, o Titular da Asesoría Xurídica e os funcionarios de habilitación estatal que desenvolvan postos provistos mediante libre designación, formularán novas declaracións axustadas ós modelos do anexo.

Disposición Final: Entrada en vigor.

O presente Regulamento entrará en vigor ós quince días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

Nº...../.....

ANEXO

REGISTRO DE INTERESES

A.- LIBRO DE ACTIVIDADES E CAUSAS DE INCOMPATIBILIDADE.

Apelidos e nome:	NIF
Cargo ou posto:	

En cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime local, a persoa cuxos datos de identidade se consignan, formula declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades e manifesta, baixo a súa responsabilidade, que os datos que expón son certos.

1.- SUPOSTOS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE

2.-TRABALLO NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, ORGANISMOS, ENTIDADES, EMPRESAS PÚBLICAS OU PRIVADAS	
Denominación da entidade	Cargo

3.-ACTIVIDADES OU OCUPACIÓNS MERCANTÍS OU INDUSTRIAIS

4.- EXERCIZO DE PROFESIÓN LIBERAIS		
Colexio profesional ó que pertence	Dirección despacho, consulta, gabinete ou estudo	Nº Colexiado/a

5.-OUTRAS ACTIVIDADES

En Vigo, a . ____ . de _____ de 20__

O/A DECLARANTE

Asdo.: _____

DILIXENCIA: Para facer constar que no día de hoxe o/a declarante presenta ante o Rexistro de Intereses declaración correspondente a¹
Comprende folios rubricados na marxe polo interesado/a, procédese á súa numeración e se lle devolve copia selada e cotexada por esta Secretaría.

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

O/A DECLARANTE

Asdo.:

Asdo.:

Nº.../...

REXISTRO DE INTERESES

B.- LIBRO DE INTERESES ECONÓMICOS E BENS E DEREITOS PATRIMONIAIS.

Apelidos e nome:	NIF
Cargo ou posto:	

En cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime local, a persoa cuxos datos de identidade se consignan, formula declaración dos seus bens patrimoniais e manifesta, baixo a súa responsabilidade, que os datos que expón son certos.

1.- PATRIMONIO INMOBILIARIO

Indicarase a súa natureza (rústica ou urbana), a súa localización, a inscrición rexistral -no seu caso-, a data de adquisición e o seu valor catastral.

¹Declaración previa á toma de posesión; declaración de variacións; declaración de remate de mandato, renuncia ou cesamento no posto.

2.- PATRIMONIO MOBILIARIO.

Valores representativos de cesión a terceiros de capitais propios (Débeda pública, obrigacións, bonos, certificados de depósito, pagarés e demais valores equivalentes.

Clase de títulos	Número	Entidade emisora	Data de adquisición

3.- DEPÓSITOS EN CONTA CORRENTE OU DE AFORRO, A VISTA OU A PRAZO, CONTAS FINANCEIRAS E OUTROS TIPOS DE IMPOSICIÓNS A CONTA

Clase	Número	Entidade Financeira	Contía

4- VALORES REPRESENTATIVOS DE PARTICIPACIÓN EN FONDOS DE CALQUERA ENTIDADE (Accións e Participacións)

Clase	Descrición

5- BENS MOBLES

Obras de arte, antigüidades, xoias, peles de carácter suntuario, outras propiedades...

Clase	Descrición

6- VEHÍCULOS E EMBARCACIÓNS PROPIEDAD DO DECLARANTE

Marca e	Ano de matriculación	Matrícula	Observacións
---------	----------------------	-----------	--------------

modelo			

7.- OUTROS BENS: Seguros de vida, rendas temporais ou vitalicias, dereitos reais de uso e goce, concesións administrativas, dereitos derivados da propiedade intelectual ou industrial..., etc.	
Clase	Descrición

En Vigo, a ____ de _____ de 20__
O/A DECLARANTE

Asdo.:

DILIXENCIA: Para facer constar que no día de hoxe o/a declarante, en cumprimento do previsto no art. 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, presenta ante o Rexistro de Intereses declaración correspondente a² Comprende folios rubricados na marxe polo interesado/a, procédese á súa numeración e se lle devolve copia selada e cotexada por esta Secretaría.

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

O/A DECLARANTE

Asdo.:

Asdo.:

7.- (26).- DAR CONTA DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 10/08 PARA DOTACIÓN DE DEDICACIÓNS PARCIAIS DE CONCELLEIROS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 1 de febreiro de 2008, a concelleira delegada de Economía e Facenda manifesta o seguinte:

"Ó obxecto de dar cobertura á proposta de resolución da Alcaldía Presidencia de data un de febreiro de 2008, procede a iniciación dun expediente de modificación orzamentaria por transferencia de créditos que ten a súa fundamentación na citada resolución co seguinte contido:

A teor do acordo plenario de data 17 de xullo de 2007, o número de dedicacións exclusivas correspondentes ó Grupo municipal Socialista é de catro e de catro parciais de 19 horas.

²Declaración previa á toma de posesión; declaración de variacións; declaración de remate de mandato, renuncia ou cesamento no posto.

O Pleno da Corporación en sesión realizada o 30 de xullo, tomou en consideración a resolución da Alcaldía-Presidencia en canto ó nomeamento de dedicacións exclusivas e parciais. O Grupo municipal Socialista nomea con esta consideración dous concelleiros electos e un non electo, quedando pendente de nomeamento neste réxime outro concelleiro.

O orzamento aprobado para o ano 2008, contempla nas súas dotacións o acordo máximo en canto ós membros con dedicación exclusiva, contemplando na cuantificación da partida 1110.1000000, os catro concelleiros de dedicación exclusiva, correspondentes ó Grupo municipal do Partido Socialista, polo que para este nomeamento non require modificación orzamentaria ningunha.

En canto ás dedicacións parciais, o acordo do Pleno do 17 de xullo establecía catro dedicacións de 19 horas para o Grupo municipal Socialista. Este grupo só ten ocupadas dúas e un destes concelleiros, o Sr. López Font, pasa a dedicación exclusiva, polo que ten pendente de nomeamento a tres membros. O Pleno da Corporación en sesión realizada o 3 de setembro, acordou "Modificar o apartado cuarto do acordo do Pleno de data 17 de xullo de 2007 -número 12 da orde do día no seguinte sentido:

“Cuarto.- Os voceiros dos grupos políticos municipais poderán comunicar á Alcaldía a decisión do grupo de dividir unha ou varias dedicacións exclusivas das que correspondan ó seu grupo en dúas ou máis parciais de características idénticas ás sinaladas; así mesmo poderase propoñer a agrupación de dúas ou máis dedicacións nunha ou máis exclusivas e inclusive agrupar os importes retributivos de varias dedicacións exclusivas e parciais ó obxecto de xerar novas dedicacións exclusivas ou parciais coa contía retributiva que resulte, que, no caso de ser parciais, non poderán superar os importes previstos nos apartados segundo e terceiro. Nestes supostos non será necesaria a modificación do presente acordo e facúltase á Alcaldía a resolver en base á comunicación a ela dirixida. Da resolución darase conta ó Pleno.”

En consecuencia con isto, o Grupo municipal do partido Socialista transforma tres parciais de 19 horas cunha dotación inicial de 32.279,88 euros, actualizada a 33.248,28 euros cada unha en catro parciais de 9 horas dun custo de 16.166,14 euros cada unha, resultando un custo para a totalidade das parciais de 97.912,83 euros, mentres as catro parciais de 19 horas teñen un custo de 132.993,12 euros.

Os Sres. concelleiros que pasan a dedicación parcial, deixarán de ser indemnizados por asistencia a sesións de órganos colexiados, polo que a dotación estimada da partida 1110.2300200 aprobada por un importe de 75.000 euros para facer fronte ás indemnizacións de sete membros da Corporación, pode ser diminuída por un importe de 10.714,29 euros por concelleiro, totalizando 42.857 euros.

En canto ás partidas que son obxecto de diminución, poden selo sen que isto supoña perturbación ningunha do servizo ou abandono de programas presupostados.

Por todo o anterior, en orde a atender a resolución precitada, propónse a seguinte

modificación orzamentaria por transferencia de crédito dentro do mesmo grupo de función:

ORIXES	
1110.2300200	42857,00
1110.2270607	21807,64
APLICACIÓNS	
1110.1000000	64.664,64

Con data 4 de febreiro o interventor xeral emite informe favorable a modificación orzamentaria proposta.

Por decreto da mesma data 4 de febreiro, a Alcaldía-Presidencia dita a seguinte resolución:

"Aprobar o expediente de modificación de crédito núm. 10/08, coa finalidade de atender os gastos que se deriven das dedicacións parciais dos concelleiros do Grupo municipal do Partido Socialista e someter o presente expediente a coñecemento da Corporación".

Do anterior Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

8.- (27).- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 13/08 PARA REMODELACIÓN DE BEIRARRÚAS NA AVDA. DE CASTELAO. EXPTE. 54754/250.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de febreiro, o xefe adm. da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras e máis o enxeñeiro xefe de Vías e Obras, coa conformidade da concelleira delegada, informan do que segue:

"No orzamento de investimentos do servizo de Vías e obras aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación na sesión plenaria do 20 de decembro de 2007 para este exercicio 2008 contéplanse unha partida para as obras seguintes:

<u>Partida</u>	<u>Importe</u>	<u>Concepto</u>
5110.611.00.09	500.000,00 €	Humanización Avda. Europa, Fase I

Sen embargo no estudo previo a redacción do proxecto realizado por parte dos técnicos do servizo de Vías e Obras resulta que as obras de humanización a

executar, nalgún dos tramos do vial terían que se realizar en terreos situados á marxe da calzada que son de titularidade privada que é necesario negociar a súa cesión por parte dos propietarios ou ben iniciar os respectivos expedientes de expropiación para poder dispoñer dos mesmos.

Dado o tempo que levará a tramitación de ditas cesións ou expropiacións será materialmente imposible realizar dito investimento neste exercicio económico.

Por outra banda dentro da mesma área xeográfica de influencia dos tráxicos de peóns entre a zona urbana e o acceso a área de espaxamento de Samil están as beirarrúas da Avda. de Castelao que é necesario humanizar, sobre todo polo seu estado, a beirarrúa que discorre preto das edificacións de dita Avda. na marxe dos números pares da mesma.

Polo exposto, esta Concellería de Servizos Xerais e Vías e Obras propón ó Pleno da Corporación a modificación presupostaria que consiste en cambiar a finalidade do crédito presupostario existente para a humanización da Avda de Europa ás obras de humanización da beirarrúa da Avda de Castelao no marxe que discorre lindando coas edificacións dos números pares da mesma polo mesmo importe da partida (500.000,00 €)

Cumpre dicir que este cambio de finalidade non supón ningunha variación na totalidade do presuposto

Previamente a someter o expediente á consideración do Pleno da Corporación, será preciso o informe da Intervención Xeral, en canto a fiscalización do gasto."

A seguir os funcionarios informantes propoñen o cambio da finalidade do crédito presupostario existente para "Humanización da Avda. de Europa" destinando o mesmo ás obras de "Humanización de beirarrúas da Avda. de Castelao".

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de febreiro, ditamina favorablemente.

Con data 19 de febreiro o interventor xeral emite informe favorable á presente modificación de crédito.

Na mesma data do 19 de febreiro a concelleira delegada de Economía e Facenda emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DEBATE.- SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Trátase de cambiar dentro do orzamento de investimentos de Vías e Obras o crédito existente para a avenida de Europa e destinalo á humanización da beirarrúa dos números pares da avenida de Castelao.

En principio téñase pensado arranxar as beirarrúas da avenida de Europa pero unha vez que empezamos facer os estudos para redactar o proxecto por parte dos

técnicos de Vías e Obras, resulta que as obras de humanización a executar nalgúns dos tramos teríanse que realizar en terreos situados na marxe da rúa que son de titularidade privada e por iso hai que negociar a súa cesión por parte dos propietarios ou ben iniciar os respectivos expedientes de alleamento para poder dispoñer dos mesmos.

Como o tempo era limitado e hai que facer xa os expedientes de acordo coa Lei de contratos, tendo en conta tamén a situación de desenvolvemento do futuro PXOM, do Plan de Navia e dos distintos PERIs que se contemplan e que limitan coa devandita avenida nos que as urbanizacións das marxes corresponderían ás distintas xuntas de compensación, así como o tempo que levaría a tramitación das cesións; vendo que a beirarrúa que vai en tramos queda dentro da mesma área xeográfica, que o tráfico de peóns dende As Travesas ata a zona dos volcáns é importante, que esa beirarrúa da marxe dereita dos números pares está bastante deteriorada, incluíndo tamén o acceso ó centro social de Coia, é polo que solicitamos ó Pleno da Corporación municipal cambiar a finalidade do crédito orzamentario existente para a humanización da avenida de Europa, destinando o mesmo ás obras de humanización da beirarrúa da avenida de Castelao na marxe que discorre lindando coas edificacións dos números pares da mesma, mantendo a mesma partida que é de 500.000 euros.

Cómpre dicir que este cambio de finalidade non supón ningunha variación na totalidade do orzamento.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a seguinte modificación de crédito número 13/08:

APLICACIÓN

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE
5110.6110006	Remodelación beirarrúas Av. Castelao (08511012)	500.000.-

ORIXE

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE
5110.6110008	Humanización Av. Europa (085110006)	500.000.-

Segundo.- Someter o expediente ós trámites de información e publicación previstos no artigo 169 do RD 2/2004, Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. De non se presentar reclamación ou alegación ningunha no prazo de exposición pública, o acordo inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

9.- (28)- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS NA VÍA PÚBLICA.

ANTECEDENTES.- Con data 6 de febreiro de 2008, a técnica de administración xeral da área de Mobilidade, Tráfico e Seguridade, coa conformidade da xefa da devandita área, informa do que segue:

I. NORMATIVA APLICABLE:

- CE: Constitución Española de 1978.
- LRXPAC: Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- LRBL: Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- LMMGL: Lei 57/2003, do 16 de decembro, Medidas para a Modernización do Goberno Local.
- RSCL: Decreto 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- ROF: Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- TRRL: Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- LALGA: Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- TALT: Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aprobou o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.
- RXC: Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento Xeral de Circulación.

II. COMPETENCIA MUNICIPAL:

A presente ordenanza regula as operacións de carga e descarga en vehículos de reparto de mercadorías nas vías urbanas da cidade de Vigo coa finalidade de garantir que se executen en condicións idóneas de seguridade e sen causar prexuízo ao tráfico rodado e peonil. Considerando que estas vías presentan maior conflictividade en materia de tráfico nas horas puntas de cada xornada e coa finalidade de que non teñan que soportar a dificultade engadida que supón a realización das devanditas operacións, establécense limitacións horarias para

desenvolvelas. Asemade, a realización das mesmas deberá ser compatible co resto das actividades que se realizan na vía pública, polo que tamén se regula a forma de realizar ditas tarefas.

Na mesma liña, coa finalidade de axilizar a circulación e diminuír a conflictividade do tráfico nas vías máis conxestionadas da nosa cidade, establécese que os vehículos con masa máxima autorizada superior a 10.000 Kg. deberán circular polas rutas delimitadas na presente ordenanza, agás autorización especial.

Por todo isto, cómpre regulamentar este tipo de operacións de carga e descarga mediante esta ordenanza, sendo competencia municipal en virtude do establecido no artigo 25.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 80.2.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, artigos 7.a).b) e 38.4 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aprobou o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial e artigo 93 do Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento Xeral de Circulación.

Considerando que o municipio conforme aos artigos 25.2.b) da LRBRL 7/1985 e 80.2.b) da LALGA 5/1997, posúe competencia en materia de ordenación do tráfico de persoas nas vías urbanas, e coa finalidade da procura dunha mellor calidade de vida da nosa cidadanía (art. 45.2 CE), proponse aprobar a ordenanza municipal de reguladora da carga e descarga de mercadorías nas vías urbanas, de acordo coa potestade recoñecida ás Corporacións Locais de intervir na actividade dos cidadáns a través de ordenanzas (artigos 4.1.a, 84.1.a da LRBRL e 5 do RSCL).

Segundo o disposto na LMMGL 57/2003, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (art. 127.1.a) e ao Pleno Municipal a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (art. 123.1.d).

De acordo co disposto no art. 49 da LRBRL, seguirase o seguinte procedemento para a aprobación da ordenanza: aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia dos interesados por un prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. Asemade, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. Conforme co previsto no artigo 70.2 da LRBRL, a ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno, publicarase integramente no BOP entrando en vigor na data disposta na disposición final terceira, aos 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra."

Polo exposto a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 11 de febreiro, prestou a súa aprobación ó proxecto de ordenanza e acordou propoñer ó Pleno da Corporación a aprobación inicial da ordenanza.

A comisión informativa de Mobilidade, Transporte e Seguridade, en sesión do 18 de febreiro, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Con esta Ordenanza municipal reguladora das operacións de carga e descarga de mercadorías nas vías urbanas perséguese un obxectivo que de seguro é común a todos os presentes que é conseguir que as nosas rúas e prazas melloren como espazos de convivencia para todos os cidadáns. Preséntase por tanto esta ordenanza fundamentalmente para tratar o tema da carga e descarga como paso previo para moitas melloras máis que teñen que chegar na mobilidade nesta cidade. Preséntanse tamén as rutas para vehículos de masa superior a 1.000 kg que se teñen que utilizar entre as 8:00 e as 22:00 horas, agás utilizacións especiais, así como as medidas para moderar a velocidade que tamén imos poñer en marcha.

Referíndome ó novo neste tema que é a carga e descarga, dicir que vai haber unha división da cidade en dous ámbitos: o delimitado nun artigo da ordenanza que colle o centro da cidade e as vías de acceso a ese centro, onde as zonas de carga e descarga que se sinalicen serán un privilexio para realizar a carga e descarga pero tamén unha obriga, é dicir, vai ser imposible facer carga e descarga fóra desas zonas perfectamente delimitadas, agás os vehículos que están permitidos na propia ordenanza. No resto da cidade haberá tamén sinalización de zonas de carga e descarga que en todo caso serán un privilexio para poder realizar eses labores porque se teñen posibilidade se poden facer tamén fóra dese espazo. É dicir, nesta zona, privilexio e obriga, fóra da cidade as zonas de carga e descarga serán un privilexio e non estará prohibido descargar noutras zonas non sinalizadas.

As grandes novidades desta nova ordenanza municipal parten de que se modifica substancialmente o horario. Modifícase para ben, amplíase o horario no que os transportistas e demais usuarios poidan realizar eses labores de carga e descarga. Fundamentalmente trátase de evitar que se poidan realizar eses labores xusto nas horas puntas de tráfico, de xeito que quedan perfectamente delimitadas para practicamente todas as zonas da cidade, agás algunhas excepcións que ademais xa están consolidadas por antigos bandos municipais.

Será un horario no que se mellora a posibilidade de facer a carga e descarga, así como tamén se mellora en canto á ampliación de espazos porque se van crear máis

reservas de carga e descarga das existentes, crearanse tamén máis espazos reservados na propia zona XER e, o que é fundamental: vai estar permitido o dobre uso das zonas de carga e descarga. No horario obrigado para a carga e descarga serán para ese uso exclusivamente e fóra dese horario poderase aparcar por parte de calquera vehículo de calquera cidadán.

Outra importante nova é que entre as 0:00 horas e as 6:00 horas poderanse realizar labores de carga e descarga nos carrís-bus e mesmo nas paradas de autobús. Entendemos que o uso nesas horas que non están utilizadas polo transporte público, é tamén unha importante mellora para estes labores. Tamén o é que se poderán crear a instancia dos comerciantes, atendendo a situacións específicas das zonas comerciais das que poidamos falar, zonas nas que se poida regular especificamente ese uso de carga e descarga que obviamente é unha porta aberta para un desenvolvemento moi interesante para numerosas zonas comerciais.

Para precisamente conseguir todos estes obxectivos a sinalización fundamental vai ser a do sinal S17 no que hai unha recomendación como reserva para carga e descarga, logo pon o horario e que os labores de carga e descarga se poderán realizar durante un máximo de quince minutos. Precisamente este sinal que é o que vai existir fundamentalmente, é o que vai permitir o seu uso, á parte de carga e descarga, fóra dese horario.

Polo tanto simplificamos dun xeito moi importante toda a sinalización que ata agora era mesmo máis que todas estas sete sinais que están aquí indicadas. Aínda existía unha maior diferenciación cunha grande confusión por parte dos usuarios que non saben se se pode ou non aparcar; de feito esta ordenanza o que vai significar é unha gran clarificación á hora de poder utilizar por parte do máximo de usuarios o escaso espazo dispoñible que temos na cidade para aparcar.

Dicir polo tanto que esta ordenanza pretende como primeiro paso, como xa comentei nun Pleno anterior e como di a disposición transitoria primeira, que nun prazo de seis meses dende a súa entrada en vigor se aprobe un texto que refunda e actualice toda a normativa vixente en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, de xeito que este é un compromiso para dentro de seis meses: seguir afondando nunha nova normativa que permita o obxectivo fundamental no que estiveron absolutamente de acordo unha chea de asociacións

de transportistas, distribuidores, comerciantes, que foron reunidos en máis de catro ocasións para que tiveran coñecemento desta nova ordenanza e que achegaran as súas ideas. Á marxe de que obviamente no período de alegacións se poidan facer as modificacións oportunas, co obxectivo que salientei en primeiro lugar que é conseguir que todos os nosos viarios, as rúas e prazas melloren como espazo de convivencia para todos.

SR. COELLO BUFILL: Eu esperaba que a súa intervención me aportara algún elemento novo que non estivese escrito na documentación que nos fixeron chegar sobre a ordenanza municipal reguladora das operacións de carga e descarga de mercadorías nas vías urbanas. Coido que non me aportou absolutamente nada e loxicamente pasarei expoñer neste Pleno con argumentos o que cremos que significa esta ordenanza.

Semella que vostedes legislan "ex novo", a última ordenanza é do 20 de marzo de 1991 con aplicación o 8 de abril.

Efectivamente, cando nós estabamos no goberno encargamos un estudo á Universidade para que actualizara e modificara esa ordenanza que se aprobou por consenso cun goberno e cun alcalde socialista. Esa ordenanza coido que deu bos froitos, tivo unha traxectoria notable, que eu saiba non foi obxecto de contencioso-administrativos e dalgún xeito o control da mesma a través da Policía Local se fixo con rigor e con exactitude.

Loxicamente ó cabo de dezasete anos de vixencia ten que ter unha actualización. A cidade medrou. Eu non estaba aquí, pero non estaba nin sequera a VG-20, o mal chamado primeiro cinto "Palacios", non había as zonas comerciais que hai agora como a da Laxe ou a da Gran Vía, é dicir, a cidade converteuse nun ente metropolitano de máis de trescentos mil habitantes onde entran e saen cincocentas mil persoas circundando esta cidade.

Loxicamente había que revitalizar esa ordenanza. Os profesores da Universidade estiveron traballando e nós, por razóns obvias, non puidemos facer esa actualización e modificación.

Eu lin varias veces a actual ordenanza e espero que vostede, Sr. Calviño, a lera convenientemente. Ten nove páxinas e oito anexos e a anterior ten tres. Con isto entramos nunha ordenanza absolutamente confusa, reiterativa, nada explícita,

complexa e de comprensión moi dificultosa; chea de excepcións. Eu algo de xuristas sei e cando a potestade regulamentaria de ordenar a nosa vida social faise a base de excepcións, coido que é algo complicado para os administrados que o teñen que cumprir e para os que fan que se cumpra que é a Policía Local.

Por exemplo, nun principio teño unha dúbida. Volvo lelo porque sei que moitos dos que ocupan eses escanos ó mellor non entraron nesa profundidade. Di: “municipal reguladora das operacións de carga e descarga de mercadorías nas vías urbanas”. Coido que aí hai un erro porque se debería describir como “de carga e descarga no termo municipal de Vigo”. Semella o mesmo pero non o é porque, que pasa por exemplo coa Estrada Provincial? Coa estrada de Camposancos que non son competencia deste Concello? Eu teño unha dúbida razoable porque, que entendemos por vías urbanas? Déixoo aí porque ó noso xuízo é moi importante.

Outro elemento polo que trato a ordenanza de confusa, complexa, reiterativa é o que nos di por exemplo no tema de prazos, fala de autorizacións para os administrados. No artigo 5 fala de tres días hábiles para as mudanzas; no artigo 6.2 dous días hábiles. No artigo 14, 2-3 días de antelación. Vehículos cisterna de uso doméstico; no artigo 19.1 autorizacións especiais: 48 horas ou 24 horas. Non sería moito mellor para a burocracia da nosa Policía Local, que é onde se piden esas autorizacións, que unificáramos? Eu entendo que as leis deben unificar criterios e prazos co que os administrados terían claro en que marco xurídico moverse e ó mesmo tempo o funcionario que dá e expende os permisos tería moita menos carga de traballo no sentido de control policial, os que están dentro e logo os que teñen que saír á rúa.

Tema estrela. Vostedes formularon antes de finais de ano, coido que foi cando puxo en funcionamento o tema dos tráfico pesados e xa sabe o que eu opinei desposta en escena. Dixeron que retiraban cinco mil vehículos de transporte pesado da cidade. Isto é paradoxal, a anterior ordenanza falaba de oito mil kg., agora aumentamos a dez mil e dinnos que retiran cinco mil vehículos de transporte da rúa. Coido que isto é unha "trampa saducea". Eu sei como se fixo esa cifra mítica de dez mil kg.; fíxose collendo unha media aritmética dos vehículos que se vendían nesta cidade para transportes e ademais se acababa de poñer en práctica en Pontevedra, na capital da provincia. Pero Vigo non é Pontevedra e dígoos con todo o respecto e o cariño que lle teño á capital; Vigo é outra historia, é moito maior. Por

exemplo en Pontevedra non hai transporte público pero en Vigo temos un magnífico transporte público que o BNG (díxeno sempre) empezou a revitalizar e nós continuamos por ese carreiro. É verdade, Sr. alcalde, vostede estaba noutras historias.

Pódolle dicir que, por exemplo, nese xeito atrapallado unhas veces fálase de operacións de carga e descarga e noutras de tarefas. Unifiquemos. “de operacións”. “4. Operacións de carga e descarga”. “6.2.b. Operacións de carga e descarga”. “6.2.c. Operacións de carga e descarga”. “8. Tarefas de carga”. “10. Realización das tarefas”. “11. Realizar operacións de carga”. “13. Das operacións de carga e descarga”. “13.2. As operacións de carga”. “13.4. Tarefas de carga”. “13.5. As tarefas de carga”. “13.6. As tarefas de carga e descarga”.

Póñanse de acordo, semella que colleron o ordenador e... sei o que é “e pegar”. Agora estoume reciclando e vou a clases de informática. Parece que é iso realmente o que se fixo con este documento que é moi serio. Unha ordenanza tense que perpetuar no tempo, ten que dar seguridade xurídica, ten que chegar ós administrados e ó control da cidade, é a potestade regulamentaria que temos aquí os que somos privilexiados e podemos facer algo polos nosos cidadáns, mellorar a súa vida e a convivencia cidadá. Iso é moi importante, Sr. Calviño.

Comprobamos con sorpresa que o desenvolvemento e o crecemento da cidade nos últimos dezasete anos non se tivo en conta para ampliar as zonas comerciais, non se ten en conta o eixo tan importante do Calvario, rúa Aragón, rúa Martínez Garrido, entre outras, é exactamente igual, copiárono e non se molestaron en absoluto en cambiar eses eixos comerciais. Iso é así, está aquí.

De momento eu prego que o vexamos con rigor. Coido que o Sr. Calviño o fixo de boa fe, non teño a menor dúbida, pero creo tamén que esta ordenanza é absolutamente mellorable.

Chámenos, eu e o meu grupo enteiro estamos ó seu dispor, é algo que pode saír con consenso, podémolo mellorar entre todos. Chámenos e poñamos en común un texto que perdure no tempo, que non nos cre dúbidas porque se nos crea dúbidas a nós, ó pobre froiteiro que vai coa caixa de froitas e ó que chega co seu turismo para vender roupa, cada vez lles é máis complicado, non lles poñamos máis atrancos dos que xa teñen.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Esta ordenanza fíxose de tan boa fe que estou absolutamente convencido, polo que dixo vostede ata o momento, que non van ter máis remedio que a votar favorablemente porque eu non escoitei nada digno de mención que poida supoñer calquera xustificación para se abster ou votar en contra desta ordenanza, á marxe tal vez que ó mellor non lle gusta a riqueza do noso idioma que permite que á mesma cousa se lle chame de dúas maneiras distintas ou pequenas cousas como facer referencia a que en diversos artigos se dan prazos distintos para cousas distintas, que é o importante a salientar.

Por exemplo as mudanzas, que era algo que non se contemplaba como prohibición para realizar carga e descarga nas zonas reservadas para estas tarefas, na anterior ordenanza non estaba así, agora por primeira vez e de acordo cos representantes das asociacións de transportistas que se dedican a mudanzas, aceptan perfectamente que unha cousa destas características necesita un determinado prazo de advertencia e estiveron absolutamente de acordo en que ese prazo fose de tres días. Outra cousa distinta, que é o que fala vostede, ven no artigo 19.1 onde para o transporte pesado si que se marcan para determinados transportes corenta e oito horas e mesmo vintecatro porque hai urxencias obvias nas que a Policía pode perfectamente decidir nese prazo ante algo que pode ser absolutamente crucial para unha determinada empresa.

Agás esas pequenas cousas, a verdade é que non me lembro de ningunha máis porque o de 8.000/10.000 xa estivemos de acordo e se decidira ademais por vostedes anteriormente, era unha cousa que en función de moitas razóns obxectivas era razoable. Eu non fixen aínda unha valoración dos vehículos de transporte pesado que retiramos da vía pública, entre outras cousas porque o quero facer con toda a seriedade cando teñamos realmente os números perfectamente definidos e xa lle direi se foron 5.000 camións ou cantos, pero dende logo si é algo que vai ser absolutamente visible na cidade.

Doutra cousa das que falou foi da extensión. Precisamente a extensión de 7 ou 8 folios, porque eu non quero incluír aí o ámbito territorial, os planos onde se indican as rutas, os roteiros que axudan moito ós transportistas para atender a todos os centros produtivos, distribuidores, de comercio, etc., desta cidade, esa nova sinalización que obviamente ten que estar como anexo na ordenanza pero que é fundamentalmente clarificador.

Como estas cousas son fundamentalmente avances, supoño que vostedes votarán a favor.

Vostedes unha vez máis amosaron como en tres anos e medio non foron capaces de modificar algo que ven do ano 91. Que o fagamos nós nos primeiros meses semella que non lles gusta demasiado. Pódolle dicir que non só contamos co consenso e o acordo das principais asociacións, de todas as que conseguimos reunir, senón que ademais para precisamente mellorar a formación da nosa Policía, xa hai cursos sobre esta ordenanza e curiosamente a Policía Municipal coida que tal e como está é un grande avance, os propios axentes policiais, que xa non os mandos, coidan que evidentemente isto vai contribuír a mellorar sensiblemente o tráfico e a mobilidade na nosa cidade dende logo que é o obxectivo.

Eu procurei non entrar polo miúdo no texto da ordenanza porque lembro que cando lles falei algo da ordenanza de terrazas unha concelleira dese lado dixo que sabían ler, por iso non lles quixen lembrar o que xa está escrito. Procurei marcar os puntos de avance fundamentais, puntos que supoñen un maior horario, unha gran simplificación, unha mellor sinalización que borre esa enorme confusión, porque hoxe a maior parte dos cidadáns de Vigo non saben se poden ou non aparcar en zonas de carga e descarga que debaixo teñen o letreiro do horario; non o saben. Isto é un enorme avance, é un avance que se poidan facer labores de carga e descarga nas paradas de autobús, nos carrís bus, etc. Son enormes avances estes que presentamos, de momento como iniciativa interesante que vai ter un bo desenvolvemento cara a determinadas zonas comerciais desta cidade.

Como vostedes non falaron nada diso supoño que estarán de acordo e como iso é o importante, o realmente significativo desta ordenanza, estou convencido de que aínda que non lles guste demasiado votar a favor, farano.

SR. COELLO BUFILL: Concretar dúas cousas que dixo ó principio da súa intervención, Sr. Calviño.

Claro que lle teño gran respecto e cariño e sei da riqueza da lingua galega, lin moitas veces as Cantigas de Alfonso X El Sabio que son preciosas, e un realmente aprende cando se len eses textos xurídicos, literarios e que forman parte do noso acervo cultural.

Sobre os 10.000 kg, díxenllo nunha ocasión sen acritude e dígollo tamén agora,

saia vostede á rúa e vexa os vehículos que están descargando ás 7, ás 8, ás 9, ás 10 da mañá, verá que a maioría son de 12.000 kg e algúns superan esa tonelaxe. Por iso tamén lle puxen o exemplo de Pontevedra, hai que ir cara unha realidade social e os gobernantes teñen que palpar esa realidade social. Esa media é unha media aritmética que se fixo nun momento determinado por algúns estudosos do tema, asesores, pero logo o goberno ten a obriga de contrastar os datos.

Vou facer unha disección pormenorizada do articulado se vostedes mo permiten. No artigo 3 fálase de algo importante como son os transportes privados complementarios, termo que ven da lexislación do transporte. Faise unha definición moi ampla que non concreta e vai traer moitos problemas ó labor de control e ós propios comerciantes.

Antes díxenlle que lle ía citar algo, agora voulo dicir plasticamente: o froiteiro que ten un vehículo, o seu turismo, úsao para ir ó mercado central de froitas e traer tres ou catro caixas, chega e as baixa. O representante de xoias que ademais corre risco de calquera tipo de roubo, leva tamén o seu turismo particular; os que levan roupa, eu mirei vehículos grandes, *audis*, bos coches que non só no maleteiro, senón tamén na parte de atrás colgan os traxes e fan o seu labor con eses vehículos particulares; turismos para que nos entendamos entre todos.

Que vai pasar con eses vehículos? Como os distingue a Policía se non está ben definido o concepto de transporte privado complementario? Como os vai concretar a Policía? Imos obrigar ó froiteiro a que compre un vehículo e o teña que rotular? Que teña un vehículo para poder sacar á familia os domingos e outro para facer o seu transporte das catro caixas? Quédame esa dúbida razoable, enténdao vostede, Sr. Calviño, eu non teño nada contra vostede e ademais sei o que sofre, eu sufría tamén moito, esa concellería non a quere ninguén porque lle dan todos palmadas pero ten que aguantar, outras concellerías como Deportes que tiña o Sr. Olveira, eran estupendas. Eu de verdade que sufría.

Logo de ler o artigo 5 que fai referencia ós vehículos de mudanzas, onde estacionan para cumprir os seus servizos? Porque o artigo 5 prohíbe explicitamente a estes vehículos estacionar nas zonas de carga e descarga e, que fan nas zonas peonís a maiores? Eu non sei a solución porque é unha prohibición expresa: “Prohíbese ós vehículos de mudanzas realizar operacións de carga e descarga nas zonas especialmente reservadas para estas tarefas durante o horario establecido e

reflectido na sinalización correspondente”. Digo eu que se se lles prohibe expresamente, onde van descargar estes señores? Maxinen unha mudanza que sae de Alemaña ou que ven de Vilanova de Arousa, ou de Barcelona e chega aquí co tempo xusto e non pode pedir autorización? Un cidadá da Unión Europea que se quere trasladar, chega aquí e onde aparca? É que o di textual.

Leo textualmente o artigo 6.2.a que lin moitas veces: “zonas especialmente reservadas para carga e descarga serán de obrigada utilización para os vehículos autorizados do artigo 3, prohibíndose a realización destas tarefas fóra das mesmas agás motocicletas de reparto urxente, vehículos adscritos ós servizos municipais, vehículos de reparto de produtos derivados do petróleo, vehículos de transportes de mercadorías que non excedan de 5 metros de longo e 2 metros de ancho, cunha marxe de tolerancia de ata 5%, así como os vehículos que conten coa autorización municipal expresa, naqueles casos nos que debido ás características das mercadorías, xa sexa polo seu volume ou fragilidade, non resultara posible utilizar a zona reservada, ou naqueles outros supostos que considere a administración municipal. Esta autorización deberá solicitarse ante a Policía Local cun mínimo de dous días hábiles de antelación á ocupación da vía pública”. Díganme vostedes que quere dicir o que lin.

Lin isto varias veces e non sei, pero é o que eu dicía ó principio da miña intervención: falla de rigor, complexa, atrapallada, escura. Digo eu que dos catorce que están aí, algún máis intelixente seguro que mo dirá a saída, moi seguro, espero que así sexa porque de verdade que senón quedo moi frustrado.

O artigo 6.3.a non ten desperdicio, di: “de realización de carga e descarga de mercadorías no resto do termo municipal. En ningún caso son de obrigada utilización as zonas especialmente reservadas para carga e descarga. Os vehículos de transporte de mercadorías poderán realizar as devanditas tarefas fóra destas zonas e sen estar suxeitos a ningunha limitación de horario”. Se en ningún caso son de obrigada utilización estas zonas especialmente reservadas, eu pregunto entón para que as creamos.

O artigo 7, parágrafo 2: non se entende como logo do horario permitido de carga e descarga se autoriza a vehículos de transporte de mercadorías dunhas determinadas características a estacionar nun lugar que limita os horarios de carga e descarga para este tipo de transporte. Volvemos ó artigo 3 onde se falaba dos

privados complementarios e xa me excedín.

No artigo 8, que vostede pon como tema estrela, trata de facer a carga e descarga no carril bus. Sr. Calviño, o carril bus non está inactivo pola noite, vostede esquece o "bufo", esquece os taxis e tamén os vehículos de emerxencia. Vostede agora é o responsable e como pode ver eu agora estou moi relaxado, pero se vostede ten un accidente en Camelias, porque vostede fala dos poñer á contra, nos outros non tería sentido, subindo o carril bus en Gran Vía non porque a edificación vai ó outro lado e ese púxeno eu, vostede sábeo e só me felicitou dicindo que o que fixen en toda a miña época foi o carril bus, o único e, multa móbil? Vostede trouxo o segundo pero non se atreve a poñelo en circulación. Pero vou seguir.

Se pasa algo aí, eu advírtolle que en Camelias hai moitos centros comerciais, supermercados, hai curvas. Eu, algunha vez de paisano e sen ser concelleiro cruzaba por comodidade en zonas sen semáforos. Agora xamais o fago. É un perigo. Camelias é unha das zonas máis perigosas porque pasada a Praza de Alba Plena ven unha zona moi complicada que os vehículos embocan cara á rúa Chile con velocidade e poñer aí descarga en horas nocturnas é un perigo porque, por exemplo, cando haxa dous camións descargando, que os hai porque eu os mirei, que fai o bus "bufo"? Xira á esquerda, métese, espera a que saian, volve entrar no carril bus? Que fai o taxi? Que fan os vehículos de emerxencia que non teñen libre o carril? Dámoslle tamén unha autorización?

Coido que iso o ten que meditar vostedes cos seus asesores, con quen queira pero Vigo é a realidade que temos e ogallá tivéssemos unhas rúas cuadrículadas como ten Barcelona, pero nós estamos limitados polo mar e pola montaña, as nosas vías de comunicación son as que son, ogallá as melloramos entre todos pero, ollo con iso, eu advírtollo porque non o quero mal e paréceme que é asumir o Concello de Vigo, non só vostede como concelleiro senón todos os que teñan responsabilidades de goberno, unha cota de responsabilidade que non creo que vaia implícita na figura do concelleiro. Dígollo con todo respecto.

Entendemos que o artigo 10 é innecesario xa que calquera sinalización vertical que se utilice debe cumprir a normativa. Di: "zonas reservadas para carga e descarga sinalizaranse verticalmente con sinal S17 ou R307". Coido que iso non se fai nas ordenanzas porque se hai un sinal que se implementa en toda a Comunidade Europea e agora hai este, obrigaríanos a ter un Pleno para actualizar ese sinal.

Coido que non fai falla concretar nese tipo de sinais, unha ordenanza é o que é, son as normas xerais de convivencia.

O artigo 12 fala da posibilidade de que o concelleiro-delegado poida ditar resolución modificando horarios, zonas de carga e descarga sen necesidade de que a devandita modificación teña que pasar polo Pleno. Non aclara o artigo que se trata de modificacións puntuais tanto no tempo por obras, necesidades imperiosas de urxencia, como nas zonas a aplicar. Eu entendo que o concelleiro está suxeito ó Pleno, este é a soberanía popular e logo falarei do concelleiro-delegado competente porque o reitera toda a ordenanza e é a primeira vez que vexo que se cite nunha ordenanza “delegado competente”, como vai estar modificando continuamente con autorizacións o concelleiro? Debe aclarar se son puntuais para unha obra, para situacións excepcionais; eu asinei moitas autorizacións nese sentido, pero non ese abano tan amplo que lle dá a facultade absoluta de facer e desfacer.

Entendo que os artigos 13.1 e 13.2 haberíaos que suprimir sen máis. Léolle o 13.1: “carácter preferente a carga e descarga de mercadorías realizarase no interior dos locais comerciais e industriais sempre que reúnan as condicións axeitadas e posúan autorización de vao para o acceso de vehículos. Cando as condicións destes locais non permitan realizar carga e descarga no seu interior, estas operacións poderanse realizar na reserva de vao de ser o caso”. Eu creo que se reúnen as condicións que descarguen dentro, senón, por que van descargar no vao? O vao é para que un vehículo acceda cara o interior e os peóns pasen tamén libremente, pero un vao non é para facer carga e descarga porque senón os que teñan un vao pensarán que teñen dereito a descargar alí. Que habiliten o seu local para descargar pero que non descarguen na vía pública porque quen teña un vao pensará que xa pode descargar nel. Ó meu modesto entender coido que este artigo sobra.

O artigo 13.2 di: “operacións de carga e descarga realizaranse de acordo co disposto no artigo 6 da presente ordenanza”. O artigo 6 di: “establecer mediante...” Se xa se dixo nun artigo, outro sobra. Estamos reiterando, coido que non aporta nada novo.

Sr. Calviño, seguro que vostede ós seus alumnos lles ensina de economía, pero en dereito hai un termo que se chama economía procesual e significa suprimir algo que reiteramos, que é obvio ou que xa se dixo. Coido que iso se debería pulir.

O artigo 13.7 é moi bo. Di: “prohibido depositar as mercadorías na calzada, beiravía ou zonas peonís; en ningún caso se almacenarán no chan as mercadorías ou obxectos que se estean cargando ou descargando”. Entón digo eu que se chega o froiteiro coas caixas, baixa do coche e ten que aguantar as caixas porque non as pode deixar nin medio minuto no chan, prohibíselle taxativamente, explica que “ningún caso se almacenarán no chan as mercadorías ou obxectos que se estean cargando”. O pobre froiteiro non vai dar de si porque ten que estar entrando e saíndo. Non acabemos co froiteiro. Paréceme que vostedes o deben recapacitar.

O artigo 21.9 di: “a prohibición de horarios e rutas por vehículos de máis de 10.000 kg estipulado na sinalización instalada nos accesos á cidade”, ó mesmo tempo que se incumpre a ordenanza de carga e descarga. Aquí entramos no procedemento sancionador, o que vulgarmente coñecen os comerciantes como multa, o boleto e con isto estamos falando dunha dobre infracción. O exemplo práctico é que chega un camión de Murcia con froitas e verduras, ten máis de 10.000 kg pero se salta un disco, outro sinal de prohibido...; tres prohibicións e poñémolle unha falta leve, entón el pensa que as saltará mañá, pasado e todos os días porque coa plusvalía que lle queda como intermediario de froita paga as multas, sáelle gratis entrar e saír. Falta leve. Eu quedo asombrado de que realmente se sancione así.

Eu penso moito o motivo cando poño algunha infracción na orde social e a quen lla poño, e é complicado. Neste caso ten libre o camiño, pode vir, entrar en Vigo, pasar pola Alameda, non lle din nada e só é unha falta leve. Que veña Deus e o vexa. Digo isto como reflexión.

No artigo 22.2 hai sen embargo a contradición. Di: “Estacionar vehículos autorizados en zona de carga e descarga ... que se atopen co motor parado ou o sistema de arranque desconectado sen presenza física do condutor”. Estame dicindo que os comerciantes teñen que deixar o vehículo acendido, aberto e coas chaves postas cando están descargando e transportando a mercadoría ó interior dos seus locais porque xa viamos que as caixas non as podían deixar, para que cando regrese ó mellor non estea porque se o ten que deixar coas chaves postas e acendido... Dio así textualmente. Cando volva o rateiro quitoulle o coche, ou as caixas, ou a mercadoría.

Digo eu que lle poñen falta grave ó pobre froiteiro, Sr. alcalde, sen embargo o transportista que ven con ese motor que dá gusto, entra por todo Vigo e

poñémoslle falta leve cando debería ser falta moi, moi grave porque como mínimo se salta tres ou catro sinais. A min iso déixame un pouco descolocado.

Ó final chego ás transitorias que teñen tela. A Disposición final primeira que vostede mencionou sen ningún recato é unha loa política porque estamos falando de carga e descarga, non estamos falando de control de velocidades, non estamos falando de resaltes, estamos falando de algo que é a carga e descarga, en dereito é o obxecto da norma, entón estamos entrando en algo que é unha loa, un canto á alegría. Falando da seguridade viaria di: “É pretensión da administración evitar converter as nosas rúas e prazas e en xeral os espazos públicos da nosa cidade en meros canles de distribución de tráfico posto que deben ser espazos de convivencia para todos os usuarios. A situación ademais vese agravada polo comportamento pouco cívico dalgúns condutores que mesmo chegan poñer en perigo a liberdade e seguridade do resto dos usuarios das vías públicas”.

Isto non é o obxecto. Eu estou de acordo en dicir que fagan todo o posible por moderar a velocidade. Nós trouxemos os radares que non vostede. Pero non se debe regular aquí, é mesturar “*con merinas*”. Débennos asesorar os xurídicos que os hai magníficos neste Concello. Nun texto xurídico non se debe incluír isto, é un canto ó sol, un canto á alegría e non ten sentido que estea aí.

A Disposición derogatoria única di: “expresamente derogado o texto refundido da Ordenanza municipal de circulación e transporte publicado no BOP número. 65 do 18.03.1991, maila ordenanza municipal complementaria de tráfico. Queda derogada a Ordenanza Xeral de Circulación do termo municipal de Vigo”. Querería que me aclarase o Sr. Calviño esa precisión porque teño unha dúbida. Entendo que a Ordenanza xeral de circulación é a que está en vigor, publicada no núm. 123, o 30 de xuño de 1993, no Boletín Oficial da Provincia. Pregunto e que de seren posible se me conteste se queda derogada como di aquí.

Sinto telos cansado pero o fixen coa mellor vontade posible de levar ó ánimo de todos vostedes de que esta ordenanza ten que ter un longo percorrido. Reitero novamente que a do 91 se aprobou por un alcalde e un goberno socialista, o Sr. Soto, e estivo en vigor moitos anos, foi froito dun traballo denodado dos funcionarios, dos técnicos municipais e do consenso tamén. Non dubido que se falara cos transportistas, iso non o dubido pero coido que é mellorable e en orde un pouco ás dúbidas, que coido que son razoables, que eu deixei enriba da mesa e

esta última que é do Catón, que queda derogada a Ordenanza de circulación, eu quero que se me conteste se é esta, Sr. Calviño, porque non o sei.

Proporía ós bancos da oposición que se retirase e tentar entre todos melloralala. Esa é a proposta que presento

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Presidente, a verdade é que non sei se lle facer a competencia ó Sr. Coello co seu histrionismo ou manterme como normalmente adoito, porque coido que lle fixo case a competencia ó actor que recibiu un óscar como mellor actor de reparto o día de hoxe. Non o vira nunca tan histriónico, dende logo fixo unha representación formidable e a verdade é que eu non quero pensar que é porque non entendera a ordenanza que se propón, senón porque indubidablemente vostedes non queren ter unha mirada positiva nin de broma; non lles gustan as miradas positivas, está moi claro.

Para comezar, sinto ser tan aburrido malia as risas que se escoitaron nalgunha ocasión polo extenso da súa intervención pero por empezar por puntos concretos. Cando vostede empeza meténdose co tema das mudanzas no artigo 5, dígolle que está perfectamente claro. Hoxe calquera transportista que faga calquera mudanza, e estiveron representantes desas asociacións, entende perfectamente que para realizar esas funcións é imprescindible un permiso previo, funcións de mudanza que requiren non quince minutos, senón unha serie de tempo que implica unha profunda alteración do tráfico e polo tanto iso é absolutamente vital porque é durante moito tempo e enténdeno. Puxéronse tres días precisamente de acordo con eles porque necesitaban ese tempo previo. É un avance porque eles mesmos entenden que ten que estar regulada unha actividade que pode supoñer unha implicación na mobilidade da cidade na zona onde estea facéndose esa mudanza moi importante.

No artigo 6.2.a, que vostede quedou sen respiración, eu supoño que cando era rapaz lle dixeron que os puntos e as comas son para parar. Normalmente cando se fai un artigo que necesita precisar algunhas cuestións técnicas precisamente por claridade, para que o garda municipal que ten que velar polo cumprimento desta ordenanza non teña ningunha dúbida, por iso resulta un artigo tan longo e entre outras cousas porque non só os técnicos do departamento e a Universidade traballaron neste tema, senón que tamén se contou coa opinión da Policía Local

porque é imprescindible que as cousas queden perfectamente claras.

Eu diríalle que vostede sabe perfectamente que a carga e descarga non é para que a realice un vehículo calquera, que é o que ven logo nos vehículos dos que vostede tamén falou que non son exactamente de transporte. Neste punto quero deixar perfectamente claro que non teñen ningún problema para realizar labores de carga e descarga os seguintes vehículos e dígoallo para que lle quede claro e de paso aproveitamos para que quede claro tamén para os cidadáns. Non terán problema as motocicletas de reparto urxente, os vehículos adscritos ós servizos municipais, os vehículos de reparto de produtos derivados do petróleo, vehículos de transporte de mercadorías que non excedan de cinco metros de longo e dous de ancho, pequenos vehículos de transporte de mercadorías non terán ese problema e aí, como obviamente o axente policial non vai co metro, é polo que se engade que cunha marxe de tolerancia de ata un 5%, é dicir, cunha certa tolerancia; así como tamén os vehículos que contén con autorización municipal expresa naqueles casos nos que debido ás características da mercadoría, xa sexa polo seu volume ou fragilidade, non resultara posible utilizar a zona reservada ou naqueles outros supostos que considere a administración municipal.

Evidentemente hai moitos produtos que poden requirir ese permiso especial e precisamente para que non quedara nada pendente de que decidira un determinado axente policial sen que estea perfectamente claro na ordenanza, é polo que se aclara que nese caso sería posible, dependendo das características da mercadoría, a solicitude á Policía Local con dous días hábiles de antelación, por claridade, o que é absolutamente necesario nunha ordenanza que se pretende aplicar con rigor.

No artigo 6.3 está claro que non entendeu, estou absolutamente convencido de que é porque teñen esa mirada negativa posta aí que é imposible de modificar. Pero cando falo do resto, o artigo 6.3 refírese á carga e descarga de mercadorías no resto do termo municipal, é dicir, fóra do que se considera un ámbito de aplicación que incluíndo o centro e as estradas de acceso coidamos que cobre perfectamente o fundamental da cidade e por iso non queremos tampouco converter toda a cidade nunha prohibición permanente. No resto do termo municipal é onde a sinalización de carga e descarga se pode utilizar como un privilexio; pódese utilizar porque para iso está, para facer a carga e descarga, pero non como unha obriga, é

dicir, se atopan outro sitio onde aparcar para realizar os labores de carga e descarga pódena realizar. Iso é o que quere dicir ese artigo 6.3: fóra do centro e as vías fundamentais deste concello, poden tamén realizar labores de carga e descarga.

No artigo 8: O uso compartido do carril bus pola noite é algo enormemente estendido en moitas cidades e coido que é levar o razoamento ó extremo falar deses problemas que se poden crear entre as 0:00 e as 6:00 horas pola utilización da carga e descarga que obviamente non vai ser en todas as rúas, en todas as zonas de carril bus. Nós coidamos que é un importante avance, se vostedes coidan que non o é, fagan a alegación correspondente e estudarémola. Coido que é enormemente positivo e así o viron os representantes dos transportistas.

En canto á sinalización teño que dicir que é un dos grandes logros desta ordenanza. Se se insiste no tema da sinalización é precisamente polo que eu estou convencido que todos, absolutamente todos, empezando por este concelleiro de Tráfico a quen por certo gústalle o labor que fai, sei que é moi molesta pero eu nas dúas ocasións elixín esta responsabilidade e ninguén me obrigou porque entendo que é unha concellería moi entretida, como sabe vostede perfectamente.

Pero precisamente un dos principais logros desta ordenanza é tentar simplificar esta barbaridade, tiñamos sinalizacións de todo tipo, con horarios distintos e que a xente non sabe cando pode ou non aparcar. Vai ser fundamentalmente este que teño aquí o sinal porque deixa perfectamente claro que fóra do horario de carga e descarga o lugar pode ser utilizado para aparcar. Paréceme que isto é un enorme avance e por iso o queremos poñer na ordenanza. Se hai algunha modificación, aínda que non se cambian as sinalizacións a nivel europeo cada pouco tempo como vostede moi ben sabe, non habería problema en cambiar a denominación deses sinais.

Algún artigo perdín, coido que nomeou mal os artigos ou non teño eu unha copia axeitada, pero no artigo 13.1 se quere deixar perfectamente claro que con carácter preferente todas as instalacións comerciais e industriais que teñan espazo no seu interior para realizar a carga e descarga, a realicen dentro dese espazo. Obviamente estou convencido que dende Urbanismo no futuro se vai obrigir a todas estas instalacións a que teñan eses espazos para a carga e descarga antes de dar a correspondente licenza municipal.

Sabe vostede que hoxe hai moitas instalacións comerciais e industriais que non teñen esa zona posiblemente porque veñen de antigo. Eses establecementos teñen que facer carga e descarga e a maiores de que obviamente Urbanismo obrigue co tempo a que busquen as posibilidades de que se fagan eses labores de carga e descarga no interior coas modificacións que teñan que facer, é obvio que teñen que seguir realizando eses labores e nada mellor que precisamente no sitio no que molestan menos que é o vao para esa instalación comercial ou industrial; é absolutamente claro. Que se diga que con carácter preferente teñen que se realizar no seu interior semella que é bastante obvio.

O colmo xa foi cando se nos ergueu e amosou a ordenanza e demais, cando no artigo 13.7 pon o grito no ceo cando le: “ningún caso almacenaranse no chan as mercadorías ou obxectos que se estean cargando ou descargando”. Aí está a riqueza do idioma: “ningún caso almacenaranse...” Non se trata de que non se baixen do vehículo e se poñan no *carretiño* ou no que sexa para levar ó establecemento, trátase de que non se deixe na rúa un montón de mercadoría atrancando permanentemente, a rúa non está para facer ningún tipo de almacenamento por iso, coa maior axilidade posible, neses quince minutos dos que falamos que obviamente é sempre unha medida aproximada porque non vai estar ningún policía co reloxo, pero é para que se utilice o transporte de carga e descarga para iso, para cargar e descargar e non para almacenar, estar aí o tempo que lles dea a gana, etc.

Así poderíamos seguir con varios dos artigos que comentou. Considerar leves ou graves as diversas sancións por suposto é sempre opinable, pero o que si está claro e na ordenanza queda perfectamente claro é que hai motivos para que unha falta se converta en grave (a reincidencia, etc.) e pódolle dicir que o artigo 22.2, cando se considera grave ter un vehículo autorizado en zona de carga e descarga e que non estea o condutor nas inmediacións é unha referencia sinxela a que o que non pode ser é que un se apropie dun espazo de carga e descarga, estea tres cartos de hora movéndose por todos os sitios e que non haxa ningún problema.

E así practicamente con todas as cousas das que vostede falou un pouco, que obviamente para iso tamén está o período de alegacións, para que modificacións deste carácter, artigo por artigo, se poidan ir facendo.

Para rematar o que si lle teño que dicir é que vostedes non quixeron ver esta

ordenanza, como case todo o que ven deste goberno municipal e particularmente desta Concellería de Mobilidade que non lles gusta nada que se mova para facer o que vostedes non foron quen de facer. Teño que lle dicir que esta proposta de carga e descarga incluímos por suposto o transporte pesado e facer as medidas de seguridade que sexan realmente urxentes canto antes porque queremos que en efecto esta Concellería se mova e por iso engadimos a Disposición final primeira onde tamén se insiste en calmar o tráfico sen nomear, porque non é necesario, todas as medidas que supoñan un incremento de seguridade porque, aínda que sabemos perfectamente que non é necesario que exista esta ordenanza aprobada, queremos que canto antes teñamos esa referencia para que cando o estea poidamos seren moito máis incisivos e rápidos á hora de mellorar as condicións de seguridade nos viais da nosa cidade.

Estou convencido de que as propostas que se fan nesta ordenanza, porque no que se refire a carga e descarga de transporte pesado e medidas de seguridade, o resto hai un prazo de seis meses para facer esa revisión, esa modificación, imos ter o compromiso desta Concellería, deste goberno municipal, de que nun prazo de seis meses imos refundir e actualizar toda a normativa vixente. Iso é o que imos facer en seis meses porque as actuacións desta Concellería están perfectamente planificadas, están por suposto pensando no obxectivo que vostedes tanto encomiaron nos meses nos que fun concelleiro de Seguridade, Mobilidade e Transporte porque non me esquezo da dobre fila, lembremos de novo a marabilla de poder circular como se circulaba nos meses nos que eu fun responsable logo da campaña da dobre fila.

O meu obxectivo nesta ocasión con estas medidas é conseguir o mesmo, máis ós poucos, de xeito estable e que sexa para sempre. Daquela experiencia saquei unha lección fundamental: que os que máis pagaban aquela loita da dobre fila, a inutilización dun carril nas rúas da nosa cidade, eran os transportistas, os que se dedicaban a vivir da distribución de mercadorías e precisamente por iso faise esta ordenanza de carga e descarga, por iso modificar, mellorar, facilitar ese traballo de carga e descarga para que todos os avances que veñan posteriormente, que van vir e van seren moito máis estables e consolidados, poidan ir cara adiante coas propostas que seguirán vindo desta Concellería de Mobilidade e Seguridade por moito que lles doa a vostedes.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a ordenanza municipal reguladora da carga e descarga de mercadorías nas vías urbanas co texto que se transcribe ó final deste acordo. (Exp. nº 74358/210).

Segundo.- Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

Terceiro.- Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da ordenanza no BOP, entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa completa publicación.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS OPERACIÓNS DE CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS NAS VÍAS URBANAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A necesidade de abastecemento de mercadorías ás industrias e comercios da cidade de Vigo, así como a subministración de materiais ás obras de construción e reparación de inmobles que se realizan, necesariamente ten que ser compatible co tráfico rodado e peonil.

A presente ordenanza regula as operacións de carga e descarga en vehículos de reparto de mercadorías nas vías urbanas da cidade de Vigo coa finalidade de garantir que se executen en condicións idóneas de seguridade e sen causar prexuízo ao tráfico rodado e peonil. Considerando que estas vías presentan maior conflictividade en materia de tráfico nas horas puntas de cada xornada e coa finalidade de que non teñan que soportar a dificultade engadida que supón a realización das devanditas operacións, establécense limitacións horarias para desenvolverlas. Asemade, a realización das mesmas deberá ser compatible co resto das actividades que se realizan na vía pública, polo que tamén se regula a forma de realizar ditas tarefas.

Na mesma liña, coa finalidade de axilizar a circulación e diminuír a conflictividade do tráfico nas vías máis conxestionadas da nosa cidade, establécese que os vehículos con masa máxima autorizada superior a 10.000 Kg. deberán circular polas rutas delimitadas na presente ordenanza, agás autorización especial.

Finalmente, establécese un réxime sancionador aplicable ás infraccións que, do mesmo xeito, tipifícanse nesta ordenanza.

Por todo isto, cómpre regulamentar este tipo de operacións de carga e descarga mediante esta ordenanza, sendo competencia municipal en virtude do establecido no artigo 25.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 80.2.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, artigos 7.a).b) e 38.4 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aprobou o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial e artigo 93 do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento Xeral de Circulación.

ARTIGO 1.

As operacións de carga e descarga dos vehículos de reparto de mercadorías nas vías urbanas do termo municipal de Vigo rexeranse polas disposicións establecidas na presente ordenanza e, no que non estea previsto nesta, polo establecido, con carácter xeral, no Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, nos regulamentos que a desenvolven e demais normativa estatal aplicable.

ARTIGO 2.

Aos efectos da presente ordenanza, enténdese por operacións de carga e descarga na vía pública a acción e efecto de trasladar unha mercadoría desde un vehículo de transportes de mercadorías privado complementario ou público estacionado ou parado na mesma a unha finca ou viceversa.

ARTIGO 3.

3.1. Considéranse vehículos autorizados para a realización das operacións de carga e descarga nos lugares reservados para isto, aqueles dedicados ao transporte de mercadorías, xa sexan privados complementarios ou públicos, con independencia de se están obrigados ou non a posuír tarxeta de transporte.

3.2. Aos efectos da presente ordenanza, enténdese por transportes privados complementarios aqueles que se levan a cabo por conta propia por empresas ou establecementos, cuxas finalidades principais non son de transporte, como complemento necesario ou axeitado para o correcto desenvolvemento das actividades principais que devanditas empresas ou establecementos realizan. Estes vehículos poden estar rotulados, coa denominación do establecemento, ou sen rotular.

3.3. Enténdese por transportes de mercadorías públicos aqueles que se levan a cabo por conta allea mediante retribución económica.

ARTIGO 4.

Prohíbese aos turismos realizar operacións de carga e descarga nas zonas especialmente reservadas para estas tarefas durante o horario establecido e reflectido na sinalización correspondente.

ARTIGO 5.

Prohíbese aos vehículos de mudanzas realizar operacións de carga e descarga nas zonas especialmente reservadas para estas tarefas durante o horario establecido e reflectido na sinalización correspondente.

Os titulares destes vehículos deberán solicitar á Policía Local reserva de estacionamento polo tempo que se considere necesario para realizar as súas cargas e descargas, con antelación mínima de 3 días hábiles á ocupación da vía pública, previo pagamento das correspondentes taxas.

ARTIGO 6.

6.1. Poderanse establecer, mediante resolución do concelleiro delegado competente, reservas de parada ou estacionamento para a realización das tarefas de carga e descarga que se desenvolverán durante o horario establecido e reflectido na sinalización correspondente.

6.2. Normas sobre a realización da carga e descarga de mercadorías no ámbito territorial delimitado no artigo 11:

6.2.a.- As zonas especialmente reservadas para carga e descarga serán de obrigada utilización para os vehículos autorizados do artigo 3, prohibíndose a realización destas tarefas fóra das mesmas, agás motocicletas de reparto urxente, vehículos adscritos aos servizos municipais, vehículos de reparto de produtos derivados do petróleo, vehículos de transportes de mercadorías que non excedan de 5 metros de longo e 2 metros de ancho, cunha marxe de tolerancia de ata 5%, así como os vehículos que contén con autorización municipal expresa naqueles casos nos que debido ás características da mercadoría, xa sexa polo seu volume ou fragilidade, non resultara posible utilizar a zona reservada ou naqueles outros supostos que considere a Administración Municipal. Esta autorización deberá solicitarse ante a Policía Local cun mínimo de dous días hábiles de antelación á ocupación da vía pública.

6.2.b.- A prohibición de realizar operacións de carga e descarga fóra das zonas reservadas que se establecen no apartado anterior, non afecta ás operacións que se realicen desde as 22:00 ata as 07:30 horas que poderán realizarse fóra desas zonas respectando as regras de tráfico.

6.2.c.- As operacións de carga e descarga que se realicen nos espazos reservados cos vehículos autorizados do artigo 3, agás as realizadas con motocicletas de reparto urxente, vehículos adscritos aos servizos municipais, vehículos de transportes de mercadorías que non excedan de 5 metros de longo e 2 metros de

ancho, cunha marxe de tolerancia de ata 5%, así como con vehículos que contén con autorización municipal expresa, só poderán realizarse durante o horario establecido e reflectido na correspondente sinalización.

6.2.d.- Non estarán suxeitos a limitación horaria ningunha na realización nas tarefas de carga e descarga as motocicletas de reparto urxente, os vehículos adscritos aos servizos municipais, os vehículos de transportes de mercadorías que non excedan de 5 metros de longo e 2 metros de ancho, cunha marxe de tolerancia de ata 5%, así como os vehículos que contén con autorización municipal expresa e así conste consignado na mesma.

6.3. Normas de realización da carga e descarga de mercadorías no resto do termo municipal:

6.3.a.- En ningún caso son de obrigada utilización as zonas especialmente reservadas para carga e descarga. Os vehículos de transportes de mercadorías poderán realizar as devanditas tarefas fóra destas zonas e sen estar suxeitos a limitación ningunha de horario.

6.3.b.- Estas zonas estarán reservadas para realizar operacións de carga e descarga durante o horario establecido e reflectido na correspondente sinalización.

ARTIGO 7.

Mediante resolución do concelleiro delegado competente, nas zonas limitadas en tempo de estacionamento (Xestión de Estacionamento Regulado-XER) poderán establecerse espazos reservados para que os vehículos autorizados, aos que se refire o artigo 3, realicen carga e descarga dentro do horario establecido e reflectido na sinalización correspondente. Durante este horario, exceptúase aos vehículos autorizados que desenvolvan estas tarefas de estar provistos de título habilitante.

Coa finalidade de combinar ambos usos nos espazos reservados que se establezan na zona XER, o mero estacionamento inactivo e mailas tarefas de carga e descarga, o vehículo autorizado non poderá executar estas tarefas ao finalizar o horario permitido, reflectido na sinalización correspondente, debendo abandonar o espazo reservado salvo que se limite ao mero estacionamento inactivo estando provisto do título habilitante. Non obstante, os vehículos de transportes de mercadorías que non excedan de 5 metros de longo e 2 metros de ancho, cunha marxe de tolerancia de ata 5%, poderán executar operacións de carga e descarga ao finalizar o horario permitido, reflectido na sinalización correspondente, estando provistos de título habilitante.

ARTIGO 8.

Se permiten realizar tarefas de carga e descarga nos tramos de rúa en que exista carril reservado para o transporte público urbano así como nas zonas reservadas para a súa parada, desde as 00:00 horas ata as 06:00 horas.

ARTIGO 9.

Tamén poderanse autorizar zonas reservadas para carga e descarga, solicitadas a instancia dos comerciantes, de acordo coas operacións que desenvolven e a incidencia das mesmas no tráfico da zona, requirindo, en todo caso, informe previo dos técnicos municipais e resolución do concelleiro delegado competente.

ARTIGO 10.

As zonas reservadas para carga e descarga sinalizaranse verticalmente co sinal S-17 ou R-307, horizontalmente con marca amarela zigzag e/ou marca amarela lonxitudinal continua e panel complementario indicador do horario de realización das tarefas.

ARTIGO 11.

11.1. Establécese o seguinte ámbito territorial:

- Un polígono interior delimitado polas seguintes rúas, incluídas as mencionadas: Concepción Arenal, Areal, Isaac Peral, San Lourenzo, Doctor Antón Beiras, Travesía de Vigo, Pizarro, Praza de España, Gran Vía, Praza. de América, Coruña, Praza. Industria, Jacinto Benavente, Ribeira do Berbés, Cánovas del Castillo e Montero Ríos.

- As seguintes rúas e tramos de rúas exteriores ao polígono delimitado: García Barbón, Sanjurjo Badía, Buenos Aires, Travesía de Vigo, Gregorio Espino, Urzáiz, Aragón (entre a rúa Genaro de la Fuente e Urzáiz), Sagunto, Estrada Provincial (entre Camiño Quirós e Gran Vía), Avda. Castrelos (entre Praza. América e Alcalde Portanet), Alcalde Portanet (entre Castrelos e Val Miñor), Manuel de Castro, Avda. Balaídos, Avda. Fragoso, Avda. Florida (entre Praza. América e Manuel de Castro), Tomás A. Alonso e Camilo Veiga.

11.2. No ámbito territorial delimitado no artigo 11.1, non se poderán realizar operacións de carga e descarga de mercadorías nos espazos reservados na vía pública durante as seguintes horas:

- Desde as 07:30 ata as 09:30 horas, desde as 13:00 ata as 15:00 horas e desde as 18:00 ata as 22:00 horas, agás domingos e festivos que se prohíbe realizar carga e descarga, agás a subministración de combustibles derivados do petróleo a estacións de servizo.

- Fóra destes horarios ou dos indicados na sinalización correspondente, os espazos reservados para carga e descarga serán de uso público coas restricións propias segundo o tipo de zona de que se trate (residentes, XER...).

- Non estarán suxeitos a limitación horaria ningunha as motocicletas destinadas ao reparto urgente, os vehículos de subministración de combustibles derivados do petróleo a estacións de servizo, os vehículos de transporte de mercadorías que non excedan de 5 metros de longo ata 2 metros de ancho, cun marxe de tolerancia de ata 5%, nin aqueles que gocen de autorización especial e así conste expresamente consignado na mesma.

ARTIGO 12.

Mediante resolución do Concelleiro Delegado Competente, poderanse ditar disposicións que versen sobre as seguintes materias:

- Creación ou supresión das zonas reservadas para carga e descarga.
- Sinalización das zonas de carga e descarga.
- Modificación do horario permitido para desenvolver as operacións de carga e descarga, en relación coa problemática propia nas diferentes rúas e barrios da cidade.
- Prohibición puntual da realización de tarefas de carga e descarga, en determinadas zonas da cidade, considerando razóns de interese xeral, tales como a celebración de procesións relixiosas, celebración de festas ou grandes eventos populares ou culturais.
- Modificación da masa máxima autorizada dos vehículos e das rutas establecidas no artigo 18 da presente ordenanza.

ARTIGO 13.

Na realización das operacións de carga e descarga observaranse as seguintes prescricións:

13.1. Con carácter preferente, a carga e descarga de mercadorías realizarase no interior dos locais comerciais e industriais, sempre que reúnan as condicións axeitadas e posúan autorización de vao para o acceso de vehículos. Cando as condicións destes locais non permitan realizar carga e descarga no seu interior, estas operacións poderanse realizar na reserva de vao de ser o caso.

13.2. As operacións de carga e descarga realizaranse de acordo co disposto no artigo 6 da presente ordenanza.

13.3. Poderán facer uso das zonas reservadas, dentro do horario establecido na sinalización correspondente, os vehículos de transportes de mercadorías autorizados durante un tempo máximo de 15 minutos.

Nas zonas reservadas, dentro do horario establecido e reflectido na sinalización correspondente, prohíbese o estacionamento e parada dos vehículos non autorizados e, tamén, daqueles que estando autorizados non estean realizando efectivamente as devanditas tarefas. Nestes casos, os vehículos poderán ser inmovilizados ou retirados polos axentes da Policía Local mediante o emprego de elementos mecánicos idóneos.

13.4. As tarefas de carga e descarga realizaranse respectando as regras de tráfico. Prohíbese parar ou estacionar en dobre fila para realizar estes labores.

13.5. As tarefas de carga e descarga realizaranse de acordo co disposto no artigo 16 do Regulamento Xeral de Circulación. Respectaranse as disposicións sobre parada e estacionamento; as mercadorías cargaranse e descargaranse polo lado do vehículo máis próximo ao bordo da beirarrúa ou pola parte traseira, sen interferir

na circulación rodada da zona e garantindo o paso e a seguridade do tránsito peonil. En ningún caso obstaculizarase o acceso a fincas e comercios.

13.6. As tarefas de carga e descarga levaranse a cabo con medios dabondo para conseguir celeridade, e procurando evitar ruídos e molestias innecesarias. Será de aplicación á realización destas operacións o disposto na ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.

13.7. Queda prohibido depositar as mercadorías na calzada, beiravía ou zonas peonís. En ningún caso se almacenarán no chan as mercadorías ou obxectos que se estean cargando ou descargando.

ARTIGO 14.

14.1. Os vehículos destinados ao transporte de mercadorías perigosas deberán cumprir estritamente o disposto no RD 551/2006, do 5 de maio, que regula as operacións de transporte de mercadorías perigosas por estrada e demais normativa aplicable. As operacións de carga e descarga de mercadorías molestas, nocivas, insalubres ou perigosas, rexeranse, ademais, polas disposicións específicas que regulamentan a materia.

14.2. O reparto en vehículos cisterna de produtos derivados do petróleo para uso doméstico, deberá ser comunicado pola compañía subministradora á Policía Local, con tres días de antelación, a cal fixará itinerario e horario.

ARTIGO 15.

Na construción de edificacións de nova planta así como en calquera obra de reforma total ou parcial, demolición, escavación ou canalización que requiran licenza urbanística municipal, as operacións de carga e descarga deberanse realizar no interior da obra.

Cando non sexa posible dispoñer deste espazo, as zonas de reserva de estacionamento por obra na vía pública concederanse previa solicitude e autoliquidación da correspondente taxa, acompañada da preceptiva copia compulsada da licenza municipal urbanística así como do informe técnico que acredite a imposibilidade de reservar espazo dentro do recinto da obra. Á vista da documentación aportada polo solicitante, resolverase sobre a procedencia da súa concesión e sobre os condicionantes da mesma no seu caso.

ARTIGO 16.

A instalación de contedores de obra na vía pública realizarase respectando as prescricións establecidas na ordenanza municipal reguladora da instalación de contedores.

O Concello resérvase o dereito a ordenar a retirada dos contedores de escombros de obra cando así o aconsellen as circunstancias de circulación ou concorran outras razóns de interese xeral debidamente acreditadas.

As operacións específicas de cambio ou substitución de contedores de escombros cheos por outros baleiros só poderán realizarse nos horarios e días fixados no artigo 11.2 da presente ordenanza. En todo caso, tomaranse as medidas oportunas para reducir, na maior medida posible, o tempo de realización da operación.

ARTIGO 17.

Os condutores de vehículos que realicen as tarefas obxecto de regulación nos artigos precedentes, serán responsables da limpeza dos residuos ou verquidos que se produzan sobre a vía pública durante a execución das mesmas. Tras sinalizar convenientemente o obstáculo creado, adoptarán as medidas necesarias para a súa retirada no menor tempo posible, debendo poñelo en coñecemento da Policía Local.

En particular, no caso das obras, deberán coidar que as rodas dos camións estean limpas de terra e lama antes de acceder á vía pública, así como que a vía quede debidamente limpa.

ARTIGO 18.

Os vehículos con masa máxima superior a 10.000 Kg. que circulen polo termo municipal de Vigo desde as 08:00 horas ás 22:00 horas, deberán facelo obrigatoriamente polas rutas establecidas no Anexo desta ordenanza. Non poderán circular fóra das rutas establecidas, durante o mencionado horario, sen estar provistos dunha autorización especial que deberá ser colocada no parabrisas dianteiro do vehículo, de forma ben visible.

ARTIGO 19.

19.1. As autorizacións especiais ás que se refire o artigo anterior, solicitaranse perante a Policía Local, cunha antelación mínima de 48 horas, ou 24 horas en supostos de urxencia debidamente acreditados. Na devandita solicitude, que virá acompañada de fotocopia dos permisos de circulación dos vehículos para os que se pretende obter autorización, indícarase a matrícula ou matrículas dos mesmos e mailo período temporal para o que se desexa obter autorización especial.

19.2. Quedan excluídos do disposto nos artigos 18 e 19.1, os vehículos do servizo de extinción de incendios e salvamento, autobuses do transporte de viaxeiros e transporte escolar, debidamente autorizados, vehículos propiedade municipal ou adscritos aos servizos municipais e os vehículos das concesionarias dos servizos públicos.

ARTIGO 20.

Constitúen infraccións a esta ordenanza os actos ou omisións que contraveñan o disposto nela, que se clasifican en leves, graves e moi graves. As infraccións a esta ordenanza serán sancionadas polo órgano municipal competente, previa instrución do correspondente expediente.

ARTIGO 21.

Considéranse infraccións leves:

- 1.- Realizar carga ou descarga de mercadorías sen facelo polo lado do vehículo máis próximo ao bordo da beirarrúa ou pola súa parte traseira.
- 2.- Realizar carga ou descarga de mercadorías obstaculizando o acceso a fincas e comercios.
- 3.- Realizar carga ou descarga depositando as mercadorías nas beirarrúas.
- 4.- Realizar operacións de carga e descarga sen axustarse aos horarios permitidos.
- 5.- Realizar operacións de carga e descarga lixando a vía pública.
- 6.- Transportar carga que non estea disposta e sinalizada na forma regulamentariamente determinada.
- 7.- Estacionar ou parar cun vehículo de mudanzas na vía pública, respectando as normas xerais de estacionamento ou parada, realizando carga e descarga sen contar con reserva de estacionamento autorizada ao efecto.
- 8.- Estacionar ou parar na vía pública, no ámbito territorial establecido no artigo 11.1, respectando as normas xerais de estacionamento ou parada con vehículos autorizados aos que se refire o artigo 3 da presente ordenanza, agás as motocicletas de reparto urgente, vehículos adscritos aos servizos municipais, vehículos de reparto de produtos derivados do petróleo para uso doméstico, vehículos dedicados ás tarefas de carga e descarga que non excedan de 5 metros de longo e 2 metros de ancho, cunha marxe de tolerancia de ata 5% e aqueles que contén autorización municipal expresa, fóra dos espazos reservados para carga e descarga realizando estas tarefas.
- 9.- Circular polo termo municipal fóra das rutas establecidas no Anexo desta ordenanza, durante o horario comprendido entre as 08:00 horas e as 22:00 horas, sen estar provisto de autorización especial, cun vehículo de masa máxima superior a 10.000 Kg, ou ben, sen ter colocada a autorización especial, á que se refire o artigo 18, no parabrisas dianteiro do vehículo, de forma ben visible.
- 10.- Calquera outra infracción ás normas desta ordenanza non cualificada expresamente como grave ou moi grave.

ARTIGO 22.

Considéranse infraccións graves:

- 1.- Estacionar ou parar cun vehículo non autorizado (turismo, vehículo de mudanzas...) nunha zona reservada a carga e descarga, durante as horas de utilización.
- 2.- Estacionar cun vehículo autorizado nunha zona reservada a carga e descarga, durante as horas de utilización, sen realizar efectivamente devanditas tarefas, atopándose o motor do vehículo parado, o sistema de arranque desconectado e sen presenza física do condutor nas inmediacións.

ARTIGO 23.

Considéranse infraccións moi graves:

- 1.- A falsificación de autorización ou tarxeta expedida polo Concello.
- 2.- A ocultación, manipulación ou falsidade dos datos consignados na solicitude ou documentación anexa aportada en orde á obtención das correspondentes autorizacións ás que se refire esta ordenanza.

ARTIGO 24.

1. As infraccións á ordenanza tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas coas sancións previstas no artigo 67 do Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.
2. As sancións graduaranse en atención á debida adecuación entre a gravidade e transcendencia do feito, aos antecedentes do infractor e a súa condición de reincidinte, ao perigo potencial creado para el mesmo e para os demais usuarios da vía e ao criterio de proporcionalidade.

ARTIGO 25.

Os prazos de prescrición das infraccións e sancións da presente ordenanza serán os establecidos no Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Queda expresamente derogado o Texto Refundido da ordenanza Municipal de Circulación e Transportes, publicado no BOP nº 65, do 18.03.1991 e maila ordenanza municipal complementaria de tráfico.

Manteñen a súa vixencia o Bando da Alcaldía do 25.05.2001 que regulamenta o acceso rodado ao paseo marítimo e porto deportivo, o Bando do 08.02.2002 que regulamenta a circulación de vehículos no barrio histórico (casco vello) e o Bando do 28.09.2006 regulador da remodelación realizada en distintas rúas do centro da cidade.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

O Concello deberá aprobar no prazo de seis meses desde a entrada en vigor da presente ordenanza, un texto que refunda e actualice a normativa existente en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

Non obstante, a presente ordenanza autoriza a implantación na vía pública de medidas para moderar a velocidade. Esta medida pretende facer efectiva a convivencia do tráfico rodado e peonil.

Ao abeiro do disposto no artigo 5.2 do Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, estas medidas non se considerarán obstáculos na calzada sempre que cumpran a regulación básica establecida ao efecto polo Ministerio de Fomento e se garanta a seguridade vial dos usuarios e, en particular, dos ciclistas.

É pretensión da Administración Municipal evitar converter as nosas rúas e prazas e, en xeral, os espazos públicos da nosa cidade, en meros canles de distribución do tráfico, posto que deben ser espazos de convivencia para todos os usuarios. A situación, ademais vese agravada polo comportamento pouco cívico dalgúns condutores, que mesmo chegan a por en perigo a liberdade e seguridade do resto dos usuarios das vías públicas.

O Concello considera prioritario modificar esta tendencia, de xeito que o viario garanta a seguridade e calidade de vida de todos os usuarios, compatibilizando o seu uso tanto polos residentes e viandantes en xeral, como polos vehículos motorizados. Deste xeito, coa finalidade de seguir avanzando na mellora da mobilidade e seguridade vial, autorízase a que por resolución do concelleiro delegado competente, previa emisión dos informes técnicos pertinentes, se implanten na vía pública medidas encamiñadas a moderar a velocidade do tráfico

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ao desta ordenanza que afecten ás materias regulamentadas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, da ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA

Conforme ao establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta ordenanza entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

ANEXO

RUTAS DE CIRCULACIÓN DOS VEHÍCULOS CON MASA MÁXIMA SUPERIOR A 10.000 KG

VÍAS PRINCIPAIS DE ACCESO.- Plano xeral:

AP-9 e a súa bifurcación cara o centro de Vigo

N-552 ata Av. Buenos Aires.

N-555

A-55 e Avd. de Madrid ata Estación de Autobuses.

VG-20.

AG-57

ZONA BOUZAS-BEIRAMAR-TEIS - Plano 1:

Av. Galicia.

Av. Marina Española

Av. Buenos Aires

R./ Julián Estévez.

Túnel de Beiramar.
R./ Isaac Peral.
R./ Areal ata R./ Serafín Avendaño (entrada ao porto).
R./ Cánovas del Castillo.
Av. Beiramar.
R./ Eduardo Cabello
R./ Jacinto Benavente.

ZONA SAN ANDRÉS-CORUXO-ZONA FRANCA (CITROËN) - Plano 2:

Avd. Citroën e circunvalación do Estadio de Balaídos.
Estr. de Camposancos ata Estr. do Bao.
Estr. do Bao desde Estr. Camposancos ata Av. Ricardo Mella.
Av. Ricardo Mella desde Estr. do Bao ata VG-20.
Cmño. do Caramuxo desde Estr. Camposancos ata Av. Ricardo Mella.
Todas as interiores ao polígono que encerran ás catro últimas.

ZONA SÁRDOMA - Plano 2:

Cmño. do Raviso desde Av. Madrid ata R./ Miraflores.
R. Miraflores desde R./ do Raviso ata barriada de Laxe.
Estr. Ponte Segade.
Estr. Moledo.
Estr. do Lameiro.
Toda as interiores ao polígono que xunto coa Av. de Madrid encerran ás cinco últimas.
Estr. Provincial desde Av. Madrid ata 350m.
Estr. Fragosiño.
Cmño da Coba entre Estr. Moledo e R. do Cacheno.
R./ do Cacheno.

ZONA A BAGUNDA - Plano 2:

R./ Gandarón
Av. Alcalde Lavadores
Estr. vella de Madrid desde Avd. Madrid e Avd. Alcalde Lavadores.
Toda as interiores ao polígono que xunto coa Avd. de Madrid encerran ás tres últimas
R./ Bagunda desde R./ Gandarón ata R./ Severino Cobas.
R./ Severino Cobas desde R./ Bagunda ata o Cmño. do Foro.

ZONA PEINADOR -Plano 3:

Estr. N-555 ata Av. do Aeroporto.
Av. do Aeroporto desde N-555 ata o linde municipal.
Av. do Tranvía desde Av. Aeroporto ata acceso a AP-9.

ZONA PUXEIROS - Plano 3:

Av. da Ponte desde acceso A-55 ata Estr. das Plantas.
Estr. das Plantas ata Estr. do Rebullón.
Estr. do Rebullón ata o linde municipal.

ZONA PARQUE TECNOLÓXICO VALLADARES -Plano 4:

Estr. San Cosme ata a Estr. Circunvalación do Campus Lagoas-Marcosende da

Universidade de Vigo e a propia circunvalación.
Estr. Clara Campoamor ata R. Ramiro Pascual.
P0-331.

Explicación de voto do concelleiro do Grupo Popular Sr. Coello Bufill:

A nosa proposta era que se retirase e como non foi posible, que estuden as alegacións que a viva voz fixemos para que no próximo Pleno, cando veña a aprobación definitiva, se hai algunha modificación ou rectificación, o noso voto será noutro sentido. Moitas gracias.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

10.- (29).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER O PRÓXIMO 8 DE MARZO.

ANTECEDENTES.- O voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. López Font, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de febreiro de 2008, presenta moción que contén exposición de motivos e na que figura a seguinte proposta:

"O Concello de Vigo contribuirá a aplicar e desenvolver a lei de Igualdade Efectiva de mulleres e homes a través dos seguintes compromisos:

- Conseguir a participación das mulleres na toma de decisións nos asuntos que interesan a toda a cidadanía.
- Erradicar a inestabilidade, o desemprego e a temporalidade que segue afectando esencialmente ao emprego feminino e ás diferenzas retributivas que aínda persisten.
- Favorecer a corresponsabilidade entre homes e mulleres no coidado das persoas e nos traballos domésticos.
- Favorecer a creación de servizos de apoio temporais para atender o coidado dos nenos e nenas en situacións específicas (vacacións escolares, actividades de tempo libre, atención ocasional dos menores, etc.).

Na loita contra a violencia de xénero, este Concello se compromete a:

- Incrementar o rexeitamento social sobre o agresor a través de campañas municipais para maior concienciación e sensibilización cidadá.
- Poñer en marcha un programa específico de prevención de violencia de xénero, dirixido especialmente a mozos e mozas.
- Aumentar e reforzar os mecanismos postos en marcha para protexer e atender ás mulleres vítimas da violencia de xénero.
- Facilitar cursos de formación, en colaboración coa Xunta de Galicia, para todas e todos os profesionais que toman partido no proceso de erradicación da violencia machista."

A Xunta de Voceiros, en sesión do día 21 de febreiro, acordou incluír a presente moción na orde do día do Pleno ordinario da Corporación.

DEBATE.- SRA. SILVA REGO: En primeiro lugar quéro lle agradecer ó meu Grupo poder defender unha moción na que creo profundamente. En segundo lugar quero propoñer que no apartado de motivación desta moción, se retire o nome do actual presidente do Goberno xa que eu creo que é importante poñer en valor as políticas que se desenvolveron, nos seus resultados, e non tanto en quen as propiciou. Propoño polo tanto que se retire o nome desa motivación.

Quero expresar que o Grupo municipal Socialista presenta esta moción no ánimo de que dende o Concello de Vigo sigan a desenvolverse actuacións que permitan seguir avanzando cara á igualdade plena das mulleres. É certo que o camiño percorrido é moito e que dende a Concellería de Igualdade deste Concello se está a apostar forte por poñer en marcha políticas que faciliten a participación activa da muller e que permitan loitar contra a violencia de xénero, esa lacra social que unha sociedade avanzada e democrática non se pode permitir, pero coidamos que diante da próxima celebración o día 8 de marzo do Día internacional das mulleres, é unha obriga de todas as institucións facer explícito o apoio sen condicións a moitas reivindicacións que por forza teñen que se converter en medidas concretas que as fagan realidade.

Atrás queda aquel 1910 no que por primeira vez Clara Sequin, representante da Conferencia de Mulleres Socialistas realizada en Copenhague, propuxo a

celebración do Día internacional da muller. A proposta chegou ó comezo dun período de grande transformación social e política no mundo. Aquela chamada de Clara Sequin ás mulleres tiña como obxectivo unir a loita pola igualdade de dereitos coa loita por preservar a paz mundial.

Cando se celebrou o primeiro Día Internacional da Muller en 1911, máis dun millón de mulleres participaron publicamente nel. Ademais do dereito ó voto e a ocupar cargos públicos demandaban ó dereito ó traballo, á educación e ó remate da discriminación do traballo, vellas reivindicacións que aínda tristemente seguen estando vixentes.

Tiveron que pasar moitas décadas para que o dereito a ocupar cargos públicos fora unha realidade. Foi posible gracias ó arduo traballo histórico das mulleres, ás políticas activas desenvolvidas e ás normas aprobadas nos parlamentos. Porque, non nos enganemos, sen leis que establezan os dereitos das mulleres a participar en igualdade de condicións no ámbito do público e do privado non sería posible que hoxe sexamos visibles, que ocupemos cargos de representación, que accedamos masivamente ó mundo laboral, que xa sexamos máis nas universidades e que os nosos resultados académicos sexan mellores. Todo isto gracias ó noso esforzo, ó noso compromiso coa igualdade, á nosa capacidade e ós nosos méritos máis que sobrados e probados.

Pero non nos equivoquemos, aínda queda unha senda longa cara á igualdade plena e por iso, con motivo da celebración do noso día, o día de todas as mulleres, o día 8 de marzo, temos a obriga de seguir a demandar o afondamento dos nosos dereitos. Apostamos por iso, porque se amplíen os dereitos de cidadanía ás mulleres só así nos pareceremos á sociedade á que queremos representar, composta a partes iguais por homes e por mulleres.

As políticas de igualdade, as leis teñen un "*leit motiv*" claro: conseguir a nosa presenza en todos e cada un dos ámbitos de participación. Pero tamén o hai que entender como motor de desenvolvemento económico e social, como un instrumento de afondamento na democracia e como unha cuestión de xustiza social. Asentadas as bases para conseguir o equilibrio entre mulleres e homes, hai que ir máis aló e poñer en marcha estratexias encamiñadas á consecución da participación das mulleres na toma de decisión nos asuntos que lle interesan a toda a cidadanía. Nesta fermosa andaina cara á igualdade os poderes públicos teñen

unha obriga inescusable que compartimos todos: a loita sen cuartel contra a violencia de xénero, esa lacra social que temos que erradicar.

A Lei orgánica de medidas de protección contra a violencia de xénero está a supoñer un antes e un despois de cara a poñer fin á vertente criminal do machismo que tamén ten que ser combatido a través da concienciación da cidadanía, a educación e formación en valores de igualdade e o rexeitamento sobre o agresor; así como a verbas que inciden nun machismo que estou convencida que maioritariamente é rexeitado.

É fundamental polo tanto que se intensifiquen e reforcen os mecanismos postos en marcha para atender ás mulleres vítimas. A isto temos que dedicar todo o noso esforzo. Sei que dende a Concellería de Igualdade estase a facer un enorme esforzo e quéroo recoñecer publicamente.

Por todos estes motivos pedimos o apoio de todo o Pleno á moción que hoxe presentamos. É necesario que nas políticas de igualdade haxa un compromiso global de todas e de todos e por iso espero a unanimidade no apoio a esta moción. Estou convencida de que ninguén se vai opoñer a que as mulleres consigamos a participación na toma de decisións nos asuntos que interesan a toda a cidadanía, a erradicar a inestabilidade, o desemprego e atemporalidade que seguimos sufrindo, a favorecer a corresponsabilidade entre homes e mulleres, a favorecer a creación de servizos de apoio temporais para atender ó coidado de nenos e nenas en situacións específicas.

Tamén a todos os apartados que contén esta moción en contra da violencia de xénero tal como o incremento do rexeitamento social sobre o agresor, poñer en marcha programas específicos de prevención de violencia de xénero dirixidos especialmente á mocidade, aumentar e reforzar os mecanismos postos en marcha para protexer e atender ás mulleres vítimas de violencia de xénero, facilitar cursos de formación en colaboración coa Xunta de Galicia para todos e todas os profesionais que toman partido no proceso da erradicación da violencia machista.

Non teño ningunha dúbida de que esta moción ten que saír por unanimidade porque é un compromiso con todas as mulleres que vivimos en Vigo, en Galicia, que vivimos no Estado español.

SRA. VELOSO RÍOS: Nós queremos manifestar por suposto o noso acordo coas

resolucións que se expresan nesta moción e, tal e como xa comentou a concelleira, dende a Concellería de Igualdade están levándose a cabo xa moitas medidas destinadas xustamente a acadar unha mellor situación para as mulleres na nosa sociedade, para traballar na consecución da superación das desigualdades entre homes e mulleres e, por suposto tamén, na loita contra a violencia de xénero, xustamente a consecuencia máis extrema das desigualdades que aínda sufrimos na nosa sociedade.

Polo tanto estamos de acordo con esta resolución. Si imos votar a favor desta moción e ademais tamén queremos agradecer a explicación que fai a concelleira sobre a retirada da alusión directa ó goberno de José Luís Rodríguez Zapatero porque si nos parece que ademais este día, o 8 de marzo, tal e como o seu propio nome indica Día internacional das mulleres, é un día que une a todas as mulleres de Vigo, de Galicia e ademais a todas as mulleres do mundo, independentemente da situación das sociedades nas que vivimos e da organización política na que poidamos militar, ou ás mulleres que tampouco militan en ningunha organización política.

É un día para celebrar, para reivindicar e para lembrar que efectivamente aínda nos queda moito camiño para andar malia de que si sexa certo que acadamos a día de hoxe moitos avances, situacións mellores para as mulleres da nosa cidade.

Expressar o noso acordo e o noso voto a favor desta moción. Gracias.

SRA. MOLARES PÉREZ: Evidentemente como expresaba a concelleira de Igualdade o día 8 de marzo é un día para que as mulleres e homes nos unamos para acadar esa igualdade efectiva e real na sociedade.

Agradezo que esta vez o Bloque Nacionalista Galego fixera valer os seus votos para que na exposición desta moción se cambiara o texto dos antecedentes posto que esta moción, como todas, componse dunha parte de antecedentes e outra de acordos e agradezo que fose o Bloque Nacionalista Galego quen premera ó Partido Socialista para que en troques de ler o texto de antecedentes que nos presentaron, que teño que dicir que cando os lin non sabía se me estaban a pedir o voto para o Partido Socialista, para ZP, ou que acordo se ía adoptar porque, á parte de mencionar dúas veces ó presidente do goberno, semella que no ámbito da igualdade foi única e exclusivamente o Partido Socialista quen nos fixo chegar a

unha situación idílica na igualdade.

Coidamos realmente que así non é como se consegue avanzar, porque precisamente o día 8 de marzo, e non é a primeira vez que se presentan mocións este día, nin o 25 de marzo ata agora, todos os partidos políticos que presentaran unha moción a este Pleno, o Bloque Nacionalista, mesmo o Partido Popular xa o fixo estando na oposición o 25 de novembro, sempre fomos respectuosos co traballo realizado por todos os grupos políticos, porque precisamente tanto o 8 de marzo como o 25 de novembro, son datas claves para que todos os grupos nos unamos, para que toda a sociedade se una e se deixen a un lado temas partidistas.

Pero por parte do Grupo Socialista unha vez máis se nos demostra que están en plena campaña. É verdade que estamos en campaña para as xerais pero hai que ter o suficiente nivel político para distinguir unhas cousas doutras.

Lamento profundamente, dígoo sinceramente, que por parte do Partido Socialista se faga uso deste Pleno a través dunha moción para querer facer reflexionar o día 8 de marzo, ademais non sei a que cidadáns porque estas mocións realmente as vemos a este Pleno e é moi difícil, Sra. Silva, que consiga vostede como varias veces díxoo na súa intervención, que esperaba que esta moción se aprobara por unanimidade. Coido que estaba mentindo, realmente con este texto é moi difícil.

Polo menos coido que o que pretendían vostedes era que o Partido Popular estivese en contra desta moción xa que só fai falla falar do título porque é unha moción con título, señores e señoras “ou retroceder”. Avanzar por suposto con ZP, retroceder co Partido Popular, ó Bloque nin os menciona, nin a CIU, nin a PNV. Empezar dicindo con referencia ó día 8 de marzo, día “de reivindicacións, de esperanzas e sobre todo de futuro. Sempre é un día importante pero este ano significa aínda máis porque temos que tomar a decisión as mulleres e os homes do noso país de avanzar polo camiño que o goberno socialista de José Luís Rodríguez Zapatero comezou hai agora catro anos ou retroceder”. Pero remata dicindo: “iso imos mirar con optimismo e ilusión o futuro que nos mostrou o goberno de José Luís Rodríguez Zapatero”. Isto non se pode poñer nunha moción que pretenda levar á unanimidade.

Señor alcalde, agradézolle que lle diga á súa vice-voceira que se non quixo expoñer ela a moción sendo vice-voceira e elixiron a unha delegada da área de Urbanismo, que ten voz neste Pleno pero non voto e ten voz para os asuntos da súa

competencia. Maxino que a Sra. Maure defenderá a moción que ven a este Pleno referente a súa área de goberno que é a de Patrimonio Histórico, se é que non o fan os voceiros. Pero neste caso vostede, Sra. Abelairas, se quixera falar poderíao facer porque é a vice-voceira do seu grupo e ten a outras catro compañeiras elixidas de xeito democrático, catro mulleres que maxino que non están por cota, senón que están por méritos e capacidade e non hai ningunha referencia persoal, sinxelamente a Lei 7/2003, de modernización das grandes cidades, na que se modifica o artigo 126 da Lei 7/1985, na que se fai unha referencia a que se poidan incorporar membros ás Xuntas de Goberno Local e que poderán expresar a súa opinión nos Plenos. Pero non aclara nada sobre defender mocións que non sexan da súa competencia. Esta é unha cuestión do seu grupo e xa a Sra. Silva dixo que está moi orgullosa de que o seu grupo lle deixara falar; quen non tería que estar tan contenta é a vice-voceira e polo menos podería calar mentres eu fago a miña exposición.

A PRESIDENCIA: Garden silencio, por favor. O silencio vai para todos os concelleiros, os vinteseite que forman parte do Pleno e os dous que son nomeados polo alcalde. Continúe, Sra. Molares.

SRA. MOLARES PÉREZ: Nomeados polo alcalde como delegados de área aínda que acotío lles chamamos concelleiros ou concelleiras.

De todos os xeitos dicía que é lamentable o texto desta moción porque cando se fai referencia ás dúas leis, a Lei integral contra a violencia de xénero e a Lei de igualdade efectiva, que eu saiba se aprobaron co apoio de distintos grupos políticos, entre eles o BNG e o Partido Popular no caso da Lei integral contra a violencia de xénero; sen embargo aquí semella que é un mérito único e exclusivo de Zapatero e a verdade lles digo que así non se avanza na igualdade.

De todos os xeitos a Lei integral contra a violencia de xénero, apoiada e aprobada polo Partido Popular, hai que dicir que ningún dos que estamos hoxe aquí podemos estar contentos cos resultados desa lei porque realmente o que pretende é un obxectivo que estou segura de que todos e todas é o que queremos, que non morra nin unha soa muller vítima de violencia de xénero no século XXI. Non lle estou botando a culpa a ninguén pero desgraciadamente seguimos tendo un problema na

sociedade e ano tras ano aumenta o número de mulleres vítimas de violencia con esta lei aprobada. No 2007 morreron 74 e no que vai do ano 2008 doce mulleres mortas co que todo nos leva pensar lamentablemente que a remates do ano a cifra será similar.

Polo tanto temos que seguir reflexionando na sociedade que algo estaremos facendo mal para que sigan morrendo mulleres e polo tanto non é para nos botar flores, senón para pensar como todos e todas xuntos podemos acadar que non morra unha soa muller vítima de violencia de xénero.

En canto á Lei de igualdade efectiva, si señores, o Partido Popular non a votou a favor, tampouco en contra, abstívose no Parlamento porque nós coidamos que as cotas para as mulleres non é o mellor método de avanzar. Coidamos realmente que ten que haber máis mulleres en todos os ámbitos pero non por cota. Eu son a segunda muller que compón esa cota na Lei electoral no meu grupo e se a voceira do meu grupo me elixiu polo feito de seren muller, a verdade é que agora mesmo lle poría o posto ó seu dispor porque eu dende logo non quero estar aquí por seren muller, non quero estar entre os cinco primeiros porque sexa unha muller.

Quero estar aquí por ter o mérito e a capacidade necesaria para o facer o mesmo ca vós. Coido que ningunha das mulleres que estamos aquí, a ningunha das corporativas nos gustaría estar por nos elixir porque tiña que haber unha muller e non podía ocupar un home esa cota. Realmente cando falamos de cotas, igual que na lei de violencia, estamos de acordo no obxectivo que é acadar maior presenza das mulleres e nesta Corporación, en todos os grupos, o número de homes é maior que o de mulleres. Realmente por pirámide de poboación e pola súa distribución tería que haber máis mulleres que homes.

Estou segura de que ese é obxectivo de todas nós, xa de vós non estou tan segura, pero que de todas o noso obxectivo é que houberse sentadas nestes bancos máis mulleres que homes, estou segura. Sinxelamente que entre o Partido Popular e o Partido Socialista hai unha forma diferente de chegaren a ese obxectivo, vós credes que a través das cotas e nós que a través doutras medidas de pulo.

Como dicía non se pode dicir que hai que elixir, non o 8 de marzo que é o día da reflexión, senón o 19 entre avanzar ou retroceder porque o Partido Popular cando gobernou demostrou claramente que pode avanzar nos dereitos. Ademais dicir que avanzar nesa igualdade efectiva entre homes e mulleres en pleno século XXI que

sexa unha condición única do Partido Socialista, é como aquilo que nos contaban hai moitos anos que cando gobernara o Partido Popular os maiores ían quedar sen pensións. Esas cousas xa non as cre ningún. A mesma Constitución establece que estamos nun estado democrático de dereito no que o principio de igualdade está consagrado e todos e todas temos que seguir avanzando para esa igualdade efectiva que por suposto aínda non conseguimos.

Pero ademais me fai gracia que sexa precisamente o Partido Socialista desta cidade quen fale de que co Partido Popular se poden poñer en dúbida os dereitos e liberdades. É curioso Sra. Silva, pero non vou entrar na trampa que fixeron dende o seu partido facendo esta moción tipo que, repito, o Bloque Nacionalista Galego coa súa intervención lles esixiu que retiraran eses antecedentes; íao dicir eu, ía dicirlle a vostede que me alegraba de que fose tan intelixente como para cambiar estes antecedentes por outros.

Sra. Silva, gustoume máis a súa intervención que a que ven escrita aquí, pero isto é o que ven escrito e a verdade é que teño que lle dicir que é lamentable, ademais de lle dicir que a algún de vostedes lle pasa como ó meu compañeiro, Sr. Coello, coa informática e algún polo menos podía realizar o traballo de facer o corta/pega nesta moción tipo que lle mandaron dende o Partido Socialista e en troques de poñer Vigo a man, poñelo que semellara que a fixeran vostedes e non que lla mandara o Sr. ZP para crear tensión. Pero non o van conseguir.

Sra. Silva, vostede dixo tres ou catro veces na súa intervención que esperaba que se aprobara por unanimidade. Non sei se o Bloque a vai aprobar, coido que si e maximo que vostedes tamén. O Partido Popular vaina aprobar pero incidindo en que non está para nada de acordo cos antecedentes de avanzar ou retroceder e deixando claro que o Partido Popular vai seguir avanzando e así o demostrou. Ademais eu tiven a sorte de seren a anterior concelleira de Igualdade e tería moi pouca coherencia o Partido Popular se non aprobase estes oito puntos que nada teñen que ver coa exposición de motivos.

Oito puntos referentes á Lei de igualdade efectiva nos que, como vostede comentaba, acadar a participación das mulleres na toma de decisións nos asuntos que interesan a toda a cidadanía non é máis do que estamos facendo todos e todas aquí. Erradicar a inestabilidade, o desemprego, a temporalidade que segue afectando esencialmente ó emprego feminino, as diferencias retributivas que aínda

persisten, gustaríame que llo trasladara ó seu compañeiro para que, en troques de falar coa súa compañeira de bancada, se puxera a traballar nun plan de emprego que no anterior tivemos aproximadamente un 70% de incorporación de mulleres e neste aínda soubemos polos medios de comunicación que vai tardar seis ou sete meses en facer unha diagnose do emprego na cidade cando neste momento estamos sen plan de emprego. Así non avanzamos e iso que para o alcalde o emprego é prioritario, o dos homes e o das mulleres, pero no caso das últimas todos sabemos que o paro é superior ó dos homes e niso no Partido Socialista do Sr. Zapatero pouco fixeron.

Favorecer a corresponsabilidade entre homes e mulleres no coidado de persoas e nos traballos domésticos; favorecer a creación de servizos de apoio e temporais para atender ó coidado dos nenos e nenas en situacións específicas, non podemos votar en contra porque non é outra cousa que a que fixemos en Vigo cando gobernábamos. Agora ben, si me gustaría que puxeran en marcha vostedes, que non só fagan mocións tipo, senón que traballen neste goberno. A galescola da rúa Palencia está sen abrir e estes días almorzábamos cun atraso da Xunta nos pagamentos que deixa a trinta garderías ó bordo do peche. Iso é realmente a igualdade efectiva que temos que acadar poñendo os medios e os recursos.

No ámbito da violencia de xénero, incrementar o rexeitamento social sobre o agresor a través de campañas municipais para maior concienciación e sensibilización cidadá. Deixamos en marcha unha campaña: “violencia non hai tregua”, tardaron cinco meses en colocar un marcador e non se sabe máis.

Poñer en marcha un programa específico de prevención de violencia de xénero dirixido especialmente á mocidade. Mentres gobernamos non retrocedemos, puxemos en marcha distintas medidas. Aumentar e reforzar os mecanismos postos en marcha para protexer e atender ás mulleres vítimas de violencia de xénero, deixámoslles tres pisos de acollida para poñer en marcha, pasaron oito meses e coido que os trámites están en Urbanismo. Sra. Silva, poderíaos axilizar e que eses pisos estiveran ó dispor porque me consta que a Sra. Veloso Ríos varias veces llos reclamou, pero que eu saiba o trámite segue en Urbanismo. Polo tanto, igualdade efectiva: poñan medios ó dispor.

Facilitar cursos de formación en colaboración coa Xunta de Galicia para todas e todos os profesionais que toman partido no proceso de erradicación da violencia

machista; pódolles asegurar que mentres eu fun concelleira da Muller puxemos en marcha distintas iniciativas e pagamos cursos de formación á Xunta de Galicia, ó persoal do Sergas e á Policía Nacional.

Polo tanto non imos votar en contra estes oito puntos, de ningún xeito porque estamos de acordo, demostrámolo cando gobernamos en Vigo e tamén o imos demostrar cando gobernemos en calquera lugar, Sra. Silva, pero eu aquí non vou vir contar as medidas do Sr. Rajoy, nin a vender a política nacional porque estamos en política local e bastante temos que facer.

SRA. SILVA REGO: Que triste, Sra. Molares, entristéceme profundamente a súa triste intervención. Con esa intervención que fixo déixame claro que o concepto que teñen vostedes das mulleres é o de sempre, o da muller de antes, das mulleres ás que mesmo se lles quere quitar a voz, quérollo dicir ós cidadáns.

O Partido Popular expuxo hoxe que eu, que son unha muller, non teño dereito a ter voz polo sinxelo feito de seren unha concelleira non electa, esquecendo que a miña voz é a dunha muller que sempre defendeu os dereitos das mulleres, que tivo un enorme compromiso cos dereitos da muller, que sempre tivo voz, mesmo en épocas ás que non me quero referir e tívena como alguén que cre no compromiso da igualdade pero sobre todo como muller, porque a miña voz de muller non ma vai quitar ninguén.

O Grupo municipal Socialista decidiu que eu sexa a súa voz e está claro por que. Eu non o ía dicir pero agora si porque alguén no último Pleno puxo claramente en cuestión os méritos polos que eu era concelleira de Urbanismo.

A intervención que hoxe fixen non ten nada que ver con ningunha petición de ninguén. A Sra. Molares seguramente le poucos artigos relativos á defensa dos dereitos das mulleres porque se o fixera, que estou segura que non o fai, vería que todo o meu discurso é idéntico ó que veño facendo dende hai moitos anos porque creo profundamente na igualdade das mulleres. Porque creo nas mulleres, porque creo nos seus dereitos, porque sei que están altamente capacitadas, que teñen méritos sobrados, que non é posible acceder á igualdade se non hai leis que o promovan. Quero dicir alto e claro que a decisión do Partido Socialista no seu día de apostar pola discriminación positiva é o que fixo posible que hoxe esteamos aquí moitas mulleres facendo política.

No Partido Popular para elixir ós candidatos homes e ás candidatas mulleres fanlles un exame para ver que capacidade teñen, que coeficiente intelectual, pásanlles unha batería *dat* que mide o coeficiente intelectual e segundo esa batería e o test de intelixencia admiten a intelixencia e meten á muller na lista. Logo inmediatamente cos homes fan o mesmo, pásanlles unhas baterías para medir a súa capacidade e dependendo diso os meten nas listas. Fano así, é sabido por todos e é un mecanismo como outro calquera, así deciden se teñen ou non capacidade e se van ou non na lista.

O Partido Socialista non fai iso, sabemos que por dereito natural todos os homes e mulleres en principio temos capacidade que se demostra na actuación e no traballo diario. Por certo, eu poderíalles dar a todos e todas vostedes unha lista enorme de homes que están na administración, na empresa privada, nos partidos políticos, que son bastante normais e non tiveron que demostrar a súa capacidade antes de ir nunhas listas electorais e que ademais unha vez que accederon a eses postos demostraron que a súa capacidade era bastante menor e cuestionable. Aínda así teñen dereito a estar nas listas electorais.

Nós non cremos nun mundo de super homes e de super mulleres, cremos nun mundo de mulleres e homes iguais, Sra. Molares, e por iso, para evitaren que haxa que seguir reivindicando aquilo que se reivindicaba en 1910, é polo que tomamos a decisión de tomar medidas, elaborar leis e normas que nos permitisen acceder a todos os campos de participación social. Se vostede non quere recoñecer que iso foi o que fixo posible que as mulleres esteamos onde estamos, engánase a si mesma porque non hai ningún colectivo de mulleres que non o recoñeza e que non o reclame.

Só un partido como o de seu, antigo, con ideas do pasado, vingativo, é quen de facer a intervención que vostede fixo. Dóeme profundamente, Sra. Molares, que a faga en boca dunha muller. Dóeme profundamente que vostede cuestione que eu ou o meu grupo teña o dereito a que eu poida defender calquera moción, esta ou calquera outra, e que diga que lle correspondería á Sra. Abelairas. Vostede xamais me escoitaría dicir a min que a Sra. Porro, que é a voceira do seu grupo, non fala nunca; xamais mo escoitou dicir porque eu respecto á Sra. Porro e ela pode falar ou deixar de falar cando lle dea a gana, polo tanto eu xamais diría iso en voz alta.

Eu teño todo o dereito do mundo a defender as políticas de igualdade porque o

fixen sempre. Non sei onde estaba vostede pero si sei onde estiven eu dende que teño quince anos, sóbena sempre: defendendo ás mulleres e ós seus dereitos e apostando moi duramente porque se convertan en realidade.

Xa que vostede fala de que con esta moción se tentaba poñelos a vostedes nunha situación difícil, á verdade é que vostedes en políticas de igualdade teñen unha situación moi difícil, porque vostedes xamais fixeron ren polas mulleres, tanto é así que no 2004 en España o número de ocupadas era só de 6,5 millóns e a xaneiro de 2008 superaban os 8,5 millóns de mulleres ocupadas, dous millóns máis.

Ademais disto lle quero recoñecer que a Lei contra a violencia de xénero, lacra que cando vostedes gobernaban tamén existía e sen embargo non tomaron medidas como as que se tomaron nesta lei; por certo, aprobada por unanimidade de todos os membros do Congreso dos Deputados e quero deixar claro, a esta si que se sumaron. Crearon xulgados específicos, a delegación especial do goberno, o Observatorio da violencia de xénero, medidas de asistencia social integral para as vítimas, o teléfono nacional gratuíto de asesoramento e información as 24 horas. Nestes catro anos as mulleres ocupadas pasaron de 6.900.000 no primeiro trimestre de 2004, cando gobernaba o Partido Popular, a preto de 9.000.000 en só catro anos. A taxa de paro feminino nestes catro anos diminuíu dende o 15% ata o 10%, Sra. Molares. En catro anos creouse o permiso de paternidade que xa se utilizou por 125.000 pais. E así moitas e moitas máis medidas e resultados.

Na miña intervención tentei exclusivamente presentar a necesidade de que non esquezamos que queda moito camiño por facer. Non fixen ningunha referencia á motivación da moción porque sinxelamente non quixen, e si que é certo, porque non teño nin tiven xamais ningún problema en recoñecer algo que me pareza intelixente; é certo e quero dicir así de claro que o Bloque Nacionalista Galego fixo unha reflexión na que presentaba que foron moitos os gobernantes de esquerdas que elaboraron políticas de igualdade e que o recoñecemento ten que ser para todos.

Pareceume unha proposta intelixente e cando alguén fai unha proposta así eu asúmoa, por iso propuxen retirar o nome porque ademais hai unha cousa que é certa e que tamén quero recoñecer. Tamén en Galicia dende hai dous anos estase aplicando unha política de igualdade totalmente distinta á que o Partido Popular desenvolveu durante catorce anos. Tamén o quero recoñecer, señores do Bloque

Nacionalista Galego, porque ás mulleres danos igual onde militemos, agradecemos todas as medidas que para facilitar a igualdade se tomen.

O que si é certo é que vostedes non tomaron ningunha, teñen unha linguaxe a favor da igualdade que é antigo, que non se corresponde coa realidade. Vostedes nisto son cavernícolas e ademais, non contentos con descualificar ás mulleres neste Pleno xa en dúas ocasións, con insultar gravemente, hoxe remátao unha muller queréndolle quitar a outra a voz. É moi grave e vergoñento.

Ten razón, Sr. Figueroa, en dicirlle á Sra. Molares que vaia a morte, ten razón porque ese é o seu modelo político, o do ruído, o da crispación, o de iren a morte pero, Sr. Figueroa, rétolle hoxe aquí a unha cousa: a que vostede poña no papel os seus méritos e eu os meus. Non me chega vostede nin á punta do dedo gordo do pé dereito porque do esquerdo xamais me chegará, vostede nin ninguén do seu grupo.

Vergoñenta a súa intervención, rexeitable, desprezable e dende logo que non a esperaba de vostede, Sra. Molares, está claro que comparte con todos os membros do seu grupo político o odio cara ás mulleres.

SRA. VELOSO RÍOS: O que non esperaba é que se dese este debate nesta moción, sinceramente. Dende o Bloque Nacionalista Galego lamentamos profundamente que se estea dando esta situación xustamente cando se está tratando unha moción sobre o Día 8 de marzo, Día internacional da muller.

Moito me temo que na miña intervención neste caso non vai estar á altura da de ningunha das miñas compañeiras porque dende logo que non viña preparada para dar un mitin electoral. Cando estamos vendo unha moción con motivo da conmemoración do 8 de marzo, en ningún caso viña aquí falar nin dar unha relación das medidas postas en marcha polo BNG dende as administracións que coido son de sobra coñecidas. Si é certo que xa bastante nos apesrou, que o 8 de marzo xustamente este ano cadrase con xornada de reflexión. Nós entendemos as sensibilidades que hai que ter no momento de fixar as datas das eleccións, entendemos perfectamente que o 11 de marzo era un día que non debía cadrar en campaña electoral pero é unha mágoa que xustamente o 8 de marzo cadre en xornada de reflexión e dea lugar a estas situacións nas que eu creo que ningún partido político, ningunha organización política deberíamos entrar.

A min si me parece moi grave, vergoñento e lamentable que se dea unha situación así, que se dea un debate deste teor como non se dera nunca neste Pleno e en ningunha ocasión na que se presentara unha moción co gallo do 8 de marzo.

Eu coido que é un día ademais no que temos que recoñecer o labor de todas as mulleres que levan traballado pola igualdade efectiva entre homes e mulleres ó longo de moitos anos. Non é o momento de poñérmonos a recoñecer o traballo ou o non traballo dos gobernantes porque está claro que entre as forzas políticas temos un obxectivo común e distintas maneiras de achegármonos a el. Podemos discutir, reflexionar pero dende logo bastante pouco tempo para a reflexión e para a discusión nos queda con este tempo que estamos perdendo e ademais tempo no que eu sinceramente penso que lle estamos fallando ó respecto a todas as mulleres e homes que traballan pola igualdade entre homes e mulleres na sociedade, cando estamos dando este tipo de debates nos que se chegan facer comentarios realmente delirantes.

Eu non teño nin idea como chegan ás listas electorais as mulleres do PSOE, nin as do PP, si sei como chegamos ás listas electorais as mulleres do BNG, pero facer determinados comentarios sobre coeficientes intelectuais lémbreme tamén a comentarios que se fixeron noutros foros sobre se as mulleres deputadas do BNG podiamos quedar embarazadas ou se a organización nolo tiña prohibido. É dicir, paréceme que ese tipo de cousas están totalmente fóra de lugar nun momento coma este.

Aínda que xa o dixera dúas veces, reitero que imos votar a favor desta moción pero lamentamos profundamente esta situación que se está producindo no Pleno de hoxe. Que xustamente nesta moción se dean estes debates, estes argumentos, algún deles imos poñelos moi entre comiñas, se patee, se conteste de determinado xeito, paréceme que non é momento.

Supoño que como non se dera nunca ata hoxe maximo que é unha consecuencia lóxica de estaren nas datas nas que estamos. Sinceramente, facer electoralismo con este tema paréceme que xa é amosar que hai forzas políticas que son quen de facer electoralismo con calquera tema.

Repito que imos votar a favor. A miña intervención non ten intención en absoluto de ir na mesma liña que ningunha das intervencións que se produciron por parte das outras forzas políticas desta Corporación porque xa manifestamos en moitas

ocasións que non queremos entrar nas discusións e nas tensións políticas que se están producindo en moitas ocasións, en demasiadas ocasións xa, con comentarios fóra de lugar neste Pleno e moito menos nun tema coma este, por respecto á cidadanía e por respecto ás mulleres que celebran o día 8 de marzo, o día internacional das mulleres.

Xa non sigo, xa vin que a Sra. Molares estaba tomando nota de moitas cousas que estaba dicindo a Sra. Silva, así que seguro que ten moitas cousas que dicir para seguir con este debate.

SRA. MOLARES PÉREZ: Sra. Veloso, tomei nota das cousas que dixo a Sra. Silva pero non se crea que lle vou entrar ó trapo. Comparto o que dixo neste Pleno vostede pero non fun eu quen presentou esta moción, foi o Partido Socialista e reitero o agradecemento, que ademais o recoñece a Sra. Silva, de que vostedes co seu voto prohibiran que se poida facer unha alusión política, unha utilización partidista dun tema como é o das mulleres que eu na miña primeira intervención dixen que era a primeira vez que sucedía e presentamos mocións todos os grupos políticos pero sempre dende o respecto.

Tentar avanzar na igualdade cun discurso pro-Zapatero, porque miren que rematan dicindo “mirar con optimismo e ilusión o futuro que nos mostrou o goberno de José Luís Zapatero” e fanse claras alusións ó 8 de marzo. Comparto totalmente con vostede e eu non elixín a data das eleccións xerais, pero precisamente estase facendo un uso partidista polo Partido Socialista do día de reflexión das mulleres e láméntoo tanto como vostede, dígollo con toda a sinceridade. Aínda que á Sra. Silva eu lle pareza unha ignorante que non le artigos sobre o tema de igualdade, non lle vou entrar nese ámbito.

Cando eu falaba do mérito e da capacidade das que estamos aquí dicía que supoñía que tiñamos o mérito e a capacidade. Claro que a ningunha nos fan un test, podemos estar aquí sinxelamente porque o diga a presidenta ou o presidente dun partido político; xa sería outra cousa se nos pediran un test ou unha valoración de currículum, estamos aquí porque o decide un partido, non temos outro mérito. Seguramente que cada un dos que estamos aquí temos un mérito e unha capacidade totalmente distinta pero estamos todos aquí porque nos elixiron democraticamente e polo tanto porque temos dereito a estar e a expresar as nosas

opinións.

Claro que a min me parece lamentable que se utilice á muller por parte do Partido Socialista para facer este tipo de intervención. Repítolle que gracias a vostedes non fixeron realmente unha lectura desta moción na que se di “Partido Popular, aspirante a gobernarnos a todos e a todas, dixo que acata pero non comparte a decisión do Tribunal Constitucional que rexeitou o recurso que presentaron contra a Lei de igualdade e avala o principio de representación equilibrada entre homes e mulleres. Esta é a alternativa, a pura e sinxela marcha atrás en dereitos e liberdades, o freo a calquera indicio de progreso ante o que as mulleres sempre levan a peor parte”.

Por non ter unhas cotas, vostedes queren dicir que as mulleres non podemos avanzar? Isto nun texto dunha moción que o seu interese era que nós votáramos a favor? Claro que logo da intervención da Sra. Silva que é a segunda vez que nun Pleno nos chama tristes ós do Partido Popular e a min cavernícola, o vindeiro pleno traerei o óso. Ademais dixo que a miña intervención é desprezable, á parte de chamarme ignorante, pero como tamén chama ignorantes ós veciños que están en contra da súa opinión, estou encantada de que para a Sra. Silva eu sexa unha ignorante, encantada de seren como os veciños e veciñas da cidade de Vigo porque son unha máis.

Non son como vostede, non me creo que sexa a mellor desta Corporación. “creo que vostedes me cheguen a min ó dedo do pé”, dicía vostede, todos e cada un de vostedes, mesmo vostede pode ser tan boa ou mellor ca min, seguramente seremos diferentes pero todos somos persoas e todos, homes e mulleres, temos unhas condicións. Non sei se vostede quere debater co Sr. Figueroa o seu currículum; non ten nada que ver, Sra. Silva, uns temos unha carreira, outros dúas, outros ningunha, outros podemos ser fontaneiros, fontaneiras, electricistas e outros sen profesión, parados ou paradas que por certo en xaneiro de 2008, dos novos parados 85.000 son mulleres e iso é o que nos ten que importar, coincido totalmente.

Gustaríame que me dixera que muller das que están aquí cre que está por cota e que se non fose pola cota non estaría. A cota gústanos en abstracto pero cando se nos fala de que eu podo estar aquí porque a Corina Porro lle caio ben, mire que mérito, é un mérito porque se lle caira mal seguramente non me poría na lista, non

preciso ter carreira nin saber máis, pero que muller quere estar aquí porque lle toca por cota. Invito a que o diga calquera.

De todos os xeitos agora a entendo, Sra. Silva, vostedes preséntase como senadora e mirou á cámara na súa intervención todo o tempo; quere ter protagonismo, iso que tanto din vostedes de que o Partido Popular utiliza o Pleno para ter un minuto de gloria. Aplíqueno a vostedes.

De todos os xeitos estou totalmente de acordo coa intervención da Sra. Veloso. O Partido Socialista hoxe degradou á muller con esta moción. A verdade é que se lles viu a cara, non queren avanzar na igualdade efectiva. Estamos moi lonxe de acadar a igualdade real e así, por onde vostedes van, non van conseguir que avancemos.

Nós seremos tristes pero vostedes dan medo. Se vostede vai ser a representante no Senado que leve a voz de Vigo imiña nai!. Eu non sei onde estaba vostede e cando defendeu ás mulleres, pero eu non odio ás mulleres, non me odio a min mesma, non odio á miña nai, non teño fillas, pero tampouco a odio a vostede.

SRA. SILVA REGO: Moi brevemente. Reitérome en todas e cada unha das miñas palabras. Reitérome na miña primeira intervención que foi unha intervención en defensa dos dereitos da muller, reitérome na miña segunda intervención que foi unha alegación a favor da voz das mulleres e quero lembrar, para que lles quede claro a todos e a todas os que hoxe estamos aquí, que hoxe se cuestionou o meu dereito a ter voz, quéroo lembrar porque é moi grave.

Tamén é verdade que como muller nunca necesitei nin quixen que ninguén me defendera. Deféndome soa porque teño ideas e convicções, valor suficiente para defender o que creo e ningunha dúbida de que só coas normas, coas leis, coa igualdade para todos, sen medir capacidades, sen medir absolutamente nada, senón logrando que a través da lei que temos que cumprir todos sexa posible que as mulleres poidamos acceder a todos os lugares que nos merecemos, sexamos máis ou menos listas, máis ou menos altas, igual ca eles, máis ou menos listos, máis ou menos altos, sen ningún tipo de discriminación.

Ademais eu xamais negarei os éxitos do movemento feminista e o maior éxito que tivo foi convencer ós partidos políticos que son os que elaboran leis para que a discriminación positiva fose unha realidade e para que as leis contemplaran medidas que obriguen á sociedade a que poidamos ocupar o noso lugar.

Polo tanto reitéroo. Non fixen neste Pleno nin unha soa alusión política na miña primeira intervención a nada e na segunda defendínme dunha acusación gravísima e reiterada que, por certo, lles teño que dicir que non me importa nin me afecta absolutamente nada, os meus méritos son máis que sobradamente coñecidos, a miña voz seguirá sendo escoitada sempre que eu queira e polo tanto me reitero nas miñas palabras, reitérome nas miñas conviccións e nas miñas dúas intervencións que non tentaron seren partidistas en ningún momento. Tentaron defender os dereitos da muller e os meus individuais como muller.

Por último, xamais na miña vida chameille ignorante a ninguén, cousa distinta é dicir que alguén pode actuar por ignorancia ou mala fe. No seu caso, Sra. Molares, vostede hoxe actuou con mala fe.

SRA. MOLARES PÉREZ: So dicir que é verdade que a Sra. Silva na súa intervención non fixo referencia ás dúas follas de antecedentes da moción, é verdade que lle contestei á Sra. Silva, non ó que ela dicía, senón realmente ó que aparecía no texto da moción. É distinto o texto da moción na que se fala de avanzar ou de retroceder e se fan as mencións ó Partido Socialista que a intervención que fixo a Sra. Silva a viva voz, que foi unha intervención normal no ámbito de muller.

Solicito que se retiren estes antecedentes partidistas desta moción. Solicito publicamente que se vote retirar os antecedentes xa que todas estamos de acordo, segundo a intervención da Sra. Veloso en que estes antecedentes non son para avanzar na igualdade, pido a votación para que se retiren estas dúas follas íntegras e que conste a exposición da Sra. Silva.

SRA. SILVA REGO: Sr. Presidente, eu non quero tampouco que conste a miña intervención como antecedentes. Eu tamén lle pido, como representante do Grupo municipal Socialista que só consten os apartados do acordo para que queden claras as diferencias entre unhas e outras.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, Sra. Silva, é fácil de entender. Sométese a votación o texto e por parte do Grupo proponente acéptase e proponse que non consten todos os xustificantes e a motivación.

A petición da concelleira do Grupo Popular Sra. Molares Pérez, sométese a votación a retirada dos antecedentes da moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Suprimir da moción presentada a súa parte expositiva.

Segundo.- O Concello de Vigo contribuirá a aplicar e desenvolver a lei de Igualdade Efectiva de mulleres e homes a través dos seguintes compromisos:

- Conseguir a participación das mulleres na toma de decisións nos asuntos que interesan a toda a cidadanía.
- Erradicar a inestabilidade, o desemprego e a temporalidade que segue afectando esencialmente ao emprego feminino e ás diferenzas retributivas que aínda persisten.
- Favorecer a corresponsabilidade entre homes e mulleres no coidado das persoas e nos traballos domésticos.
- Favorecer a creación de servizos de apoio temporais para atender o coidado dos nenos e das nenas en situacións específicas (vacacións escolares, actividades de tempo libre, atención ocasional dos menores, etc.).

Terceiro.- Na loita contra a violencia de xénero, este Concello se compromete a:

- Incrementar o rexeitamento social sobre o agresor a través de campañas municipais para maior concienciación e sensibilización cidadá.
- Poñer en marcha un programa específico de prevención de violencia de xénero, dirixido especialmente a mozos e mozas.
- Aumentar e reforzar os mecanismos postos en marcha para protexer e atender ás mulleres vítimas da violencia de xénero.
- Facilitar cursos de formación, en colaboración coa Xunta de Galicia, para todas e todos os profesionais que toman partido no proceso de erradicación da violencia machista."

11.- (30).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á DESAPARICIÓN DA TARIFA NOCTURNA DE ELECTRICIDADE.

12.- (31).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA Á APLICACIÓN DO RD 1634/2006, DE NOVA TARIFA DE CONSUMO ELÉCTRICO NO FOGAR.

Previa consulta da Presidencia ós relatores das mocións, procédese a tratar conxuntamente as dúas mocións relacionadas coas tarifas eléctricas.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de febreiro de 2008, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a

seguinte moción:

"Dende o ano 1983 estableceuse, no Estado Español, a denominada Tarifa Eléctrica 2.0N (coñecida como tarifa nocturna). Esta tarifa basease na filosofía de primar o consumo nas horas nocturnas, onde a potencia consumida no conxunto do sistema eléctrico é menor.

Esta tarifa ten un desconto do 55% nas horas nocturnas e un recargo do 3% nas horas centrais do día. E favorece o consumo de determinados electrodomésticos, como son: acumuladores, lavadoras, lavalouzas, quentadores de auga, etc., que se poden usar de noite.

A tarifa nocturna busca un consumo enerxético máis responsábel e solidario, e obrigou á instalación nos fogares de determinados equipamentos, cun elevado custo de investimento, como foron os acumuladores eléctricos.

O termo de potencia contratada, que é un concepto fixo, na factura eléctrica, estímase en 5,3 Kw de media para os clientes desta tarifa.

Actualmente no Estado hai, aproximadamente, 1 millón de clientes desta tarifa; no caso de Galiza, debido á súa climatoloxía que obriga ao uso dun sistema de calefacción eficiente, temos uns 160.000 usuarios/as, é dicir, o 16% do conxunto do Estado.

A tarifa nocturna mantívose sen modificacións dende o ano 1983 até o ano 2006, no que xa non permitiu novas altas baixo esta tarifa, mais o cambio fundamental está en que *'Os/As consumidores/as acollidos/as a esta tarifa (tarifa nocturna) deberán comunicar á empresa distribuidora, antes do 1 de xullo de 2008, a nova tarifa á que desexen acollerse. Unha vez transcorrido o prazo, sen que o/a cliente solicite as novas condicións do contrato, a compañía distribuidora aplicará automaticamente outras tarifas de acordo coa potencia contratada'*.

É dicir, a partires do 1 de xullo do 2008, desaparece a tarifa nocturna.

Con este Real Decreto obrígase aos/ás clientes con esta tarifa a contratar unha nova potencia, superior á que tiñan no consumo das horas punta e a un incremento do prezo sobre o consumo que tiñan nas horas punta, xa que pasan dun recargo do 3% a un 35%. En conxunto o incremento que poden padecer, na factura eléctrica, pode chegar ao 49%.

Na nova Orde de Tarifas Eléctricas existe a nova Tarifa de Discriminación Horaria, mais, para se acoller a esta nova tarifa, os/as usuarios/as de Tarifa Nocturna deben asumir integramente os custos do cambio, que son cantidades importantes e que están estimadas entre 400 e 500 euros por cliente. Uns 200 euros se gastarán no cambio de limitadores de potencia e outros 200 ou 300 euros, na adaptación dos sistemas de calefacción, que deberán cambiar as actuais resistencias por outras de menor potencia, ou ben, establecer dous circuítos de calefacción independentes entre si.

Asemade, unha vez realizadas as modificacións precisas, na nova Tarifa de Discriminación Horaria, haberá que pagar por un maior incremento da potencia contratada, que é unha parte fixa da factura eléctrica. Isto terá un efecto especialmente negativo en Galiza, pois haberá que contratar unha potencia que se emprega fundamentalmente no inverno (polos acumuladores eléctricos), e continúaase pagando na primavera e no verán, cando non se necesita tanta potencia; isto coa tarifa nocturna non pasaba.

Como vemos, esta nova regulación das tarifas eléctricas, vai supor un importante gasto nas economías familiares, se temos en conta a media salarial e de pensións en Galiza; asemade o Goberno do Estado non contempla, na nova regulación, ningunha medida de compensación, nin reparte cargas entre usuarios/as e empresas distribuidoras que, en definitiva, serán as grandes beneficiarias.

Por este motivo, o grupo municipal do BNG solicita a aprobación polo Pleno da Corporación do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a que demande do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o mantemento dunha tarifa con características semellantes á nocturna e a gratuidade do cambio de limitadores, así como a creación de liñas de subvención para os custos de adaptación dos equipamentos das vivendas de usuarios/as de tarifa nocturna que desexen acollerse á Tarifa con Discriminación Horaria."

Igualmente con data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de febreiro, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. González Sagarra, formula a seguinte moción:

"Dende o pasado día 1 de xaneiro de 2007 (Real Decreto 1634/2006 do 29 de decembro) tense establecido un novo cadro de tarifas para o consumo eléctrico no fogar (menores de 15 Kw.)

Establecéronse tarifas progresivas en función da potencia contratada, que a partir de agora non será "ilimitada" no horario val, polo que deberá contratarse a mesma potencia tanto para o horario punta (diúrno) como para o val (nocturno), algo que co anterior modelo de tarifa nocturna non sucedía xa que se contrataba a potencia en función do consumo necesario para as horas punta. Polo tanto, no sistema de tarifas anterior non era necesario incluír no cálculo de potencia a contratar o consumo de, por exemplo, os acumuladores de calor, así como daqueles outros aparellos que puidéranse utilizar soamente pola noite, ademais o prezo do Kw consumido era o mesmo independentemente da potencia contratada.

Agora o prezo do Kw vai aumentando segundo vai o consumo, de maneira que fronte aos dous tipos de tarifa vixentes ata o 2007, o novo decreto crea cinco tramos en función da potencia necesaria a contratar e en cada un deles o prezo do Kw varía:

- 1.0: Menor de 1 Kw

- 2.0.1 : Entre 1 Kw e 2,5 Kw
- 2.0.2 : Entre 2,5 Kw e 5 Kw
- 2.0.3 : Entre 5 Kw e 10 Kw
- 3.0.1 : Entre 10 Kw e 15 Kw

Cambia tamén o horario en que se aplica a nova tarifa, se antes era de 8 horas (de 23,00 a 07,00 en inverno e de 00,00 a 08,00 horas en verán) a partir de agora, o horario val aumentará ata 14 horas diarias para quedar do seguinte xeito:

- . de 21,00 a 11,00 horas (inverno)
- de 22,00 a 12,00 horas (verán)

De todos os xeitos, aqueles fogares que tiveran a tarifa nocturna 2.0 (antiga), poden seguir acollidos a esta tarifa segundo establece a disposición transitoria cuarta do citado Real Decreto nas mesmas condicións, pero agora a potencia a contratar, ao igual que na nova modalidade, será a máxima prevista a demandar considerando tanto para hora punta como as hora val.

Este extremo foi modificado con posterioridade polo Real Decreto 871/2007 do 29 de xuño polo que se adaptan as tarifas eléctricas a partir do 1 de xullo de 2007 no que na súa disposición transitoria primeira (Adaptación da tarifa 2.0 con discriminación horaria nocturna) establece que a partires do 1 de xullo de 2008 desaparece a citada tarifa e que aqueles subministros que a entrada en vigor do citado Real Decreto estiveran acollidos a esta tarifa poderán seguir acollidos á mesma ata a citada data.

Nestes casos (conservación do contrato antigo) o prezo do Kw será de:

- Hora punta: 0,099012 Euros/Kw/Hora
- Hora val : 0,044899 Euros/Kw/Hora

Estes prezos son considerablemente inferiores aos da nova tarifa nocturna, se ben o número de hora sen horario reducido tamén é menor. O prezo do horario punta é o dobre que o val e lixeiramente superior ao dun contrato normal, mentres que na nova tarifación o prezo da hora val é moi similar (0,04 euros/(Kw/hora) mentres que o prezo en horas punta dispárase ata case triplicar o val (0,12 euros/Kw/hora).

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular proponlle ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Que se requira á Xunta de Galicia para que as familias deste Concello que tiveran contratada a vella tarifa nocturna 2.0 con discriminación nocturna, reciban o asesoramento necesario para que fagan axeitadamente a adaptación á nova tarifa de discriminación horaria.

2º.- Solicitar da Xunta de Galicia a adopción dos mecanismos oportunos para minimizar o impacto económico que suporá para as economías domésticas do Concello de Vigo a devandita adaptación de tarifas."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do día 18 de febreiro, quedou enterada do contido das dúas mocións transcritas.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Este punto ten unha coincidencia bastante ampla co punto décimo segundo e polo tanto propoñemos un debate conxunto, votacións separadas e no suposto de que houbera un acordo de texto, votariámolo.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Nós estamos de acordo en facer un debate conxunto e se queren consensuar unha moción conxunta tamén poderíamos tentalo, pola nosa banda hai vontade.

SRA. VELOSO RÍOS: Nos queremos facer a proposta, e de feito estamos dispostos a retirar a nosa moción se o Partido Popular retira a súa, de acordar a adhesión do Concello de Vigo ó acordo que se tomou por unanimidade no Parlamento de Galicia o pasado día 20 sobre este mesmo tema.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Estamos dispostos pero quixeramos expoñer a nosa moción e deixar claros algúns conceptos que hai que matizar.

SRA. VELOSO RÍOS: O Grupo do BNG presentou esta moción sobre o mantemento da tarifa eléctrica coñecida como "Tarifa nocturna" do mesmo xeito que tamén se presentou a proposición non de lei no Parlamento Galego, xa que consideramos que a eliminación desta tarifa agride gravemente á economía das familias galegas. En Galicia a supresión desta tarifa afecta a 160.000 familias, o que supón o 16% da poboación do Estado. Estamos a falar dunha porcentaxe elevada dentro do Estado de familias afectadas no territorio de Galicia.

Ademais tratábase dunha tarifa especialmente beneficiosa para os usuarios e usuarias de Galicia xa que tiña un importante desconto, primeiro o 35% e logo un 55% nas horas nocturnas, que son xustamente as máis axeitadas para a climatoloxía galega.

Por iso é evidente que a entrada en vigor da nova tarifa ten unha incidencia na economía doméstica moi importante e moi grave para moitas economías afectadas porque terán que pagar o termo de potencia de día cando antes coa tarifa nocturna

non se pagaba.

Isto supón un incremento duns 200 euros polos cambios de alimentadores de potencia e outros 200 ou 300 euros pola adaptación de sistemas de calefacción, co que estamos falando dun aumento de tarifas unido a unha cantidade de entre 400/500 euros de gastos para todas as familias afectadas. Iso incluíndo o aumento dun 49% aproximadamente, que está calculado que suporía o aumento da tarifa coa eliminación desta tarifa nocturna.

Ademais xa non só dende o punto de vista económico para cada unha das familias, a tarifa nocturna era especialmente beneficiosa porque desviaba o consumo para a noite cando é menor e liberaba o transporte eléctrico de carga durante o día.

Por iso se presenta esta proposta de manter a tarifa nocturna e tamén por iso se presentou no Parlamento de Galicia esta proposición non de Lei que finalmente se acordou polos tres grupos parlamentarios, PP, PSOE e BNG, por iso entendemos que, independentemente das consideracións que cada unha das forzas políticas poidamos facer sobre este tema, non vai haber ningún tipo de discusión, debate nin problema para chegar a un acordo neste Pleno para nos poder adherir a este acordo do Parlamento.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Tampouco queremos entrar en moitos detalles e cuestións técnicas, coido que dentro do que cabe xa houbo unha exposición bastante clara e resumida, aínda que si declarar que esta modificación pode supoñer para unha gran parte dos afectados un custo extra ó redor de 160 euros polo cambio de potencia, ós que hai que sumar en segundo lugar uns 190 euros debido ó incremento do termo fixo de potencia, é dicir, ás tarifas eléctricas.

Por outra banda queríamos sinalar que o Ministerio de Industria, non só o actual senón o anterior, levou a cabo durante bastantes anos numerosas campañas de información e divulgación para que os usuarios, os cidadáns se adscribieran a esta tarifa nocturna e o que non é de recibo e é claramente un prexuízo para eles é que durante os últimos anos se adscribiron moitos cidadáns a esta tarifa nocturna, fixeron uns importantes investimentos en instaladores eléctricos e acumuladores que pola eliminación desta tarifa nocturna se van ver prexudicados se non se rectifica.

Ademais está claro que hai numerosos afectados en Galicia, fálase de 160.000 en

datos reais. Na cidade de Vigo e arredores debe haber milleiros de afectados por esta cuestión e consideramos que é importante que haxa unha rectificación por parte do Goberno porque se van ver prexudicados porque esas instalacións que en moitos casos se fixeron recentemente van quedar inservibles para eles.

O Goberno vendeunos que o tema da liberalización da enerxía traería competencia e ó final mírase que non hai tal cousa.

Entrando un pouco máis en cuestión en canto á resolución que se fixo na semana pasada no Parlamento Galego, quería contrastar varias cuestións porque houbo declaracións nos últimos días por parte do ministro que hai que sinalar. Estas declaracións dalgún xeito contradíñ o acordo que se tomou na Xunta.

Por unha banda no punto 2 do acordo da Xunta fálase de "...revisión á baixa dos termos de enerxía das tarifas 2.0 de discriminación horaria antes de xullo de 2008 de xeito que facilite a recuperación dos investimentos por parte dos consumidores." Nesta cuestión e segundo datos reflectidos na prensa, o Sr. Joan Clos, ministro de Industria, nos últimos días di concretamente que "Rexeita subvencionar ós afectados pola retirada da tarifa nocturna para que renoven as súas instalacións eléctricas". Por outra parte tamén di que "...revisar as tarifas de momento non o prevemos".

É un pouco unha contradición entre o que di o Goberno Central e o que nós propoñemos dende o acordo que se tomou a semana pasada na Xunta.

Tamén di no punto catro que "O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio cre liñas de subvencións para os custos de adaptación dos equipamentos dos usuarios da tarifa nocturna". Neste sentido o ministro Joan Clos a semana pasada, como ven indicado igualmente nos medios de comunicación, di que "...Obrigarase ás compañías eléctricas a que non cobren dereitos de acceso ós clientes cando non queiran contratar máis potencia". Tamén di de mirar se é viable baixar os prezos dos novos horarios.

É dicir, o acordo que se adoptou na Xunta está contradicindo en gran medida as palabras do Sr. ministro ou ó revés, o Sr. ministro está opoñéndose a un acordo de instar ó Goberno Central a que reaccione perante esta situación, polo tanto é unha contradición que debemos reflectir aquí. Dende o Partido Socialista a nivel nacional hai moi diferentes posicións, por unha banda temos a do Goberno, pola outra a oposición da Dirección provincial da Coruña, que manifesta unha posición favorable

á do ministro e que tamén saíu reflectida nos medios de comunicación.

Por outra banda aparecen as declaracións dos grupos municipais do Partido Socialista en cidades como Coruña e Ourense que son distintas ás do Goberno Central e polo tanto ó acordo tomado na Xunta. Perdoen a expresión pero o Partido Socialista neste tema é unha "gaiola de grilos". A quen cremos con estas declaracións totalmente contraditorias? Coidamos que hai que o manifestar e dalgún xeito denunciar; non se clarexan e moito nos tememos que sexa un acordo sen dúbida ningunha partidista.

Respecto á posición do BNG chego a dúas opcións porque tamén é verdade que na Comisión Nacional da Enerxía que tramitou o real decreto hai representación da Consellería de Industria da Xunta e estamos de acordo coa posición que agora manteñen aquí, coa posición que mantiveron na Xunta pero nos preguntamos que é o que fixo o representante do Goberno da Xunta na Comisión nacional de Enerxía. A verdade é que tampouco o entendemos xa que podían xerar unha certa opinión en Galicia e agora aínda están a tempo, estano facendo, parécenos loable e estupendo, pero eu chego a dúas opcións con respecto á posición do Bloque: por unha parte botan "balóns fóra" cando adoptan esta resolución da Xunta da semana pasada porque dende a Xunta tamén hai medidas que tomar, tamén o goberno da Xunta ten unha serie de competencias polas que debería tomar medidas.

Neste acordo da Xunta co que estamos conformes non se inclúe nada referente a posibles medidas caso de que o goberno central non rectifique esta situación da tarifa eléctrica nocturna e polo tanto pensamos que dende Innovación se podería dicir que se o goberno central non o fai dende a Xunta vanse apoiar unha serie de medidas para subvencionar o sobrecusto que, como ben indicou a Sra. Veloso, é elevado e sobre todo para os que van perder a tarifa nocturna e polo tanto se teñen que adscribir á nova tarifa. Pensamos que dende a Xunta se podía facer algo máis e é esa a cuestión.

Remato con dúas opcións con respecto á posición do Bloque Nacionalista Galego; por unha parte botan "balóns fóra" co tema da responsabilidade por parte da Xunta e o que podía facer esta e por outra parte o que fixo a Consellería de Industria, na representación que ten na Comisión Nacional de Enerxía onde non fixo nada ó respecto. Outra opción que se me ocorre é que lles traioa o subconsciente e maniféstase nesta moción, coa que insisto que estamos de acordo e coa que non

vai haber tensión, e segundo o BNG pensa que vai gañar o Partido Popular as vindeiras eleccións xerais e como saben que sempre cumpre coas súas promesas e compromisos, confíen que ó gañaren o Partido Popular se lle vai dar solución directa a esta cuestión dende o goberno central. Iso coído que é o que conclúo en segundo lugar.

En todo caso estamos a favor e como se mandou dende a Xunta unha carta ó ministro, Joan Clos, e respondeu opoñéndose a varios puntos dos acordados no acordo da Xunta, gustaríanos saber se a solución é enviar moitas cartas un día si e outro tamén, mesmo ós Reis Magos ou a Papa Noel, por veren se temos solución algún día.

Como conclusión direi que aceptamos ese acordo e votaremos a favor.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: A preocupación dos usuarios e consumidores deste tipo de tarifa nocturna nas últimas semanas, en canto que coñeceron que remataba este tipo de tarifa no 2008, deu lugar a moitas confusións. Non deberamos nós neste Pleno, sobre todo estando de acordo cunha proposta do Parlamento de Galicia dos tres grupos, engadir unha maior dose de confusión.

Hai algunha cuestión que quería subliñar. Efectivamente en Galicia hai un elevado número de usuarios, son 152.000 dos que en torno a 54.000 están na provincia de Pontevedra e a moitos deles que teñen contratada a tarifa inferior a 5 kw, que son o 56% dos clientes, pódelles saír mesmo máis barata que a actual tarifa nocturna a nova tarifa. Pero ese non é o debate. Temos que nalgún momento se estivo a falar de que habería que substituír o actual contador. Ben, hailles que dicir ós cidadáns que o contador que teñen na actualidade é útil e só o terán que substituír cando lles corresponda no Plan de substitución de contadores e terá que ser por conta da empresa distribuidora, nunca por conta do consumidor.

Mesmo tamén se falou do cambio de dereitos de acceso a esta extensión que ían cobrar as compañías distribuidoras. Pois nada máis lonxe e polo tanto coído que é un tema que debe axudar polo menos a reflexionar.

Sobre a adaptación das instalacións existentes coído que todos debemos ter unha gran responsabilidade en informar detalladamente e tamén os profesionais porque non é o mesmo adaptar unha instalación que xa está no remate da súa vida que outra que estea recién posta. Aí é onde deben ter os usuarios a máxima información

para saber que é o que lles compensa, se substituír esas famosas resistencias ou non. En todo caso débese dar a máxima e a mellor información por parte dos profesionais porque o contrario quizais sería crear alarma.

Instalectra facía pública esta fin de semana unha información onde falaba de que a nova tarifa con discriminación horaria ofrece unhas características similares á que hai na actualidade, é dicir, mesmo non tiña por que seren unha elevación de prezos, senón que podería saír nun prezo similar. Como coñecen vostedes hai máis horas val, é dicir, pásase de 8 a 14 horas e mesmo en franxa diúrna, o que ben regulado pódenos levar mesmo a pagar menos de electricidade.

Pero en todo caso na propia resolución que fai o Parlamento, que o Partido Socialista e coido que todos estamos de acordo na adhesión a ese texto que aprobou o Parlamento Galego, toca todas as posibilidades. A primeira fala do mantemento da tarifa eléctrica 2.0 con discriminación nocturna ou similar; no seguinte, se isto non se dá, que se revisen á baixa os termos das enerxía 2.0X, é dicir, se non se dá a primeira que na segunda se faga máis barato; unha moratoria para que os usuarios e consumidores teñan tempo máis que suficiente para decidir que queren facer da súa instalación e saber ó que mellor se deben acoller e tamén que se cren liñas.

Eu coido que esta resolución está moi completa e quizais ó mellor lle sobraba ó Sr. González Sagarra a parte final sobre que o Partido Popular ía arranxar isto como outras moitas cousas; como a peaxe da ponte de Rande que se non chegamos nós aínda se seguiría pagando e algunhas outras cousas. Eu non confío para nada en que o Partido Popular nos arranxe nada dende o goberno central, entre outras cousas porque non vai gañar o día 9 de marzo.

A PRESIDENCIA: Queda polo tanto acordado que votamos o texto da resolución conxunta do Parlamento de Galicia. Queda constancia de que todos coñecemos o texto que se vai votar.

Sometemos a votación polo tanto as mocións 11 e 12 refundidas conxuntamente no texto que aprobou o Parlamento de Galicia e que é coñecido por todos os presentes.

Durante o transcurso do debate ambos relatores acordan retirar as súas

respectivas mocións e someter a votación o acordo aprobado polo Parlamento de Galicia en sesión do 19 de febreiro, publicado no BOPG núm. 509 de data 28 de febreiro de 2008.

(Están ausentes os Sres. Conde Gil e Guerra Fernández e a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

O Concello de Vigo adhírese ó acordo aprobado por unanimidade polo Pleno do Parlamento de Galicia en sesión do día 19 de febreiro de 2008, publicado no BOPG núm. 509 de data 28 do mesmo mes, co seguinte contido:

- 1.- Mantemento da tarifa eléctrica 2.0 con discriminación nocturna ou similar.
- 2.- Revisión á baixa dos termos de enerxía das tarifas 2.0.X de discriminación horaria antes de xullo de 2008, de xeito que facilita a recuperación dos investimentos por parte dos consumidores/as.
- 3.- Unha moratoria de seis meses, dende xullo de 2008, para os usuarios/as que desexen pasar de tarifa nocturna á de discriminación horaria.
- 4.- Que o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio cree liñas de subvención para os custos de adaptación dos equipamentos dos usuarios/as de tarifa nocturna.
- 5.- Os dereitos de acometida por cambio de tarifa deberán ser con cargo íntegro ás compañías distribuidoras.
- 6.- Que o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio preste a súa plena colaboración, especialmente financeira e técnica, á Xunta de Galicia para o desenvolvemento de campañas divulgativas e de asesoramento que faciliten ós usuarios/as unha mellor xestión do consumo eléctrico.

13.- (32).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO A CONDENA DE ACTOS ACONTECIDOS CON MOTIVO DUNHA CONFERENCIA EN SANTIAGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de

febreiro, a voceira do Grupo municipal do Partido Popular formula a seguinte moción:

"Instando ó Pleno da Corporación do Concello de Vigo a:

- 1.- Declarar que a sociedade galega constitúe un exemplo de convivencia pacífica e democrática, que todos e todas debemos esforzarnos en preservar, na que todas as opinións poden ser expresadas libremente.
- 2.- Condenar sen paliativos os actos violentos cos que unha minoría tentou no día de onte boicotear unha conferencia da Deputada do Parlamento de Euskadi, María San Gil, solidarizándose con ela e cos membros das forzas de seguranza afectados.
- 3.- Igualmente condenar sen paliativos os actos violentos cos que unha minoría tentou os pasados días boicotear e agredir a asociacións que libre e democraticamente defendían a pluralidade lingüística."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de febreiro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Presentamos esta moción ó Pleno para que a Corporación rexeite todo tipo de actos violentos que se veñen levando a cabo nas últimas semanas. Cando redactamos esta moción se producira un feito coido que rexeitable por parte de todos; unha minoría tentou boicotear unha conferencia dunha deputada do Parlamento de Euskadi, D^a María San Gil. Tamén é certo que logo se levaron a cabo outro tipo de actos noutras partes do territorio, como o boicot a unha representante do pobo que se presenta as próximas eleccións, D^a Rosa Díez e nos últimos días nesta cidade tamén se levaron a cabo actos de boicot nunha reunión de Galicia Bilingüe que coidamos que esta Corporación debería rexeitar.

Este é o motivo fundamental polo que presentamos esta moción, para que se condene sen paliativos este tipo de actos violentos e non se leven a cabo. Que cada colectivo ou persoa, dentro das súas liberdades, poida manifestarse libremente, expresar aquelas ideas ou conviccións que considere oportunas sempre e cando se respecten os dereitos e as liberdades de todos como coido que así foi nestes acontecementos de boicot que se levaron a cabo, tanto na nosa comunidade autónoma como no territorio nacional.

Dun xeito xenérico gustaríanos que o Pleno deste Concello, dunha cidade que

sempre amosou a súa participación á liberdade de expresión dos seus cidadáns, mostre sobre todo apoio e solidariedade a estes colectivos.

SR. ALONSO PÉREZ: Dende o BNG estamos de acordo en apoiar os dous primeiros puntos da moción que presenta o partido Popular porque son totalmente coincidentes coa proposta que o propio BNG e o Partido Socialista fixeron no Parlamento Galego para condenar os incidentes na conferencia da Sra. San Gil. Con respecto ó terceiro punto presentamos unha emenda porque o Partido Popular fai un salto dunha condena concreta dun acto concreto, a xeneralizar a condena de actos violentos pero só se refire a actos patrocinados polo Partido Popular, como é o último acto en Vigo da plataforma que ademais fomenta confrontación lingüística e social, fomenta a fobia contra o galego e por riba o que persegue é o enfrontamento social.

Lamentamos que cando realmente hai problemas de atentados graves, como foron os atentados que sufriron concelleiros do BNG no Val Miñor, non houbo condena. Estes días estamos asistindo a actos onde participa o BNG ou o goberno galego, trátase de impedir eses actos e non hai condena.

O BNG condena sen paliativos todos os actos violentos, non só os de un, por iso a emenda ó terceiro punto. Nós pensamos que Galicia é unha comunidade tranquila, onde non hai violencia e deben condenarse estes actos, pero todos. A nosa emenda di: "Igualmente condena sen paliativos calquera outro tipo de actos destinado a impedir a libre expresión das ideas mediante conferencias, manifestacións, mitins, actos institucionais ou calquera outra forma democrática que esta tome".

Estamos de acordo cos primeiros dous puntos da moción e facemos esta emenda ó terceiro punto onde se condena todo tipo de violencia e en todo tipo de actos, non exclusivamente naqueles propiciados polo Partido Popular.

SR. LÓPEZ FONT: Dende o momento da súa fundación e xa imos camiño dos 130 anos, o Partido Socialista fixo da defensa da liberdade de expresión un dos seus piares en canto a programa político. O Grupo Municipal Socialista de Vigo defende isto ata as súas últimas consecuencias, lévao a piques a diario e precisamente considera que é acotío onde debemos asumir, respectar e fomentar este exercicio da liberdade de expresión. Debe coidarse moito o día a día neste dereito

constitucional polo que tanto loitamos os demócratas. Precisamente o noso partido, con tantos anos de historia como lles dicía ó principio, nunhas ocasións dende a liberdade e noutras mesmo dende a clandestinidade, fixo votos porque esta liberdade de expresión fose unha das máximas da nosa vida democrática.

Efectivamente a sociedade galega é unha sociedade pacífica, tolerante e na que non se poden producir feitos como o que se menciona nesta moción, polo tanto vaia sen ningún tipo de cuestionamento a nosa máxima solidariedade á persoa á que se lle trataba de impedir o exercicio da liberdade de expresión.

Ocorre que ata cando defendemos a liberdade de expresión somos distintos, como di unha pancarta que hai pola cidade, non somos o mesmo o Partido Popular e o partido Socialista. Eu non quero facer desta moción unha cuestión partidista; podería dicir como a Sra. Molares que se só se fala da deputada do Partido Popular trátase dunha moción partidista. Non vou facer iso, non vou caer nesa trampa porque a nós preocúpanos a liberdade de expresión.

O que ocorre é que cando dicía anteriormente que hai que fomentala, regala día a día, é un pouco sorprendente pedir liberdade de expresión, pedir que se condene todo este tipo de actos, Sra. Molares, e se veña ó Pleno desta Corporación tentando calar a voz dunha persoa que forma parte deste Pleno. Coido que necesitan decatarse fundamentalmente de dúas cousas: do resultado electoral que aínda non asumiron e de que esta Corporación componse de vintenove concelleiros porque nalgunha ocasión tivemos que reivindicar iso e seguimos a facelo.

Do mesmo xeito que destes vintenove concelleiros só temos dereito a voto vinteseite, tamén non hai máis que un Alcalde.

Xa solicitei unha vez e non me fixeron ningún caso, que non caian no menosprezo e na intención de calar a voz de concelleiros que se sentan aquí precisamente pola normativa á que vostede fixo mención.

Non me cabe ningunha dúbida a estas alturas, vostedes saberán por que lles amola a voz, o discurso e toda a intervención da Sra. Silva. É moi posible que en todos os debates que tivemos ata o de agora nestes oito meses lles amole e traten de marxinala porque alí onde houbo un debate político o sobre urbanismo claramente o Partido Popular saíu perdendo, xa que agora está moi de moda quen gaña e quen perde estes debates.

Dicimos novamente que a Sra. Maure e a Sra. Silva intervirán neste Pleno cando

cada grupo político o estime oportuno.

Sra. Molares, eu non cuestiono que a moción que acabamos de discutir fora presentada pola Sra. Porro e a defensa o Sr. Figueroa, non se trata de finas ironías sobre quen presenta a moción e quen debería defendela. Somos un grupo político que decidimos quen o ten que facer.

Evidentemente teño que me referir a liberdade de expresión e ás actitudes que teñen vostedes. Está un pouco o debate na cidade de que se na Corporación, entre os grupos políticos, hai crispación e eu invito ós medios de comunicación, ós que vostedes se adoitan dirixir, a que valoren, avalíen e saiban o que significan esas palabras do Sr. Figueroa dicíndolle a vostede “morte”. Maxino que será a morte dialéctica, quero pensar porque como non puxo ningún adxectivo descoñecémolo. Nós non damos medo a ninguén. Dicía vostede, Sra. Molares, que damos medo pero nós temos a razón da palabra, a razón dos argumentos e aínda que se diga dende as outras bancadas que xa intencionadamente se nos vai atacar, seguiremos defendendo os nosos argumentos.

Non quero facer desta moción un tema partidista. Si queremos como Grupo municipal Socialista engadímonos ó que se dixo sobre o terceiro punto porque eu non vou dicir que haxa actos que organiza o Partido Popular, o Sr. Alonso manifestouno; pola miña banda non se porá na miña boca pero si é certo que coido que será o propio Sr. Figueroa quen coa súa exposición, remitíndose tamén a outros actos que tiveron lugar, tamén estará de acordo en que a redacción do punto terceiro sexa como propuxo o concelleiro, Sr. Alonso.

Remato dicindo que estamos a favor da liberdade de expresión, de coidala pero nos gustaría que cada quen fixeramos exercicio de autocrítica e que algúns se aplicasen o fondo desta moción na súa actuación neste Pleno municipal.

SR. FIGUEROA VILA: Vexo que vostedes tentan novamente desvirtuar unha moción que coido presentei correctamente como sempre. Nós tentamos facer as presentacións dos temas e vostedes abren a tensión. Paréceme normal que xa que teñen esas directrices o tenten en todas as mocións, en todas as fases sobre todo de debate desta Corporación.

Sr. Font, non pense que temos medo a entrar no debate, imos entrar neste debate e en todos os que sexan necesarios porque coido que, xa que vostede fala de

apoiados, eu sintome moito máis apoiado que vostede aquí porque vostede ten 22.000 votos menos de apoio que nós. Se quere entramos nese debate, miren vostedes se hai unha diferenza na cidadanía ou non, a vostedes votáronos corenta e pico mil persoas e a nós sesenta e sete mil.

Vostedes están sempre coa mesma cuestión de se asumimos ou non; asumimos perfectamente e por iso estamos facendo unha oposición coherente, Sr. López Font, seguramente a vostede lle molesta pero non imos permitir baixo ningún concepto que vostedes nos calumnien ou fagan difamacións sobre as nosas actuacións.

Voulle contar o que me aconteceu só hai media hora para que vexa como actúan vostedes. Saín porque tiña que ir ó andar oitavo a buscar un papel que me pediron. Abrín a porta, normal porque agora xa non podemos entrar por ese despacho que semella que vai ser unha nova sala de prensa que non sabemos cantas haberá nesta cidade; subín e resulta que cando quixen volver ó Pleno non puiden entrar porque a porta do corredor de entrada estaba pechada. Tiven que ir xunto o conserxe e preguntarlle por que estaba esa porta pechada e díxome unha persoa que era a orde que tiña.

Miren vostedes o que acontece no Concello de Vigo que ata os corporativos temos problemas para iren dun corredor ó outro. Non é que estivera pechada por casualidade, a persoa coa que falei dixo que tiña unhas directrices para teren a porta pechada e non puidésemos entrar. Ese é o recorte das liberdades que vostedes tanto promulgan.

Xa que vostede quere entrar nese debate volvo repetirlle que dende o día 29 de decembro, cando neste Concello pasou o que pasou, tema que xa se debateu e no que non volveremos entrar, evidentemente coído que vostedes non nos poden dar leccións absolutamente de nada. Agora nos van falar tamén do acceso ós expedientes nunha moción do Sr. Domínguez Olveira. Xa me adianto a ese recorte de liberdades.

Evidentemente nós temos os mesmos mecanismos que tiña o Partido Socialista para acceder á información deste Concello, a dispoñibilidade da xestión dos expedientes e iso sábeno os xornalistas, os cidadáns. O que ocorre é que vostedes non entran no fondo dos temas, única e exclusivamente lles preocupan as formas. Se alguén detectou unha ilegalidade ou unha actuación incorrecta. do que se deberían preocupar é de corrixir o fondo do tema e non a forma. Semella que están

vostedes moi preocupados porque o Partido Popular poida ter acceso a expedientes públicos como se fixo sempre neste Concello, Sr. López Font.

Comezaron por recortar o acceso do grupo da oposición ós expedientes da Xunta de Goberno; agora resulta que nos van prohibir o acceso ós expedientes de Xestión Municipal. Xa sabemos cal vai ser a seguinte resolución: que o partido da oposición vai ter que pedir por escrito calquera documentación. Iso é o que está pasando no Concello de Vigo que antes non pasaba nin co Partido Popular, nin co BNG, nin outra vez co Partido Popular. Chegaron vostedes e se instaláron nese tipo de actuacións e saberán por que, porque se tivesen a tranquilidade de que o que están facendo é correcto, non sei por que nos poñen tantos condicionantes ó grupo da oposición para facer o noso traballo.

Evidentemente que estamos traballando porque estamos aquí para traballar, para fiscalizar ó goberno en todas as súas actuacións e facer as propostas que coidemos axeitadas en cada Pleno. Evidentemente non lles gusta que un grupo maioritario de trece persoas faga o seu traballo, que ese traballo se detecte, que teña unha estratexia, que detrás teña un esforzo, unha dedicación. Estamos aquí para facer un control de goberno como vostedes fixeron e ademais facilitándolles nós o labor. Xa lle adianto que estamos dispostos a aceptar a moción e todas as comisións de investigación que vostedes queiran con respecto ó tema porque non temos nada que agachar. Evidentemente nós temos os mesmos mecanismos que tiña o Partido Socialista cando era oposición.

Agora traemos unha condena dunha serie de actos violentos pero o que non imos permitir baixo ningún concepto que vostedes nos impliquen con calquera asociación. Podemos apoiar ou non a unha asociación, podemos estar máis ou menos de acordo pola nosa forma de entender a vida cunhas ou con outras asociacións como fan vostedes e nós respectámolo. O que si está claro é que na cidade de Vigo aconteceron uns actos violentos dentro dunha conferencia dun colectivo e mesmo chegouse ás mans. Eses feitos lévannos a condenar como o de Rosa Díez ou calquera outra persoa que sufra este tipo de feitos.

Téñolle que dicir ó representante do BNG que é normal que non coñeza os antecedentes deste concello pero si algúns dos seus compañeiros e nós si que condenamos nunha moción que presentou o Sr. Viéitez neste Pleno o que sucedeu con concelleiros de seu en Gondomar e Nigrán. Estes feitos foron condenados e

aprobose polo Pleno desta Corporación un rexeitamento daqueles feitos por mor dunha moción que presentaron vostedes. Pareceunos correcto e normal e calquera corporativo ten o dereito de se manifestar e expresarse pero o que non é de recibo é que suceda calquera tipo de acto violento con algún cidadán ou colectivo.

A maiores nós estamos dispostos a aceptar ese punto que vostede propón pero como un cuarto punto. Evidentemente non imos renunciar á nosa moción porque é un feito real. Poden estar vostedes de acordo ou non co fondo do tema, nin que nós esteamos ou non de acordo con esa asociación do bilingüismo en Galicia, ese non é o debate. O debate trata dos actos violentos que houbo nesa conferencia que se realizou no teatro do García Barbón.

Coido que hai que diferenciar porque vostedes poden ou non estar de acordo e se queren matizar ou non ese acordo nós estaríamos dispostos a aceptalo, non lles estamos pedindo que estean de acordo co que alí se dixo ou con aquela asociación. O que si lles dicimos é que alí se levaron a cabo uns actos violentos que nós condenamos. Evidentemente que estamos de acordo con esa asociación e vostedes non, todo iso xa o sabemos pero se quere matizar o acordo nós estamos dispostos a aceptar esa suxestión, pero non entre no fondo do tema real que é que só estamos pedindo condenar uns actos violentos que houbo. Igual ca nós cando condenamos os actos violentos cos seus concelleiros porque ó mellor non estamos de acordo coas decisións daqueles concelleiros do BNG, pero si en que por calquera decisión que tomasen non se podía admitir unha situación violenta.

Sr. López Font, vostede tenta reabrir debates pero nós non lle imos entrar niso. Estamos recibindo moitos insultos de vostedes: violentos, cavernícolas, tristes..., evidentemente se vostedes collen o manual do Partido Socialista e do Sr. Blanco é así. O Sr. Guerra dicíame cando estaba falando unha compañeira de seu que era o estilo do Sr. Blanco porque el ten a vantaxe do coñecer moi ben, convivir con el e mesmo ter actividades conxuntas durante dous ou tres anos, coñéceo mellor ca todos vostedes porque foi compañeiro del nas Xuventudes Socialistas, nas Xuventudes do PP, mesmo chegaron a acordos, o Sr. Guerra sabe moitas cousas o que pasa é que é prudente e tenlle respecto porque foron compañeiros durante moitos anos.

Seguramente ese manual é o que vostedes tentan trasladar ós debates deste Pleno. Alá vostedes, pero o que está claro é que nós non imos calar, teña claro que

a calquera insulto ou manipulación que tenten facer con respecto ás nosas actuacións van ter unha resposta e buscaremos que sexa o máis axeitada posible. Claro que o noso grupo apoia todas as manifestacións que acaba de facer aquí a nosa compañeira, Sra. Molares, porque é moi difícil facer algunha crítica da súa actuación como concelleira da Muller neste Concello, coido que traballou e ademais hai antecedentes de compañeiras de distintos partidos políticos que traballaron a prol da defensa da muller e das políticas de igualdade. Pasa que, non sei por que, pero levamos oito meses que semella que alguén quere crispas, seguramente están lembrando tempos pasados de crispación na cidade.

Nalgúns repítese a forma de actuar de hai anos e evidentemente cada quen ten os seus antecedentes a súa forma de comportarse e todos nos coñecemos pero estes plenos me están lembrando algo que se esquecera neste Concello: a crispación de hai 8 ou 10 anos que había na cidade e que se trasladaba. Isto estase repetindo e non sei por que será pero coinciden persoas nesa crispación e neses comportamentos. As vantaxes e inconvenientes que temos uns e outros son que ás veces por coñecer a realidade do que pasou e segue pasando nesta cidade, por teren memoria, son difíciles de esquecer as actuacións dalgunhas persoas. Pero esas actuacións están aí e o triste de todo é que semella que hoxe se están repetindo nesta Corporación.

Estamos dispostos a aceptar esa incorporación que fan vostedes, manter a terceira e se vostedes dentro desa terceira cuestión queren facer algunha matización por non estaren de acordo e o que si votan son os actos violentos que alí se levaron a cabo, estamos dispostos a aceptar. Se non votaremos a nosa moción.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, para concretar, o que vostede propón é que a emenda do BNG apareza como punto 4.

SR. ALONSO PÉREZ: O que coidamos é que o PP con este tipo de propostas pretende trasladar unha situación de violencia que non é real, son feitos moi illados.

Cando me refería ós feitos dos compañeiros do BNG do Val Miñor teño que dicir que a reacción non foi a mesma, daquela foi apática e sen embargo agora se trae a todos os concellos de Galicia esta moción porque se tenta dar unha imaxe de

escalada de violencia que para empezar non existe.

Eu respecto a posición do Partido Popular, cada quen ten a súa pero me sorprende. Quérolles dicir ademais que antes de que todos os que están aí e aquí nacéramos o galego xa era un elemento de expresión entre as parroquias e entre os cidadáns. Estar apoiando plataformas de confrontación social non é nada bo. Pero ese non é o motivo do debate, o motivo é a violencia e por iso nós no punto 3 facemos explicitamente e sen paliativos unha condena a todo acto de violencia, sexa cal sexa e polo tanto coidamos que están incorporados todos porque non nos referimos a ningún en particular, aínda que por suposto non compartamos apoios a posicións de extrema dereita de combater o galego no país, a nós iso parécenos moi grave pero non é o motivo.

De todos os xeitos todos e cada un dos actos violentos condenámoslos sen paliativos e por iso facemos esa emenda. Queda claro na emenda que se incorporan todas, se non se escoitou ben o volvo dicir: "Igualmente condena sen paliativos calquera outro tipo destinado a impedir a libre expresión de ideas mediante conferencias, manifestacións, mitins, actos institucionais ou calquera outra forma democrática que esta toma". Polo tanto quedan todas expostas e en concreto a que era motivo da súa moción, do acto da deputada Sra. San Gil, xa aparece no punto 2 unha condena e solidariedade con ela e cos membros das forzas. Na primeira posición coido que é un problema grave se estamos trasladando a idea no Estado de que en Galicia existe unha violencia que non é certa, son casos illados.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Figueroa, é imposible que eu sexa quen de lle gañar a vostede en desvirtuar as cousas. Fixen unha exposición que o que pon é en contradición a petición da súa moción co que vostedes practican acotío e coido que me referín a cuestións que pasaron hoxe e das que a Sra. Molares e vostede foron protagonistas. Non hai maior forma de desvirtuar algo que dicir que a porta de acceso a este Pleno estaba pechada. Haberá quedado pechada ou sería un erro de alguén ou algo polo estilo porque aquí estamos vintenove concelleiros e pasamos todos por esa porta, é imposible que esa porta estea pechada para que nos deixen aquí bloqueados ós vintenove concelleiros.

Eu sei que lle produce moita risa, que unha vez que vostede non tiña argumentos

só se lle ocorreu o da porta pechada e agora cando lle dou a contestación tampouco lle gusta.

Sr. Figueroa, as liberdades son dereitos, son oficiais e están recollidas en normas e este goberno á oposición non lle recortou ningunha liberdade e xa llo dixen nunha ocasión. Ademais teño o recoñecemento público da Sra. Molares de que este goberno non incumpría a legalidade.

Hai unha distinción moi importante entre o que para vostede é liberdade e dereitos e o que son para nós. Eu invítolle a que algunha norma oficial, algún dereito ou liberdade que este goberno ten que cumprir, se vostede coida que a incumprimos o poña en coñecemento do xuíz. Non nos mande escritos, nin diga neste Pleno, nin mande escritos á Alcaldía. O que ocorre é que levan con este tema estes oito meses amagando permanentemente ó pasado porque llo dicían anteriormente e é verdade, cada vez son vostedes máis a cara do pasado.

En canto a crispación o problema é quen se considera agredido e parece ser que vostedes pensan que somos nós os que agredimos. Nós viñemos aquí para gobernar esta cidade, para a sacar cara adiante da desfeita na que vostedes a meteron durante tres anos e medio. É literalmente o que estamos facendo e coido que sería bo, e os medios de comunicación tamén deberían facer ese exercicio de cantas veces fomos atacados como hoxe mesmo. O único que facemos é defender unhas situacións nas que evidentemente somos atacados.

A proba é moi sinxela; as cousas que din vostedes aquí só se escoitan na cidade neste Pleno e na Xerencia de Urbanismo. Todos, cando estamos pola rúa, cando nos relacionamos ou vemos de fronte a votantes do Partido Popular, do Partido Socialista, do Bloque Nacionalista Galego e de todos os que nos presentamos a estas eleccións, esa crispación da que vostedes fan gala neste Pleno e na Xerencia, que o teñen como teatro cada semana, non se ve na cidade, co que serán vostedes os responsables disto.

Evidentemente haberá que tratar a moción con respecto ós últimos incidentes que ocorreron sobre seguridade informática neste Concello. Como debe temer moito Sr. Figueroa e o Partido Popular a este debate xa o vai introducindo e soltando algunha *andanada* e efectivamente, cando tratemos a moción eu contestarei puntualmente. O que é o colmo da situación, Sr. Figueroa, é que sexan vostedes quen non se decatan sobre as normas de utilización de sistemas informáticos que ten este

Concello e que se aprobaron sendo dona Corina Porro alcaldesa.

Nós non temos ningún problema como grupo municipal con vostedes. Esa é a forma de desvirtuar este debate. Aquí ocorreron unha serie de entradas ilegais en ordenadores de acordo coas normas que vostedes emitiron en maio de 2005 e que infrinxiron. Non o digo eu, falo como consecuencia dun informe do Xefe do Servizo de Informática e Comunicaci3ns, eu non entro nin saio, Sr. Figueroa, pero evidentemente se incumpriron unhas normas que vostedes mesmos deran. Polo tanto evidentemente logo iremos 3 debate.

Outras das formas de desvirtuar, porque sempre est3n na an3cdota permanente, 3 facer menci3n 3 sala de prensa e demais. Non se dan conta de que est3n na oposici3n, 3s veces vostedes interveñen e utilizan a linguaxe de quen est3 no goberno. Corresp3ndenos ter as mellores e as m3is dignas instalaci3ns, racionalizalas neste Concello. Iso 3 o que estamos facendo, un exemplo de reorganizaci3n das instalaci3ns para dignificar este Concello dentro do que 3 a autoridade econ3mica que mant3n este goberno porque se quere falamos de salas de prensa, da que vostedes fixeron no edificio do Areal con outros moitos despachos que aquilo si que foi un aut3ntico dispendio, malgasto dos cartos municipais. Esa sala de prensa vai dignificar este Concello, 3 para liberar outras salas de reuni3ns que se teñen que realizar e vai ter un custo econ3mico nada importante en relaci3n coa importancia que lle vai dar 3 cidade.

Efectivamente que todos vimos de atr3s, dici3mosllo o outro d3a na Xerencia de Urbanismo e non era eu precisamente quen o dic3a, pero vostedes e vostede especialmente leva na mochila o que leva como concelleiro de moitos anos e non pode vir d3rmonos lecci3ns absolutamente a ningu3n de moitos temas en xeral e dalg3n en especial.

SR. FIGUEROA VILA: Vexo que o Partido Socialista tenta seguir na s3a teor3a cuns obxectivos claros de tentar calumniar e difamar 3 Partido Popular dende que empezou este mandato.

Sr. L3pez Font, claro que estamos moi orgullosos da nosa xesti3n, gracias a ela vostedes est3n vendendo agora seis aparcadoiros que saen acot3o en infograf3as; esa 3 unha herdanza que lles deixamos e que criticaran no goberno anterior. Gracias a iso estase rehabilitando o casco vello con trinta mill3ns de euros que lles

deixamos dentro deses proxectos, gracias a iso van poñer vostedes tres piscinas en funcionamento, unha en Lavadores, outra na Florida e outra en Valladares; gracias a iso hoxe se acaba de aprobar unha ordenanza contra o ruído e a declaración de trinta e tres rúas como zonas acusticamente saturadas, etc.

Vostedes teñen un problema porque claro que existe esa percepción na rúa. A vostedes dinlles unha cousa pero a min outra, dinme que é lamentable o espectáculo que está dando o goberno con cuestións que non son importantes porque aquí nunca houbo un problema de espionaxe e, aínda que con limitacións, nunca houbo problema para que os cidadáns puideran entrar neste Pleno e expresar a súa opinión, dicir o que pensaban como fan hoxe os veciños de Teis, esperando unha resposta sobre algo que vostedes lles prometeron en campaña electoral e que agora esqueceron.

Nós aguantomos moitos Plenos con persoas mobilizadas por vostedes e non pasou absolutamente nada, Plenos que tiveron que se realizar a porta pechada e iso serviunos de experiencia para facer controis pero dentro do que marca a normativa.

Sr. López Font, claro que hai normas moi estritas pero unha das partes importante de democracia, da convivencia, das relacións institucionais é a flexibilidade desas normas e iso foi o que sempre se fixo neste Concello. Deuse apertura na Xerencia de Urbanismo a todos os medios de comunicación cando debería ser unha comisión informativa. Neste Concello tentouse que a oposición tivese os medios para facer o seu traballo o mellor posible, acceder ós expedientes tanto das comisións informativas como da Xunta de Goberno no momento en que se convocaban. Este Concello facilitou ós grupos da oposición o acceso ó Rexistro para coñecer os documentos de calquera tipo que entraban. Facilitou o labor para que os responsables de Urbanismo do Partido Socialista e do BNG puideran ter acceso ós informes dos técnicos que están nos expedientes.

Claro que todo isto se fixo dentro da flexibilidade política, democrática, de liberdade, de tentar a maior participación e que todos puideramos desenvolver o noso traballo do mellor xeito posible. É certo que este Concello foi pioneiro no feito de que os concelleiros con dedicación non tivesen problema, que mesmo os grupos políticos tivesen asesores e grupos de apoio para facer o seu traballo, fomos pioneiros en Galicia e en España e agora estannos a copiar absolutamente todo. É

certo que nunha cidade como Vigo un concelleiro ten que ter unha dedicación, é imposible que compatibilice o seu traballo coa dedicación como concelleiro. Eses foron avances que se acadaron por acordos de todos os grupos políticos.

Tamén é certo que neste Concello se evitou a crispación persoal no debate político, crispación que está volvendo e non sabemos por que, repito que será por costumes dalgúns que na súa actividade política se reflicte esa tensión permanente. Aquí houbo duros debates políticos pero ó saíren por esa porta ese debate político remataba. Agora hai unha situación distinta que xamais se dera. É a primeira vez que hai un grupo único na oposición que acadou un resultado para ben ou para mal, pero sobre todo para ben por ter un apoio importante.

Iso é o que a vostedes lles pon nerviosos, non aceptan que haxa trece concelleiros facendo o seu traballo de oposición, traballando todos, cada un no seu cometido: uns presentan mocións, outros falan, outros buscan documentación, outros teñen o liderado, outros fan propostas na rúa, outros van a actos.

A liberdade do noso grupo para nos organizar témola nós e non nola van impoñer vostedes. Se un fala máis e outro menos no Pleno, outro descansará a fin de semana porque así o fan uns e outros, traballan e preparan documentación, cada quen ten o seu cometido e mesmo por temas sectoriais. Pero esa é unha organización nosa e estase demostrando que ese é un traballo eficaz porque estamos facendo propostas e mesmo faremos moitas máis propostas positivas para a cidade.

Vostedes cortáronnos a liberdade de podermonos comunicar cos veciños e coas veciñas como vostedes facían, Sr. López Font, vostedes dende o BNG, dende o Partido Socialista, dende Democracia Progresista Galega enviaban cartas a todos os veciños cando querían.

Mire que relato lle estou facendo a vostede do recorte de liberdade e de traballo que vostedes nos fixeron dende que están no goberno porque coido que están molestos, pero canto máis nos recorten máis nos motivan. Ese é un problema que teñen e coido que é pouco intelixente a súa postura porque canto máis recorte hai máis motivación no grupo, cando nos reunimos non nos preocupamos, se nos recortan xa buscaremos a información.

Hoxe un xornalista antes de entrar neste Pleno pediume unha información que vostedes lle levan negando dez días. Eu fixen unha chamada de teléfono e dinlle a

información en cinco minutos. Iso é o que non tiña que acontecer. A min motivame que vostedes non lles dean a informacións ós xornalistas porque a busco, teño mecanismos e sabemos como funciona este Concello, porque aínda hai moitos traballadores e traballadoras que cren na liberdade de expresión e non queren que ninguén lles amordace nin lles tape a boca e iso é o que nos comentan a nós. Saben que teñen directrices súas para que non dean información absolutamente a ninguén e nós tentamos nin molestalos, ás veces cando vemos a un funcionario nin nos sentamos con eles porque hoxe en día os funcionarios no Concello de Vigo teñen medo ás represalias, miren onde se chegou que non poden falar cun membro da oposición. Noutro tempo atopeime a compañeiros de seu sentados con funcionarios nos nosos despachos e non pasaba absolutamente nada. A pregunta que hai que lles trasladar ós veciños e veciñas é: a que ten medo o equipo de goberno e sobre todo o Partido Socialista? Non ten transparencia neste Concello, agacha documentos e informacións, que a oposición non acceda a eles. Tardaremos máis ou menos pero o imos saber.

Hai un medio de comunicación que denuncia que o centro comercial da Laxe non ten licenza. Nós sabíámolo porque como comprenderá algunha información si que temos. Eu sabía que non se dera licenza porque non pasara pola Xerencia de Urbanismo, ata aí controlamos, non pensen que nos esquecemos pero, á marxe de estaren de acordo ou non co fondo do tema, non lle demos maior importancia porque é un investimento importante para a cidade, con moitas empresas que se querían instalar alí, moitos traballadores pendentes do seu posto de traballo.

O que nos molesta é que cando se detecta esa información, en troques de saír o goberno a dicir que é certo, que a licenza está a piques de se dar, que xa cumpre con todos os requisitos e facer este discurso de que hai un investimento importante detrás, que hai que poñer en marcha ese centro e nós poderémolo criticar ou non, pero a súa reacción é de iren buscar ó mensaxeiro para o castigar, veren quen deu esa información.

Non se dan conta de que os propios técnicos que están con vostedes a dan? Hoxe os técnicos teñen bastante independencia e dan a información. Cando vostedes negan unha información ó final a mandan por un sobre pechado, xa non fai falla estar con eles porque hoxe os cidadáns e sobre todo os traballadores desta Casa non aceptan que volvamos a tempos pasados cando se coartaba e se condicionaba

a información. Iso é o que está pasando, están cometendo un erro que coido que nos dous últimos mandatos desta Corporación non sucedeu.

Nesta Corporación houbo unha transparencia absoluta e os xornalistas sábeno porque falaban cos técnicos, porque o que estou dicindo agora aquí mo contan eles a min cando falo con eles, antes tiñan a posibilidade de descolgar o teléfono, chamar a un técnico evidentemente coa autorización política, falaban cos técnicos e pasábanlles a información. Hoxe está terminantemente prohibido que falen os medios de comunicación cos técnicos desta Casa, é máis, mesmo está prohibido ata falar con algúns concelleiros. Non se dan conta ó que chegan? Hai concelleiros que non lles collen o teléfono ós representantes dos medios de comunicación e dinlles que só hai unha vía de comunicación.

Paréceme ben que vostedes organicen o seu traballo e a información como consideren oportuna pero o que non é de recibo é que se un xornalista quere unha información para se documentar, vostedes lla impidan porque inmediatamente cando non teñen esa información a buscan por outro lado e iso é o que está sucedendo nos últimos meses no Concello de Vigo, vostedes sábeno perfectamente. Ese é un dos motivos que nos leva a nós a este tipo de críticas porque non o imos permitir. Pódese falar de proxectos, dos que están ben ou mal, pero o que non se pode é recortar baixo ningún concepto a liberdade de expresión, de manifestación, de tentar buscar documentación, de que a oposición poida ter os datos, etc. Se vostedes fixeran as cousas correctamente non pasaría absolutamente nada.

Nós non temos nada que agachar senón que pola contra a información que nós temos e os medios que temos ó noso alcance son os que tiña o Partido Socialista e se queren lles dou datos de como algún concelleiro levou a outro á Fiscalía entrando neses arquivos. Evidentemente que nós tamén os temos.

Imos aceptar o punto cuarto pero o demais o imos manter. Se o queren incluír ben, senón poremos a moción a votación tal e como está porque parécenos grave o que se viviu nese acto de bilingüismo. Evidentemente que nós estamos de acordo de que en Galicia se poida falar no idioma que cada quen queira e así no noso grupo uns falan castelán, outros falamos galego e iso non nos condiciona, ó igual que o fan vostedes e nós respectámolo, nunca nos metemos con vostedes polo que fale cada quen. Aquí hai liberdade para se expresar e iso é o único que nós defendemos

e dicímolos porque o señor concelleiro do BNG entrou nese debate.

Imos poñer a votación a nosa moción tal e como está, se o BNG quere incluír esa cuarta cláusula, ben e se quere matizar algo tamén, pero o que se produciu foi un acto violento e non imos renunciar a críticoalo.

SR. ALONSO PÉREZ: Para os efectos de aclaración da votación. Dado que o Partido Popular reitera o punto tres que di: “asociacións que libre e democraticamente defendían a pluralidade lingüística”, cando para nós esas asociacións o que fomentan é a fobia contra o noso idioma e a confrontación social, pensamos que a emenda substitúe perfectamente, pero xa que non queren hai outra posibilidade: ir votando a moción punto por punto.

SR. LÓPEZ FONT: Por alusións sobre o dos funcionarios. O Sr. Figueroa está falando de algo que realmente non existe neste Concello, está difamando ós funcionarios, poñendo na súa boca que teñen medo deste goberno e quero que o saiba. Estalles faltando ó respecto gravemente. Non ten que confundir cando gobernaban a agora que non gobernan. Non pode vostede confundir o dereito á intimidade dun funcionario calquera que traballa aquí, que ten os seus equipos informáticos e ós que non se pode acceder dende unha clave exclusiva e así explicareillo logo, pero non pode vostede trasladar a esta sociedade viguesa que este goberno amordaza ós técnicos. Este goberno deixa libremente no exercicio da súa función traballar ós técnicos.

Dende o punto de vista administrativo o funcionamento é totalmente exquisito e a mellor proba de que non ten motivos para dicir isto que é unha completa difamación e teño que saír en defensa dos funcionarios, é que non pode demostrar absolutamente nada, só o que vostede maxina, só o que a vostede lle gustaría que pasara é o que realmente ven dicir aquí. Pídolle por favor que, tendo en conta que este goberno respecta en todas as súas concellerías escrupulosamente as funcións e a independencia dos funcionarios, como non pode ser doutro xeito, se absteña de dicir aquí que este goberno infunde medo ós funcionarios porque é literalmente mentira e non ten nin unha soa proba.

Dicir tamén que estou de acordo coa proposta realizada polo Bloque Nacionalista Galego no sentido de que se voten os puntos por separado.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. López Font, vólvolle repetir que na nosa actividade cotiá moitos funcionarios é o que nos comentan: non nos dan a información porque teñen orde do goberno de non facilitar ningún tipo de información á oposición. Iso é o que nos estamos atopando, os trece concelleiros que estamos aquí e máis os membros do noso Grupo político.

Evidentemente non imos caer na desvergoña de controlar, nin de facer espionaxe ós funcionarios pero é o que nos contan. Cando descolgamos un teléfono e buscamos información hai unha parte importante destes funcionarios que nos din que non nos dan a información porque o goberno non lles dá a autorización. Senón poñemos unha proposta enriba da mesa: manden un escrito a todos os departamentos asinado polo Sr. Alcalde para que lles dean a información ós concelleiros da oposición sen ningún tipo de problemas, a información que sexa e única e exclusivamente de expedientes administrativos. Se vostedes teñen tanto amor á liberdade de expresión e diante dos cidadáns de todo Vigo queren manifestar ese posicionamento, pedímoslle que mañá o Sr. Alcalde faga un decreto que diga que os grupos da oposición poden ter acceso a este tipo de expediente, expedientes rematados, informes asinados, etc., o que vostedes digan pactámolo e rematou o problema.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Alcalde, unha cuestión de orde. Non intervín en toda a mañá pero agora lle quero pedir que por respecto a esta Corporación municipal e por respecto ós cidadáns, á cidadanía á que representamos, por favor se utilice o regulamento como o hai que utilizar e non se utilicen mocións para falar absolutamente de todo menos do que realmente a moción nos trae aquí. A campaña electoral faise fóra, nos mitins que cada partido estamos desenvolvendo. É unha falla de respecto ós corporativos que teñamos que estar a través dunha moción debatendo temas que non teñen que ver co que aquí se trae e iso é cumprir o regulamento desta institución.

Emenda formulada durante o curso do debate polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez:

Engadir un punto que diga o que segue:

"Igualmente condena sen paliativos calquera outro tipo de actos destinado a impedir a libre expresión das ideas mediante conferencias, manifestacións, mitins, actos institucionais ou calquera outra forma democrática que esta tome".

A petición do Grupo do BNG, coa conformidade do Grupo do PP, vótanse separadamente os puntos da moción.

(No momento das votación están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN DOS PUNTOS PRIMEIRO E SEGUNDO DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Declarar que a sociedade galega constitúe un exemplo de convivencia pacífica e democrática, que todos e todas debemos esforzarnos en preservar, na que todas as opinións poden ser expresadas libremente.

Segundo.- Condenar sen paliativos os actos violentos cos que unha minoría tentou no día de onte boicotear unha conferencia da Deputada do Parlamento de Euskadi, María San Gil, solidarizándose con ela e cos membros das forzas de seguranza afectados.

VOTACIÓN DO PUNTO TERCEIRO DA MOCIÓN: Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Molares Pérez,

ACÓRDASE:

Rexeitar o terceiro punto da moción co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO CONCELLEIRO SR. ALONSO PÉREZ: Por

unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Engadir un novo punto co seguinte texto:

Igualmente condenar sen paliativos calquera outro tipo de actos destinado a impedir a libre expresión das ideas mediante conferencias, manifestacións, mitins, actos institucionais ou calquera outra forma democrática que esta tome.

14.- (33).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO A ADHESIÓN DO CONCELLO Á "PLATAFORMA TODOS CONTRA O CANON".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de febreiro, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

"Con motivo da publicación e entrada en vigor dos novos canons dixitais que teñen a súa orixe no artigo 25 da Lei da Propiedade Intelectual (LPI), ante o evidente prexuízo á totalidade de usuarios e consumidores, cidadáns todos eles, que esta medida representa e constatando:

1.- Que este canon grava indiscriminadamente a todos os cidadáns, só polo feito de ser sospeitosos de poder realizar unha copia dunha obra suxeita a propiedade intelectual.

2.- Que este canon grava igual de indiscriminadamente a calquera usuario da tecnoloxía, desde os xulgados aos estudantes pasando polos fotógrafos e os fabricantes de software, imponse tamén ao material escolar, aos elementos que necesitan as nosas empresas, comerciantes e profesionais forzosamente para traballar, e esténdese a todas as actividades que utilicen dispositivos electrónicos.

Mesmo este propio Concello queda afectado, converténdose noutra carga máis que deben soportar, a cambio de nada, nosos veciños e veciñas.

3.- Que estamos fronte a un imposto de carácter xeral a favor de determinadas persoas privadas, sen ningún tipo de control por parte do Estado, e que encarece ata un corenta por cento os produtos tecnolóxicos. O canon nada ten que ver coa piratería, aínda que, interesadamente, as entidades de xestión quixeron misturar ambos conceptos.

4.- Que dito canon está recadando mesmo polas obras de autores e creadores non representados polas entidades de xestión, aínda que eles non entran no

reparto do recadado.

Fronte a esta anómala situación, cidadáns, empresas, asociacións culturais, deportivas, de defensa dos usuarios, institutos, concellos, sindicatos e patronais, sen distinción de opción política, credo, idade ou nacionalidade agrúpanse na plataforma TODOS CONTRA O CANON.

Por todas estas razóns, propónse a adopción do seguinte acordo:

O Concello de Vigo, como representante de todos os seus veciños e veciñas, mostra a súa adhesión á PLATAFORMA TODOS CONTRA O CANON, apoiando a quen actúan en defensa de toda a cidadanía e insta ao Goberno Central para que proceda á derogación do Art. 25 da LPI.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 17 de febreiro de 2008, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Antes de nada indicar que nesta moción se dirixan a min e non á miña compañeira, Sra. Molares, porque semella que cada vez que alguén presenta unha moción a Sra. Molares ten que estar dentro; espero que sexa á miña persoa nada máis. Tamén indicar que espero que as miradas dos dous grupos que neste momento están gobernando sexan positivas porque como é de carácter social, que haxa realmente un posicionamento por ambas partes de algo positivo para a cidadanía.

Indicar primeiro que coa aplicación da Lei 23/2006, do 7 de xullo, pola que se gravan economicamente os aparatos, equipos e soportes materiais de reprodución dixital, temos moito que falar neste sentido. O que si é certo é que con data 1 de xaneiro de 2008 tería que ser aplicada esta lei que no seu primeiro apartado aparecen as contías, no seu segundo a distribución e no terceiro a vixencia.

Esta orde que se aplicará ata o 31 de decembro de 2009 ou ben transcorrerá un ano dende a entrada en vigor, como ben indica o apartado terceiro da devandita lei, observa que a súa aplicación pode vir aumentada debido ó artigo 25.6 no que se di claramente que ata que realmente aparezan todas as contías e compensacións fixadas, pódese estender ata calquera momento que o goberno en cuestión queira gracias á cobertura deste artigo.

Tamén é certo que este artigo atribúe ó Ministerio de Cultura, Industria, Turismo e Comercio a facultade para colocar e ordenar aqueles aparatos ós que se lles aplicarán as cantidades pertinentes e a subida correspondente. Todo isto se

constata nos seguintes puntos: o canon grava indiscriminadamente a todos os cidadáns só polo feito de mercar un soporte ou un dispositivo. Este canon ó mesmo tempo é indiscriminado porque grava a calquera daqueles que utilizan a tecnoloxía e a compran, tamén é certo que vai favorecer a entidades e grupos de persoas.

Por outra banda o canon nada ten que ver coa piratería como nos quixeron facer ver en moitas ocasións. Está recadado mesmo polas obras de autores e creadores non representados polas entidades de xestión, pero o que si é certo é que este canon a eles non lles beneficia porque realmente non pasa ás súas contas bancarias, senón que a outras determinadas.

Solicitamos que se adopte o seguinte acordo: “Concello de Vigo, como representante de todos os seus veciños e veciñas, amosa a súa adhesión á plataforma “contra o canon”, apoiando ós que actúan en defensa de toda a cidadanía e insta ó goberno central para que proceda á derogación do artigo 25 da devandita lei”.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Realmente sorpréndeme enormemente que vostedes presenten esta moción. Unha moción na que é certo que se recollen evidentes inxustizas dun canon que nace para compensar o uso que se fai da obra de diversos artistas e que realmente tamén grava situacións de non uso. Sorpréndeme porque foron vostedes, o Partido Popular, en setembro do ano 2003 no Parlamento do Estado, gobernando con maioría absoluta, quen aprobaron aplicar esta taxa a todos os CDs e DVDs virxes caendo xustamente en todo o que aquí presentan con esta moción: gravar só polo feito de seren sospeitosos de poder realizar unha copia, ou gravar indiscriminadamente a calquera comprador, ben sexan xulgados, hospitais, estudantes, profesionais ou mesmo froiteiros, independentemente do uso que se faga dos CDs e dos DVDs. Ademais presentan unha moción na que eu realmente boto en falla que non vaia acompañada de ningún tipo de alternativa para que os dereitos de propiedade intelectual se vexan realmente amparados.

O certo é que non se pode seguir enganando á cidadanía. Esta é unha moción absolutamente demagóxica, electoralista, que non se corresponde coa actuación do Partido Popular a nivel Estado e que ademais cae nun curioso paradoxo: que o propio Partido Popular pide o apoio para unha plataforma que se constitúe para combater e eliminar unha medida que pon en marcha o Partido Popular.

O BNG oponse á extensión do canon a calquera tipo de soporte dixital, pero tamén considera que calquera debate sobre a supresión ou modificación deste canon debe ir ligado a algunha alternativa que concilie os dereitos dos usuarios e usuarias e tamén salvagarde o dereito á propiedade intelectual.

O BNG móstrase favorable a realizar as modificacións lexislativas necesarias que conduzan á supresión deste canon e dende logo comprométese a defender na vindeira lexislatura na institución correspondente, o Congreso dos Deputados, esta supresión.

Por todo o que acabo de dicir e coa vontade de que se produza un debate político e social para integrar os dereitos de todos os afectados e afectadas o BNG vaise abster nesta moción.

SR. LÓPEZ FONT: Estamos falando nesta moción presentada polo Partido Popular da Lei de propiedade intelectual que, tal e como dicía o concelleiro que me precedeu no uso da palabra, foi unha proposta do Partido Popular e votouse por ese Partido, incluído o artigo 25.

Trátase neste artigo como concepto máis importante de compensar ós autores e de protexer a súa obra, compensar esa perda de ingresos que pode levar a realización de copias das que todos somos coñecedores que se poden producir perfectamente. Polo tanto en relación cos seus dereitos de propiedade intelectual hai un problema e unha situación á que debemos dar algunha solución dende a normativa .

Quero dicir que a norma aprobada xa ven do dereito alemán de 1964 e está incluída en case a totalidade dos países da Unión Europea, en 25 dos 27 estados membros se recoñece o dereito á compensación equitativa por copia privada e sería ilegal abolila sen vulnerar o Tratado de Berna, o dereito comunitario e a Constitución Europea. Polo tanto, unha vez aprobada polo Parlamento Español esta lei, era obrigatorio que existira un canon compensatorio porque así está no artigo 25, como ben coñece o propoñente da moción, lembrando que este canon xa existe no Estado Español dende 1987.

Dende o punto de vista práctico se configura como un cargo que en principio vai destinado máis cara ós fabricantes e importadores de soportes, distribuidores, almacenistas e polo miúdo. Trátase de que mediante este canon os autores, os intelectuais, aqueles que teñen os seus dereitos culturais, poidan ter unha

compensación. Non é certo que o sistema grave indiscriminadamente a todos os cidadáns porque debo lembrar que o goberno ten a posibilidade mediante Real decreto de establecer excepcións ó pagamento, polo tanto nós non o entendemos como un imposto de carácter xeral, non ten esa natureza fiscal, nin é unha obriga tributaria.

Por outra banda tamén esta compensación dá lugar na súa xestión a unha fonte de financiamento de actividades culturais e asistenciais dado que o 20% se dedica a estes fins e redonda na promoción dunha maior diversidade cultural

Recoñecendo que é unha medida que pode afectar ós cidadáns, non é menos certo que tamén dende o Partido Socialista estanse buscando tal como vai no noso programa electoral, fórmulas que dentro do que é esta compensación e protección ós autores, poidan crear outros sistemas un pouco máis equitativos. Pero debo dicir que o feito de desenvolver o artigo 25, o goberno estatal en base á Lei non tiña outra opción. Dentro do programa do Partido Socialista ás eleccións xerais, e non me quero referir a cuestións polémicas senón sinxelamente clarexar que isto é algo que nos preocupaba e que evidentemente se poden buscar outras formas, en principio estamos de acordo coa proposta que se fixera, ben é certo que en base a esa orientación máis equitativa que lle queremos dar e coincidindo con parte da exposición que se fixo pola banda do Bloque Nacionalista Galego, absterémonos nesta moción que vostedes presentan.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Eu tan só vexo que o que fan vostedes é tentar non votar en contra porque coido que é o que se está facendo dende o mesmo goberno central: eludir a responsabilidade da aplicación da lei que se está ben ou mal coido que lles tería que pesar a vostedes, pero ireilles contestando ós poucos a todas as observacións que me fixeron ó longo das súas intervencións.

O que si é certo é que nós non estamos en contra para nada nin dos artistas, nin da propiedade intelectual, nin de nada que se lle pareza; pola contra estamos en contra dun canon arcaico que grava realmente a todas aquelas persoas que mercan aparatos tecnolóxicos, é dicir, que realmente adquiren un teléfono, un MP4. Quen adquire un aparato destes adquire esas cantidades: os móbiles cunhas cantidades de 1,5, os MP4 con 3,15, os CDs que utilizo para gravar as fotos dos meus fillos tamén teño que os pagar. Todas estas situacións gravan realmente esa

posición que vostedes din que se van abster e demais.

Realmente o que si é certo é que todo isto o que fai é incrementar as arcas entre uns 105 e 115 millóns de euros. Pero o peor de todo isto non é a circunstancia de que me grave as cantidades, senón que o goberno está facendo un falso imposto e unha multa á vez, estame considerando a min sospeitoso de algo. O artigo 17 da Constitución dáme a liberdade de deambular por todo o territorio nacional e espero que non me queira coartar o principio de inocencia, eu son inocente ata que se demostre o contrario e por conseguinte non me poden gravar anteriormente a cometer calquera delito e en principio non utilizo os CDs para gravar cousas estrañas, senón tan só ou a foto dos meus fillos, ou o meu traballo nun lapis.

Por conseguinte entendo que esta é unha situación na que vostedes non se poden abster se queren estar de acordo coa cidadanía.

O que si é certo é que o canon dixital non deixa de ser un xeito de disimular a incompetencia do goberno actual nunha circunstancia moi importante como é a de amparar a economía dos artistas e que se solucionaríase non cun canon, senón cun pacto global.

Contestando ó concelleiro do Bloque dicir que efectivamente nós temos solucións para isto e unha delas é o pacto global que, como vostedes fixeron referencia clara, efectivamente nós no 2003 establecemos un canon que realmente non era lesivo para ningunha das partes porque nós antes de realizar calquera tipo de actuación acordamos entre unha parte que son os demandantes de cultura e outra que son os que a estruturan. Por conseguinte nós si que establecemos ese canon e sen seren lesivo e a proba está en que non houbo ningunha situación anómala ata agora.

O que se busca co canon non é un sistema xusto de retribución, como vostedes nos queren facer ver, nin tampouco é un sistema de financiamento para as empresas de carácter cultural, como tamén nos quere facer ver o concelleiro do Partido Socialista. Pola contra é unha maneira de subvencionar determinados grupos que logo xa veremos quen poden ser ou a quen poden englobar. O que tamén é certo é que se lle pon freo ó desenvolvemento da tecnoloxía porque se non se inviste en tecnoloxía non se pode desenvolver calquera tipo destes aparatos sobre os que vostedes están establecendo o canon. Tamén temos claro que esta situación coa que paran o progreso tecnolóxico, é tan só porque determinadas persoas ven unha

ameaza neste desenvolvemento tecnolóxico.

Realmente o máis increíble de todo isto é que vexo que coa súa abstención non sei se pensarán vostedes que aqueles dez ordenadores que se poderían adquirir por unha empresa de carácter comercial, estas persoas terán que pagar un canon correspondente a estes ordenadores cando nunca van utilizar a música, nin van reproducir nada, só van traballar con eles; o mesmo ocorre nos hospitais, en determinados colexios, etc., pero tamén ocorre no Concello. Maximo que a concelleira de Facenda xa tería en conta as correspondentes cantidades que terá que incrementar para que poidamos dar servizos á cidadanía, ás empresas e demais particulares ós que lles prestamos todo tipo de axudas.

Comentaba o noso concelleiro do Partido Socialista que hai un 20% de financiamento con relación ás empresas de carácter cultural como poden ser museos, colexios e demais, como en Alemaña dixo vostede onde xa se está deixando de aplicar por culpa desta transparencia, non se sabe onde van eses fondos, coido que a súa información é un pouco antiga e debería vostede fundamentar máis as contestacións. O que si é certo é que os fondos van destinados cara un grupo de persoas ""e o número de persoas que vendan esa música e demais, é dicir, segue gañando quen máis gaña.

Hai unha cousa ben clara e que non sei se a vostedes pero a min si me preocupa xuridicamente no sentido de que dende o 1 de xaneiro de 2008 se tería que aplicar esta lei. As entidades xestoras, os centros que realmente se dedican ás actividades de carácter artístico están moi preocupados porque non saben cando se vai aplicar esta normativa e créaselles unha inseguridade xurídica porque non saben se teñen que incrementar ou non o valor. A verdade é que ninguén sabe por que non se aplica esta Orde ministerial.

Efectivamente se podería aludir a que había que facer algunha modificación, como todo o mundo sabemos se hai algunha modificación se pode atrasar, pero xustamente aquí non hai ningunha modificación senón que xa se tería que aplicar dende o 1 de xaneiro de 2008. O que si é certo e o que se pensa reiteradamente é que ó mellor teñen vostedes medo ás posibles consecuencias de carácter electoral que lles traian as urnas o día 9 de marzo. Pode ou non ser pero o que si é certo é que esta é unha conclusión que sae dende distintas patronais porque xuridicamente non se entende por que esta Orde ministerial non saíu aínda ó

campo de batalla que é a cidadanía. Tamén é certo que este atraso está xerando, como ben sabe a nosa concelleira de Economía e Facenda, que os balances de ingresos poden provocar moitas irregularidades á hora dos confeccionar a finais de ano.

Debido a esta situación hai moitas empresas que teñen poucos escrúpulos e dalgún xeito están, xa non colaborando co pagamento deste canon, senón que son máis competitivas no mercado por non ter estes custos elevados. A transparencia é unha das calidades que se seguiron nos distintos países da Unión Europea e é un dos motivos polo que se está deixando de aplicar este canon ou polo menos non se está confeccionando.

Aquí en España, como todo o mundo sabemos, xa temos unha demanda neste sentido en Bruxelas por parte de Phillips xa que na Unión Europea sabemos que a libre circulación de mercadorías é un dos principais valores e ó mesmo tempo tamén un elevado custo provoca que esta demanda presentada por Phillips poida prosperar.

Por último, non quero deixar de salientar que hai unha representación de consumidores e usuarios á que non se lle consultou e á que aludía anteriormente. No 2003 confeccionouse por parte do Partido Popular unha situación que non provocou toda esta disxuntiva e este enfrontamento que existe nestes momentos. Non se lle preguntou a este consello de consumidores e usuarios, si se lle preguntou a un grupo de persoas que viven en casas impresionantes, con estudos de gravación nelas, con contas bancarias impresionantes e que non se moven por nada máis que por acadar galas.

Estas situacións fan que as patronais tecnolóxicas europeas falen de que as máis beneficiadas destas circunstancias son as redes organizadas de fraude. Efectivamente, non o dicimos nós, non só as patronais e as asociacións, senón que o comisario europeo de Mercado, Interior e Servizos cualificou de inxustos os sistemas de compensación existentes en España no 2006 porque a copia privada pódea facer calquera persoa, están gravando un imposto para alguén que grava nun CD as fotos dos seus fillos ou para min que cun lapis gravo o meu traballo, estanme gravando por facer o meu traballo, xa é ó único que me faltaba.

Coidamos dende a patronal, dende as asociacións e dende os nosos homólogos europeos que é un sistema discriminatorio e repito que non estamos en contra dos

dereitos de autor e a súa axeitada remuneración, todo o contrario, estamos totalmente a favor e por iso posiblemente teñamos que montar unha axencia que se dedique á propiedade intelectual e farémolo con todo o gusto e pracer para favorecer a este grupo de persoas.

Vostede mencionaba anteriormente países como Alemaña, Bélxica, Francia, nestes momentos España; realmente tan só hai dous que son Reino Unido e Irlanda que son os únicos que non aplicaron o canon pero como xa se indicou Alemaña que foi a primeira en instalar o canon, xa o anulou por mor da falla de transparencia das entidades e alegando que descoñecen onde van os cartos deste canon. Hai unha cousa que está ben clara e é que se non sabemos onde van os cartos non poderemos dedicar o 20% a nada.

Pero tamén é certo que houbo outro país, non europeo pero si americano como é Canadá, onde tamén comezou o canon mesmo antes que en Europa e nestes momentos tamén está paralizado.

SR. LÓPEZ FONT: Non dixen que se estivera aplicando en Alemaña, dixen que proviña do dereito alemán de 1964 para poñer en valor dende cando se está aplicando isto. Insisto en que está en vintecinco dos vinteseite estados membros da UE. O artigo 25 da lei que aprobaron vostedes consagra e define o canon como un dereito irrenunciable e isto votárono vostedes.

En canto ó tema dos consensos a sorpresa desta moción é que é unha normativa que como vostede recoñecía aínda non está desenvolvida por orde ministerial e non se está aplicando. Entón o que eu si lle quero dicir é que é máis fácil, malia do que vostede di, que obteña mais consensos o Partido Socialista que vostedes porque por exemplo nestes catro anos houbo infinidade de votacións no Parlamento español nas que todos os grupos, fíxese a diversidade política que supón, votamos cuestións conxuntamente co voto en contra estritamente do Partido Popular co que non se preocupe polo tema dos consensos.

Por outra banda deixen de poñer como “expiatorios” a determinados artistas que sinxelamente o que fixeron foi exercer o que vostedes reclamaban nunha moción: o seu dereito á liberdade de expresión.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: O canon provén de Alemaña pero o que si é certo é que xa o

están deixando de aplicar e por conseguinte se son antecesores do noso e xa o están deixando de aplicar, sexamos un pouco listos e acordemos algo máis intelixente como xa fixemos nós no 2003, cando establecemos un canon e por conseguinte establecemos a pertinente lei, insisto porque non sei se me escoitaron. Non sei se me expresei mal pero dixen que hai unha Orde ministerial que non se aplicou, xa está feita, non hai ningún tipo de moción presentada, téñase que aplicar dende o 1 de xaneiro de 2008, dende hai agora dous meses. Por conseguinte esa é a miña puntualización e reiteración.

(Está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce abstencións dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Molares Pérez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, instando mostrar adhesión á plataforma "Todos contra o canon", na oposición á implantación do canon dixital, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

15.- (34).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA Á POSTA EN MARCHA DUN PLAN INTEGRAL DE AXUDA Ó COMERCIO TRADICIONAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de febreiro, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

"A Federación de Comercio de Vigo (FECOVI) entidade que agrupa as catro principais áreas comerciais da cidade (Bouzas, Calvario, Teis e Travesas), acaba de

dar a voz de alarma indicando que o número de peches de locais comerciais ten aumentado perigosamente nos últimos seis meses na nosa cidade; a cifra elévase a 300 negocios que pecharon ás súas portas no último semestre, aproximadamente un 5% dos comercios de Vigo, segundo a súa presidenta.

Os peches continuados afectan tanto a comercios illados como ós integrados nalgún dos centros comerciais da cidade. Por outra parte, a Cámara de Comercio de Vigo tamén reconece unha “ralentización” do número de altas de establecementos de comercio polo miúdo en Vigo.

O comercio é un dos sectores de actividade estratéxicos na economía da cidade xa que os aproximadamente 6.700 establecementos abertos dan traballo directo a máis de 16.000 persoas. Ademais, todo o mundo coñece a importancia que ten o comercio como mecanismo conformador do contorno urbano, de integración e vertebración social, en definitiva, como forma inequívoca de facer cidade.

O descenso na renda dispoñible e a desaceleración ou crise económica son factores de risco para a actividade comercial que fan que o futuro non se presente demasiado optimista. Os comerciantes cifran nun 30% a caída das vendas nos establecementos de venda polo miúdo.

Desde o partido popular entendemos que ademais de que o concello reaccione e trate de atender tamén as necesidades do sector comercial de Vigo, é a Xunta de Galicia a que por lei ten as competencias sobre regulación, ordenación, modernización e mellora do sector comercial, polo que o Grupo Municipal do Partido Popular propón ó Pleno da Corporación municipal de Vigo que tome o seguinte acordo:

Instar á Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia a poñer en marcha un Plan Integral de Axuda ó comercio tradicional para tratar de frear así co aumento dos peches de establecementos comerciais na cidade de Vigo."

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 18 de febreiro, quedou informada do contido da anterior moción.

O Sr. Fidalgo Iglesias procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: No nome da Concellería de Comercio agradezo a preocupación que vostede reflicte na súa moción, que sen dúbida ningunha é a mesma preocupación que ten este goberno e a Concellería de Comercio diante de datos que non son prometedores e que se enmarcan dentro dunha desaceleración económica global.

Agradézolle este esforzo e ademais que diga claramente que o Concello reaccione

porque iso dáme pé para lle explicar cal ten sido xa a reacción do Concello e da propia Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia. Tamén me dá pé a dicirlle que é unha mágoa que en dezaseis anos de goberno da Xunta de Galicia non se teña amosado esta preocupación polo pequeno e mediano comercio deste país.

En primeiro lugar vostede propón instar á Consellería de Innovación e Industria a poñer en marcha un plan integral de axuda ó comercio tradicional. Téñolle que dicir que xa existe este plan aínda que vostede o descoñeza. Existe un plan integral de axuda ó comercio tradicional galego porque loxicamente as políticas comerciais, que como ben di vostede que son competencias do comercio interior da Xunta de Galicia, xa se están aplicando e hai xa posto en marcha para toda Galicia un plan integral precisamente de apoio ó pequeno e mediano comercio, cousa que se produciu agora, no momento en que hai un novo goberno do BNG e do Partido Socialista e a partir de que nestes momentos esta Consellería, a través da súa Dirección Xeral de Comercio, está rexida por un conselleiro e por unha directora xeral do BNG.

Voulle dar datos que non teñen ningún tipo de discusión. No ano 2007 a Consellería de Innovación e Industria, a través da súa Dirección Xeral de Comercio, subvencionou un total de 51 axudas individuais para adecuación dos establecementos comerciais e o seu contorno competitivo e acceso ás novas tecnoloxías por un importe total de 75.587 euros, cousa que non se viña producindo ata o momento.

Ademais a Dirección Xeral de Comercio ten subvencionado nesta cidade a todas e cada unha das asociacións de comerciantes: Asociación de Comerciantes Vigo Vello, 51.000 €; Asociación Comerciantes do Calvario, 50.000+24.000 €; Asociación Comerciantes Zona Príncipe, 77.000 máis outra partida de 26.000 €; Asociación Comerciantes Centro Vigo, 58.000 €; Federación Comercio Vigués, FECOVI, 21.000 €; Asociación Comerciantes das Travesas, tres partidas de 17.000, 32.000 e 13.000 €; Asociación MERCACEVI, cun total de 50.000 €; Asociación Comerciantes do Berbés, 50.000 €; Asociación Comerciantes de Teis, 5.000 €. Un total de 482.630 euros.

Ademais diso a Dirección Xeral de Comercio ten montado xa dúas campañas de potenciación do comercio, a campaña de "As cores do comercio" que seguro que

vostede viu en spots televisivos, folletos e demais. Ademais ten posto en marcha unha campaña que se denominou "O comercio se move" que foi por toda Galicia alentando e propiciando fundamentalmente que houbera un maior achegamento ó comercio tradicional.

En total no ano 2007 o investimento da Dirección Xeral de Comercio só en Vigo foi dun total de 761.031 euros; nada máis e nada menos que máis dun 60% do que se viña facendo na época do goberno do Partido Popular.

Vostede dicía que o Concello ten que reaccionar. Claro que reaccionamos, mire se é así que cando vostedes gobernaban a Concellería de Comercio non existía, non o digo eu, dino os orzamentos e as asociacións de comerciantes. Vostedes tiñan no orzamento exactamente 30.000 euros de axudas ó comercio.

Nos últimos tres anos e medio o investimento do Partido Popular nos mercados, que é competencia do goberno local, foi de cero euros. A Dirección Xeral de Comercio este mesmo ano ven de aprobar unha subvención de 239.492 euros para facer obras no Mercado do Progreso. Pero é que no Concello se pasa deses 30.000 euros a 100.000 euros de subvencións para a excelencia comercial da nosa cidade; 350.000 euros que serán investidos nos nosos mercados; 80.000 euros para campañas de apoio ó comercio tradicional na nosa cidade e 50.000 euros para a dinamización comercial de Vigo. Non lle vou facer a porcentaxe pero en total son 600.000 euros nos orzamentos de 2007 a cambio de 30.000 euros que tiña o Partido Popular. Estes son os datos e esta é a realidade.

Non queremos crear ningún tipo de polémica con algo no que estamos de acordo con vostede e que é fundamental: o apoio a esta cidade. Imos aprobarlle a súa moción se vostede sinxelamente nos permite unha pequena corrección no texto que presentan. En lugar de dicir "Instar á Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan integral de axuda ó comercio", nós propoñemos unha redacción que sen dúbida ningunha é máis xusta e equitativa con relación ós datos que lle acabo de dar.

A nosa redacción sería "Instar á Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia a continuar coa axuda ó comercio tradicional". Esta é a nosa emenda que repito se adecúa á realidade e é máis xusta cunha consellería e cunha Dirección Xeral de Comercio que está a demostrar o seu compromiso co pequeno e mediano comercio vigués, igual que o está a demostrar este Concello de Vigo.

SR. LÓPEZ FONT: Moi breve porque co manifestado polo Sr. Tenente de Alcalde coido que está todo dito. Quero reiterar no nome do Grupo municipal Socialista o apoio ó pequeno comercio e ó comercio tradicional de Vigo nesta situación na que evidentemente as veces hai un desequilibrio con relación ás grandes áreas comerciais. De feito así figura no pacto de goberno que ten o Partido Socialista co BNG previo a que logo se distribuísen e formalizasen as competencias de goberno de cada partido. Correspóndelle nesta ocasión ó BNG pero subscribimos o dito polo Tenente de Alcalde.

É difícil maxinar que cando se fixo tan pouco por este comercio se veña agora tentar cambiar a situación e esixir ós demais. Como con tantas outras mocións a explicación do que ocorre é moi sinxela: esta moción é unha máis desas que teñen un marcado carácter electoralista e ven contribuír aínda que sexa implicitamente a esa sensación de catastrofismo económico que quere trasladar o Partido Popular e como xa miramos no debate entre o Sr. Pizarro e o Sr. Solbes non se corresponde coa realidade.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En parte estou de acordo co Sr. Domínguez Olveira e adiántolle que lle imos apoiar esa modificación no texto da moción porque o que nos interesa é o fondo da cuestión que é acadar o maior presuposto posible para Vigo e para o comercio vigués que boa falta lle fai.

Acendéronse as alarmas, non só do comercio senón que da hostalería. O comercio é un dos motores da economía viguesa e vostede sempre fala de que é un mecanismo vertebrador, que quen merca no comercio tradicional fai que logo ese comerciante vaia mercar a outro e é unha cadea que por riba emprega a traballadores que viven no contorno, que son do Concello de Vigo.

Pero o BNG en Vigo, que fixo polo comercio? Vostede dixo que é o que vai facer ou ten intencións de facer, quédanlle tres anos e tres meses para o facer pero non sabemos o que fixo en nove meses. Está asinado no pacto de goberno que hai unha serie de medidas interesantes; unha era a creación dunha comisión de comercio no Concello para solucionar todos os problemas relativos ó sector sen ter que ir peregrinando por todas as dependencias municipais. Outra era un observatorio de comercio que xa fixo un a Deputación e por certo moi ben, teño aquí os resultados

e se quere doullos. Outro a celebración dun foro internacional Cidade-Comercio do que non sabemos nada.

Unha cuarta medida dentro do pacto de goberno BNG-PSOE era o nomeamento dun responsable ou coordinador en cada zona comercial, o que tamén é boa idea.

No canto de poñer en marcha estas medidas o que miramos foi en primeiro lugar liortas cos comerciantes no mes de decembro polo atraso do acendido da campaña do Nadal, compensado logo a correr cunha campaña de etiquetas coa bandeira de Vigo que foi un fracaso.

Tampouco se escoitou nin ó BNG nin ó PSOE unha soa palabra no conflito dos comerciantes das tendas de recordos que hai na estación marítima. Nin unha soa palabra do BNG da inauguración sen licenza e sen plan de tráfico do centro comercial A Laxe que incrementa 45 novos establecementos e 13.200 metros cadrados de zona comercial.

É certo que agora hai cartos no presuposto. Froito desas negociacións coidamos que o BNG ten unha posición no Concello dominante e acadou un millón e medio de euros para este exercicio. Nós soamente con 12.000 euros que me dicía a Sra. Molares que tiña, fixo bastantes cousas: campañas de Nadal, actividades de animación, as tapas a un euro, desfiles cos comerciantes, Tai-chi... Con poucos cartos facíamos cousas. Vostedes cun millón e medio en Vigo non fixeron máis que unha campaña a correr.

Propoñémoslles solucións porque, á parte de controlar o labor do goberno, tamén temos que propoñer cousas en positivo. Dende o Partido Popular tratamos de redactar unha especie do que sería o noso proxecto de apoio ó comercio polo miúdo da cidade. Unha parte sería a rehabilitación de fachadas mediante o co-financiamento ós comerciantes, estaba no noso programa electoral. Outra sería a introdución de novas tecnoloxías na actividade comercial da cidade: a alfabetización dixital, o "*Commerce*", deseño de páxinas web... para que os comerciantes teñan unha fiestra máis para os clientes.

Outra sería aumentar a formación do persoal que atende os comercios: usos de atención ó cliente, escaparatismo, por que non idiomas, etc. Unha campaña de promoción en prensa, radios, televisión local, Vitrasa, taxis, etc., unha campaña de animación comercial con organización de diferentes eventos. Unha campaña de apoio á implantación de normas de calidade; o pequeno comercio xa ten a norma

UNE 17.501.

Toto isto para mellorar a calidade do servizo, a xestión e a imaxe do establecemento comercial en Vigo, En resumo acadar que o comercio teña unha maior competitividade.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Pregunta que fixemos nós. Unha cousa moi importante que lle dixen antes pero que vostede a saltou: fixemos que existira a Concellería de Comercio. Neste intre todas as asociacións de comerciantes da cidade teñen un interlocutor dentro da concellería co que se xuntan sistematicamente, ó que trasladan os problemas que teñen, co que se falou para a ordenanza de terrazas, co que se falou e se vai falar para a distribución dos investimentos.

Hoxe as asociacións de comerciantes de Vigo teñen ese interlocutor por primeira vez na historia deste Concello e loxicamente estamos traballando en acadar ese responsable coordinador de cada área.

Vostede pregunta o que fixemos en nove meses. Lémbrolle que os novos orzamentos entraron en vigor o día 1 de xaneiro e estamos no mes de febreiro. Parece mentira que vostedes en tres anos en medio en Vigo e dezaseis na Xunta, non fixeran as axudas ás reformas de fachadas, as novas tecnoloxías, formación do persoal, escaparatismo, campaña de promoción, animación comercial, apoio da norma de calidade.

Por outra banda por suposto xa lle digo que imos ter moi en conta todas as suxestións que veñan da oposición neste sentido positivo. Digo máis, estarei encantado de falar cando vostede queira para poñer isto en marcha.

Agora ben, logo de tres anos e medio aquí e dezaseis na Xunta que nos veñan agora presentar cal sería o seu plan de axuda ó comercio, cando menos permítame que lle pregunte por que non o fixeron antes. Vostedes dá un dato, mesmo rebaixa a cantidade que dixen eu, dixo que 12.000 euros; pois como vostede acaba de dicir, nós millón e medio de euros. Aí se demostra o apoio dun Concello ó comercio. Seguro que me vai dicir que non tiñan orzamentos; tiveron un orzamento que se aprobou pola Corporación aínda que non cos votos do BNG. Se a memoria non me falla coido lembrar que foi no ano 2005. Nese orzamento que vostedes aprobaron nos estaban dicindo cales eran as súas prioridades con relación ó comercio. Nese orzamento que aprobaron comercio tiña 30.000 euros ou 12.000 segundo dixo

vostedes. Esa é a diferenza.

As políticas de verdadeiro apoio ó pequeno e mediano comercio fanse falando aquí exactamente igual que no Parlamento Galego e que nos gobernos que ostenta o Partido Popular. Dende que o BNG chegou ó goberno da Xunta en materia de Comercio este país ten por primeira vez na súa historia unha Lei que, governe quen governe, se vai ter que seguir aplicando. Unha Lei de horarios comerciais que vostedes apoiaron pero que a fixemos nós porque vostedes en dezaseis anos non foron quen de facer e para nós sempre foi unha prioridade porque a través desa Lei foméntase que os pequenos e medianos comerciantes teñan máis capacidade de competir coas grandes áreas comerciais, foméntase a compatibilidade do horario familiar dos empregados e empregadas do pequeno e mediano comercio.

Tivemos que ser nós quen por primeira vez fixeramos unha Lei de horarios. Nestes momentos en Galicia só se permite abrir oito días festivos ás grandes áreas comerciais. A diferenza de políticas é que o Concello de Madrid, gobernado polo Partido Popular abre 22 días festivos. Esa é a diferenza e a política que hai que facer cando realmente se quere apoiar ó pequeno e mediano comercio, con cartos a disposición dos comerciantes, apoiándoos, subvencionándoos, facendo unha interlocución clara e directa con eles e tomando medidas que lles permitan competir mellor coas grandes áreas comerciais.

SR. LÓPEZ FONT: Só manifestar o apoio do Grupo Socialista á proposta realizada polo Tenente de Alcalde en canto a outra redacción da moción.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Imos falar un pouco da Xunta de Galicia e de como está axudando e o que fixo ata o de agora para o comercio vigués. A Xunta leva dous anos e medio sen acometer ningunha reforma estrutural. Cambiaron o marco de apoio que tiña o goberno do partido Popular por un marco novo no que se bascula máis apoio, como vostede dixo, ás asociacións de comerciantes e menos ós comercios individuais. Vostede ben dixo que se subvencionaron 75.000 euros ó comercio individual e uns 600.000 ás asociacións de comerciantes o que é outra política que nós tamén apoiabamos antes pero o peso era á inversa, por suposto que tamén apoiabamos ás asociacións de comerciantes.

Si é certo que hai un plan de modernización do comercio pero do rural, para

poboacións menores de 10.000 habitantes e ademais sen orzamento. Fíxose unha campaña do comercio galego, "As cores da rúa", porque as campañas de publicidade xestiónaas moi ben e están moi acostumados a gastar os cartos nelas. Por certo nesta campaña había unha parte en medios de comunicación en outra de animación comercial nas principais vilas e cidades de Galicia e non veu a Vigo; foi a Ferrol, Carballo Lugo, Viveiro, Ourense o Barco de Valdeorras, Pontevedra e Vilagarcía pero non veu a Vigo, mesmo pode ver na páxina web da dirección xeral do Comercio onde foi a campaña. Respecto á Lei de horarios comerciais menos mal que é unha lei que comezamos a súa redacción nós e que o bi-goberno da Xunta de Galicia aprobou. Aprobouse por unanimidade pero menos mal que atenderon as dúas principais emendas que levábamnos porque senón era anticonstitucional; unha delas a liberalización de horarios para as tendas de conveniencia, as chamadas vintecatros horas que vostedes limitaban, e logo que nós introducimos o cambio do concepto de "municipio turístico" como viñan vostedes facendo referencia, polo de "Zonas de afluencia turística".

Municipio turístico é Santiago e en calquera lugar de Santiago ata o Corte Inglés pode abrir os domingos. Con nós só as zonas de afluencia turística e unha vez presentada na Consellería de Innovación de Industria a súa solicitude, poderían abrir.

Dentro da política que levou o Partido Popular na Xunta de Galicia e gracias a ela púxose en marcha o IFEVI, a modernización dos mercados de Vigo no ano 96 e esa subvención á que vostedes facían referencia de 20.000 euros para o cercado do Progreso quero lembrar que foi o anterior goberno municipal quen a solicitou.

Reiterar que imos apoiar esa emenda que introduciu no texto da moción para a aprobar porque estamos convencidos de que canto máis diñeiro veña ó comercio de Vigo será moito mellor.

(No momento da votación están ausentes o Sr. Conde Gil e as Sras. García Míguez e Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular Sr. Fidalgo Iglesias, relativa á posta en marcha dun plan integral de axuda ó comercio tradicional, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (35).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA Ó DESTINO DO EDIFICIO DO ANTIGO RESTAURANTE "EL CASTILLO" NO CASTRO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de febreiro de 2008, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

"Nestes días os medios de comunicación están a amosar o estado de abandono no que se atopa o edificio no que durante máis de cincuenta anos estivo instalado o restaurante "El Castillo".

A edificación, apegada a un dos extremos da segunda muralla do castelo do Castro, tapa a chamada "*Punta do Diamante*" e a súa garita, dende a que se controlaba a cidade e a praza forte de San Sebastián.

As murallas da cidade e o forte de San Sebastián foron edificados, entre 1665 e 1667, para defender a cidade durante a guerra de restauración portuguesa (1640-1668). Considerándose esta defensa insuficiente, os mesmos enxeñeiros militares trazaron e dirixiron o recinto militar do Castro, que se rematou de construír cara a 1670.

Deste conxunto arquitectónico conservamos actualmente:

- Do castelo do Castro de Vigo: as murallas do primeiro recinto e parte das do segundo, perdéndose completamente as do terceiro.
- Do de San Sebastián: a parte do recinto que non se demoleu ao levantar o actual edificio do concello.

Ambas fortificacións son obxecto de protección legal. Foron catalogadas en 1968, hai xa 40 anos, no Inventario do Patrimonio Cultural Europeo, como Monumento de Arquitectura Militar. O inventario, realizado pola Dirección Xeral de Belas Artes en base ao Decreto 22 de abril de 1949, establecía no seu art. 1º que "*Todos los castillos de España, cualquiera que sea su estado de ruína, quedan bajo la protección del Estado, que impedirá toda intervención que altere su carácter o pueda provocar su derrumbamiento*" e no 2º que "*Los Ayuntamientos en cuyo término municipal se conserven estos edificios son responsables de todo daño que pudiera sobrevenirles*". A Lei de Patrimonio Histórico Español, na súa Disposición Adicional 2ª establece que "*Se consideran asimismo de Interés Cultural y quedan sometidos al régimen previsto en la presente Ley los bienes a que se contraen los*

Decretos de 22 de abril de 1949...", e da protección a estas construcións, declarándolas Bens de Interese Cultural. Nese mesmo sentido maniféstase a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia no seu Capítulo I.

O inmovible engadido ás murallas, de titularidade municipal, permanece fóra de uso e tapiado dende o 31 de decembro de 2005, en que caducou a concesión á empresa hostaleira que o rexentaba. O goberno do Partido Popular no concello iniciou entón a elaboración dun proxecto que determinara o destino do edificio, enmarcado nun proxecto máis amplo de reordenación do parque, sen esquecer que, calquera intervención que se fixera no recinto amurallado, precisaría dun informe técnico sobre a protección do monumento, avalado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

Nestes días trasladáronse aos medios de comunicación propostas contraditorias dos responsables do goberno local, PSOE e do BNG, sobre os futuros usos da edificación. Propostas que van dende mantelo como está, á demolición da totalidade do edificio construído a principios dos anos 50, ou só do piso engadido a principios de 1970. E, en caso de non derrubalo, se o seu uso vai ser público ou privado.

Pola súa banda a concelleira de Patrimonio Histórico anunciou recentemente a redacción dun informe técnico, denominado Plan Director do Castro, para o que dispón dunha partida presupostaria de 200.000 €, que non sabemos se se comezou a elaborar.

Ante as contrapostas opinións expresadas polos dous partidos que ostentan o goberno local, o grupo municipal do Partido Popular propón para a súa aprobación no Pleno da Corporación:

Que o goberno local defina, nun prazo razoable e antes do próximo verán, o destino que se lle vai dar a edificación apegada as murallas do monte do Castro".

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 18 de febreiro, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. LARRIBA LEIRA: Nestes días os medios de comunicación están a amosar o estado de abandono no que se atopa o edificio no que durante máis de cincuenta anos estivo instalado o restaurante "El Castillo". A edificación apegada a un dos extremos da muralla do castelo do Castro, tapa a chamada "Punta do diamante" e á súa garita dende a que se controlaba a cidade e a praza forte de San Sebastián.

As murallas da cidade e o forte de San Sebastián edificáronse entre 1665 e 1667, para defender á cidade durante a guerra de restauración portuguesa. Considerándose esta defensa insuficiente, os mesmos enxeñeiros militares trazaron

e dirixiron o recinto militar do Castro que se rematou de construír cara 1670. Deste conxunto arquitectónico conservamos actualmente as murallas do primeiro recinto e parte do segundo, perdéndose completamente as o terceiro. Quedou de San Sebastián a parte do recinto que non se demoleu ó levantar o actual edificio do concello.

Ambas fortificacións son obxecto de protección legal. Foron catalogadas en 1968, hai xa corenta anos, no inventario do Patrimonio Cultural Europeo como monumento de arquitectura militar. O inventario realizado pola dirección Xeral de Belas Artes en base ó decreto de 22 de abril de 1949, establecía no seu artigo 1 que "Todos os Castelos de España, calquera que sexa o seu estado de ruína, quedan baixo a protección do Estado que impedirá toda intervención que altere o seu carácter ou poida provocar o seu derrubo".

No artigo 2 di: "Nos concellos en cuxo termo municipal se conserven estes edificios son responsables de todo dano que lles puidera sobrevir". A Lei de Patrimonios Histórico Español, na súa disposición adicional segunda, establece que "...Así mesmo se consideran de interese cultural e quedan sometidos ó réxime previsto na presente Lei os bens a que se contraen os decretos de 22 de abril de 1949". Tamén dá protección a estas construcións declarándoas bens de interese cultural.

Permítanme que faga referencia ás obrigas legais dos Concellos nesta materia. A Lei de Patrimonio cultural de Galicia, no seu capítulo I, refire o importante papel que deben xogar as corporacións locais en materia de patrimonio cultural e recoñece expresamente as competencias que neste sentido lles determina a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sinalando no seu artigo 4, apartado 1, que "...Os concellos teñen a obriga de protexeren, defenderen, realzaren e dar a coñecer o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que radiquen no seu termo municipal".

O inmovible de titularidade municipal engadido ás murallas permanece fóra de uso e tapiado dende o 31 de decembro de 2005 en que rematou a concesión á empresa hostaleira que o rexentaba. O goberno do partido Popular no Concello iniciou entón a elaboración dun proxecto que determinara o destino do edificio enmarcado nun proxecto máis amplo de reordenación do parque, sen esquecer que calquera intervención que se fixera no recinto amurallado precisaría dun informe técnico sobre a protección do monumento, avalado pola Consellería de Cultura da Xunta de

Galicia. A este fin contactouse coa delegación provincial de Patrimonio de Pontevedra para que informara sobre a cuestión.

Nestes días trasladáronse ós medios de comunicación propostas contraditorias dos responsables do goberno local, PSOE e BNG, sobre os futuros usos da edificación, propostas que van dende mantelo como está, ata a demolición da totalidade do edificio construído a principios dos anos 50, ó uso do piso engadido a principios de 1970 e, caso de non derrubalo, é contraditorio se o seu uso vai ser público ou privado.

Pola súa banda a concelleira de Patrimonio Histórico anunciou recentemente a redacción dun informe técnico denominado "Plan director do Castro" para o que dispón dunha partida presupostaria de 200.000 euros que non sabemos se se comezou elaborar.

Ante as contrapostas opinións expresadas polos dous partidos que ostentan o goberno local, o grupo municipal do Partido Popular propón para a súa aprobación no Pleno da Corporación que o goberno local defina, nun prazo razoable e antes do próximo verán, o destino que se lle vai dar á edificación apegada as murallas do monte do Castro.

SR. LÓPEZ FONT: Non deixa de sorprenderen o tipo de mocións que se presentan polo Partido Popular no sentido de que se inste agora ó goberno de que antes do verán decida cal vai ser o uso do edificio de "El Castillo" parece sorprendente cando se recoñece na propia moción presentada que o edificio leva pechado cunha tapia dende o 31 de decembro de 2005, durante máis de ano e medio, gobernando o Partido Popular, fálase na moción dun proxecto que determinara o destino de edificio, que debeu quedar en nada, e dun proxecto máis amplo de reordenación do parque que, como tantas outras cousas presentadas a este Pleno, debeu quedar en nada.

Ante esta situación debo dicir que, tal como indican na súa moción, non hai ningunha contradición entre as opinións manifestadas por un concelleiro e por outro porque o que para vostedes é contradición é sinxelamente unha diversidade de opinións, a mesma que existe entre os cidadáns. Existen as opinións de que debería manterse e darlle un uso comercial ou privado; iso detectámolo, saíu nos medios de comunicación. Hai outra parte da cidadanía que entende que en todo

caso se podería demoler.

Insisto na perplexidade de como se presenta esta moción porque realmente é a tarefa de goberno que estamos a realizar e non ten máis substancia que a que día a día estamos realizando, no sentido de proceder a un estudo para que o goberno decida conxuntamente cal vai ser o uso final.

Dende o conxunto do goberno analizarase cal é o uso máis idóneo, tanto para esta instalación cuxa concesión caducou, como do conxunto do parque.

Si lles digo que este goberno na súa decisión respectará as leis que vostedes mencionan como facemos en todos os casos. Se ben é certo que hai un informe da Consellería de Cultura que dá unha opción de demolición e que está no seu libre dereito ó facer, non é menos certo que conclúe dicindo que calquera outra proposta debería estar suficientemente xustificada e por suposto contar coa preceptiva autorización. Isto será o que fará o goberno.

No caso de que se chegue á conclusión de lle dar determinado uso, ben público ou ben privado, sempre será respectando a legalidade e coa autorización preceptiva.

Non temos ningún problema en aceptar esta moción se ben é certo que desexaríamos que retirasen o de marcar un prazo antes do próximo verán tendo en conta que vostedes estiveron ano e medio sen facer con este tema absolutamente nada.

SRA. MAURE NOIA: Como xa expuxo o voceiro do Grupo Socialista, si é certo tal como se expón na moción que o edificio leva pechado dende o 31 de decembro de 2005. Dende entón non se fixo outra cousa que o tapiar e esquecelo. Tamén nos resulta un tanto curioso que se nos demande, nun prazo fixo ata o 21 de xuño, o destino desta edificación.

O goberno actual ten propostas e proba diso é que existe un debate, unha intención de facer cousas. O BNG, no desenvolvemento das atribucións delegadas en materia de Patrimonio Histórico, está a preparar a redacción dun plan director coa finalidade de protexer, conservar, axeitar, difundir e fomentar o patrimonio cultural de Vigo. Neste sentido estamos a traballar para poñer en valor todo o patrimonio cultural situado no monte do Castro, fixando especial atención na fortificación de Santa María do Castro declarada BIC dende 1949 e tamén no asentamento castrexo que se sitúa na aba do Castro.

Para isto será necesario un estudo coidadoso dos usos que ata o de agora se veñen desenvolvendo neste parque urbano, organizar os espazos, os usos e desa maneira optimizar o funcionamento de todo o recinto sen que se prexudiquen os valores patrimoniais.

A situación e desenvolvemento destes usos non tiveron nunca ningún tipo de planificación, o que nalgún caso levou a intervencións pouco afortunadas como foi a construción e posterior ampliación do edificio do Castelo ó que nos referimos.

No BNG pensamos que é hora de planificar os espazos e os usos que se levan a cabo no monte do Castro coa finalidade de poñer en valor o patrimonio cultural da cidade, actuando tal e como esixe a Lei 8/95, do 30 de outubro, de Patrimonio cultural de Galicia, no contorno dos monumentos.

Conxuntamente co plano director redactaranse os proxectos de posta en valor do depósito castrexo e das murallas, sobre os que xa se está a traballar en colaboración coa Dirección xeral de Patrimonio cultural da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

Para avanzar neste tema temos fixadas nos próximos días xuntanzas cun arquitecto de recoñecido prestixio, con experiencia en intervencións no patrimonio cultural e máis con arqueólogos e historiadores especializados en proxectos de posta en valor para que nos asesoren na redacción do plan director.

En todo caso o destino da edificación apegada ás murallas do Castro terase que definir valorando os criterios técnicos no plano director, atendendo á lexislación vixente e á posta en valor do patrimonio de Vigo. Será entón, froito dunha reflexión e valoración técnica, cando se tomen as decisións e se fagan públicas.

Por outra banda estou de acordo co voceiro do Partido Socialista en que podemos apoiar a moción coa salvidade de poñer o prazo fixo do próximo verán.

SRA. LARRIBA LEIRA: Agradezo a todos que entenderan o que pedimos nesta moción. En canto ó ano e medio que di o Sr. Font que non se fixo nada, lembrarlle que nese tempo o Grupo Popular iniciou os trámites para definir o seu uso, pregunte na Xerencia de Urbanismo por un anteproxecto onde se propoñían algunhas ideas sobre que facer. Estas propostas trasladáronse á delegación de Pontevedra. Por iso o de que non se fixo nada non é certo.

En canto a que non hai contraposición entre as opinións do PSOE e do BNG, está

nos titulares dos últimos dous meses: "O Concello presenta unha reordenación do Castro que incluíría o derrubo do Castelo", "O PSOE ve precipitado o derrubo do Castelo e estuda quitalo a concurso", "O BNG recrimina a Caballero que reabrir o Castelo non lle compete".

A cidadanía ten a clara opinión de que non hai un acordo unánime e se é un debate interno non ten sentido que se traslade á opinión pública porque crea a imaxe de que non hai acordo entre os dous membros do goberno.

Nese ano e medio si que se fixeron cousas por parte do Grupo Popular para atopar un bo uso ás instalacións do Castelo. O que está claro é que cando nós marcamos este prazo é precisamente para que o tema non durma o sono dos santos e que se faga algo. Pensamos que o prazo é suficiente para facer un informe. Ademais estamos a piques de celebrar un feito moi importante na historia da cidade como é o seu bicentenario e parécenos que esta era unha ocasión moi especial para que teñan lugar na cidade accións singulares a prol do seu patrimonio histórico.

Parécenos que o tempo de seis meses é dabondo para a elaboración do que pode ser o proxecto que vostedes acorden e é necesario que se faga para non perder esta oportunidade da que estamos a falar.

SR. LÓPEZ FONT: Cando lles indico que non fixo nada o Partido Popular é que non concretou absolutamente nada, non dubido de que houbo un proxecto de cara ó uso desta instalación pero o que é certo e coido que importante, dado que se trata de poñer uns prazos moi curtos, é que nese ano e medio por moito que se iniciase, non se tomou por parte do goberno do Partido Popular unha decisión sobre o uso final a dar a esta instalación.

Iso era ó que me quería referir. Estou seguro de que fixeron eses estudos iniciais pero novamente e na miña modesta opinión, quédase como tantas outras cousas do goberno anterior en boas intencións pero non en feitos consumados, que coido que é o que caracterizou ó anterior goberno.

Sra. Larriba, non hai ningunha contradición, os medios de comunicación son moi libres de poñer os seus titulares. Eu como concelleiro de Patrimonio, en relación cunha instalación que ata hai dous anos e pico tiña unha utilización privada, recibimos numerosas propostas para lle dar uso, tanto do sector público como do privado, mesmo institucións que verían con agrado poñer as súas oficinas ou a súa

sede alí.

Isto é en todo caso o que estamos reflectindo cando se nos preguntou a cada quen. Pola parte da concelleira falouse do desenvolvemento dun plano director que é perfectamente compatible con que o goberno estude cal é o mellor uso en beneficio da cidade. Trátase da xestión propia do goberno o que ocorre é que é sorprendente que se falamos o goberno e debatemos moito parece malo e se noutras ocasión non o facemos tamén, co que a verdade é moi difícil entenderlles a vostedes.

A conclusión é que lles agradeceríamos que non nos puxeran prazo porque somos nós, coma goberno, os primeiros interesados en que isto se resolva rapidamente, isto é, dentro do marco da legalidade e da mellor utilización para a cidade, unha solución próxima e o máis inmediata posible porque realmente nós tamén queremos desenvolvelo nun prazo breve e prudencial de tempo, a diferenza do que vostedes tardaron no anterior goberno e de feito non puideron rematar.

SRA. MAURE NOIA: Coincido co compañeiro do Partido Socialista e non é certo que non haxa un acordo. Hai unha vontade para solucionar este tema pero ó mellor temos visións un pouco distintas que se refundirán cando redactemos o plano director.

Coincido tamén na cuestión do prazo. O Partido Popular tivo un ano e medio e non foi quen do redactar e agora quere que en seis meses nós redactemos un plano director. Seguimos a pensar que a proposta é boa e farémolo en canto poidamos pero nos gustaría que retirasen o prazo fixo.

SRA. LARRIBA LEIRA: Responder ó Sr. Font que a Consellería non dá opinións sobre se o uso debe ser A ou B; o que dará será un informe baseado na normativa legal á que está suxeito este monumento e será o que marque realmente cal é o destino que se lle pode dar. Non vai decidir a Consellería se lle parece máis oportuno un destino ou outro. Hai unha normativa moi ampla, hai moitos precedentes neste sentido que nos van marcar probablemente o único uso que se lle poida dar a esa edificación, pero non son eu que debe adiantar o que a Consellería e os seus técnicos deban informar.

En canto ó tempo parece que é o que lles bota atrás neste tema. Cando nos

lembran durante todo o Pleno que somos un partido do pasado, dicindo continuamente o que non fixemos, coido que teñen neste momento a oportunidade excepcional de amosar á cidadanía que son un partido de presente e de futuro e, tendo as celebracións do bicentenario tan próximas, ter unha acción excepcional e que manifeste a súa vontade de facer unha defensa do patrimonio histórico-artístico da cidade.

Coidamos que tendo xa un anteproxecto, é dicir parte do traballo avanzado do que vostedes se poden beneficiar, parécenos tempo máis que suficiente para poñer sobre a mesa cal é o proxecto que teñen para ese monumento.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sra. Larriba. Entendo por tanto que non acepta a emenda de retirar a expresión "antes do próximo verán". Vótase a moción do Partido Popular de acordo coa versión que aparece na proposta.

(No momento da votación está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Molares Pérez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, relativa ó destino do edificio do antigo restaurante "El Castillo" no Castro, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (36).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO SE LLE DEA ÁS RÚAS IRMANDIÑOS, MARTÍN CÓDAX E IGLESIAS ESPONDA UN TRATO URBANÍSTICO SIMILAR ÁS DO SEU CONTORNO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de febreiro de 2008, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Comesaña Abalde, formula a seguinte moción:

"Hai un par de semanas atopabamos nos medios de comunicación varias denuncias de veciños que expresaban a súa preocupación polo deterioro do contorno das rúas próximas as súas vivendas.

Veciños e veciñas, residentes, comerciantes, hostaleiros das rúas Irmandiños, Martín Códax e Iglesias Esponda, quéixanse do estado de abandono que as mencionadas rúas padecen. Denuncian a falta de alumeado, as beirarrúas estreitas atópanse en mal estado, aparcadoiro de vehículos indiscriminado e sucidade permanente.

Non entendemos como tratándose de rúas céntricas, preto dunha das entradas da cidade por autoestrada e moi transitadas por se tratar dunha zona de ocio xuvenil con restaurantes e cafeterías, o goberno actual non ten pensada una actuación integral de intervención urbana.

Precisamente ata o seu perímetro, e dicir, rúas Alfonso XIII e Cervantes, se actuou por parte do anterior goberno, tendo previsto e presupostadas a continuación da humanización das tres rúas mencionadas, que quedaron pendentes por falla de tempo e investimento naquel intre.

Por outra banda, o actual goberno está a actuar no perímetro da Igrexa de Santiago de Vigo procedendo a instalar un alumeado artístico a ras de chan por valor de 100.000 €, enriquecendo e potenciando o aspecto tanto da Igrexa como do perímetro da mesma, onde se atopan un número importante de locais de hostalería, non entendendo por que non se actúa nas rúas denunciadas moi próximas a esta actuación.

En resumidas contas, estamos a falar dun cuadrante de rúas, nas que temos que incluír as recién reformadas Churruca e Rogelio Abalde, que deberían ter un mesmo tratamento humanizado. Todas elas comparten zona residencial con locais de ocio, onde atopamos uns acabados de primeira; contorno de Santiago de Vigo, Churruca, Rogelio Abalde e Cervantes. Padecendo unha unha situación de deterioro e abandono as rúas Irmandiños, Martín Códax e Iglesias Esponda, que parece ser non teñen dereito ao investimento por parte do Concello para se atopar nas condicións dignas que se reclaman.

Por todo isto, consideramos preciso unha actuación do goberno municipal que abrangue as rúas que faltan por ter o tratamento urbano acorde co do seu contorno máis próximo, polo que o GM do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a levar a cabo unha intervención urbana nas rúas Irmandiños, Martín Códax e Iglesias Esponda, igual ou similar ao das rúas máis próximas, tales como Alfonso XIII, Cervantes, Rogelio Abalde e Churruca".

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 18 de febreiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COMESAÑA ABALDE: Esta moción está relacionada coas denuncias feitas nos medios de comunicación polos veciños do contorno destas tres rúas para que se lles faga unha humanización axeitada.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Vanme permitir que, como levamos toda a mañá saíndonos do tema de cada unha das mocións, eu non sexa menos.

A PRESIDENCIA: Sras. e Sres. concelleiros, aquí houbo distraccións da orde do día de tal teor que ninguén pode levantar a palabra sobre isto pero, Sra. Abelairas, non nolo anuncie, por favor. Trate de se centrar no tema da moción.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Voume centrar pero quero facer dúas reclamacións e un recoñecemento. Reclamar o dereito das mulleres a ter voz; reclamar o dereito do Grupo Socialista a ordenar os seus debates e intervencións como nós creamos conveniente; e un recoñecemento á habilidade do Sr. Figueroa que tenta sempre de xogar co cansazo dos demais, especialmente dos medios de comunicación. Tamén un recoñecemento ós medios de comunicación que están aquí presentes aguantando que nos vaíamos polos "cerros de Úbeda". Aínda que o fai todo o mundo, por recomendación do Sr. Alcalde asegúrolle que vou seguir coa moción.

Sr. Comesaña, denuncia vostedes falta de alumeado, beirarrúas estreitas que se atopan en mal estado nas rúas Irmandiños, Martín Códax e Igrexas Esponda. As beirarrúas efectivamente son estreitas pero non están sucias, aínda que xa eran estreitas cando gobernaban vostedes.

Nos presupostos deste ano hai 8.266.086 euros, o maior investimento que se fixo nunca neste Concello, sen se esquecer das beirarrúas do rural e doutro tipo de actuacións, incluído o saneamento e abastecemento de Cabral, Candeán, Seara e a rúa Olímpicos.

Non pretendo entrar nun debate sobre as preferencias das zonas a urbanizar xa que coido que todos os cidadáns teñen o mesmo dereito e supoño que os de Martín

Códax teñen o mesmo dereito que os da rúa Cataluña, a rúa Numancia ou a rúa Aragón. Xa fixemos público para o presente exercizo as nosas prioridades e o que pensamos facer.

Lémbrolle que se vostede considera tan importante esta zona poderían ter adicado parte deses recursos e parte dos recursos empregados en florería noutras zonas para polo menos arranxar o que vostedes agora reclaman como imprescindible.

Este esforzo presupostario no presente exercicio na área de Servizos Xerais, non teña ningunha dúbida que se verá incrementado porque a nosa intención é mellorar as condicións de mobilidade e habitabilidade, tanto no casco urbano como no rural porque tamén é Vigo.

Tamén temos solicitado da Deputación Provincial o mesmo tratamento en canto á colaboración presupostaria que tiveron vostedes; esperamos que este organismo cumpra o prometido polo seu presidente á cidade máis importante de Galicia.

SR. COMESAÑA ABALDE: A denuncia de falla de luz e demais foron os veciños os que a puxeron na prensa. Falo de arranxar ese contorno porque quedaría rematada toda esa zona; Alfonso XIII, Cervantes e todo ese contorno xa está rematado e se o facemos con esas tres rúas pequenas, que non é un investimento moi grande, quedaría toda a zona da cidade rematada.

En canto ó investimento o goberno terá que se amañar e buscar financiamento como fixemos nós para facer as obras que fixemos.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Só lembrarlle que todos os veciños teñen os mesmos dereitos e que nós estamos dando prioridade precisamente a aqueles que están en inferioridade de condicións. Só unha cousa: na concellería que vostede deixou, coa lista de sinaturas da rúa Esperanto case poderíamos asfaltar esa rúa. Eses veciños teñen os mesmos dereitos que os de Martín Códax e están bastante peor e nós ímolo facer.

SR. COMESAÑA ABALDE: Non me dixo se ía facer o traballo ou non pero entendo que o vai facer. Moitas gracias.

(No momento da votación está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Molares Pérez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Comesaña Abalde, instando se lle dea ás rúas Irmandiños, Martín Códax e Iglesias Esponda un trato urbanístico similar ás do seu contorno, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.- (37).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO A INSTALACIÓN DE CIRCUÍTOS SAUDABLES EN DIFERENTES PARQUES E ZONAS VERDES DA CIDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de febreiro, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular Sra. Molares Pérez, formula a seguinte moción:

"Na sociedade actual, o aumento da esperanza de vida dos españois é froito do benestar que nos obriga a adicar recursos crecentes no seu favor para conseguir unha maior calidade de vida adaptando novas políticas capaces de dar unha resposta ás súas necesidades.

É moi importante a participación activa das persoas na sociedade: en actividades culturais, sociais, gozar do ocio e tempo libre, mellorar a calidade de vida e manter a autonomía para poder chegar a un avellentamento activo e saudable.

Preocupámonos pola saúde e cremos no deporte como aliado no seu coidado. Coa práctica regular de exercicio acadamos unha mellora significativa da calidade de vida.

Dende a política municipal temos que posibilitar a todos os cidadáns acadar esta calidade de vida, por isto cremos que é necesario poñer a disposición de todos os

vigueses e viguesas, unha serie de servizos e actividades de acordo coas necesidades propias da súa idade, favorecendo o seu mantemento físico e saudable.

Por isto non só é necesario que se siga co mantemento e instalación de máis parques infantís, senón tamén coa instalación nas zoas verdes da cidade de novos "ximnacios ó aire libre" que poidan ser aproveitados polos pais, avós e tamén polos mozos e mozas e así poidan realizar distintas actividades físicas.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular insta ó Goberno do Concello de Vigo á instalación de circuítos saudables situados en diferentes parques da cidade e nas zonas verdes que permitan potenciar a mobilidade de todas aquelas persoas que o necesiten e que nos permita mellorar a súa calidade de vida a través da realización de exercicios físicos adaptados ás súas necesidades."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 18 de febreiro, quedou informada do contido da anterior moción.

A concelleira Sra. Molares Pérez procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Un pequeno inciso: lembrarlle á Sra. Molares que antes non se dixo que o PP recorreu á Lei de igualdade no Tribunal Constitucional e perderon.

SRA. MOLARES PÉREZ: Cuestión de orde. Vostede é quen regula este Pleno pero nos rogos e preguntas paréceme o momento axeitado para estas intervencións.

A PRESIDENCIA: Si Sra. Molares, a partir do de agora vou aplicar este criterio. É a última vez neste Pleno que se fan circunloquios e interpretacións deste estilo. A partir de agora e para todos nos imos ater escrupulosamente á orde do día, cun marxe de flexibilidade razoable pero a partir deste momento e pola súa petición imos manter un escrupuloso respecto ós puntos e ás materias en debate. Paréceme unha magnífica idea que apoio afervoadamente.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Imos votar a favor desta moción pero permítame que lle explique cales son os criterios de deseño nas áreas de xogo. O fin primordial que

se persegue é a socialización dos nenos e nenas e a convivencia inter-xeracional e para isto se planifican os parques.

Fixen unha revisión de todos os parques infantís e a miña sorpresa foi atoparme con zonas de xogo onde había unha soa randeeira, as veces un tobogán; especialmente lémbrome dun que me deixou moi preocupada a carón da Sociedade Nautilus de San Andrés de Comesaña. Había só unha randeeira, uns cinco metros cadrados de céspede a carón dun río onde eu maxinaba a dous nenos xogando e pelexándose pola randeeira coa posibilidade de que caeran ó río. Por certo que mandamos retirar daí esa randeeira.

O primeiro que hai que facer é estudar a superficie dispoñible en cada zona e coñecer as necesidades da poboación. A continuación hai que distribuír os espazos; todas as áreas de xogo que se tentan crear teñen que ser o suficientemente grandes para cubrir os distintos usos lúdicos dos nenos.

Os nenos e nenas teñen diferentes necesidades de lecer segundo a idade, que van dende o mantemento do equilibrio ós dous anos, ata a madurez biolóxica ós doce ou catorce anos e tamén para os maiores.

A variedade no deseño para que sexan o máis atractivos posible; a seguridade nas áreas co chan amortecedor co espesor suficiente, xa sexa en area ou en cacho continua, pechamento das áreas e colocación de carteis indicadores do uso.

Con isto o que perseguimos é adaptármonos ó decreto da Xunta sobre seguridade nas áreas de xogo e tamén a incorporación de circuitos bio-saudables próximos ás zonas infantís para garantir a convivencia entre xeracións. Invítoa para que se dea vostede un paseo pola praza do Emigrante e mirará que estes criterios son os que estamos a utilizar.

SRA. MOLARES PÉREZ: Agradezo que vaian votar a favor esta moción porque a verdade é que terían poucos argumentos para votar en contra pero lle lembro que na adxudicación do mobiliario urbano a título de proposta adicional incorporou a empresa dez módulos distintos: o timón, a cintura, esquí a fondo, volante, a randeeira, o surf, os patíns, o poni, a masaxe, o ascensor. Nunha referencia nos medios de comunicación no mes de decembro díxose que "O Concello ten dez elementos para repartir pola cidade" e que eu saiba aínda non se repartiron.

Segundo esa planificación da que falou, máis que os repartir o axeitado sería que

os poñan xuntos. Evidentemente esta moción non está falando de parques infantís; fala de incorporar un novo concepto, unha nova tendencia que se puxo en marcha en distintas cidades e que é pioneira destes circuítos saudables.

O que pedimos é que a ese concepto de parques infantís, precisamente por ese intercambio xeracional, que nas zonas onde hai parques infantís e hai espazo suficiente para que se poidan instalar outros elementos, non de xeito inmediato, non pedimos que sexa antes deste verano nin moito menos, pero que por parte deste goberno na planificación dos parques da cidade se incorpore este concepto de ximnasio ó ar libre que, aínda que nalgúns concellos os enfocan estritamente a maiores, dende o Partido Popular cremos que estas opcións de novo mobiliario urbano son adecuadas para a mocidade posto que ós nenos e nenas eses parques habituais se lles fan pequenos e non xogan a partir de oito ou nove anos.

Á vez tamén que os seus pais e nais, mesmo avós e avoas que habitualmente lles acompañan, tamén poidan pasar ese tempo libre facendo exercicio. A máis dos parques infantís tamén en zonas como poden ser O Castro ou Castrelos que se poidan incorporar estes circuítos saudables.

Alégrome que vote a favor porque senón iría vostede en contra das tendencias porque esta moción vai enfocada a que o teñan en conta ó longo de todo o mandato para facer esa planificación e sobre todo tendo en conta que eses dez módulos que ten neste intre, pensamos que están nalgún sitio almacenados pero non a disposición da cidadanía, por iso tamén aproveitamos esta moción para que se instalen.

É unha moción que é lóxico que voten a favor porque o contrario sería votar en contra da saúde e das novas tendencias.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Coido que comecei falando da socialización dos nenos e da convivencia inter-xeracional. Coido que falei duns criterios de distribución de espazos con zonas diferenciadas pero xuntas para nenos pequenos, para mozos e para adultos e púxelle coma exemplo a praza do Emigrante onde xa o estamos a facer.

Vostede deixa caer o dos dez módulos da praza de Portugal e eu coido que xa dixen aquí unha vez que puxeron algúns, inauguráronos, fixeron unha foto e quitounos a empresa que fixo a remodelación e leváronos.

Non se preocupe que nós actuamos con criterio e á hora de deseñar os parques infantís pensamos na utilización e na socialización fundamentalmente entre os nenos pequenos, os que son máis maiores e as persoas adultas. Votamos que si porque o estamos a facer.

SRA. MOLARES PÉREZ: Queremos que faga esa planificación pero respecto a eses módulos da praza de Portugal xa nun Pleno a voceira do noso grupo díxolles que eran de exposición; eu falo da adxudicación do mobiliario urbano realizada polo goberno anterior, que no punto 10.11, circuíto saudable, aparecen a título de proposta adicional dez módulos distintos. Estes son os módulos dos que lle falei, dende o timón ata o ascensor, normalmente cada módulo é para unha parte distinta do corpo, para potenciar distintos hábitos saudables.

Coido que estes dez módulos non están colocados en ningún parque da cidade, están almacenados nalgún sitio e xa son dez para iniciar aínda que confío en que o seu goberno poña moitos máis e cheguemos ó final do mandato cun circuíto saudable en cada parque e zona verde da cidade.

Á parte de manter os infantís como digo na moción, que tamén instale estes circuítos saudables.

(No momento da votación está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, instando a instalación de circuítos saudables en diferentes parques e zonas verdes da cidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

19.- (38).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO A CREACIÓN EN SUPERFICIE DE APARCADOIROS PARA MOTOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de febreiro de 2008, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

"Coa chegada do bo tempo increméntase o parque móbil de motocicletas que circulan e aparcan pola cidade. Tendo en conta a proliferación deste tipo de vehículos, desde que co carné do automóbil se pode acceder á condución de motocicletas de 125 c.c., é conveniente que desde o Departamento de Mobilidade, Transporte e Seguridade, se adopten unha serie de intervencións que ofrezan un lugar de estacionamento ós vehículos mencionados.

A partir da construción das novas humanizacións do contorno do centro de Vigo, valorouse a posibilidade, e así se fixo, de crear aparcadoiros sinalizados para motocicletas preto das rúas peonís. Exemplos como os das rúas Manuel Núñez, Porta do Sol, Rosalía de Castro entre outros, cheos permanentemente, confirman o acertado da medida adoptada .

Por outra banda, e como novidade nos aparcadoiros soterrados da cidade, no prego de condicións dos que proximamente se construírán, o Goberno do PP xa fixou un determinado número de prazas tamén para motocicletas. Entendendo que se trata dunha demanda dos cidadáns propietarios de motos de gran cilindrada e tamaño que prefiren estacionalas en lugares con condicións, en lugar das deixar á intemperie nunha beirarrúa.

Estes espazos públicos, que facilitan a utilización de motocicletas pola cidade, permítenos regular a situación que nas últimas datas estamos atopando nas beirarrúas da cidade. Motos estacionadas de maneira indiscriminada en calquera currunchos da cidade, impedindo o paso de persoas ó que temos que engadir o risco de que a moto tombe no chan e a maiores produza algún accidente.

Asumindo que esta situación é un problema que ven de atrás, e que tratamos de atopar fórmulas que permitan paliar a situación ofrecendo un mellor servizo ós cidadáns, pedimos ó Goberno, e en particular ó responsable político de Tráfico, se proceda a estudar e propoñer a construción de aparcadoiros en superficie para motocicletas nos espazos oportunos sen que molesten os viandantes polas beirarrúas.

Tamén dicir que se o Goberno tenta humanizar algunhas rúas da cidade, se teña en conta a posibilidade de crear prazas de aparcadoiro para motos neses contornos.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular proponlle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Crear unha nova rede de aparcadoiros en superficie para motos nos espazos máis demandados da cidade."

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 18 de febreiro, quedou

informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: Fundamentalmente por respecto ós medios de comunicación, serei breve e resumirei a moción.

En primeiro lugar se presenta esta moción porque nos últimos anos na nosa cidade cambiaron os usos sociais en canto á mobilidade, temos un parque de preto de 30.000 motos censadas e a iso hai que lle engadir as axudas e sobre todo melloras legislativas que houbo nos últimos anos a través do acceso á motorización que non exceda dos 125 cm. cúbicos; co carné pódese acceder perfectamente do coche particular e iso incrementou a motorización.

Ademais diso o magnífico tempo probablemente debido ó cambio climático invita a que moitos mozos e non tan mozos, co incremento do mercado laboral accedan ós seus postos de traballo nun vehículo cómodo e rápido como son as motos.

En segundo lugar nos últimos anos, concretamente no goberno do Partido Popular, fixéronse humanizacións que nos seus contornos conseguimos reservar determinados espazos para que as motos puideran aparcarse libremente en superficie.

En terceiro lugar nos pregos de condicións redactados e aprobados polo goberno do Partido popular, por primeira vez se introduciu a obriga de que nos aparcadoiros baixo superficie houbera espazos reservados para as motos.

Sempre pasou e todos o sabemos que vehículos, sobre todo motos, aparcen enriba das nosas beirarrúas e dan un espectáculo non precisamente ordenado da cidade. Por iso pedimos a concellería de Mobilidade e Seguridade que faga un estudo fidedigno. Eu sei que incrementamos en pouco menos de tres anos en 266 o total dos aparcadoiros e neste intre temos 330 aparcadoiros.

Pídolle ó Sr. concelleiro que dea a orde de que os técnicos do departamento correspondente fagan un estudo para que nas humanizacións que vostedes anuncian se habiliten unha serie de contornos para crear unha nova rede de aparcadoiros en superficie para motos nos espazos máis demandados da cidade.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Como nós temos a mirada positiva, imos votar a favor desta proposta. Como vostedes ben recoñecen na propia xustificación da moción é un problema que ven de atrás.

Non se preocupe que imos propoñer a construción de aparcadoiros de superficie como xa estamos facendo sen ningún problema e de seguro que o imos facer ben.

SR. COELLO BUFILL: Agradézollo como non podería ser doutro xeito.

(No momento da votación está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Coello Bufill, instando a creación de aparcadoiros en superficie para motos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

20.- (39).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO A FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO CO PROGRAMA "BANCO DO TEMPO".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 21 de febreiro, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, formula a seguinte moción:

"O "Proxecto Conta con Elas" enmárcase dentro da iniciativa Equal do Fondo Social Europeo, adicada a promover novos métodos de loita contra toda clase de discriminación e desigualdade no acceso a un mercado de traballo aberto a todos e todas, a través da sensibilización en materia de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres para corrir a segregación horizontal e vertical no eido laboral.

No anterior mandato, a Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo puxo en marcha de forma pioneira en Galicia o programa "Bancos do Tempo", encadrado no proxecto Conta con Elas. É unha iniciativa que permite, a través dos intercambios de tempos, traballos e servizos entre as persoas, a conciliación da vida familiar, laboral e persoal dos homes e mulleres.

Despois de organizar obradoiros de sensibilización e formación dirixidos a representantes de colectivos de mulleres e veciñais nos que os axentes locais aprenderon os coñecementos necesarios para a posta en marcha e mantemento dos bancos de tempo, o anterior goberno impulsou esta iniciativa.

Os "Bancos de Tempo" acadaron unha importante descentralización, con usuarios en numerosos barrios e parroquias da cidade e na actualidade son utilizados por arredor de 100 veciños e veciñas de Vigo.

O pasado 20 de febreiro, coñecemos que a Mancomunidade da Area de Vigo suprimía os recursos que viña ofrecendo á Federación de Asociacións de Veciños "Eduardo Chao" para o desenvolvemento deste programa, un apoio que se traducía en persoal e medios técnicos (equipos informáticos e material).

A supresión dos recursos implica a paralización deste programa, que conta cunha grande acollida entre os veciños e veciñas das distintas parroquias.

O PP considera que o Goberno local debería asumir esta iniciativa para que poida desenvolverse con normalidade e sen interrupcións.

Por iso, presenta, con carácter urxente, a seguinte moción:

Que o Goberno Local formalice, a través dun convenio, a cesión dos equipos informáticos asignados ao programa "Banco do Tempo" e que asuma a súa xestión nos mesmos termos nos que se ven desenvolvendo ata o de agora."

A Xunta de Voceiros, en sesión do día 21 de febreiro de 2008, acordou incluír a presente moción na orde do día do Pleno ordinario da Corporación.

A concelleira Sra. Molares Pérez procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: Dende o Partido Popular nos preocupa que este programa se paralice ou se interrompa posto que todo o que se acadou, todas as persoas que confiaron neste programa, se por parte da Mancomunidade se retiran os equipos informáticos da Federación de Veciños e da Asociación de Valladares que, aínda que non somos coñecedores de que houbera algún tipo de reclamación dos equipos, sabemos que houbo unha carta pero non sabemos se algún persoal se presentou nas súas oficinas como pasou coa Federación de Veciños, pero coidamos que ambos programas deben seguir manténdose para que os usuarios e usuarias non deixen de participar neste programa que como xa dixemos ten moi boa acollida.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: O programa "Conta con elas", que realmente é o que promove estes Bancos de Tempo, está financiado con fondos europeos e co-

financiado polos catorce concellos da Mancomunidade ademais das organizacións sindicais do noso municipio e da Confederación de Empresarios, é dicir, financiado con fondos públicos e por outras entidades sociais, o que non está de máis que se saiba.

Entre outras iniciativas dese programa estiveron as do "Banco do Tempo". Pero hai algunhas informacións que se repiten nalgunha outra carta recibida na Mancomunidade, tales como que se suprimían os recursos que viña ofrecendo a Federación de Asociación de Veciños Eduardo Chao. Nada máis lonxe diso porque realmente, como debería coñecer a Sra. Molares porque foi quen o asinou o 15 de xuño de 2007, como responsable ademais de na Mancomunidade, neste Concello coa Federación de Asociacións Veciñais Eduardo Chao, un documento onde di textualmente que "O material informático que cede a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo a través do proxecto "Conta con elas" está inventariado e é propiedade da Mancomunidade. Este material informático cedido polo período de seis meses estará situado en cada unha das secretarías do "Banco do Tempo" que xestionará a Federación de Asociacións de Veciños Eduardo Chao".

Iso queda textual. Se vostede tivera intención de que perduraran en mans da Federación de Veciños non tiña por que poñer esta cautela de que tiñan que reverter de novo Mancomunidade. A máis vostede sabeo porque son fondos públicos e polo tanto todo o que se merque con fondos públicos ten que estar localizado.

En todo caso non se lle suprime nada; remata o contrato menor que vostede asinou coa Federación de Veciños por 12.000 euros e a cesión destes cinco equipos informáticos. Rematou o 15 de decembro, estamos en febreiro, pasaron xa máis de dous meses e se a directora da Mancomunidade non reclamara estes bens que son da súa propiedade, estaría seguramente incorrendo nalgunha irregularidade.

En todo caso non se pode dicir nin moito menos que se lle suprime pola Mancomunidade como algo que se fai de xeito caprichoso. Vostede asinoulo, Sr. Molares, ó mellor non o lembra porque andaba ocupada en moitas cousas e asinaba de presa, pero pode comprobalo no documento porque está no rexistro público.

Dende o Partido Socialista estamos de acordo en seguir promovendo os "Bancos de Tempo", de feito existen contactos entre a Mancomunidade e o conselleiro de

Traballo, o socialista Ricardo Varela, para poder seguir contando con esta actividade non só no municipio de Vigo, senón en todos os municipios da Mancomunidade.

Na súa moción, cando di que "...o Goberno local formalice a través dun convenio a cesión dos equipos informáticos asignados ós programas do Banco do Tempo", teño que lle dicir que con Valladares non houbo ningún problema polo que eu teño entendido, tiñan moi claro o tempo que tiñan cedidos os equipos, manifestan a súa intención de continuar e nós si fixemos xestións coa Mancomunidade para que, unha vez inventariado de novo ese material, a propia Mancomunidade ou quen ela entenda ceda eses equipos ós que os viñan realizando.

Por isto non temos ningún inconveniente en aprobar esta moción que vostede presenta, Sra. Molares, sinxelamente lle digo que non estamos de acordo coa parte que di "...que se asuma a súa xestión nos mesmos termos nos que se ven desenvolvendo ata o de agora", porque ata o de agora era con custo ó programa europeo "Conta con elas" con 12.000 euros de financiamento. É imposible porque non hai ese programa para o poder facer.

Ofrecémoslle aprobar a primeira parte e obviar a outra. De ser así votaríamos esa primeira parte a favor.

SRA. MOLARES PÉREZ: Sr. Rodríguez Díaz, eu podería asinar de presa, pero asinaba e sabía o que asinaba. Son consciente de que asinei un convenio coa Federación de Veciños, non coma concelleira senón como responsable do programa "Conta con elas" da Mancomunidade e que ese programa abrangía dende o 15 de xuño ata o 15 de decembro. Non crea de que porque vostede non sexa quen de sacar un plano de emprego levando dúas áreas, eu levando sete non era quen de mirar o que asinaba. Pódolle asegurar que as mulleres ás veces temos máis capacidade que os homes.

Por iso, porque son coñecedora do que asinaba, pódolle asegurar que sei que ese programa está financiado polos catorce concellos, sei que o importe é de 2.700.000 euros dos que un 85% financiose polos catorce concellos e tamén sei que unha parte importante estaba financiada polo Concello de Vigo e ademais me custou bastante que nós, cun presuposto prorrogado, puideramos facer fronte a ese importe que nos correspondía.

Pareceume un proxecto importante que tiña importantes iniciativas, non só para o Concello de Vigo senón para todos os municipios que forman a Mancomunidade. Non me vou estender agora porque é moi tarde en contar todas as bondades do proxecto "Conta con elas".

Unicamente lle digo que os "Bancos do tempo" era unha iniciativa pioneira, segue a selo; posteriormente en abril de 2007, unha vez en execución ese proxecto, por parte da Xunta de Galicia o conselleiro que vostede mencionou ponnos como un elemento a poñer en marcha nos concellos e a verdade é que é unha honra para o Concello de Vigo que, a través dese proxecto e deses fondos europeos, porque cando non se ten presuposto municipal hai que buscar dun xeito imaxinativo onde atopar recursos e anímolle a que vostede faga uso deses fondos europeos; déuselle opción ós catorce concellos pero conseguimos que en Vigo de xeito pioneiro se puxeran en marcha os "Bancos do tempo".

Vostede sabe que un dos obxectivos fundamentais dos proxectos europeos son as transferencias de boas prácticas. Cando eu puxen en marcha esa iniciativa, logo de facer como digo na moción unha formación e do poñer á disposición de todo o movemento asociativo, tanto de mulleres como de colectivos veciñais, escolleuse ós que tiveron interese e fixeron unha mellor proposta. A Federación de Veciños reunía os requisitos de que o descentralizaba, porque son catro asociacións en distintos barrios da cidade quen o puxeron en marcha, e precisamente neses seis meses do contrato ata o 31 de decembro o que pretendía era ver que acollida tiña entre os cidadáns e cidadás de Vigo; unha vez que se mirou que tiña boa acollida porque o difícil é que os proxectos novos de poñan en marcha con forza e calen na poboación, logo xa se podería buscar a forma do manter dende este Concello, posto que a localización era aquí.

O que pasou xa o dixo vostede. Di que igual asinaba de presa pero o que non pode un é durmirse nos loureiros. Dende o 15 de decembro en que rematou este contrato, saíu esta nova nos medios de comunicación o 20 de febreiro, dous meses e cinco días. Eu non sabía se o levaba vostede, a Sra. Veloso, a Sra. Méndez, o Alcalde directamente ou o Sr. Font que é o delegado do Alcalde na Mancomunidade para levar os temas de persoal e economía e facenda segundo a última delegación de competencias que se fixo na Mancomunidade, pero maximo que alguén se tería encargado desas boas prácticas que se adquiriran no Concello de Vigo e que as

souberan aproveitar.

Xa non digo que poñan en marcha cousas novas como os parques saudables, pero cría polo menos que manterían os "Bancos do tempo" que xa estaban. Trabuqueime, esta vez puxen no Goberno demasiadas expectativas. Se era vostede o responsable de poñer en marcha e adquirir esas boas prácticas e aproveitálas para o Concello de Vigo, en dous meses e cinco días non fixo nada.

Claro que eu sabía que ese convenio no seu momento ía deixar condicionado ó goberno seguinte con eses equipos porque estaba pendente pola Universidade de Vigo, que estaba dentro do proxecto, facer un informe de avaliación da implantación dos "Bancos do tempo", esa era unha das actividades que se facía. Eu non coñezo esa avaliación da Universidade, polo menos a través deste goberno, pero maximo que o impacto e a avaliación foi adecuada cando hai máis de cen persoas, ó redor de noventa na Federación e uns trinta en Valladares, para que este proxecto sega.

O que me importa de verdade é que este proxecto continúe. Fomos coñecedores a través dos medios de comunicación aínda que ás veces din que non reflicten ben a realidade, pero aquí pon: "A Mancomunidade suprime as axudas ós veciños do Banco do tempo". Claro que sabía que rematara o proxecto "Conta con elas" pero tamén cría que este goberno ía ser o suficientemente hábil como para aproveitar unha experiencia que xa estaba en marcha.

Esta fin de semana alegroume coñecer a través doutro medio de comunicación que a Sra. Méndez quería continuar cos bancos do tempo; se non o aproveita a parte do Grupo Socialista polo menos que o aproveita a do BNG que recentemente anunciou un convenio coa Federación de Veciños no que perfectamente poden encaixar isto. Estanse a mesturar un pouco as competencias, eu xa non sei quen leva nada pero o que si teño claro é que como responsable desta moción do Grupo Popular o que queremos é que os bancos do tempo continúen.

O que me gustaría é que o concelleiro responsable me dixera se realmente alguén da Mancomunidade se presentou en Valladares para retirar os equipos, porque me consta que na Federación de Veciños si se presentou alguén a facelo o día 20 de febreiro á tarde. Se se retiran eses equipos informáticos esas máis de cen persoas que están a prestar os seus servizos, os seus tempos, van perder confianza no programa, van deixar de prestar eses tempos e vai ser moi difícil que esa boa

práctica que adquirimos a través dese financiamento do Fondo Social Europeo se recupere.

Se vostedes queren eliminar "...nos mesmos termos que se ven desenvolvendo ata o de agora" porque lles lembra ó Partido Popular e todo o que era do Partido Popular non me importa. Podemos poñelo no sentido de que se manteñan en primeiro lugar os equipos, porque sen eles non hai programa e en segundo lugar, á parte dos equipos, aínda que no proxecto "Conta con elas" se financiou material, impacto inicial, formación e púxose en marcha, coidamos que alguén ten que financiar ó persoal, de feito na Lei que vostedes elaboraron publicada no Diario Oficial de Galicia fálase dunha serie de axudas que aínda que se publicou o 13 de abril de 2007, que eu saiba aínda non se sabe como van ser.

Pero os bancos do tempo están aquí: Vigo foi pioneira a través dun financiamento do Fondo Social Europeo aproveitando eses recursos e ese proxecto a Mancomunidade, pois aproveitémolo, só estamos dicindo iso. O que quero é o compromiso desta Corporación de que os bancos do tempo de Valladares e da Federación de Veciños, se teñen eles interese porque os cidadáns responderon a esa demanda, que se manteñan. Se os membros do Grupo Socialista non son quen dos manter que pasen esa competencia ó BNG que estou segura que o van aceptar porque así o dixo a Sra. Méndez publicamente.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: O apoio ós bancos do tempo está moi claro e aí están os titulares no Faro de Vigo do sábado. Sempre dixemos e manifestamos publicamente como vostede di que o BNG apoiaría ós bancos de tempo. Cremos que iniciativas como a de "Conta con elas" foron moi importantes porque conseguiron non só nos bancos de tempo, senón que noutras iniciativas que se levaron a través dese proxecto, marcar dalgún xeito o camiño e tiveron unha incidencia importante.

Por iso tamén nos parece importante que os bancos de tempo continúen e iso foi a nosa manifestación. Tamén dixemos que se fose certo o tema dos equipos informáticos que saíu na prensa, non había lugar.

Como ben dixo antes o Sr. Rodríguez nós non estamos negando nin moito menos a posibilidade de que non continúen os bancos de tempo, a xestión debe seguirse a facer, os bancos de tempo son necesarios porque acadaron que, a nivel das asociacións veciñais onde se están a poñer en marcha, se desenvolvan unha serie

de servizos e que esas relacións de boa veciñanza que se mantíña nas aldeas rurais, nas parroquias do rural, volvan comezar porque ata certo punto estaban un pouco deixadas polo mundo no que estamos a vivir.

Si nos parecen iniciativas importantes, imos defender que continúen os bancos de tempo e apoiamos que dende outras administracións se contribúa a colaborar con esta iniciativa, como vostede dixo.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Á parte dos xogos florais, o que está escrito, escrito está. Nunca vou dubidar da capacidade de ninguén en ningún ámbito, sexa muller ou home, Sra. Molares. Téño moi claro e no meu exercicio da vida pública nunca se me ocorreu semellante cousa porque de verdade creo na igualdade de xénero pero tamén é certo que ó mellor todos podemos pasar algo por alto.

Cando vostede pon aquí que se lle suprimen, entón é que se esqueceu do que asinou. Non se suprimen, remata un convenio que vostede asinou e poderá haber un novo convenio para a cesión dos ordenadores. Ese contrato menor que vostede fixo rematou xa en decembro. Non pretenda confundir dicindo que non queremos a continuidade dos bancos de tempo porque nada máis lonxe. Si queremos a súa continuidade e ademais lle dixen que se estaban facendo xestións a través da Mancomunidade para obter financiamento non só no municipio de Vigo, senón tamén no resto dos Concellos que están na Mancomunidade.

Con Valladares non houbo ningún problema neste sentido, ó mellor é porque na súa plica para concursar a estes bancos de tempo, porque en principio non se lles deu, foi logo, non contaba con algunha das cuestións que si presentaba a Federación de Asociacións de Veciños. Un dos apartados que puntuaba para obter este contrato menor di: "Continuidade dos bancos do tempo, máximo 5 puntos". Di: "Explicar se existen ou non por parte da entidade posibilidade de continuidade dos bancos de tempo logo dos primeiros seis meses. Xustificar a posible continuidade non suxeita a financiamento público".

Pois ben, na plica que fai a Federación de Asociacións de Veciños Eduardo Chao que obtivo a máxima puntuación, xustificano. Di: "Continuidade dos bancos de tempo. A FAVEC, pola súa traxectoria en xestión de proxectos e de recursos, pode garantir a continuidade deste programa unha vez rematados os seis meses de financiamento do programa "Conta con elas" baseándose en dous argumentos.

As características do programa. A proposta que nós presentamos é a consolidación deste programa nos tres primeiros meses de existencia, cun compoñente de implicación por parte dos usuarios e usuarias que permita a súa xestión só con voluntarios/as en caso de ser preciso, xa que as infraestruturas están garantidas polas asociacións e polos recursos obtidos ó longo destes seis meses. Xeración de recursos de A FAVEC: O posicionamento da nosa entidade no ámbito social, non lucrativo, da cidade está consolidado entre os máis fortes de Vigo pola cantidade de programa postos en marcha, pola capacidade de xestión de recursos, que a súa vez están moi diversificados o que favorece e facilita o financiamento de programas de interese xeral. Estas características posibilitan a viabilidade no tempo do programa, xa que ten establecidos contactos para posibles convenios e as expectativas son moi altas". Leo textualmente a plica puntuada na que AFAVEC di claramente que a partir dos tres primeiros meses garante a continuidade con medios propios.

Como parece ser que non o pode facer, é polo que a Mancomunidade está disposta a seguir facilitándolle os ordenadores e nas xestións para esas subvencións poder mantelos non só aquí senón tamén e todos os outros concellos e distintas asociacións.

A propia asociación fala do suprimir. Coido que cando se fai algunha manifestación, sobre todo por escrito, cando se suprimen os recursos que se viñan ofrecendo, debemos ter en conta as características da cesión, como se lle cedeu, por que tempo e tamén a plica que concorreu para gañar eses cinco bancos de tempo porque outros quedaron fóra, entre eles a da Valladares que accedeu logo e non dentro do programa da Federación de Asociacións de Veciños.

A segunda parte que vostedes propoñen na súa moción non é inocente, iso supón financiamento. Polo tanto dicimos que o financiamento a través da Mancomunidade, de programas que a propia Mancomunidade poida ter para a continuidade destes bancos de tempo.

Segundo temos entendido non hai ningún inconveniente por parte da mancomunidade da cesión dos ordenadores tanto a FAVEC como a Asociación de veciños de Valladares. Teña claro que por parte deste goberno e da Mancomunidade temos o maior interese en seguir potenciando os bancos de tempo.

SRA. MOLARES PÉREZ: Eu preguntei se alguén da Mancomunidade se presentou na Asociación de Valladares para a retirada dos ordenadores, igual que pasou na Federación de Veciños o día 20 de febreiro á tarde, e vostede non me contestou polo que supoño que a Valladares non foi ninguén.

Aínda que dubido dese interese que ten por manter os bancos do tempo porque senón non se produciría este problema, o importante é que non se interrompan. En canto á supresión, o titular onde se menciona a supresión si é de Faro de Vigo pero eu non son quen dita os titulares dos medios de comunicación. Cada quen pon o título que quere. Neste caso nós falamos de que o pasado 20 de febreiro coñecemos a través dos medios de comunicación que a Mancomunidade de Vigo suprimiu recursos que viña ofrecendo e que este programa corría o perigo de se interromper. Dende logo sabemos que o programa remataba o 31 de decembro e criamos que por parte deste goberno xa se fixera algún tipo de xestión para que eses bancos de tempo continuaran.

Tamén nos medios se di: "A xerente da Mancomunidade retirou os equipos informáticos pola súa conta, sen considerar ningunha alternativa para manter un proxecto interesante que está a dar bos resultados", criticou María Méndez ó respecto." Se a Sra. Méndez di que non o dixo así, eu créoa e ademais non teño ningún interese en entrar en ningún tipo de debate.

A Federación de Veciños, tamén a través dos medios de comunicación, soubemos que buscou o apoio de Caixanova que era outro dos membros do proxecto "Conta con elas" e por iso sabe do interesante que é para manter este programa.

Cremos que este programa é bo, sobre todo tendo en conta a Lei da Xunta de Galicia que fala de potenciar os bancos municipais de tempo mesmo con financiamento público. É bo que o Concello de Vigo o aproveite e o apoie.

O que non nos gustaría é que haxa un trato discriminatorio duns respecto doutros e tampouco que se retiraran á Federación de Veciños uns ordenadores que evidentemente son da Mancomunidade e terase que facer un convenio para que segan nese uso, pero cremos que é un uso moi adecuado o que poidan ter dentro da Federación. É ridículo facer á Federación de Veciños buscar o financiamento para outros equipos informáticos cando eses da Mancomunidade están aí e de momento non teñen mellor uso.

Aproveito para lles dicir que dentro dese proxecto "Conta con elas" a concellería da Muller, eu no seu día e coido que a Sra. Veloso reiterouno porque se lle pediu que ratificara a proposta que eu fixera no seu momento, pediu distintos equipos informáticos para a Casa da Muller e tamén espero que a Mancomunidade acepte esa petición e que o faga con axilidade porque como vostede dixo o proxecto rematou o 31 de decembro e está rematando.

A PRESIDENCIA: Sra. Molares, a proposta que se fai é que se vote que "O goberno local formalice a través dun convenio a cesión dos equipos informáticos asignados ó programa "Banco do tempo".

SRA. MOLARES PÉREZ: E logo que vai pasar con eses equipos? Porque eu oín que se querían dar ás distintas asociacións e eu o que quero é que se manteñan onde están ata o de agora para que o programa poida seguir tal como estaba.

A PRESIDENCIA: Sra. Molares, esta moción é suficientemente abstracta e non concreta como para que todos saibamos o que estamos a votar porque este convenio non pode ser do goberno local. Ten que ser que o goberno local inste á Mancomunidade a que promova o convenio para o mantemento dos ordenadores. Como todo isto coido que está claro en todo o que se debateu e a proposta non está suficientemente concreta, coido que esta primeira parte deixa de manifesto que se trata de que os ordenadores permanezan con quen os ten neste momento e que se facilite dende a Mancomunidade a pertenza, a propiedade e uso deses ordenadores.

SRA. MOLARES PÉREZ: Non quero discrepar pero está claro que o que eu poño na moción é que o goberno local formalice a través dun convenio a cesión dos equipos informáticos asignados ó programa "Banco do tempo". Pódese entender a Mancomunidade coa Federación pero eu falaba de Mancomunidade co Concello. De todos os xeitos se a finalidade se cumpre eu non teño ningún inconveniente.

A PRESIDENCIA: Pois coido que iso está claro do debate. Votamos a moción do xeito que se está entendendo deste debate.

(No momento da votación está ausente a Sra. Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:
Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, instando a realización dun convenio co programa "Banco do tempo", co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

URXENTES:

A.- (40).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A CONVOCATORIA DUNHA XUNTA DE VOCEIROS PARA EN RELACIÓN CO ACCESO NON PERMITIDO ÓS ORDENADORES DO CONCELLO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 25 de febreiro, o voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, presenta moción na que figura a exposición de motivos e formula a seguinte proposta:

"Primeiro.- Inmediatamente despois de rematado este Pleno, que se convoque unha xunta de voceiros extraordinaria na que se informe de todo o acontecido, así como das medidas que, para o control e seguridade administrativas do Concello, se van tomar.

Que se cree unha comisión composta por un representante de cada unha das tres forzas políticas para facer un seguimento e control do que aconteza no futuro en relación a este tema."

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Para os efectos de aforro de tempo procedemos ó debate da urxencia e do fondo o mesmo tempo e votamos ó remataren o debate a moción.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A urxencia desta moción ven dada polo que xa manifestei no nome do BNG: parécenos bastante vergoñento e lamentable o espectáculo que se deu nestes últimos días porque coido que hai algo importante: estase poñendo en dúbida a garantía de que todos os trámites administrativos neste casa seguen os canons precisos de confidencialidade e para que cumbran o

seu cometido.

Coido que co que aconteceu nos últimos días non podemos estar tranquilos nin sequera os funcionarios e funcionarias pero tampouco os concelleiros e concelleiras. Coido que é momento de non volver poñer en dúbida a credibilidade dunha institución tan importante como é o Concello de Vigo, que non debemos caer en que aquí vale todo con tal de non entrar nunha confrontación, sexa electoral, sexa partidista e creo que o máis importante de todo é que lle ofrezamos á cidadanía esa imaxe de tranquilidade, seguridade e confianza na institución máis importante e representativa que ten esta cidade que é o Concello de Vigo.

Non vou intervir máis nesta moción porque creo que a cousa está moi sinxela e é moi fácil restablecer esta confianza se realmente non queremos por parte de ninguén utilizar o que aconteceu como arma partidista ou electoral. Aparecen unhas denuncias de que certos técnicos foron ver ordenadores da oposición e nese momento aparece un informe sobre que a oposición está entrando tamén con certas claves nos ordenadores.

Repito que o BNG non vai facer máis polémica deste tema pero o único que presentamos é unha cuestión moi sinxela, se realmente temos todos e todas e espero que así sexa, a intención de non botar máis leña ó lume e se todos e todas temos a intención de pasar páxina sobre este espectáculo e restablecer, como non pode ser doutro xeito, a confianza e a seguridade en todos os trámites administrativos que se dan no Concello.

Por iso formulamos dúas cousas que son moi sinxelas: primeira, que se convoque hoxe mesmo unha Xunta de Voceiros onde se nos explique ós tres grupos políticos o que aconteceu, as medidas que se tomaron e as que se van tomar no futuro. En segundo lugar, para evitar acontecementos deste tipo e restablecer a seguridade e confianza no que se fai nesta casa, que se convoque unha comisión onde esteamos representadas as tres formacións políticas, que dun xeito sistemático vaíamos controlando todo o que vai acontecer con respecto a estes temas. Son dúas cousas moi sinxelas que dende o BNG realmente esperamos que se acepten e para evitaren unha vez máis espectáculos que coido non son bos nin para a cidadanía, nin para esta Corporación municipal.

Non vou intervir máis, non queremos botar máis leña ó lume sobre este tema e coido que con estas dúas medidas poderemos restablecer sen ningún tipo de

problema esta falla de confianza.

SR. LÓPEZ FONT: Lamento dada a hora que é que non poida despachar, non a contestación, senón a explicación á moción que polo trámite de urxencia, presentou o Grupo municipal do BNG coa que eu tamén estou a favor. Espero que ó remataren a miña exposición o tenente de alcalde quede convencido de que isto non é unha cuestión entre grupos municipais e sobre todo de que os feitos non foron cronoloxicamente como el os relata.

Primeiro porque o primeiro feito, é verdade que informado polo Partido Popular e demostrareino agora, non é como se manifestou publicamente e, segundo, porque a cronoloxía é totalmente distinta. Lamento polo tanto que sexan as catro da tarde pero teño que poñer en antecedentes e ademais é bo que este Pleno oficialmente coñeza o que realmente aconteceu a partir do 21 de febreiro, xoves.

O día 21 de febreiro na miña condición de concelleiro de Xestión Municipal e polo tanto responsable da delegación no referido ó servizo de Informática e Comunicaci3ns deste Concello, recibo unha chamada telef3nica dos servizos xur3dicos da Xerencia de Urbanismo alertando dunha posible entrada fraudulenta nun ordenador dun funcionario da dita Xerencia. Coido que quedou claro que recibo unha chamada, non hai ningunha iniciativa pola banda deste concelleiro nin de ning3n membro deste goberno.

Unha vez que eu recibo esta chamada, formalizo outra chamada telef3nica 3 xefe do servizo de Informática e Comunicaci3ns comunic3ndolle este aviso, se se pode entender dalg3n xeito, que recib3n e sinxelamente lle traslado que proceda 3s comprobaci3ns habituais. Coido que ata aqu3 isto 3 absolutamente normal, como se quixeran entrar nunha dependencia municipal, levaran un coche, un ordenador ou calquera outra cuesti3n. Polo tanto parecereilles reiterativo pero insisto en que eu non tomei ningunha iniciativa, sen3n que s3 hai unha comunicaci3n.

Por esa mesma data o xefe do servizo de Informática e Comunicaci3ns emite un informe dirixido 3 alcalde e a este concelleiro no que se informa do acontecido. Di textualmente: “a clave de administrador de aplicaci3n de expedientes, clave exclusiva de informática que d3 acceso a todos os expedientes e informes anexados, accedeuse dende ordenadores situados nas oficinas do Partido Popular 3 consulta de informaci3n non accesible a usuarios distintos do administrador”.

Un funcionario, un xefe de servizo responsable disto, de acordo coas normas de utilización dos sistemas informáticos do Concello, emite este informe e di que houbo un uso fraudulento da clave do administrador para acadar esta información e di que está literalmente prohibido polas normas de uso dos recursos informáticos aprobadas pola Xunta de Goberno de 29 de maio de 2005, cando era alcaldesa a Sra. Porro e secretaria da Xunta de Goberno de acordo coa certificación que teño D^a Lucia Molares.

A partir de aí tamén se di que dende eses ordenadores o que en principio era singular se convirte en plural e dise que coa clave do administrador de aplicación de expedientes que non se podía utilizar, digo xa de antemán que nin eu nin os membros deste goberno temos esa clave, accedeuse a expedientes de xeito non autorizado dende o 1 de xaneiro de acordo cunha análise que suma un total de 267 ocasións. Como se trata dun informe, achega o texto completo da normativa de uso de recursos informáticos ó que me refería anteriormente.

Pero tamén hai un informe, porque isto forma parte da estratexia do Partido Popular e por iso seguro que a confusión do tenente de alcalde, no sentido de que semella que previamente, e xa o nego, funcionarios de Informática se personaran na oficina do Partido Popular. O informe claramente di que en ningún momento se accedeu a ningún ordenador do Partido Popular. Leo textualmente: “unha actuación meramente accidental que un operador de Informática estivese realizando labores de actualización de Inventario nos locais do Partido Popular na planta oitava”.

Estas son as cuestións que levan a confusión, pero lles pregaría que non interpreten que quen redactou isto fun eu, pregaríalles que manteñamos todos o correspondente respecto ó xefe do Servizo de Informática e Comunicacions.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, non interrompa a intervención, terá vostede a súa quenda.

SR. LÓPEZ FONT: De todos os xeitos como lle escoitei, coñece vostede perfectamente e posiblemente ata mellor ca min, o organigrama desta Casa.

O que quero informar é que se produciu unha situación anómala, un uso fraudulento dunha clave que nestes informes o responsable do servizo di que ten carácter exclusivo e que non se produciu en ningún momento, ningunha acción de

acceder a ordenadores e é a segunda vez que fago na mañá unha solicitude de respecto ós funcionarios. Coido que é fácil comprender e seguro que o Sr. Figueroa o sabe ata mellor ca min que dende os ordenadores do propio servizo de Informática se pode ter acceso ó complexo sistema informático do noso Concello.

Desculpen que insista moito pero con estes informes seguimos na actuación puramente administrativa, actúo como concelleiro de Xestión Municipal e non como voceiro do Partido Socialista con ningunha intención de me enfrontar nin a vostedes nin a ninguén.

Ó día seguinte e diante da gravidade da situación se realiza unha reunión no despacho do alcalde cos tres responsables xurídicos da Casa: secretario xeral, titular da Asesoría Xurídica e o responsable dos Servizos Xurídicos da Xerencia de Urbanismo, tendo en conta que a situación se iniciara alí; igualmente estamos a concelleira de Urbanismo tamén afectada por este tema e eu en calidade de concelleiro de Xestión Municipal.

Póñense en coñecemento dos servizos xurídicos estes catro informes dos que falaba anteriormente que emitira o xefe dos Servizos Informáticas e se analiza a situación tomando as seguintes medidas: A primeira dirixindo escrito pola miña banda para que se subsanen estas situacións das que informaba o xefe de servizo, entendendo que se deben cambiar as claves para que isto non se volva producir. Segundo, como xa se fixo, dirixir un escrito ó Grupo municipal do Partido Popular poñendo no seu coñecemento os feitos que se produciran e entendendo que de acordo con ese informe se estaba facendo unha utilización indebida que se debía cesar na mesma. Ó mesmo tempo acórdase que ese conxunto de servizos xurídicos do Concello emitan un informe sobre o acontecido, sobre a documentación da que temos constancia e as posibles consecuencias que se poidan derivar disto.

Polo tanto estamos nesta situación pero eu por enésima vez quero repetir, tanto ó Partido Popular como ó tenente de alcalde e ó Grupo municipal do BNG, que isto foi unha actuación estritamente na miña condición de concelleiro de Xestión Municipal porque comparto na súa totalidade o que se di na exposición de motivos desta moción de urxencia e é precisamente o que me corresponde, acadar que ese grave risco de confianza, seguridade e confidencialidade das actuacións administrativas que se realizan no Concello teña a confianza total dos usuarios porque detrás deles, detrás dos concelleiros, como ben se dicía detrás de todos os funcionarios

que teñen equipos informáticos nesta Casa están os trámites que corresponden ós cidadáns.

Non estamos a falar aquí, aínda que si tamén, do que sería o propio dereito á intimidade dun equipo informático dun funcionario, senón que dentro, por dicir graficamente, dese equipo informático están as xestións que acotío e dependendo cada quen da concellería e dos servizos que temos, estanse facendo para os cidadáns, polo tanto é en última instancia ós cidadáns a quen realmente afectaría esta seguridade que evidentemente semella que hoxe está en situación de risco a xulgar polo acontecido.

A partir de aí Sr. Figueroa e Sra. Molares, evidentemente entra a clave política que vostedes utilizan acotío e fíxense se desvirtúan as situacións que polo dito polo tenente de alcalde hai un momento semella que foi primeiro o que din vostedes dun intento de entrar na oficina do PP e que segundo un informe oficial é estritamente inventariar os equipos informáticos, ó que realmente se fixo que foi atender a unha comunicación de risco sobre o que se estaba facendo dende determinados ordenadores.

No intento de desvirtuar coido que continuaron vostedes poñendo o ventilador, dicindo que se atopan ordenadores acendidos pola mañá, as luces, non sei que; pois como lles dicía anteriormente en relación con outro tema, cando teñan vostedes estas circunstancias o que deben facer é ir ó xuíz, ós tribunais para o denunciar porque que eu saiba ninguén ten instrucións nesta casa sobre esas cuestións. O Partido Popular, mesmo para colocar eses carteis que serviron de publicidade cara á Praza do Rei, ten as súas oficinas lícitamente pechadas e son eles os únicos que teñen acceso.

Polo tanto coido que con esta explicación está suficientemente clarexado o que realmente aconteceu. Debo dicir que non presentamos unha moción practicamente idéntica a esta en canto ós acordos porque xa estaba dalgún xeito o Bloque Nacionalista Galego coa intención da facer, pero eu como concelleiro de Xestión Municipal e este grupo somos os primeiros interesados en que este Pleno aprobe literalmente a proposta realizada como acordo primeiro e segundo.

Pero tendo en conta que é o máis coherente co que dixen ata agora e xa se fixo esta mañá, tamén debo solicitar do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego que deixe sen efecto a exposición de motivos porque coido que amosei

sobradamente que estamos falando de xestión municipal, de práctica administrativa e quen fala non ten ningún interese en ter liortas co Partido Popular. Sinxelamente pretendo que saiban que me corresponde como ben se di na moción garantir a seguridade informática desta Casa, dos funcionarios e dos concelleiros, que en definitiva é a seguridade informática dos cidadáns que é a quen nos debemos.

Manifesto polo tanto a miña conformidade ós dous puntos propostos, solicito formalmente que a exposición de motivos se deixe sen efecto porque ademais entendo que o importante son os dous puntos que se propoñen para a súa resolución porque serán os que, dende un punto de vista técnico, non político aínda que logo teña as súas repercusións caso das ter, nos leven cara unha claridade sobre o que sucedeu.

SR. FIGUEROA VILA: Nós imos aceptar tamén esta moción, imos votala a favor e imos tentar que de verdade se vaia ata o fondo do tema.

Sr. Domínguez Olveira, eu pediríalle que debata este tema porque é de vital importancia para a cidade e sobre todo se vostede presenta unha moción nun Pleno, é importante que coñezamos o posicionamento do Bloque Nacionalista Galego coa falla de transparencia, de información e sobre todo coa falla de participación que neste Concello levamos durante os últimos oito meses.

Para nós é importante porque vostede é o tenente de alcalde, vostede e o seu grupo foron quen puxeron ó alcalde no sitio onde está, non se esqueza deste tema xamais. O Sr. Alcalde non sería alcalde de Vigo se vostede non o votara neste Pleno da Corporación, se os cinco membros do seu grupo non lle deran o voto. Polo tanto para ben ou para mal é o seu socio, é o colaborador de goberno ou como lle queira chamar e dígollo co maior respecto. Vostede ten que saber o que fai o alcalde e o seu equipo de goberno, o que está tentando facer para confundir, manipular á opinión pública e sobre todo para tentar coartar a liberdade do grupo maioritario da oposición e eu diría que a liberdade dunha parte importante dos cidadáns.

Sr. Domínguez Olveira, son moitos os exemplos do que está a acontecer con este grupo e eu diría que con todos os cidadáns. Acabamos de ver un motivo de represalia que a miña compañeira, Sra. Molares, non o quixo demostrar. Represalia á Federación veciñal pola que vostedes tanto pularon e que nós e o Partido

Socialista tamén. Sr. Domínguez Olveira, vostede sabe que retirar os ordenadores da Federación veciñal é unha represalia a un colectivo da cidade de Vigo, sábeo tan ben coma min, poderao agachar, non o dicir, negalo, mirar cara outro lado, pero vostede o sabe dun xeito claro e contundente.

Sabe que o día 29 de decembro produciuse neste Concello un dos feitos antidemocráticos máis grandes da democracia da cidade de Vigo. Sabe igual ca nós quen eran as persoas que estaban ocupando as cadeiras do Pleno da Corporación e por onde entraron; sabe tamén que aí fóra había máis de duascentas persoas porque algunhas eran militantes de seu ou persoas achegadas a vostedes e non as deixaron entrar. Sabe que pedimos explicacións e unha convocatoria dunha Xunta de Voceiros. Vostede dixo na prensa que ía pedir unha explicación, dixo moi claro que lles deran unha explicación pero que non lles convencía.

Tamén sabe vostede, Sr. Domínguez Olveira, que antes de calquera Xunta de Goberno os grupos da oposición, igual que fixeron vostedes durante oito anos seguindo unha norma establecida polo Sr. Pérez Castrillo e polo Sr. Toba cando era concelleiro de Xestión Municipal e Economía e Facenda, os concelleiros terían os expedientes ó seu dispor. Vostede sabe que no goberno anterior se tentou aplicar a normativa e cando vostedes chegaron se tomou un acordo político de que non se fixera e así o aceptou o Partido Popular na última etapa do ano 95 ó 99 sendo vostedes oposición; a partir de aí sempre que se convocaba unha Xunta de Goberno os concelleiros tiñan os expedientes ó seu dispor. Aconteceu durante a Alcaldía do Sr. Pérez Castrillo, de D. Ventura Pérez Mariño e de D^a Corina Porro.

Sr. Domínguez Olveira, vostede e os medios de comunicación saben tamén que o Sr. Ruiz Cenicerós facía preguntas todos os xoves na Xerencia de Urbanismo porque tiña ó seu dispor toda a xestión de expedientes. É máis, hai un expediente na Fiscalía de Vigo onde o Sr. Ruiz Cenicerós denunciou a un concelleiro (a min) por uns peches duns locais comerciais e utilizou toda a información deses arquivos, non utilizou expedientes asinados e teño como testemuña ó Sr. Fiscal porque podo pedir toda a documentación compulsada do que presentou o Sr. Ruiz Cenicerós na Fiscalía, denunciando con entradas de expedientes urbanísticos de onde sacaba toda a información. Ademais nós non nos queixamos xamais dese tema porque coidabamos que a oposición tiña que ter toda a información dispoñible dos expedientes de Urbanismo e de todos os desta Casa. Consideramos que cando un

informe dun expediente está asinado por un técnico é público e polo tanto non existe confidencialidade.

Pódolle dar as relacións de pedimentos que queira da Sra. Graña, todas polo Rexistro de Entrada deste Concello solicitando remisión de documentación. A Sra. Graña tiña tamén entrada á xestión de expedientes deste Concello.

Nós o único que temos é o mesmo que tiña o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista no anterior goberno. Claro que entramos 260 veces e se vostede vai ó Rexistro haberá 400 porque nós entramos todos os días cando nos interesa a tramitación dun expediente. Non estamos negando absolutamente nada desas entradas. Evidentemente que cando chegamos ó grupo había unhas claves ó igual que estaban os teléfonos de todos os técnicos, había uns accesos e uns números de teléfonos. Non sei que están tentando trasladar á opinión pública porque é certo que temos ese acceso. Que estamos agachando, Sr. López Font, Sr. Domínguez Olveira?

Non sei se entramos 260 veces pero podíamos entrar 3.000, as veces que precisabamos porque cando nos viña algún veciño a preguntar en que situación estaba o seu expediente, entrabamos e diciámoslle en que momento da tramitación se atopaba. Pero esa información tamén é automática na Xerencia de Urbanismo porque é pública, porque cando un técnico asina un informe xa é público. Nós non entramos en ningún ordenador de ningún técnico, entramos na dispoñibilidade da xestión de expedientes, cousa que é moi distinta.

Polo tanto coido que está perfectamente claro e, Sr. Domínguez Olveira, xa lle digo que nós temos acceso a unha serie de información dos expedientes deste Concello como non foi doutro xeito ata o de agora. Se vostedes queren buscar unha xustificación para cambiar, para nos dicir que a partir de agora non imos ter acceso ós expedientes díganos, non fai falla que convoquen a Xunta de Voceiros, que diga xa o Sr. Alcalde inmediatamente que nos vai cortar toda a información que ten o Grupo municipal do Partido Popular, que antes tiña o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. O máis grave de todo é que toda esta situación ven dada única e exclusivamente porque se denuncia que hai un centro comercial que está sen licenza. Ese é o problema, Sr. López Font.

É certo que entraron nos nosos ordenadores. É importante que os cidadáns saiban que é moi curioso que se produza a denuncia, que o Sr. López Font reciba unha

chamada e resulta que nese intervalo están facendo un inventario dos ordenadores. Iso é de risa, é de broma, é accidental. Vostede nos quere tomar o pelo? Déanos outros argumentos, díganos que non tiñamos por qué ter ese acceso ou que non nolo queren dar. Nós non estamos agachando absolutamente nada.

Dicímoslles os medios de comunicación para que o publiquen mañá que o Partido Popular tiña os accesos á xestión de expedientes, igual que os tiña o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego cando estaban na oposición dende hai anos. Había este tipo de problemas, chamabas a un funcionario, non che daba o expediente e era importante, por iso tomamos un acordo entre os grupos para poder ter a disposición aqueles informes que estivesen asinados polos funcionarios. Non hai absolutamente nada máis. A partir de aí si que vostedes tentaron investigar buscando o que tiñamos nos ordenadores e iso é moi grave, Sr. López Font, porque o que non se pode facer é que porque vostedes non tiñan unha xustificación e un argumento para recuperar ou para responder á crítica que nós lle estabamos a facer porque había un centro comercial sen licenza, agarraron esa perrencha que semella de nenos pequenos.

Isto é vergoñento, Sr. López Font, porque este é o xeito que teñen vostedes para coartar a nosa información e a nosa liberdade de expresión. Pero non llo imos permitir porque xa llo anunciei antes: se vostedes mañá nos quitan ese acceso ós expedientes, imos telos igual. É máis, asegúrolles que o imos ter mellor porque vai haber moita xente que se vai solidarizar connosco nesta Casa. O que dixen antes é certo, hai persoas que non entenden por que non se pode dar información. Ademais xa lles dixemos que se hai algún tipo de información, nós estamos dispostos a remitirlle ó Sr. Alcalde todas as peticións de información que necesitemos, pero que nolas entregue en vintecatro horas, que nos diga que podemos acceder ós expedientes.

Non hai ningún tipo de problema, Sr. López Font, e non se escude nos funcionarios, píddolle por favor que non se escude en ningún informe de ningún funcionario porque ademais di a verdade, di que hai unha clave exclusiva de informática. Claro que é certo, os que dan a información son eles porque se ese acceso non o facilitaran eles nin ó PSOE, nin o Bloque, nin o PP o teríamos.

De verdade que estamos bastante asombrados porque é claro que eses técnicos están dicindo a verdade. Pero tamén lle digo que non se escude nos técnicos, non

diga que non o din vostede porque nós tamén estamos dispostos a entrar no fondo do tema e dicir quen son uns e outros, estamos dispostos a chegar onde faga falla porque algunha experiencia temos. Non hai ningún problema en canto ó que di o técnico, di que hai unha clave da que ten control o administrador exclusivo de informática. É certo e a partir de aí a decisión foi política que non dun técnico, un técnico non é quen di se se pode entrar ou non nos expedientes, non ten esa facultade, foi unha decisión política.

Sr. Domínguez Olveira, gustaríame que dixera a verdade neste Pleno e pídollo porque é importante para a democracia e a transparencia deste Concello. Se non quere entrar non entre no debate, pero ten que clarexar esta situación e dicirlle aquí ó Sr. Alcalde e ó equipo de goberno do Partido Socialista que todos tiñamos acceso porque foi unha vontade política. Eu pídolle por favor que non se escude, sei que vostedes cando quere é unha persoa de principios e teno que dicir porque aquí está a verdade de todo o Concello e a verdade dunha situación política.

Dígolle sinceramente que se vostede di a verdade nós daremos por rematado este debate pero díga porque non podemos deixar en dúbida nin ós funcionarios, nin ós técnicos, nin ós asesores do Grupo popular porque este grupo non fixo nin unha soa trampa, atopouse cun acceso posible ós expedientes e utilizouno con absoluta normalidade. Polo tanto o que quere clarexar nesa comisión xa llo estou explicando eu. Si é certo que nós tiñamos acceso, como tiñan vostedes e esperamos seguir tendo ese acceso tal como se tivo ata o de agora. Non coido que fixeramos nada raro.

Pediría que isto non quede nun debate porque non é un debate menor, é importante para a liberdade das persoas e sobre todo porque hai moita xente deste grupo implicada, técnicos, administrativos e asesores do noso grupo ós que non se pode cuestionar.

Sr. López Font, aínda que entren nos nosos ordenadores non temos nada que agachar, pero eu non sei que teñen que agachar dos expedientes administrativos da tramitación dunha licenza cando ademais os técnicos xa asinaron os informes, son informes públicos. Pode ser que en troques de vintecatro tardemos corenta e oito horas en acadar o informe. Ese non é o problema.

Coido que erraron, penso que non saben como funcionou este Concello ata o de agora. Eu pediríalles que preguntasen polo menos como funcionou politicamente e

se logo queren cambiar será unha responsabilidade política de seu. Non lle imos obrigar a vostedes a funcionar dun determinado xeito, podémolo denunciar, dicir que nós parece máis ou menos transparente, que é máis ou menos opaco, que teñen algo ou non que agachar, pero o que non nos poden dicir vostedes a nós é que semella que entramos neses expedientes porque fixemos unha trampa ou cambiamos as claves dos ordenadores.

Coido sinceramente que nos están tomando o pelo. Non se dá conta que algunha persoa de Informática tívolve que dar esa clave ó Partido Socialista, ó PP e ó Bloque no seu día? Falo do Partido Socialista anterior, Sr. Caballero e senón chame ó Sr. Ruiz Ceniceros e á Sra. Graña porque teño datos de que esa clave estaba na oficina e que sempre foi así. Ademais nos colle co pé cambiado porque nos parece moi estraño que vostedes se sorprendan diso e o Bloque é testemuña desta situación. Mesmo se chegaron a mandar por correo electrónico todos os expedientes da Xerencia de Urbanismo porque se tomara un acordo político, é certo que non había ningunha norma establecida pero si un acordo político.

Pedímoslle de verdade que reconduzan esta situación que é moi grave e sobre todo o lamentable espectáculo que está dando o Partido Socialista. escudándose nun informe dun técnico que non di nada. Se entramos 260 veces pois me parecen poucas, ó mellor voume queixar a algún dos asesores porque debía estar entrando todos os días para ver a información que hai; se en tres meses só entrou 260 veces é que non traballou moito.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Non vou entrar no debate pero tampouco quero parecer desconsiderado coas verbas do Sr. López Font e do Sr. Figueroa que me aludiron directamente.

Ó Sr. López Font sinxelamente dicirlle que claro que podo estar errado na relación de feitos porque dos feitos que aconteceron o tenente de alcalde decátase pola prensa. Non houbo ata o sábado ningún tipo de información ó tenente de alcalde do que estaba acontecendo.

En segundo lugar dicir que por suposto, polo ben do consenso, polo ben de que se solucionen os temas retiro inmediatamente a exposición de motivos porque como dixen na miña primeira intervención o máis importante é que se arranxen as cousas e que nos poñamos a traballar.

Sr. Figueroa, o Bloque Nacionalista Galego é responsable dos seus actos, sempre o foi, sempre o vai seguir sendo e non se preocupe que eu vou dicir a verdade e non neste Pleno, vou dicir a verdade sempre. Voulle dicir que vostede leva tentando dende o primeiro día, o segundo ou o terceiro deste goberno que o Bloque Nacionalista Galego, que Santiago Domínguez caia nos intereses e no xogo que vostede quere. Claro que o alcalde o é polos nosos votos, o vai seguir sendo porque o BNG vai seguir traballando neste goberno e somos responsables do que facemos e corresponsables tamén deste goberno.

O BNG dixo xa no seu momento o que tiña que dicir sobre o famoso 29 de decembro e sobre outras cousas que aconteceron na Xerencia de Urbanismo, pero o BNG o que non vai facer, como vostedes están facendo, é que un acontecemento como o 29 de decembro dure toda a lexislatura. Hai dous obxectivos distintos na forma de facer política: o obxectivo de utilizar esta Corporación para facer política ou utilizar esta Corporación e este Concello para traballar e arranxar os temas que a cidadanía nos pide en cada momento.

Sr. Figueroa o BNG nunca vai mirar cara outro lado cando se trate de defender a transparencia, a participación democrática e que nesta Corporación non se inculque ningún dereito dos que temos os concelleiros e as concelleiras. Discrepamos do alcalde en cuestións que non nos pareceron ben e así o dixemos e seguiremolo dicindo durante o tres anos e pico que quedan de lexislatura cando non nos pareza ben algo. Dixémolo dende o primeiro día, somos forzas distintas e o dereito a discrepar é un dereito que temos cada unha das forzas políticas que formamos parte deste goberno.

Vostede dicía que “todo respecto” e hai veces en que o respecto, Sr. Figueroa, tampouco significa dicir como vostede dixo nun debate pasado que os do BNG nos estamos arrastrando. Non, o BNG temos a cabeza moi alta porque a nosa coherencia, a nosa honradez e o noso traballo nos avala e polo tanto nunca imos mirar cara outro lado. Agora ben, non imos entrar tampouco no xogo que vostede pretende, seguiremos discrepando cando faga falla pero seguiremos apoiando e traballando neste goberno porque é o que a cidadanía votou, é a maioría que os vigueses e viguesas quixeron. Repito que hai dúas maneiras de actuar: darlle voltas ós temas, estar repetindo continuamente os temas ou tentar arranxar as cousas, pasar por riba dos conflitos para chegaren a solucións.

Por iso esta moción e por iso dixen que o máis importante eran dúas cousas sinxelas: que falemos tranquilamente na Xunta de Voceiros e que cremos unha comisión para ir acompañando todas estas normas. Darlle voltas ó que vostede queira non é traballar cara ó futuro. A min e ó BNG gustaríanos que logo deste Pleno nos sentáramos, faláramos, colaboráramos para que os vintenove membros desta Corporación teñamos acceso ó que legalmente poidamos ter acceso e teñan vostedes absoluta seguridade de que cos votos do BNG nunca permitiremos que a vostedes se lles conculque ningún dereito que legalmente teñan ou acceso como evidentemente, aí ten razón vostedes, tamén reivindicamos e pediamos eses mesmos dereitos cando estabamos na oposición. O BNG non fala distinto de transparencia e de participación cando está na oposición e cando está no goberno. Dito que non imos permitir que a ningún membro desta Corporación se nos conculque ningún dereito ó que legalmente teñamos acceso, tamén diremos que non imos utilizar unha e outra vez esta tribuna para crispas e para estaren en continua confrontación. Vostede dicíalle ó Sr. López Font que non se escudara nos funcionarios; vostede acaba agora mesmo de volver incidir e deixar sospeitas enriba da mesa que coido, Sr. Figueroa, non benefician absolutamente nada ó traballo que temos que facer nós como goberno e vostedes como oposición. Remato agradecendo ó Partido Socialista e ó Partido Popular a aprobación desta moción, agradecendo que se teña por fin a sensibilidade de traballar cara adiante, de non crispas a esta Corporación, á cidadanía e que en definitiva se traballe para que as cousas vaian do mellor xeito posible.

Isto é o que digo e digo a verdade porque se demostrou que o BNG xamais vai mirar cara outro lado cando sexa a defensa da transparencia e da participación. O BNG tiña acceso a algúns expedientes cando estaba na oposición, cando estaba no goberno e o único que quero é que nesa comisión, nesa Xunta de Voceiros se clarexen os mecanismos que legalmente nos competen tanto a nós como a vostedes e ós que dentro da legalidade teñamos dereito os tres grupos políticos. Non teño máis que un informe dun técnico e non sei se eses accesos ós que fai referencia o Sr. López Font se producían do mesmo xeito que se producían antes, pero o único que digo é que non levantemos sospeitas na cidadanía; reunámonos, clarexemos a que temos dereito legalmente e poñámolo en práctica. É así de fácil facer política cando se ten a intención de traballar por esta cidade.

SR. LÓPEZ FONT: Quedou de manifesto, Sr. Figueroa, que é vostede un cúmulo de contradicións porque dá o mesmo do que fale, sempre tenta crear a insidia política para logo saír coa parte de cara amable, a parte xenérica de dereitos e demais.

Os dereitos xa os ten. Eu recibo acotío escritos nos que vostedes teñen ese acceso ó rexistro do que vostedes falaban da Sra. Graña e enviánnos escritos dicindo: “que me facilite a factura...”, polo tanto non lles vulneramos a vostedes ningún dereito. Para tranquilidade do Sr. Tenente de alcalde, deste Pleno e de toda a cidadanía nós non lles vulneramos, non lles cambiamos a vostedes ningún dereito. Vostede está deformando absolutamente unha cuestión.

A primeira cuestión e moi grave é o tema dos funcionarios. Díxollo o tenente de alcalde pero llo teño que dicir eu porque non se pode xogar como vostede fai, non se pode dicir que os funcionarios desta Casa primeiro que teñen medo, segundo que os obrigamos a non sei que, terceiro que pouco menos que hai funcionarios bos e malos. Dixo textualmente “dígame quen emite o informe que xa sabemos quen son uns e quen son outros”. Dende logo ás veces que vostedes teñan trece concelleiros, que representen todos eses votos que vostede nos lembra permanentemente e que teñan este grao de desprezo cara os funcionarios semella cando menos increíble. Por moito que se rían os membros do seu grupo non me está facendo a mención a min, non se está rindo de min cando digo que foi unha operación accidental Sr. Figueroa, non escoita e iso lévao a cometer moitos erros.

Aquí non hai ningún enfado, ningunha represión. Voullo repetir aínda que esteamos aquí ata as seis da tarde: vostede, utilizando a clave de administrador de aplicación de expedientes, clave exclusiva de Informática e isto todos os que estamos aquí entendemos que é só para utilización de quen dirixe os servizos informáticos, dá acceso a todos os expedientes e informes anexados e accedeuse dende o Partido Popular. No segundo parágrafo do informe dun técnico desta Casa tan respectable como o que máis di: “Partido Popular ten claves de acceso á aplicación de expedientes como usuarios normais que non lles permiten consultar os informes anexados ós expedientes dos que non foran destinatarios ou interesados”.

Teña en conta que o xefe do servizo de Informática en base a unhas normas que vostedes aprobaron en Xunta de Goberno di isto e cualifícao como unha intromisión e uso fraudulento, non o di o Sr. Font como a vostede lle gusta referirse, dio un

técnico en base a unha normativa.

Eu non estaba cando era concelleiro o Sr. Ruiz Cenicerros nin coa Sra. Graña, pero o xefe do servizo de Informática si e neste informe dise que vostedes utilizaron unha clave que non deberían. Isto non é en clave política de loita Partido Socialista contra Partido Popular; isto é o respecto ós dereitos dos cidadáns e quen mellor o debería coñecer é vostede. Reitérolle polo tanto que non quitei nin puxen, que o que me preocupa é o que se di na moción porque é a miña obriga salvagardar a seguridade xurídica.

O que vostede e semella que ningún do seu grupo municipal queren entender é que eu non sei se antes tiñan claves para entrar en todos os informes e ó mellor non se deron conta de que xa non están no goberno, pero está claro que se desprende do que di o xefe do servizo de Informática que aquí hai dúas cuestións radicalmente distintas, unha é o expediente propiamente dito co seu rexistro de entrada, coa súa comunicación oficial ó que si se ten dereito e que polo que se desprende disto semella que era a práctica cotiá e outra cuestión é ó que non se ten acceso.

Xa lle dixen que eu tamén tiña preparada unha moción para proceder a unha comisión tal e como o solicitou o BNG e por iso se debe informar porque son eu quen ten interese en que alguén lle diga a vostede se o Partido Popular tiña ou non as claves. Eu me amparo no que di ese técnico, nin no que me invento, nin no que me poida dicir o Sr. Ruiz Cenicerros, nin a Sra. Graña.

Polo tanto queda suficientemente claro que vostedes utilizaron unha clave á que segundo os servizos oficiais deste Concello, non eu, non tiñan dereito. Estoulle falando de xestión de expedientes e da outra parte que é ese informe.

Este goberno non é en absoluto vingador por moito que vostede diga o contrario e refírome máis á parte do Partido Socialista, este goberno leva dende o primeiro día aguantando os seus ataques e vostedes, como tamén é verdade que o Bloque Nacionalista Galego, tiveron información na Xerencia de Urbanismo do pasado xoves cando arranca todo isto de que se detectara a entrada no ordenador dun funcionario. Pero xa que quere entrar vostede en determinado debate, xa lle chega falar da inauguración do centro comercial da Laxe, de se falta licenza, ou uns papeis, cando é un centro comercial e espazo público orgullo da cidade que vostede mellor que ninguén debería saber que as cuestións que faltan son mínimas

e acusarnos a nós de que semella que cometemos unha ilegalidade inaugurando ese centro comercial.

A Sra. Porro e vostedes como goberno inauguraron e estiveron en instalacións e centros comerciais que non tiñan nin licenza de obra, nin licenza de actividade e que aínda por riba tiñan sentenza de derrubo. Xa lle dixen nun debate o outro día que a ver cando se atreve sinceramente e dende o punto de vista democrático a falar de todo o relacionado con Finca do Conde.

Sr. Figueroa, non nos veña con cuestións sobre as que vostedes terían moito que calar porque como xa fixen nalgunha ocasión, fágolle unha afirmación: o centro comercial da Laxe nunca terá sentenza de ilegalidade, nin de derrubo a diferenza doutros. Isto deberían ter en conta.

Pero sigo co cúmulo de contradicións pola súa banda. Antes, cando quixo introducir este tema, mesturaba o tema dos dereitos de acceso á información e demais con certa flexibilidade e por iso llo quero clarexar a vostede e ó tenente de alcalde. Unha cuestión que respecta este goberno e este concelleiro son os dereitos que cada grupo ten e mantémolos. Se vostede pide flexibilidade xa non estamos a falar do mesmo, sempre está co exemplo da Sra. Graña e do Sr. Ruiz Ceniceros e agora resulta que a Sra. Graña pedía información, solicitábaa, mentres que vostedes non sei por que procedemento tiñan acceso á mesma. Polo tanto non se sabe ó final polo que se desprende das súas afirmacións, se hai que solicitar a información, se vostedes xa a tiñan e demais.

O importante é que os que terían que non facer batalla política son vostedes, nós sinxelamente dixemos algo do que deberían estar vostedes orgullosos e defender ata as súas últimas consecuencias: defendemos ó cidadán, se hoxe son vostedes ó mellor mañá é outro e se aquí hai un problema de seguridade informática vostedes teñen que se poñer ó carón do goberno para investigar isto.

Agradézolle ó tenente de alcalde, que se retire a exposición de motivos porque coido que pode inducir á confusión. Coido de verdade que estamos nun tema da suficiente importancia, sensibilidade e que realmente ós cidadáns lles afecta. Estamos falando da Lei de protección de datos e todos, sen prexulgar inicialmente, deberíamos sometérmonos ó que nos digan os nosos técnicos que son os técnicos municipais desta parte da bancada e tamén desa, do Concello como institución e da súa responsabilidade diante da cidadanía.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. López Font, non teño medo a falar de nada e se quere falar de Finca do Conde podemos falar agora, xa non imos esperar ó vindeiro Pleno.

A licenza favorable de Finca do Conde deuse cos informes de todos os técnicos e sábeo vostede, toda a Corporación e toda a cidade. Pero é máis, hai un Auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia onde se di que non se pode suspender a tramitación dun expediente mentres ese expediente non teña unha Sentenza firme. Polo tanto sabe vostede que as licenzas son actos regrados e que cos informes técnicos favorables dos propios funcionarios municipais nós tiñamos que dar esa licenza. Tamén sabe vostede que a licenza das torres non as deu o Partido Popular, deunas o Bloque Nacionalista Galego cando gobernaba apoiado polo Partido Socialista nesta cidade e seguramente as sentenzas están cerca.

Xa estamos cansos de calumnias, de difamacións e de que pensen que non imos entrar no debate. Entraremos en todos os debates que vostedes queiran. Sentímonos moi orgullosos de dar esas licenzas e esa é a diferenza entre vostedes e nós, vostedes agachan unha licenza do centro comercial da Laxe e nós dicímoslle á cidadanía que estamos moi orgullosos da dar a licenza do centro comercial Gran Vía porque significa preto de dous mil postos de traballo para esta cidade, máis de 120 millóns de euros de investimento e ademais vostede sabe que dende a aprobación inicial estaba totalmente resolto o problema de Finca do Conde. Vostede sábeo porque non é unha cuestión que non se poida legalizar, iso xa o repetiu varias veces o alcalde, é unha cuestión dun urbanismo que viña con interpretacións mal entendidas, interpretacións que o Plan do 93 nos deixou a todos.

Pero tamén o reto a vostede a un debate: a que chame á presidenta do Parlamento e na emisora, radio, televisión que queira debatemos do Plan Xeral do 93 e todas as sentenzas que ten en contra polas decisións que tomou o Partido Socialista nesta cidade. Se quere falamos de Rosalía de Castro, das torres do Pericoto, do que vostede queira, abertamente, nun debate público diante de toda a cidadanía para que se saiba realmente de onde veñen a maioría das consecuencias do urbanismo que temos na cidade de Vigo. Non se confecciona un Plan Xeral novo porque si, tómase unha decisión porque hai unha inseguridade xurídica permanente dende o ano 93 e se quere lembramos todas as sentenzas, unha a una.

Repítolle novamente que a día de hoxe síntome moi satisfeito de dar unha licenza

que significa xeración de emprego, riqueza para esta cidade, en todos os informes a favor e a maiores vostede sabe que está totalmente resolto no Plan Xeral, no que tiñamos nós e no que teñen vostedes. Se vostedes coidan que iso é unha aberración ou unha ilegalidade tan grande, por que o incluíron dentro do Plan Xeral que aprobaron vostedes o día 29 de decembro? Nós xa o tiñamos tamén, igual que se tentou coa maior parte das legalizacións de todas as sentenzas que tiña esta cidade.

Non se preocupe, espero que vostede dentro dun par de meses lles pida responsabilidades ás persoas que ten detrás cando veña a sentenza das vivendas de Finca do Conde porque foi o Bloque Nacionalista Galego quen deu esa licenza e vostedes formaban parte dese goberno. Nós atopamos un conflito, unha situación xurídica complicada, resolveuse e actuouse consonte ós criterios de todos os técnicos municipais porque as licenzas de Finca do Conde se deron sempre con eses informes.

Repito que hai un Auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que di claramente que as licenzas son actos regulados e mentres non exista unha sentenza firme a tramitación do expediente, para ben ou para mal, ten que se resolver do xeito que coiden os técnicos e neste caso foi favorablemente. Cando queiran falamos disto, entramos en profundidade con datas, con acordos, co que vostede queira pero xa lle estou dando un adianto, unha pequena explicación aínda que me podía estender pero agora mesmo non o vou facer por respecto a todos os corporativos e sobre todo ós medios de comunicación.

Sr. López Font, voulle dicir sinceramente o que penso. Vostedes teñen algún membro do seu goberno que lles está xerando moitos conflitos políticos e están tomando decisións porque alguén do goberno se queixa de que non se lle trata ben. Isto é unha cuestión moi grave porque vostede acaba de dicir: “recibín unha chamada”. Pero recibíuna porque un medio de comunicación denunciou un tema, apareceu nos medios de comunicación unha denuncia onde se dicía que o centro comercial da Laxe non tiña licenza. Nós non o denunciámos, eu sabía que ese centro comercial non tiña licenza e a situación na que estaba. Estivemos calados, non acudimos á inauguración pero non quixemos falar dese tema.

Repito novamente que se vostedes tivesen outra contestación, se dixesen que é un investimento importante, que se está a punto de completar... Sabiamos

perfectamente da situación dese centro porque nolo explicou o Sr. López Peña e porque eu pertencín ó Comité Executivo da Zona Franca durante tres anos e sei como se elaborou esa decisión. Foi unha decisión do Sr. López Peña que a Corporación non quería levar a piques pero que, ó igual que eu tiven que dar a licenza de Finca do Conde, había que dar a do centro comercial da Laxe porque o proxecto cumpría coa normativa e coa legalidade pero vostedes saben que nesta Corporación houbo unha decisión unánime de non facer ese centro. Evidentemente, solicitan a licenza e non hai máis remedio que lla dar. Ese é o erro político do que falan.

Diante dunha situación que se denuncia hai que reaccionar doutro xeito. Reaccionaron mal. Nós non nos iamos meter nese tema porque entendemos que onde se xera emprego, riqueza e onde hai investimentos sempre terán ó Partido Popular aínda que poidamos denunciar as formas. Pódenos gustar máis ou menos ese centro, podemos pensar que estaría ou non mellor sen nada, pero xa está. Pero vostedes non, a cuestión é a vinganza, pensar como fan para liar ó Partido Popular, manipular e confundir á opinión pública. Resulta que o importante agora mesmo é que o Partido Popular teña acceso ou non á dispoñibilidade dos expedientes e non é que o centro comercial estea sen licenza, ese debate rematou para vostedes.

Sr. López Font, coido que volven unha vez máis a errar. Nós estamos dispostos a ir a esa comisión e volvemos dicirlle á cidadanía que se nós temos este acceso é porque tamén o Partido Socialista o tiña e non houbo ningún tipo de problema. Foi un acordo político que se tomou dentro dunha serie de acordos globais na anterior Corporación e se vostedes non queren ter ese acordo político reúnen, convocan á Xunta de Voceiros e nos explican as condicións do noso traballo.

Evidentemente o que non poden é difamar e calumniar porque o técnico claro que di claramente que é un acceso que ten un administrador de Informática e que o administran eles, entón, quen nolo deu a nós? Explíqueno, díganolo vostede, chame a ese funcionario e que diga quen deu ese acceso porque entón teñen un problema grave, eu de vostedes de verdade me preocuparía porque entón quen non confían nos funcionarios son vostedes. Se o acceso é unha clave de Informática e resulta que ese acceso está nas nosas oficinas é que o mellor igual deixaron os papeis mal, non levou todos os papeis o Partido Socialista. Eu que sei que pasou, o único que sei é que nós actuamos con absoluta normalidade e así seguiremos

actuando se non nolo cortaron xa, cando subamos imos entrar por veren se temos ou non dispoñibilidade.

Vostedes son os que están xerando o seu propio circo. Sr. Domínguez Olveira nós non entramos nesta dinámica, foi o Partido Socialista. Sr. López Font, coida que a estas alturas, logo de que pediran a información, hai unha investigación accidental, van facer o inventario dos ordenadores ó Partido Popular dun xeito casual? Iso non o cre ninguén, se vostede dá esa explicación estou convencido de que non llo cre ningún cidadán de Vigo.

Polo tanto imos á comisión de investigación, investiguemos o que queiran pero mentres non se convoque a comisión e non nolo corten nós imos seguir entrando porque cremos que é un dereito que temos. Se vostedes nolo queren quitar, fágano; se din que as normas que se teñen que aplicar teñen que ser outras, iso xa o fixeron cos expedientes da Xunta de Goberno e tivémonos que aguantar, non pasa absolutamente nada.

O que si está claro é que con todas estas trécolas políticas non nos van privar de ter a información que o partido busque para lles dar ós cidadáns e dar a quen nós coidemos oportuno.

Sr. López Font, claro que é certo que nós recibimos queixas, tamén lle digo con toda tranquilidade que hai funcionarios que cando lles pedimos información con total liberdade nos din que o goberno os está a controlar e que a pidamos a través do goberno. Non somos nós sós aí están os xornalistas que son testemuñas porque nolo comentan en privado, dinnos que non teñen o acceso que tiñan antes ós funcionarios, que vostedes lles prohibiron ós funcionarios falar. Vostedes non deixan a ningún funcionario que dea unha información sinxela que non teña ningunha decisión política.

Ás veces os xornalistas tentan buscar información para se documentar e facer algún traballo e evidentemente hai que lla dar como fixemos sempre. Na nosa época todos os técnicos tiñan a disposición para lles dar información, iso non quería dicir que un técnico cando o chamaba un xornalista chamaba ó responsable política e dicíalle a información que lles preguntaban; pois no 99% dos casos dábase esa información. A realidade agora é que vostedes a están negando e entra dentro desa dinámica de coartar a nosa liberdade, o noso traballo e a información que vostedes nos dan.

Sr. López Font, coido que van por mal camiño porque cando ocultan é porque algo agachan. Nós imos seguir investigando, temos un grupo con moita formación política, persoal e con moitas gañas de traballar. É xente moi nova con moitas ganas de traballar e isto motívalles e motívanos a todos.

Eu díxenlle o que pasara esta mañá. Hai unha persoa da prensa que leva dez días buscando unha información e non lla dan, se lla deran seguramente sería unha información positiva pero como non lla dan acoden a nós por veren se teñen posibilidade da acadar e eu en cinco minutos acadaina, só tiveron que descolgar un teléfono. Dinlle a información porque ma pediu e porque considero que a debe ter porque non hai nada malo, non atenta nin contra o Concello nin contra absolutamente nada.

Penso polo tanto que é ridículo o que están facendo vostedes. Ademais levan dez días negros, non sei o que lles pasou. Eu analizáboo o outro día cos compañeiros e seguramente é un problema de estratexia política, pensan que como están caendo nun erro tentan tapar unha cousa coa outra pero ó final o que está pasando é que o pozo cada día é máis fondo, van máis cara abaixo porque cometen erro tras erro e logo tentan desviar a atención con outro tema e así están continuamente caendo no seu propio erro. Eu non sei cal será a próxima porque isto da espionaxe no Concello de Vigo, a min chámanme de toda a Galicia e rinse, pero se rin de vostedes, do goberno. Coido de verdade que a imaxe que están a dar vostedes é lamentable.

Sr. López Font, tomen este goberno con seriedade, con rigor, non pensen que todo é mediático. Pensen que hai unha oposición que ten que traballar e que se teñen transparencia nós imos pensar que están a facer as cousas ben e que nós tamén seremos sensibles cando vostedes nos presenten algo que realmente sexa para beneficio da cidade.

Non estamos falando da licenza dese centro comercial, estamos falando das formas que vostedes poñen en práctica para tentar coartar a nosa liberdade e manipular e confundir á opinión pública. Pero os únicos que están cometendo os erros son vostedes porque non estamos negando absolutamente nada, dicimos que temos os accesos á xestión de expedientes.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Independentemente, Sr. Figueroa, de que vostede teña

ou deixe de ter, eu sempre seguirei pensando que fai falla que nos sentemos e que falemos. Se vostede agora cre que non fai falla obre en consecuencia como vostede crea que hai que facer. O que non se cre ninguén é que esteamos facendo isto. Evidentemente estase montando un circo do que vostede é tan responsable como calquera.

Acaba de dicir unha cousa que a min non me gustou nada: que os cidadáns rin do goberno, non se rin de nós. Sr. Figueroa, aínda que vostedes estiveran gobernando nesta cidade como xa fixeron, a min por responsabilidade institucional preocupárame que a cidadanía se rise do goberno da cidade e o que faría sempre sería tentar que precisamente a cidadanía non se rise do goberno da cidade. Para facer iso a oposición ten unha tarefa que cumprir, a de controlar ó goberno, colaborar co goberno tamén e vostedes de crítica e de crispación están utilizando moito, de colaboración moi pouca por non dicir ningunha. O máis triste de todo isto é que mentres segundo vostede se está montando un circo, no que vostede tamén está metido, o problema disto é que quen perde é sempre a cidade.

Non vou entrar en sospeitas que vostede ven deixando. Dixo hai catro ou cinco meses neste Pleno que o goberno está controlando ós funcionarios e eu pregunteille os nomes dos funcionarios que están controlados ou como vostede di ameazados por algún dos concelleiros ou concelleiras do meu grupo. Ata hoxe non tiveron resposta. Se é así dígao porque lle dixen antes que o BNG sempre será responsable dos seus feitos. Vostede empezou falando de funcionarios e rematou falando de xornalistas. O BNG queremos seren respectuoso cos funcionarios e cos xornalistas desta cidade, non nos imos meter xamais no seu traballo porque para nós xa abonda coa responsabilidade que temos que é a de gobernar e traballar por esta cidade.

Polo tanto eu agradezo a votación desta moción e agradecería tamén dos dous grupos que aquí representan esta Corporación xunto co Bloque Nacionalista Galego, que tivésemos ese espírito de colaboración, de chegar a entendementos polo ben da cidade. Xa haberá tempo de que cada quen tente quitar os réditos que máis considere.

A PRESIDENCIA: Procedemos á votación da urxencia da moción e logo o fondo retirada a exposición de motivos, votamos polo tanto a resolución, puntos primeiro

e segundo. *A petición do voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. López Font, o relator da moción e voceiro do BNG, Sr. Domínguez Olveira, retira a exposición de motivos da moción.*

(Están ausentes os Sres. Coello Bufill, Conde Gil e Guerra Fernández e as Sras. García Míguez e Porro Martínez).

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Retirar a exposición de motivos da moción.

Segundo.- Inmediatamente despois de rematado este Pleno, que se convoque unha xunta de voceiros extraordinaria na que se informe de todo o acontecido, así como das medidas que, para o control e seguridade administrativas do Concello, se van tomar.

Terceiro.- Que se cree unha comisión composta por un representante de cada unha das tres forzas políticas para facer un seguimento e control do que aconteza no futuro en relación a este tema

B.- (41).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOLICITANDO QUE NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA OS DEPUTADOS DA OPOSICIÓN TEÑAN ACCESO ÓS EXPEDIENTES NAS MESMAS CONDICIÓNS QUE OS CONCELLEIROS DO PP EN VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 25 de febreiro a concelleira do Grupo

municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Abelairas Rodríguez, formula a seguinte moción:

"Solicitar da Deputación de Pontevedra que os deputados /as da oposición teñan acceso ós expedientes en igualdade de condicións que a oposición do Partido Popular ten no Concello de Vigo."

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Facemos debate conxunto da urxencia e do fondo da cuestión.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Pasado este debate seica está xustificada a urxencia. Ven dada polas reiteradas manifestacións do Sr. Figueroa de falla de transparencia neste Concello, de boicot ó labor da oposición. Sr. Figueroa, eu tentarei explicar moi brevemente ós concelleiros e concelleiras que non están na Deputación a postura do Partido Popular alí e a súa postura neste Concello.

Sr. Figueroa, eu estouno escoitando e penso que cando pasa a ponte de Rande cara aquí pon unha careta de líder demócrata que ninguén lle cre; pero cando pasa da ponte de Rande para alá vostede representa á dereita máis reaccionaria. Voulle dicir o que acontece na Deputación.

Acaba de dicir vostede que cando un expediente está asinado por un técnico é público. A verdade é que eu me felicito por estaren neste Concello e por pertenceren a un goberno modélico en canto á información á que ten acceso a oposición. Sr. Figueroa, unha cousa é entrar no Rexistro que é público e outra é entrar no administrador de Informática.

As mocións que me presenta o Sr. Comesaña veñen todas de entraren no Rexistro, cousa que eu lle agradezo e agradézolle tamén a este goberno que teña a disposición da oposición toda a información que precise. Eu vin ós concelleiros e concelleiras do Partido Popular fotocopiando na Secretaría Xeral os expedientes, isto é normal pero é impensable na Deputación de Pontevedra, Sr. Figueroa, da que vostede é vicepresidente primeiro.

Sr. López Font, cando o Sr. Figueroa fala dos funcionarios, cando di que xogamos con eles, vostede e ningún concelleiro ou concelleira saben que cando un deputado ou deputada da oposición lle fai unha pregunta a un deputado ou deputada do Partido Popular, quen responde é o técnico, xamais contesta o deputado ou a deputada.

Sorpréndome cando vostede fala de liberdade de expresión, de democracia, de que aquí se lle pon límites á oposición; fala vostede da conciencia tranquila e está atribuíndose o título de adaiñ da democracia pero resulta que sempre está lembrando un número de votos. Non cre vostede na democracia, Sr. Figueroa, non cre nos pactos tan democráticos como o que máis.

Cando vostede pasa a ponte de Rande, Sr. Figueroa, pasa o que aconteceu o mércores día 20 na Deputación de Pontevedra. Un deputado do Partido Socialista o día 13 deste mes foi pedir un informe dun acordo plenario, unha resolución de Pleno que é pública. Solicita ese informe e o técnico responsable dille que ten orde do deputado, neste caso de Cultura, de que non lle pode dar absolutamente nada e en tal caso que o pida por escrito. O deputado fai a solicitude por escrito ese mesmo día 13 e o día 20 aínda non tiña resposta.

Sr. Figueroa, non vale tanta demagogia, a dereita cavernícola, asilvestrada e todo o que lle queira engadir represéntaa vostede que aquí pretende ser demócrata pero ninguén lle cre. Hai uns días dicía un líder que para aprender a gobernar primeiro hai que aprender a perder. Vostede ten dúas caras e eu tiña moitas ganas de que me facilitaran esta posibilidade.

Na Deputación non hai acceso absolutamente a nada, os grupos da oposición teñen un cuarto cun ordenador onde case afogamos, non se nos permite o acceso a nada, os deputados e deputadas con dedicación exclusiva permítense o luxo de nin sequera asistir, dánse de xeito totalmente indiscriminado centos e centos de euros, sen ningún criterio, só co criterio do presidente e cando se pide información non responden, dinlle ó técnico que responda.

Esa é a verdadeira democracia do Partido Popular, a democracia de onde está gobernando e vostede, Sr. Figueroa, ven aquí dando leccións de democracia. Non, a democracia é que vostedes poidan facer oposición, que poidan fotocopiar os expedientes na Secretaría Xeral como eu mesma mirei. Iso é a democracia, a transparencia e a información, non xogar ademais poñendo sempre as respostas na boca dos funcionarios. Nós non utilizamos ós funcionarios pero vostedes si e mesmo para facer política porque non fala o político ou o deputado, senón o funcionario.

Espero que voten esta moción pola que non pedimos nin máis nin menos que ter acceso ós expedientes en igualdade de condicións que a oposición do Partido

Popular ten no Concello de Vigo. É exactamente ter as mesmas condicións que teñen vostedes no Concello de Vigo, nada máis que isto. Espero que non teñan ningún problema na aprobación desta moción.

SR. FIGUEROA VILA: Xa vexo que seguen vostedes coa mesma estratexia de abrir outro novo debate cando un tema non lles sae ben e esta semana vanlles saíndo mal case todos. Estou disposto a debater o que faga falla. Síntoo polos medios pero coido que non me podo quedar calado, hai que contestar.

Sra. Abelairas, acaba de facer unha afirmación que non é certa: que hai concelleiros con dedicación que non aparecen. Está mentindo e sábeo perfectamente. Houbo unha serie de deputados que non puideron ir a unhas comisións por cuestión de axenda, por ter que cubrir unha serie de actos que había. Vostede escúdase nunha cuestión menor. Esta é unha primeira cuestión que supoño que non será importante para o debate neste Concello.

Cando se piden expedientes na Deputación hai unha forma de traballar. Os expedientes facilítanse evidentemente coa sinatura do responsable do momento cando vostedes os solicitan e vostede sabe que é así. Polo tanto na Deputación existe a maior transparencia pero voulle dicir máis, na Deputación ás comisións informativas lévanse todos os expedientes de subvencións e vostedes aquí non levan absolutamente nada.

A orde do día das comisións informativas do Concello de Vigo inclúen só: acta anterior e rogos e preguntas e se hai algunha moción se inclúe e se non, non. Na Deputación hai temas de Pleno, temas de Xunta de Goberno que pasan polas comisións informativas, polo tanto maior transparencia con respecto a todas esas cuestións. Poderíalle seguir falando dunha serie de temas que se fan alí coa maior transparencia, pero se vostede considera que hai que traer aquí este debate tamén se trae.

Vostedes teñen uns voceiros na Deputación de Pontevedra e, se teñen tanto interese en todos estes temas, recoméndolles que os leven á Xunta de Voceiros da Deputación de Pontevedra e tratarémolos, faremos alí o debate que coidemos axeitado. Eu tamén podería falar aquí da Xunta de Galicia, facer un discurso do seu sectarismo e das subvencións que tiñan dende gobernos anteriores e que lles quitaron ós nosos alcaldes mediante un decreto, ou de alcaldes ós que non se

reciben, ou de que o presidente da Deputación non é recibido polo presidente da Xunta de Galicia dende que tomou posesión aínda que xa lle mandou oito ou nove cartas.

Quere que lle fale de todas esas cuestións? Podemos abrir ese debate da demagogia e de todas esas cuestións, do que vostede queira, do que se nos fixo ó Partido Popular na cidade de Vigo, de sectarismo, de partidismo, de política e das cuestións que queiran. Do que se trata aquí, Sra. Abelairas, é de que semella que vostedes temen ó traballo da oposición e non queren transparencia neste Concello, este Concello retrocedeu.

A min non me doe o seu discurso porque é o discurso de don José Blanco, é o discurso da dereita reaccionaria. Vostedes están nunha esquerda retrógrada, de verdade que están retrocedendo cada día máis e sobre todo neste Concello. Eu miro ó Partido Socialista doutras cidades e teño que aceptar que ó mellor teñen outras políticas de modernidade pero aquí volvemos ós anos 90, Sra. Abelairas, son as mesmas historias de cando non se daba información, se coartaba a liberdade, condicionábase ós funcionarios, non se deixaba traballar á oposición. Todo iso xa se superou neste Concello, pasou xa unha época na que todo iso estaba superado pero agora vostedes están traendo aquí a crispación e resulta que son as mesmas ou semellantes persoas que as que xeraron os conflitos nos anos 90.

Xa lle dixen que daquela había debates políticos moi duros pero ó saíren por esa porta remataban. Vostedes non o entenden así, mesturan absolutamente todo, tentan confundir pero nós non imos calar. Coido que teñen que cambiar de estratexia e poderemos falar do que verdadeiramente lles importa ós cidadáns. Dáse conta vostede do que falamos esta semana? Claro que lle digo ó Sr. Domínguez Olveira que me dá mágoa que me chame xente de fóra de Vigo para me dicir que o que está pasando é lamentable.

Son vostedes os que están provocando esa situación, a quen se lle ocorre que hai espionaxe no Concello de Vigo? Están confundindo absolutamente todo e volven outra volta porque ven que perden o debate da imaxe diante da cidadanía, estano perdendo continuamente, é unha percepción que hai e así llo advertimos. Ó mellor non llo deberíamos dicir pero a imaxe que están a dar é lamentable porque non falamos de proxectos, a este Pleno non ven nin un só proxecto, nin unha idea nova, absolutamente nada, só hai conflitos que xeran vostedes.

Este tema dos ordenadores non o xeramos nós pero hai máis, pódolle sacar os temas que queiran, facemos unha análise e vese que son vostedes os que tentan o conflito. Dan unha conferencia de prensa ó remataren un Pleno para falar do que dixo un concelleiro, logo fan unha reunión do partido para que se engada a non sei que. É continuo. Pechan unha porta e non deixan entrar a ninguén. Acantóannos nas comisións para ter vostedes unha sala de prensa para saír na foto. Din que nos van desaloxar dos noso espazos, dino publicamente, non son cartas nin escritos, son manifestacións de seu. Convocan unha conferencia de prensa para dicir que “So concelleiro Figueroa non retira as súas manifestacións desaloxarémolo do andar oitavo”.

Sra. Abelairas, a nós encantaríanos que houbera relación persoal. Están levando a este Concello a un enfrontamento persoal e vostede sobre todo sábeo porque sempre tivo un carácter de amizade, de poñer a política a un lado e a relación persoal ó outro. Aquí hai persoas que temos boa relación persoal pero as están confundindo e estannos a levar ó deterioro da institución e iso é perigoso.

De verdade que eu vou facer un esforzo para tentar recuperar a relación persoal que teño coa maioría dos corporativos tanto do PSOE como do BNG porque a están enrarecendo. Non pode saír unha concelleira e dicirlle a outra por algo concreto que se dixo no Pleno que non lle fale máis, non pode ser Sra. Abelairas, está pasando neste Concello. Mágoa foi non pedir a última votación un punto máis para que se clarexaran todas estas cuestións e se delimitaran os debates.

Todos sabemos facer política pero dende logo que nós non imos aceptar ningún tipo de provocación e se a hai vai ter contestación. Tiveron sempre un menosprezo cara a nosa candidata, empezaron dende o primeiro día tentando dicir que deixáramos un buraco neste Concello e logo se demostrou que non, é permanente.

A PRESIDENCIA: Hai un minuto a Sra. Molares pediu que nos centráramos nos temas concretos. Xa me parece que empezamos a divagar un pouco. Por favor, vaia rematando.

SR. FIGUEROA VILA: Sra. Abelairas, nós ímoslle votar en contra da moción, presénteala na Xunta de Voceiros e falarémola. Eu estou disposto a debatela cos demais grupos políticos pero lle volvo dicir que na Deputación hai toda a

transparencia e toda a información que os grupos da oposición solicitan e cando a solicitan. Aínda hai máis que aquí porque, aínda que non terían que ir, ás comisións informativas van os expedientes de subvencións, de axudas e todos os proxectos, é máis, van todos os decretos, cousa que aquí non se fai nunca. En todos os plenos ordinarios da Deputación de Pontevedra dáse conta de todos os decretos que asina o Presidente.

Polo tanto nada que agachar pero nós coidamos que este non é o foro e que alí si que o imos tratar e sen ningún tipo de problema.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Se todo iso que vostede acaba de dicir fose certo, Sr. Figueroa, non tería ningún problema para votar esta moción na que lle pedimos a igualdade de trato. Vostede tenta facer un debate dicíndonos a nós que somos agresivos, que non somos demócratas. Sr. Figueroa, non minta porque cando lle preguntamos porque non asistían os deputados e deputadas con dedicación exclusiva á Deputación deulle a risa e dixeron que tiñan a gripe. Quen non está respectando as institucións, Sr. Figueroa?

Ademais de ser unha dereita autoritaria, déspota, agora tamén lles digo que son uns maleducados e iso si que xa é grave. Eu estiven escoitando todo o tempo e o único que lle estaba a dicir é que demostre que efectivamente é certo que na Deputación temos acceso ós informes exactamente igual que aquí e a única maneira do facer é votando a favor desta moción. O resto é demagogia.

(Están ausentes os Sres. Conde Gil e Guerra Fernández e as Sras. García Míguez e Porro Martínez).

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e nove votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das

disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e nove votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez

ACORDASE:

O Pleno do Concello de Vigo solicita da Deputación de Pontevedra que os deputados /as da oposición teñan acceso ós expedientes en igualdade de condicións que a oposición do Partido Popular ten no Concello de Vigo.

21- (59).- ROGOS E PREGUNTAS.

* PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. FIGUEROA VILA, RELATIVA A COMPROMISOS ADQUIRIDOS CON VECIÑOS AFECTADOS POLAS OBRAS DO AVE.

SR. FIGUEROA VILA: Hoxe pola mañá estivo aquí un colectivo de afectados polo AVE e dixéronnos que vostedes adquiriron unha serie de compromisos. Saben vostedes que no mandato anterior dende a Xerencia de Urbanismo contratouse unha asistencia técnica para axudar na valoración das súas casas e coido que están próximos a chegar a un acordo, hai unhas diferencias que nós consideramos que son salvables. Gustaríanos saber que xestións fixo o alcalde, se hai posibilidade de resolver o conflito deste colectivo que ademais é bastante humilde, con poucas posibilidades para a súa defensa.

Estiveron hoxe aquí, coido que actuaron con corrección e parécenos que debemos

estar ó carón dese colectivo sobre todo porque cando unha infraestrutura como é da entrada do AVE na cidade ten un conflito menor, coido que a vontade dos responsables políticos ten que ser resolvela dun xeito positivo. Estamos falando de cuestións menores para os presupostos do AVE.

Debemos estar ó carón desas familias e o que queremos é que se fagan as xestións por parte da Alcaldía, se non se fixeron, para que este colectivo poida cumprir as súas expectativas que non imos falar agora de números, pero se trata dunha cuestión menor.

A PRESIDENCIA: Reuníme con este colectivo antes das eleccións e amosáronme a súa sensación dunha absoluta desatención por parte do goberno municipal con eles e debo dicir que especificamente o nomeaban a vostede. Ignoro se será ou non certo pero sinxelamente limítome a transmitir o que me dicían.

Constaí que algunhas das persoas que estaban alí estaba nun estado de necesidade importante, xente maior con pouca capacidade para facer un traslado de vivenda e eventualmente mercar unha nova e polo tanto con dificultades sociolóxicas e case físicas para abandonar a vivenda na que están e seren realoxados nunha nova.

Neses momentos entrei en contacto co Delegado do Goberno e transmitílle a sensación que expresaban estas familias, este colectivo. Logo das eleccións e logo de accederen á Alcaldía encargueime de que o delegado do goberno os recibira. Recibiunos dúas veces. O delegado púxoos en contacto cunha empresa que está levando adiante os trámites de alleamento que se puxo en contacto con eles e entraron negociar.

Posteriormente tiveron coñecemento de que había unha diferenza menor nas valoracións das dúas partes; entrei en contacto co director xeral de Ferrocarrís e transmitílle a miña opinión de que neste momento, dado que eran as contías menores as que diferenciaban, cumpría facer o esforzo de chegaren a un acordo e nese trámite atópase.

Pódolle dicir especificamente que esta última xestión fíxena hai dez días xa en proceso electoral ou case e polo tanto cun director xeral, se ben é certo que aínda non está en funcións porque o goberno entra en funcións ó día seguinte das eleccións.

Transmitíume que me ía facer chegar un informe coas valoracións coas que empezaran e ás que chegaran; é certo que aínda non teño ese informe no meu poder pero espero recibilo nos vindeiros días e en todo caso cando teña esas informes emitirei unha posición definitiva dende a Alcaldía. Si pódolle dicir que sobre este tema fixen moitas xestións e sigo permanentemente atento a elas.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dezasete horas e trinta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 25 de febreiro de 2008. Consta de 153 folios da serie A numerados do 2141198 ó 2141350, e números do 91 ao 243. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 28 de abril de 2008.

Vigo, a 28 de abril de 2008
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda